

A edición desta publicación contou co patrocinio da
Deputación Provincial de Pontevedra e do Concello de Gondomar

© Do texto: as súas autoras e autores.
© Das fotos: as súas autoras e autores.
© Da edición: Instituto de Estudos Miñoranos -IEM-.

Director: Carlos Méixome Quinteiro.

Aula de Cultura "Ponte de Rosas".

Avda. da Feira, 10.

Apartado 30 -36380- Gondomar.

Tel. 986 360 575

www.minhor.org

e-mail: direccion@minhor.org

Conceptualización e coordinación da edición: Antonio Soliño Troncoso.

Asesoramento Lingüístico: Miguel Anxo Mouriño Fernández.

Deseño da capa: Antonio Soliño Troncoso.

Imaxe da capa: "Debuxo de procura" de Antonio Soliño Troncoso.

Maquetación: Juan Chamorro.

Execución gráfica: Deputación Provincial de Pontevedra.

Dep. Legal: VG 952-2014

ISBN: 978-84-617-3613-3

© Reservados todos os dereitos. De conformidade co desposto no artigo 534-bis do Código Penal vixente, poderá ser castigado con penas de multa e privación da liberdade quen reproduza ou plaxie, en todo ou en parte, unha obra literaria, artística ou científica fixada en calquera tipo de soporte sen a preceptiva autorización.

GONDOMAR 1914-2014

IDENTIDADE E REPRESENTACIÓN DA VILA CONDAL A TRAVÉS
DA EVOLUCIÓN DUNHA SOCIEDADE ARTÍSTICO-DEPORTIVA

ÍNDICE.

LIMIAR.

Por INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORANOS	8
--	---

A VILA ENTRE 1914 E 2014.

Por ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO.....	12
Preámbulo.....	13
Desenvolvemento urbano e transformacións sociais	15
Coda.....	31

IDENTIDADE E REPRESENTACIÓN DA VILA A TRAVÉS DO FÚTBOL. O GONDOMAR.

Por ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO/MARÍA XOSÉ PÉREZ GONZÁLEZ.....	34
Aproximación temática.....	35
O inicio do fútbol na vila	36
O club federado	56
Símbolos do club de fútbol	84

AS CATEGORÍAS INFERIORES E OS VETERANOS.

Por ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO.....	94
Fútbol base	95
Veteranos.....	104

O FÚTBOL FEMININO.

Por ROSA MOURIÑO PÉREZ.....	114
En Gondomar non foi só cousa de homes	115

OS RECINTOS DE XOGO.

Por ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO.....	120
Obxectivo.....	121
Campo da Cerca	121
Campo das Gaiandas.....	129
Campo das Cercas	147
Outros recintos: Pro-Val, Gándara e Lourido.....	149

ALGUNHAS BIOGRAFÍAS DE INTERESE.

Por ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO.....	156
Declaración de intencións.....	157
José Hermida Losada, PEPE HERMIDA	158
Ángel Hermida Losada, CARBURO	159
Manuel Copena Araujo, NOLETE	162

Álvaro Núñez Marcial, ALVARITO	164
José Núñez Sanromán, PEPE NÚÑEZ.....	165
Antonio Núñez Hermida, TOÑITO CARALLAS	167
Manuel Hermida Losada, HERMIDITA	169
José Rodríguez Rodríguez, PEPIÑO DE MARTITA	170
Miguel -?- -?-, MIGUEL.....	172
José Fernández Rodríguez, PEPE PENISCO.....	173
Enrique Javier Rodríguez Hermida, ENRIQUE HERMIDA	174
Ignacio Mouriño Fernández, NACHOLAS.....	176
Antonio Álvarez Abraldes, VELASCO	178
Avelino Rodríguez Puime, CHICHO.....	180
Dámaso Costa González, DAMAS	181
Manuel González Martínez, CHAPELA.....	183
Néstor Miranda Álvarez, NÉSTOR.....	185
Ricardo Alonso Fernández, RICARDO O XEMELGO	186
Javier Alonso Fernández, JAVIER O XEMELGO	188
José Manuel De Saa Méndez, MANEL	189
Eduardo Gustavo Loureiro Álvarez, GUSTAVO LOUREIRO.....	191
David Castelao Vázquez, CASTELAO	192
Isaac Fernández Vila, ISAAC.....	194

CURIOSIDADES, COMENTARIOS, ANÉCDOTAS, CHISMES E CARTELARÍA.

Por ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO.....	198
Aceptación social do fútbol.....	199
Asociacionismo en Gondomar a principios do século XX. Orfeón "La Lira"	199
A xenerosidade do XI Conde de Gondomar.....	202
Unha festa-homenaxe ao XI Conde.....	203
A Cerca, un recinto multifuncional.....	205
O himno do club de fútbol de Gondomar	207
Unha oportunidade; o campo das escolas Pro Val	210
A Copa Conde de Gondomar	211
Adecuación da vestimenta. Os xastres	216
A xenerosidade de Leopoldo Pérez Alonso e outros homes de Mañufe	217
A Copa Venancio Moreira Casás.....	218
O Baiona S.C. e o C.F. Juvenil Erizana; a máxima rivalidade do Gondomar.....	218
A rivalidade entre Gondomar e Baiona	222
Contado en Madrid.....	223
A Banda de Música de Chaín, ou de Gondomar, e o fútbol	224
A propósito do naufraxio de Bouzas.....	226

Transformacións territoriais debidas ao Novo Campo Municipal de Deportes.....	227
Antonio Vilanova, enxeñoso veciño do Campo das Gaiandas.....	229
Alerta, cronista deportivo	229
Os equipos Valle Miñor e Dunas.....	231
“Cada semana un jugador”.....	232
Os Manzanares e o fútbol.....	233
Constancia escrita da rivalidade Gondomar-Baiona. O tranvía	233
Preliminares dun Erizana-Gondomar	235
“Oda gondomareña”	235
Manuel Gonda Pérez; algo máis cá Copa Gonda.....	236
O enxeño e a picaresca, tamén no fútbol.....	238
O intruso do Club Gondomar	239
Fútbol ocasional na vila	240
Das homenaxes.....	242
Mundialiño da emigración	244
Un Segunda que fora e volverá ser de Primeira	247
O Centro Cultural Deportivo Chaín. Pedro Cea	247
A invención do fútbol. Victoriano Taibo.....	251

CRONO-SINOPSE.

Por ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO.....	256
----------------------------------	-----

CADERNO GRÁFICO.

Por ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO/JOSÉ ALONSO GONZÁLEZ.....	262
Intención	263
Primeiro Equipo.	
Décadas dos vinte e trinta.....	264
Décadas dos corenta e cincuenta	269
Décadas dos sesenta e setenta	283
Década dos oitenta e noventa	293
Século XXI. De dous mil a dous mil catorce.....	309
Categorías base.	
Década dos sesenta e setenta.....	314
Década dos oitenta e noventa	318
Veteranos.	
Anterior á etapa asociados.....	327
Primeira etapa asociados.....	329
Segunda etapa asociados	332

BIBLIOGRAFÍA E FONTES DOCUMENTAIS.

Por AUTORES	336
Bibliografía	337
Páxinas virtuais	338
Hemerotecas	339
Arquivos	340
Arquivos persoais.....	340

LIMIAR.

INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORANOS

Ningún deporte co que se identifique toda unha cidade, toda unha grande área xeográfica, como o fútbol; cando menos en moitas das nacionalidades e territorios que conforman o planeta, entre eles Galicia. Neste xogo colectivo e humilde -convertido hoxe, na alta competición, en espectáculo de masas e opaco negocio para beneficio duns e delirio doutros, mentres a maioría mostra unha actitude pasiva, como de quen se fai o non decatado-, neste xogo, dicíamos, danse as características precisas para poñer de acordo e, ao tempo, acadar que se sinta representada unha gran fracción de xentes de calquera cidade, ou vila, independentemente da clase social, esclavón económico, ideoloxía política, altura intelectual, relixión e, con máis intensidade recentemente, sexo ao que pertencen os cidadáns. Este grao de representatividade probablemente crece coa profesionalización do equipo e está de sobra constatado que chega a ser o espello no cal, ante unha competición entre nacionalidades, se ve reflectido case todo un país. Sirva de exemplo o sentimento de xúbilo e a increíble invasión de bandeiras nacionais que se produciu en Portugal durante o campionato da Eurocopa de seleccións que organizou ese país en 2004.

En ocasións existen cidades que aglutinan varios equipos de alto nivel, entón a poboación posiciónase, a representatividade divídese; nalgúns casos un dos clubs convértese en hexemónico. Tarefa de sociólogos, antropólogos e demais especialistas sería determinar por que se produce este fenómeno, por que o fútbol consegue este arrastre social; meterse dese xeito tan superlativo no corazón e a cabeza de tantas persoas. Cuestión quizais xa resolta, descoñecémolo, pero que en todo caso ao non ser tema central do noso traballo desistimos de indagar; limitámonos a certificar a súa existencia, e a resaltala como unha das escusas ou forzas ocultas que impulsan a encomenda e posterior edición deste libro. Outro exemplo: distintas fontes repiten o dato de que a final do campionato do mundo Sudáfrica-2010, partido como todo afeccionado coñece celebrado entre as seleccións de España e Holanda, foi seguida por setecentos millóns de telespectadores en todo o mundo. E, posiblemente, a final deste ano en Brasil supere esa cifra.

Pero centrémonos. Segundo nos fixo saber en outubro do ano pasado unha comisión da actual directiva, neste 2014 o Club de Fútbol Gondomar cumpre cen anos. O equipo de fútbol máis representativo da vila e municipio, que ao longo da súa historia conviviu dentro do termo municipal con clubs como o Iris F.C., o Industrial S.C., o Olímpico Couso, o C.C.D. Chaín, o Donas, Morgadáns, Vincios, Mañufe e outros, tivo a primeira formación segundo todas as crónicas en 1914. Considérase o máis antigo en activo da súa demarcación xeográfica, tamén un dos poucos que acada os cen anos en Galicia e o único do Val Miñor, a día de hoxe, que competiu en Terceira División. Veremos.

Foi a idea da inmediata conmemoración do centenario a causa que empurrou á Xunta Directiva do Club¹ a programar unha serie de actos para, ao longo do

ano 2014, celebrar o acontecemento. Entre as propostas xurdiu a de editar un libro que recompile eses cen anos de existencia do Club e, tras realizar unha serie de xestións, remataron por contactar co Instituto de Estudos Miñoranos -IEM- o pasado outubro. Tras escoitar a proposta e despois de alertar á comisión delegada do Club sobre o curto prazo de tempo que manexaban, o IEM acepta o encargo reservándose total liberdade para a conceptualización e maquetación do libro.

NOTAS.

1 Xunta Directiva do C.F. Gondomar (2013 -2014), segundo datos achegados pola propia Directiva a petición do equipo redactor.

PRESIDENTE : Juan Antonio González Rodríguez
VICEPRESIDENTE : José Alonso González
SECRETARIO : Serafín Fernández Rodríguez
VICESECRETARIO : José Ángel Sánchez Fernández
TESOUREIRO : José Manuel González Román
DIRECTOR DEPORTIVO : José Antonio Brito González
VOGAIS : Ramón González González

María Jesús Vázquez Núñez
Antonio Vila Alonso
Milagros Sánchez Rodríguez
Carlos Lago Rodríguez
Rosa María Álvarez
Félix Romero Martínez
Ramón Hermida Casás
María García Carrera
Alfredo Domínguez Ferreira

Ademais, durante algún tempo do período 2010-13, tamén formaron parte da Directiva:

En funcións de vicepresidente : Antonio Casal Fontán
Como secretarios técnicos : José Ramón González González
Carlos Alonso Esmerode

OS AUTORES. IEM, xaneiro de 2014

A VILA ENTRE 1914 E 2014.

ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO

PREÁMBULO.

Atendendo á tese esquemática enunciada no limiar, non é posible entender na súa totalidade a existencia dun equipo de fútbol sen coñecer o ámbito xeográfico e humano ao que representa. E a iso imos; ou, cando menos, pretendemos ir. Describiremos moi superficialmente neste capítulo estes parámetros. Tras unha pequena introdución, analizaremos concisamente as características morfolóxicas, sociais, económicas e poboacionais que definiron a condal vila ao longo dos últimos cen anos.

Gondomar, topónimo de orixe xermánica -Gundemari-¹ en razón a ser fundada no século VII por un individuo de alto poder e influencia, militar ou social, chamado Gundemaro e asentado no lugar, é unha vila sobre a que durante o Antigo Réxime exerceron xurisdición civil e criminal os sucesivos condes de igual título, se ben é sabido que xa con anterioridade era un couto con xurisdición propia. No século XIV, concretamente en 1386, Xoán I, rei de Castela, cedérallo a Paio Sorrede de Soutomaior, último meiriño coñecido das terras de Turonio e gobernador do castelo de Santa Helena, fortaleza asentada no Montecastelo de Parada de Miñor. Despois de Paio Sorrede, a través de herdanzas e vendas, o couto ía pasando por distintas ramas dos Soutomaior e os Montaos ata chegar a propiedade de García



Armas dos Sarmiento de Acuña, en brasón timbrado por coroa de marqués, emprazado no Pazo-Fortaleza do Conde de Gondomar, na vila.

Fonte: Fotografía do autor.

Sarmiento de Sotomaior, que o adquire en 1555 coa correspondente xurisdición, xulgado e escribanía. Este, tras construír, pode que sobre antigos alicerces, o corpo central do actual Pazo-Fortaleza, déixallo en herdanza ao fillo Diego Sarmiento de Acuña, que terminará por ser I Conde da vila de Gondomar, personaxe con profunda identificación polo sentir galego e home de gran relevancia política, intelectual e bibliófila en tempos de Filipe II, Filipe III -quen lle concede o título en 1617- e Filipe IV.

Coa chegada do Réxime Liberal, a partir da promulgación da Constitución de Cádiz -1812-, Gondomar deixa de ser un señorío laico, desvincúlase dos condes, e, ao



Parroquial en día de festa ao pé do barrio do Picoto. En primeiro plano casa de Latino Salgueiro e algo mais atrás a que chegará a ser de Pablo Nieto Virosta. Anos 20.

Fonte: Arquivo de Gilberto Vila.

amparo da nova distribución territorial do Estado promovida en 1833 por Javier de Burgos durante a rexencia de María Cristina, convértese en 1836 na cabeza do actual Municipio Constitucional; un municipio onde, case douscentos anos despois, a organización parroquial aínda mantén viva a secular forza.

A vila aséntase ao pé do monte O Picoto, a sueste, e nela entrega o caudal o río Vilaza, Zamáns, ou Rosas² ao Miñor, curso de auga que dá nome ao val e remata por desembocar na atlántica ría de Baiona.

No vello monte do Picoto aínda hoxe se conservan evocadores e significativos topónimos, tales como Covas e Fundas, lugares denominados xenericamente nun documento de 1106, asinado pola raíña Dona Urraca, como Grovam³. Os devanditos topónimos son testemuño dun complexo mineiro aurífero a ceo aberto de época romana, que a dicir de Gustavo Pascual Hermida⁴ foi de considerable importancia e acubillou un “castro mineiro” o cal, de ser contemporáneo á fundación da mina, viría resultar o asentamento poboacional de máis antigüidade inmediato á actual vila. Este xacemento, alongado a nacente ata o lugar da Mourisca, topónimo que redundará na posibilidade de ocupación ou actividade humana na zona dende antigo, estivo en explotación ata a baixa idade media, ou mesmo despois, en época moderna, segundo sostén o citado investigador; de confirmarse, o topónimo completo, Covas ou Fundas de Sarmiento, podería aludir á onomástica dun dos seus explotadores -no libro de foros e rendas do condado, entre 1859 e 1892, aínda aparece Gondomar cun pagamento de 200 azumbres de viño en concepto do FORO DO PICOTO⁵-.

A vila, orixinalmente de poboación dispersa, presentaba a principios do XIX dous barrios principais asentados dentro do ámbito que hoxe ocupa. Un formárase, como na maioría das parroquias de Galicia, ao amparo da antiga igrexa de San Bie-

to, a cal ese mesmo século sería profundamente reformada e transformada na anódina, ecléctica e pretenciosa actual baixo promoción do párroco Mariño. O barrio, aínda pequeno, humilde, podería vir de antigo, pois sábese que aproximadamente no mesmo lugar, no ano 1106, xa existía unha igrexa románica cuxa advocación era San Salvador⁶. Non está claro cando e por que sucedeu o cambio de advocación, pero é posible que niso tivese algo que ver o antigo mosteiro beneditino de monxas de Santa Baia, en Donas, desaparecido a finais do XV. O outro barrio situábase na Paradela, lugar que con menos intensidade tamén se coñeceu por Vilaverde⁷.


Onde agora se asenta a Praza de Urzaiz, en tempos chamada da Constitución e popularmente coñecida moitas décadas atrás como Do Peixe -polo uso que desempeñaba- atopábanse, e aínda se atopan, se ben algo transformados, catro camiños de orixe posiblemente medieval que remataron por dar lugar á Praza da Paradela -nela inda posuía o Condado, na segunda metade do XIX, seis casas e, algo antes, tamén muralla porticada-. Estes camiños, que seguen a cruzar os ríos a través das antigas Ponte de Rosas -substituída hoxe por unha pasarela de aceiro e madeira debido ao derrubamento da de orixe medieval por mor dunha enchente do río en 1937⁸-, de Entrerrios, da Coelleira ou Baixa da Paradela -inmediata ao antigo matadoiro de reses no camiño de Pousada- e a Alta da Paradela ou de Ánimas -no Camiño do Cardal- articularon durante séculos o territorio que nos ocupa.

DESENVOLVEMENTO URBANO E TRANSFORMACIÓNS SOCIAIS.

Esta organización viaria vai sufrir unha transformación xerárquica, e de trazado, de transcendental importancia para a morfoloxía da vila, no último terzo do XIX coa apertura das estradas Guillarei-Gondomar-A Ramallosa e Gondomar-O Porriño. Por certo, a ponte da primeira estrada anunciada, que servía para cruzar o río Miñor nas Cercas, xa estaba arruinada e fóra de servizo en 1905; resolvía o paso unha provisional de madeira. Pouco despois substituíuse por outra de estrutura mixta sobre pilas graníticas, conservada ata as décadas finais do XX.

Posteriormente, no primeiro cuarto do XX, iniciárase a apertura dunha serie de vías radiais, con centro na vila, xustificando a idea de comunicar directamente as parroquias coa capital administrativa. Para as primeiras empézanse os trámites, que serán moi dilatados no tempo, en 1915, son: Gondomar-Morgadáns, por Chaín; Gondomar-Peiteiros; e Gondomar-Areíña, por Vilaza. Nos anos vinte outros camiños están xa en construción ou rematándose, como sucede co que une o Cruceiro de Mañufe con Nande; unha comisión encabezada polo enxeñeiro Ramiro Pascual supervisao en 1924⁹ e cualifica como deplorable a execución, arremetendo contra a dirección técnica.

recollidas por Ramiro Pascual na súa Planta Xeral. Tratábase, nunha gran maioría, de edificacións de baixo e planta rematadas, en moitos casos, por pequenas bufordas forradas de folia de lata asomando sobre as cubertas de tella cerámica, curva ou plana. A planta baixa, en xeral, estaba destinada a comercio; o primeiro andar practicamente sempre a vivenda. Os muros exteriores eran de dobre folia de cachotaría de granito recebado e pintado, agás nos zócolos, esquiniais, recercados de ocos, molduras, balcóns e cornixas: nestes elementos o granito labrábase e deixábase ao descuberto. As ventás, galerías e portas exteriores estaban construídas en madeira e rematadas en pintura de distintos verdes, brancos, marróns e avermellados. Total, "(...) unha pequena vila de casas pintadas de vermello e de castaño en medio de outeiros e montañas cubertas de piñeiros". Así a viu durante unha viaxe de verán Aubrey F. G. Bell e describiuna posteriormente no libro *Spanish Galicia*, publicado por primeira vez en Londres en 1922¹⁰. Eran anos difíciles, moi difíciles.



Planta xeral do Proxecto de Reforma e Ensanche da Vila, elaborado por Ramiro Pascual en 1.900.

Fonte: Arquivo do autor.



Vista parcial da vila en 1910, posiblemente na celebración de San Bieito, dende a torre da igrexa. Obsérvase a tipoloxía edificada e o tramo da rúa 4ª Transversal -hoxe San Bieito-, do Plan de Ramiro Pascual, aberta a inicios de 1905. En primeiro plano a casa que anos despois sería de Pablo Nieto; ao fondo o recinto da Feira de Secas nas Gaiandas.

Fonte: Fotografía de A. Arbulo publicada en Vida Gallega. Biblioteca Fundación Penzol.

Esta tipoloxía arquitectónica, con algunha excepción no número de alturas e puntuada por edificacións e xardíns de carácter indiano, manterase ata finais da década dos sesenta ou principios dos setenta. Unha das primeiras obras que inicia a serie de edificios de vivendas amoreadas na vila é a proxectada en 1968 polo arquitecto José Bar Boo para Antonio Caeiro Álvarez, na rúa Manuel Alonso, executada pola empresa Construcións José Soliño Iglesias. A partir dese intre, esa será a tipoloxía arquitectónica que con máis ou menos fortuna se reproducirá unha e outra vez na zona urbana, e a que rematará convivindo coa máis recente proposta, urbanisticamente moi pobre, de vivendas unifamiliares pegadas formando grupos ensimesmados e segregados nos que se fai difícil atopar referencias aos servizos e dotacións propios de todo ámbito urbano.

O notable incremento do parque inmobiliario de municipio e vila remata por ter repercusión no número de habitantes; ou, pode, quizais sexa a súa consecuencia. Segundo M. e X. Souto González¹¹, en 1910 a poboación de Gondomar parroquia era de 1036 habitantes para un total de 8311 en todo o municipio, cando sesenta anos antes a parroquia tiña aproximadamente 848 e o municipio 8719. Estas cifras parecen poñer en evidencia certo arrastre poboacional por parte da vila como consecuencia de ser cabeza do municipio constitucional. Un municipio no



Praza da Paradela en día de mercado, polo ano 20. Nela vese o inicio do Camiño Vello que subía pola Cruz de Mera a os barrios da Ameixeira e Igrexa.

Fonte: Arquivo de Gilberto Vila.

que nos primeiros sesenta e cinco anos do século XX emigraron a distintas partes do mundo 7988 habitantes; un municipio que reuniu no último censo, o de 2013, unha poboación de 14005 habitantes, dos cales 4292 concentrábanse na vila e parroquia, e confirman a tese apuntada anteriormente. Gondomar, parroquia cunha densidade de poboación inferior a 250 h/Km² na segunda metade do XIX, supera os 300 h/Km² na década dos setenta do XX e pasa a formar parte do pequeno grupo -catro- que o consegue no Val Miñor. Actualmente a densidade é de 982 h/Km².

Historicamente, de xeito similar á case totalidade de parroquias do Val Miñor, foi un territorio eminentemente agrícola e gandeiro con algunha presenza forestal, unhas terras fértiles nas que os habitantes, dende finais do medievo, viñan vivindo do seu cultivo baixo explotación real ou señorial; só Baiona, como vila de reguengo, escapou a esta premisa. Este sistema económico, teoricamente, remata coa chegada do Réxime Liberal pero, aínda sendo certo que van aparecendo cambios e melloras nas condicións socioeconómicas da poboación, en realidade, non se apreciarán de xeito notable ata a década dos sesenta do século XX. É precisamente a partir desta cando as consecuencias da localización na área metropolitana de Vigo, unha poboación que iniciara o desenvolvemento económico a finais do XVIII coincidindo

coa emigración catalá ás costas de Galicia, fanse notar. A agricultura en minifundio, que ata ese momento ocupaba as tres cuartas partes da poboación das parroquias do Miñor, pasa a ser unha actividade a tempo parcial, compartida na mesma familia coa ocupación industrial, comercial e de servizos. É tamén nesta década cando se produce un incremento notable no sector da construción, co conseguinte nicho de emprego, e un aumento considerable de casas de segunda residencia en todo o Val. Apenas un par de décadas máis tarde aparece o barbeito social, e muda a paisaxe. Todos estes movementos e cambios sociais producen claras variacións nos hábitos dos parroquianos e propician o nacemento dun novo sistema económico de referencias urbanas cuxo vértice queda instalado na cidade de Vigo. A vila, durante os últimos cen anos, reflicte estes acontecementos.

A principio do século XX, os produtos agrícolas que producen as terras das parroquias do municipio expóñense e véndense no mercado semanal que se viña celebrando todos os luns, ao aire libre, na Praza da Paradela, entón xa partida en dúas pola estrada a Guillarei e presidida pola Casa Consistorial que Jenaro de la Fuente proxectara, en 1896, para substituír a anterior. Tamén se vende peixe, aves -gran cantidade delas con destino a Madrid¹²- roupas e outros aparellos. Seguirá sen-



Praza da Paradela con algunhas das antigas casas que a cercaban en 1909. Trátase da que daban en chamar Festa da Cultura, día de reparto de premios aos escolares do distrito de Gondomar en presenza do alcalde Ángel Pazos, o secretario do concello Manuel Alonso e os mestres Enrique R. Márquez e Rogelio de la Granja.

Fonte: Foto de José Gil para Vida Gallega. Biblioteca Fundación Penzol.



Tenda de ultramarinos na casa que fora panadaría de Laureana Valverde. Tras o mostrador, Manuel Estévez Míguez e Antonio Caeiro Álvarez; sobre el, Manolo Estévez. Ano 1952.

Fonte: Arquivo de Manuel Estévez.

do así ata 1939, data na que se constrúe o primeiro mercado e praza de abastos a cuberto seguindo a adaptación que o aparelador Cervera Segalá fai do proxecto redactado en 1936 polo arquitecto Manuel Gómez Román¹³. Este proxecto estaba pensado para un terreo situado entre o río Caudal ou Vilaza, a Avda. Elduayen e o camiño do Portelo -aproximadamente por onde anos máis tarde se construírá a sede da Irmandade de Labregos e Gandeiros, aglutinando unha considerable maior superficie de terras-, lugar no cal se viña

celebrando o mercado os últimos anos. Finalmente, a praza foi construída nun terreo de menores dimensións que o concello posuía na actual rúa Manuel Alonso, e estará en servizo ata mediados da década dos sesenta. Tamén os anos corenta foron difíciles, de moita fame e, ademais, de represión social.

Un segundo mercado cuberto, proxectado polo arquitecto José Bar Boo en 1964, construído en tres fases e rematado en 1973, veu cubrir as novas necesidades; mercado que aínda hoxe se conserva en funcionamento, se ben o seu aspecto formal sufriu diversas intervencións con resultado discutible. Posteriormente, no soar do primeiro mercado cuberto levantaríase a Casa da Cultura, rematada en 1989 e inda en uso.

Na Praza da Paradela tamén se celebraba dende mediados do XIX, posiblemente en substitución da que dende época medieval se viña levando a cabo na Estrada, concretamente no recinto inda existente de Feira da Doce, unha feira de gando os días quince e vinte e nove de cada mes, que polo seu continuo crecemento necesita de nova localización a finais dese século. O lugar elixido é Secas, ou Gaiandas, onde, ademais dos días citados, se celebrará feira todos os once e, a partir de inicios do XX, os días tres e vinte; en resumo, cinco días ao mes. As feiras de Gondomar no seu tempo foron centros económicos importantes e nelas habitualmente pechábanse numerosas operacións de vacún, xeralmente bois cebados, para a exportación a distintos puntos da meseta, a Portugal e a outros países¹⁴. Dende o ano 1997, este recinto funciona, tras unha reforma, como parque público, e o antigo uso, A Feira, quedou convertido en topónimo.

A importancia comercial da actividade gandeira na vila durante gran parte do século XX viña referendada pola dobre e cuantiosa concentración anual de gando asnal e cabalar celebrada os días vinte e un de marzo e once de xullo, co gallo das festas patronais de San Bieito, á que nas últimas décadas se lle sumaba unha moi considerable Mostra - Exposición de maquinaria agrícola. Esta forza gandeira que levará a construír un matadoiro local de reses -hoxe en desuso- en 1951, despois dunha existencia itinerante dende 1892, remata por languidecer na década dos oitenta e posteriormente desaparece. Antes de que isto aconteza, ao norte do serradoiro e forno de cal que máis adiante situaremos, moi preto deles, emprazouse a granxa avícola promovida por Pedro Saracho Arechavala, a cal obtivo licenza municipal de instalación o 15 de abril de 1950 ao amparo dun proxecto redactado polo aparelador e perito industrial Cervera Segalá. E aínda na década dos sesenta instalárase a granxa de gando vacún, para carne, nas "terras do condado" -as Cercas-, actividade promovida polos señores Veleiro Cerdeira e Álvarez Álvarez. Do pulo que tivo o sector agrícola e gandeiro no municipio durante os primeiros dous terzos do XX dá conta a serodia edificación proxectada por José Bar para sede da xa citada Irmandade de Labregos e Gandeiros na Avda. Elduayen -actual Xulgado de Paz-.



Primeira fase, xa construída, da Praza de Abastos proxectada por Bar Boo na daquela recentemente construída vía de acceso á Primeira Transversal -hoxe rúa Manuel Alonso- dende a Avda Elduayen. Ao fondo o desaparecido Cine Rialto. Ano 1966.

Fonte: Arquivo familia Soliño - Troncoso.



Prolongación da Primeira Transversal -hoxe rúa Manuel Alonso- daquela recentemente executada. Ao fondo, vista do antigo Grupo Escolar proxectado por Jacobo Esténs Romero. En primeiro plano o soar que será ocupado polo edificio promovido por Antonio Caeiro Álvarez a finais dos sesenta. Ano 1966.

Fonte: Arquivo familia Soliño - Troncoso.

Outro sector con forza nese século foi o madeireiro. Chegaron a coincidir tres serradoiros na vila a metade de centuria, xa a base de enerxía eléctrica, que viñeron substituír os varios do ámbito movidos por enerxía hidráulica. Eran: o de Vilanova, fundado en sociedade con Fajo, o de Domingos Carrera, fundado por A. González Mesejo, M. Carrera Cambra e M. Rodríguez Núñez -quen posteriormente venderá a súa parte a Manuel López Regueiro-, e o de Piña. Ademais, a moi pouca distancia, en Mañufe, funcionaba dende os trinta, e aínda se mantén, o serradoiro Val Miñor -hoxe Pérez Giménez S.L.- situado case en fronte das escolas Pro Val.

Dos tres serradoiros da vila, só se conservan as edificacións do de Vilanova, situado, estrada por medio, en fronte do campo de fútbol das Gaiandas. Os de Carrera e Piña emprazábanse enfrontados á altura dos actuais números 24 e 27 a ambas as dúas marxes da rúa Eduardo Iglesias: á dereita, o de Carrera, tocándose coa "molinería" eléctrica de Manuel Rodríguez Núñez, de Parada. O de Luís Fernández Piña, que iniciara a actividade en 1947 despois de ser trasladado dende Vilaza por José Fernández Alonso, a maiores, incorporaba un forno de cal vivo; unha pirámide

truncada de pouca inclinación, de base rectangular, duns oito ou nove metros de altura, construída en granito do país ao amparo dunha licenza municipal concedida o 26 de xuño de 1951.

A enerxía eléctrica, obviamente, foi outro dos grandes axentes transformadores da vida social e económica da poboación. As primeiras xestións para a iluminación pública da vila e o abastecemento enerxético de industrias iniciais, en 1907, o enxeñeiro Laureano Salgado Rodríguez¹⁵: pretende instalar no río Vilaza, en Coutada, cerca de Pego Negro, unha Central Eléctrica. E conséguo. Unha vez construída coñecerase na zona como "A Fábrica da Luz".

Subministrará enerxía eléctrica para iluminar a zona urbana a partir de decembro de 1908. A Baiona, onde Salgado tiña casa e oficina, a luz eléctrica chegara o 31 de outubro do mesmo ano¹⁶. Esta subministración, que en 1924 xa presentaba graves problemas de potencia¹⁷ e en 1929 cambia de concesionaria co obxecto de mellorar, pasa en 1957 a FENOSA. Os restos da Central son hoxe unhas ruínas de inte-



Celebración da Festa da Árbore polos alumnos das "Escuelas Hispano-Americanas Pro Valle Miñor". A comitiva entra na vila pola actual rúa Eduardo Iglesias. Ano 1916. En primeiro termo, á esquerda, a casa de comidas que a mediados do XX dirixían Mlنگos Valente e a muller, Herminia. Esta casa fora construída a finais do XIX por Felipe Gestal e utilizada posteriormente como parada e fonda de arrieiros co nome de "Casa do Corva". Máis ao fondo a casa da familia Fernández, edificación de tipoloxía habitual na vila, en cuxo baixo se emprazaron dende finais dos corenta as oficinas da "Fábrica de Piña". O coche é conducido polo redactor-fotógrafo de Vida Gallega, e "sportman", José Gil, e nel viaxan as fillas de Manuel Losada Carrera.

Fonte: Vida Gallega. Arquivo do Instituto de Estudos Miñoranos.


rese, mal conservadas e mal aproveitadas, e testemuño arqueolóxico importante do patrimonio industrial do municipio.

Pero que o espazo urbano utilice para a iluminación a electricidade non significa que aconteza o mesmo, de forma paralela no tempo, co ámbito privado. A xeito de testemuño, un caso: ao Pazo de Gondomar, por citar un lugar emblemático e economicamente potente para o contexto en que nos movemos, se ben é certo que a ocupación non era constante ao longo do ano, a luz eléctrica chega en abril de 1928, sendo conde Gonzalo Fernández de Córdoba y Quesada, en liña tendida pola empresa "J. Valverde y Comp."¹⁸. A esa altura do século varias edificacións da Paradela xa tiñan acometida. No ano 1932 a luz eléctrica chega aos barrios da Áspera, Bade, Sequeirós, Caxide e Rasas.¹⁹

A chegada da enerxía eléctrica, como tamén sucede coa telefonía, a dotación de auga sanitaria ás edificacións -década dos corenta-, a instalación de rede

de saneamento de augas fecais -década dos cincuenta- e outros servizos, posibilitan, como xa se dixo, melloras nas condicións de vida da poboación e cambios notables a moitos niveis. E se ben por iso parte do patrimonio construído sofre severas consecuencias negativas -iníciase o abandono e posterior ruína dos seculares muíños hidráulicos, perden intensidade de uso as fontes públicas,...., etc., etc. - por outra banda, aparecen novidades. Por exemplo, nos transportes.

A primeira empresa da vila para transporte colectivo fundárase, a finais do XIX, tras regresar de Cuba, Felipe Gestal González, natural de Mañufe e fillo de Francisco Gestal y Torres, ex notario da vila²⁰. As cocheiras situábanse aproximadamente nos terreos ocupados actualmente por "Villa Brasil" e recólleas Ramiro Pascual no Plano Xeral.



Plano coa situación da casa dos Fernández recollida na fotografía anterior, o serrador que terminaría por ser de Piña, e o forno do cal.

Fonte: Arquivo Municipal de Gondomar.



A vila nos anos 30; inda non se edificara a estación de tranvías. Detrás dos vagóns pode entreverse unha edificación de planta baixa que terminará por acoller o "Bar Alvarito".

Fonte: Arquivo do autor.

Coa chegada dos vehículos a motor vaise eliminando a tracción animal para o transporte humano; na década dos vinte aparecen os primeiros turismos privados no municipio. Moito máis tarde, ao final da década dos setenta, cando xa solo se utilizaba o tiro animal para tarefas agrícolas, empeza a desaparecer o mítico carro de madeira tirado por xunta de bois; substituirao o chimpín.

O 3 de maio de 1913, *La Voz del Miñor*²¹

publica como noticia que a empresa de automóbiles "La Hispano Valle Miñor" iniciara o día primeiro dese mes o servizo entre A Guarda, o Miñor e Vigo; as saídas dende Gondomar estaban fixadas ás 7,45 da mañá e á 1,30 da tarde; pasaxes, encargos e equipaxes, en Gondomar, estaban ao coidado de Paulino Sarasquete. Tamén, en 1914, a compañía de coches e automóbiles "El Volador", de Alfonso R. Ríos, comunicaba Vigo con Baiona e Gondomar; a administración na vila estaba no comercio de Ángel Pazos²². No mesmo ano daba similar servizo a empresa "Borrasca". Nos vinte aparece a empresa Núñez, con saída de Gondomar ás 7,30 da mañá e de Vigo ás 5 da tarde; a administración emprázase no Paseo de Alfonso XII²³. Máis tarde, na década dos trinta nace outra empresa de transportes con patrimonio material, nun inicio, unicamente a base de camións para carruaxe de mercadorías: é a de Aquilino Sestelo. Tempo despois incorporará autobuses para pasaxeiros. Na posguerra, anos corenta, son Manuel Núñez Méndez, José Bravo Fernández e José de Lis Rodríguez os que fundan outra compañía de transportes de viaxeiros con liña Gondomar-Vincios-Vigo e Gondomar-Couso-Morgadáns-Vincios-Vigo. Tiña a central e cocheiras na rúa Eduardo Iglésias, na vila, entre a casa que fora panadaría de Laureana Valverde e a actual panadaría Copena, concretamente nos terreos onde a principios de século estivera a escola na que antes de trasladarse ao novo Grupo Escolar impartía ensinanzas Enrique Rodríguez Márquez -á que máis adiante volveremos-. Esta compañía ao cabo do tempo foi adquirida pola Empresa García, base da actual Melytour²⁴. A estas empresas apareceulle unha competencia, a ben

seguro, desleal e curta no tempo: eran as furgonetas piratas de finais dos sesenta e primeiros setenta. Pasou.

O transporte público en Gondomar contou ademais cunha posibilista liña da Compañía de Tranvías Eléctricos de Vigo S.A., que, iniciando os trámites para a súa instalación na vila en 1923, dará servizo ata 1968; un ferrocarril branco, sosegado e moi fermoso. O máximo impulsor de que chegase a Gondomar, e principal promotor da creación da empresa, foi Manuel Losada Carrera, a quen nomearan presidente de honra na primeira xunta oficial celebrada en abril de 1912²⁵.

O servizo inaugúrase en Vigo en 1914. No último cuarto de 1926 chega a Ramallosa -se ben os alicerces das cocheiras xa estaban rematados en 1924²⁶- e pouco despois a Gondomar²⁷ e Baiona. A liña comunicaba varias veces ao día Gondomar con Baiona, a través da Ramallosa, e con Vigo, percorrendo a costa. Tras anos de funcionamento, nos corenta constrúese a estación da vila segundo os planos que o enxeñeiro da compañía redacta e asina en 1940. Queda emprazada entre a Avda. Elduayen, por detrás do Bar Alvarito, no seu vento norte; o Grupo Escolar proxecta-



Persoeiros relacionados co Club Gondomar ante a casa de comidas "O Mineiro". Baixo un cartel anunciador do partido Gondomar-Alondras, no que se arenga o afeccionado, empezando pola esquerda pode verse a: Luís Hermida Cambra, Sergio Carrera, Antonio Hermida -Carburo-, Antonio Álvarez -Velasco-, Manuel Lorenzo -Niní-, Eugenio Mineiro, Paulino -Sarapullo- e Ángel González -Lito Mouriscano-. Anos 60.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

do polo arquitecto Jacobo Esténs ao lado do primeiro mercado cuberto, a sur; e dando fronte á rúa Ángel Urzáiz, a nacente.

Ao longo do tempo en que funcionou o tranvía, e aínda despois, irán aparecendo, desaparecendo, mudando de nome e fusionándose empresas de transportes por estrada, de maior ou menor importancia para a poboación, ata chegar á deficiente situación actual. Hoxe dúas compañías -Melytour S.L. e A.T.S.A. - repártense o negocio e dan un pésimo e inadmisíbel servizo, que deberían iniciar e rematar na construída Estación de Autobuses da vila pero que, paradoxalmente, non o fan.

Os transportes foron parte importante na dinamización da economía local; fixeron crecer as feiras e o nivel de negocio, trouxeron clientes ás desaparecidas casas de comidas e hospedaxe -Gran Hotel La Confianza, Hotel Aquilino ou Casa da Couta, Hospedaxe e Bar Chaín, Hospedaxe

Bar Mineiro, Hospedaxe Rial Salgueiro, Fonda do Ferro -Paz Panadero-, etc., etc.- propiciaron a aparición de pensións e hoteis, transportaron obreiros e bañistas, achegaron miles de persoas aos tres cinematógrafos xa inexistentes -Capitol, Rialto e Gondomar-,..., moveron mercadorías e tamén ilusións. Ilusións como as que portaban os centos de gondomareños que copaban o tranvía en dirección a Baiona cando o club de fútbol local se enfrontaba ao Erizana na Palma. Ou como cando, bastantes menos, viñan presenciar os combates de boxeo que se organizaban no "patio de butacas" do Capitol, sala que a mediados dos trinta, antes de ser cinema, fora baile²⁸.

Por último, antes de dar remate a este capítulo, debemos citar inda sexa de xeito esquemático a evolución dos distintos centros de ensinanza.



Reunión ante o "Café de Lis" na rúa Eduardo Iglesias. De esquerda a dereita: Carbuco, Moncho Regueiro, Enrique Hermida, Laureano Álvarez -Galán-, Manolo Estévez, Eloy, Pepito Quintas e Lito -Mouriscano-. Anos 60.

Fonte: Arquivo de Manolo Estevez.



Avda. Elduayen no día da celebración da festa de San Cristovo a inicio dos 60. Á esquerda o "Bar Alvarito", tras el o acceso á estación de tranvía intuída na foto. Ao fondo, á dereita, o "Cine Rialto", logo o "Bar Chaín" e por último a "Casa da Couta".

Fonte: Arquivo do Instituto Estudos Miñoranos.

Dende o século XIX a vila contaba cun centro escolar instalado na que máis tarde será rúa Eduardo Iglesias. Emprazábase, como xa se dixo, practicamente a carón da antiga panadaría de Laureana Valverde, edificación inda hoxe conservada.

Máis tarde, en 1912, proxecta Jacobo Esténs un Grupo Escolar Público que se emprazará nuns terreos cedidos polo indiano benfeitor da vila Manuel Losada Carrera. Esa escola, para a que cede pedra de xeito altruísta o XI Conde de Gondomar, rematarase nos anos vinte e funcionará ata inicios dos setenta. O antigo emprazamento hoxe esta ocupado polo Centro de Saúde local, unha pequena

praza, e un tramo da rúa Portugal. Entre a praza e a rúa conservase parcialmente o frontis da antiga escola, colocado nese lugar, tras manipulalo, polo arquitecto proxectista do Centro de Saúde.

Para dar servizo ás novas demandas formativas e poboacionais, empezará a construírse un novo centro escolar no ano 1972, que ocupará parcialmente o lugar do antigo campo de fútbol da Cerca. Este funcionará ata 1997, data na que se

trasladan as instalacións a outro punto da vila e se implantan centros en distintas parroquias do municipio cunha clara intención de mellora.

Tamén nas últimas décadas do XX chegan os Institutos de Ensinanza Media á vila significando un notable avance no eido formativo e social. Polas mesmas datas comeza a funcionar o Conservatorio de Música, como filial do de Vigo, e algo despois tamén será dotada a poboación de Gardería Pública.

No campo educativo, inda non estando radicada na vila, non se debe esquecer o gran adianto e ilusionante oportunidade que para ela significou a instalación das "Escuelas Hispano-Americanas Pro Valle Miñor" no lugar de Baludío, inauguradas o 12 de outubro de 1914²⁹. Tempo despois, no 16, o acreditado ebanista e construtor de Vigo, Sr. Davila, encargárase de construír e instalar o mobiliario da que posteriormente chegará a ser importante biblioteca³⁰ do centro, hoxe desaparecida. Este centro educativo, innovador no seu tempo, promovido, custeado e mandado levantar por un grupo de indianos filántropos, fora construído por Máximo González³¹ seguindo o proxecto dos arquitectos Manuel Gómez Román e Jacobo Esténs, ambos os dous vinculados a Gondomar por outras obras.

CODA.

Gondomar, estratexicamente situada dende unha óptica xeográfica, é hoxe unha poboación de carácter eminentemente residencial onde, a diferenza do que ocorría nas tres primeiras cuartas partes do pasado século, o 51% da poboación activa está ocupada no sector terciario e tan só o 5%³² no primario, ben comunicada e bastante ben abastecida nos apartados comercial, educativo e cultural, pero con importantes lagoas en ámbitos como, por exemplo, o ocio -mal aproveitamento dos



Vista parcial da vila dende a torre da igrexa. Outono de 2014.

Fonte: Fotografía do autor.

recursos hídricos, por citar algo-, o gastronómico -falta oferta de restaurantes- e no transporte público, taras que non se pode permitir ningunha cidade, vila nin municipio que, como no caso que nos ocupa, pretenda ser competitiva no sector turístico. E se non o pretendese, tampouco.

NOTAS BIBLIOGRÁFICAS E DOCUMENTAIS.

- 1 Navaza, Gonzalo. Da orixe do Nome. Retallos de GONDOMAR DE MIÑOR. VV.AA. Edición do Instituto de Estudos Miñoranos. Gondomar 2012. p. 13 a 15.
- 2 Informantes orais inda lembran este nome. Miguel Anxo Mouríño dinos: "na ponte que está na saída cara á Ramallosa había un cartel neste sentido: Río Rosas".
- 3 Pallares, María del Carmen e Portela, Ermelindo. EL BAJO VALLE DEL MIÑO EN LOS SIGLOS XII Y XIII. ECONOMÍA AGRARIA Y ESTRUCTURA SOCIAL. Ed.USC, Santiago de Compostela 1971.
- 4 Pascual Hermida, G. LA MINERIA ROMANA DEL VALLE DEL ROSAL AL VALLE MIÑOR. masquepetroglifos.blogspot.com.es; xoves 18 outubro de 2012, actualizado 3 de xaneiro de 2013.
- 5 Fernández de Córdoba Calleja, E. EL PAZO DE GONDOMAR. CINCO SIGLOS DE UNA FAMILIA. Ed. Deputación de Pontevedra 2002. p. 153.
- 6 Pallares, María del Carmen e Portela, Ermelindo. EL BAJO VALLE... Opus cit.
- 7 Espinosa Rodríguez, José. KALEIDOSCOPIO GONDOMAREÑO. Gráficas Gutenberg. Vigo 1957. p.6
- 8 Espinosa Rodríguez, José. KALEIDOSCOPIO... Opus cit. p.20.
- 9 El Pueblo Gallego de 29 de febreiro de 1924.
- 10 GALICIA VISTA POR UN INGLÉS. Edición de 1994 da Editorial Galaxia, S.A. do libro Spanish Galicia, de Aubrey F. G. Bell. p.127
- 11 Souto González, Marta P. e Xosé M. O VAL MIÑOR. ENTRE AS TRANSFORMACIÓNS RURAIS E AS INNOVACIÓNS URBANAS. Cámara oficial de comercio, industria e navegación. Vigo 1991.
- 12 Xornal "El Miñor". Semanario Independiente. Edicións dos anos 1904 e 1905.
- 13 Soliño Troncoso, M., A., e A., e Mosquera Veleiro, J. L. GONDOMAR. HISTORIA, ARTE E TERRITORIO. Ed. Ir Indo. 1995. p.400 a 404.
- 14 Xornal "El Miñor". Semanario Independiente. Sábado, 14 de xaneiro de 1905 e outros.
- 15 Soliño Troncoso, M., A., e A., e Mosquera Veleiro, J. L. GONDOMAR. HISTORIA... Opus cit. p.407
- 16 De Mauricio, A. HISTORIA DE BAYONA. DESDE TIEMPO INMEMORIAL HASTA NUESTROS DÍAS. Edicións Alén Miño, S.L. 2001. p. 291

- 17 "Distintos abonados presentan quejas debido a la cantidad de apagones y a la continua poca potencia que suministra la compañía, lo que les obliga a utilizar iluminación complementaria a base de velas y acetileno". El Pueblo Gallego, diario de 7 de febreiro de 1924.
- 18 Fernández de Córdoba Calleja, E. EL PAZO DE GONDOMAR. CINCO SIGLOS... Opus cit. p. 201.
- 19 Xornal La Voz del Miñor, sábado 30 de abril de 1932.
- 20 Espinosa Rodríguez, José. KALEIDOSCOPIO GONDOMAREÑO. Vigo 1957. p. 10.
- 21 Xornal que aparece en 1911 baixo denominación de "Semanario independiente". Tiña emprazada a editorial en Baiona.
- 22 Xornal "El Pueblo. Semanario Independiente", 17 de setembro de 1914.
- 23 El Pueblo Gallego, xornal de 27 de xaneiro de 1924.
- 24 Informante oral, Antonio Bravo Quintas (nado en 1930).
- 25 Iglesias Veiga, J. R. ARQUITECTURA E INDIANOS NA CIDADE DE VIGO E BISBARRA. Ed. Instituto de Estudios Vigueses. 2013. p. 53 a 56.
- 26 El Pueblo Gallego, xornal de 7 de febreiro de 1924.
- 27 Segundo afirma Espinosa Rodríguez no KALEIDOSCOPIO GONDOMAREÑO, xa citado, na páxina 10, o tranvía chegou a Gondomar o 3 de setembro de 1926, se ben no Faro de Vigo do 26 de setembro do mesmo ano fálase do inicio dunha subscripción popular co obxecto de festexar a chegada deste á vila, e no do 13 de febreiro de 1927 recóllese a noticia da inauguración do tranvía en Gondomar o día anterior.
- 28 Informante oral, Antonio Bravo Quintas (nado en 1930).
- 29 O exemplar do 17 de setembro de 1914 do El Pueblo. Semanario independiente, cita esta data como fixa para a inmediata inauguración da escola, que ese ano efectivamente inicia o primeiro curso escolar impartido no centro.
- 30 Información recollida no El Pueblo. Semanario independiente, do sábado 27 de maio de 1916.
- 31 El Pueblo. Semanario independiente. Agosto-setembro de 1914.
- 32 Datos sacados dos documentos do avance do Plan Xeral de Ordenación Municipal, redactado por Eptisa, colgados en Internet no intre da redacción deste texto.

IDENTIDADE E
REPRESENTACIÓN DA VILA A
TRAVÉS DO FÚTBOL.
O GONDOMAR.

ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO/MARÍA XOSÉ PÉREZ GONZÁLEZ

APROXIMACIÓN TEMÁTICA.

Entendemos por deporte todo xogo ou actividade regulamentada, xeralmente de carácter competitivo, que mellora a condición física e psíquica de quen o practica, posuíndo ademais propiedades recreativas; ou, tamén, toda actividade física, exercida como xogo ou competición, cuxa práctica supón entretemento executado segundo normas. Pois ben, démollo por definido. E dicimos, poderemos coincidir na definición dada ou diferir pero, sen dúbida, sumarémonos á idea de que o deporte é unha actividade que vén sendo cultivada polo ser humano dende antigo. Xa se practicaba na antiga China, hai 6000 anos; principalmente, a ximnasia. Tamén foi unha actividade que tivo consideración no Exipto, e de todos é coñecida a afección dos pobos aztecas precolombinos ao xogo da pelota, pero onde alcanza o maior estatus social durante a antigüidade é entre os gregos. Estes, no século VIII a.C., crean os Xogos Olímpicos, que celebrarán cada catro anos na cidade de Olimpia. Moitos séculos despois, concretamente no ano 1896, disputáronse en Atenas os primeiros Xogos Olímpicos modernos¹. Nesta época, a finais do XIX, o deporte, especialmente algunhas modalidades, era unha actividade maioritariamente relacionada coa burguesía e as clases podentes. Máis tarde, a industrialización permitiu maior tempo de lecer nos países desenvolvidos, circunstancia que contribuíu decididamente a un incremento da contemplación e práctica desta actividade en xeral e a un aumento de instalacións deportivas, feitos inda acrecentados coa aparición dos medios de comunicación masivos.

O deporte, con independencia doutras características positivas, é un medio válido para inculcar valores a nenos e adolescentes e incluso facer recapacitar a adultos; valores tales como a responsabilidade, o respecto, compromiso, dedicación, o esforzo e outros. Unha das modalidades deportivas con máis seguidores hoxe en día é o fútbol, un xogo colectivo que, na súa versión moderna, foi creado en Inglaterra tras a formación da Football Association, cuxas regras de 1863 son a base para a súa práctica inda na actualidade.

A mediados do século XIX, como é sabido, déronse os pasos iniciais para unificar os códigos do fútbol. O primeiro intento produciuse na Universidade de Cambridge en 1848, cunhas regras que presentaban certo parecido ás actuais e prohibían tocar o balón coas mans. Non obstante, a maioría de estudosos entende como data de nacemento do fútbol moderno o 26 de outubro de 1863, cando Ebenezer Cobb Morley² convoca a doce clubs de fútbol de diferentes universidades de Londres a unha serie de reunións na taberna Freemason's coa finalidade de unificar as regras de xogo. Once clubs, dos doce convocados, chegan a entendemento en catorce regras e establecen un novo código que plasmarán na "football association". O Blackheath, club en desacordo, pouco despois terminaría por converterse nun dos creadores e fundadores do rugby, en base ás regras da variante que defendía.

Co paso dos anos o "foot-ball" empeza a expandirse. Primeiro nas illas británicas e máis tarde, a partir de 1870, fóra do Reino Unido. É tal o auxe acadado por este deporte no mundo que no ano 1904, con intervención de varios países, créase a FIFA; o Estado español foi representado polo Madrid F.C. por non ter constituída a Asociación. A Asociación de Fútbol español -órgano que rexe o seu funcionamento- data de 1914.

O INICIO DO FÚTBOL NA VILA.

Unha vez presentada esta mínima introdución pasamos a centrarnos no percorrido histórico do principal club de fútbol da vila miñorá analizada no capítulo anterior, o Gondomar.

Ninguén debe caer no erro de imaxinar o "foot-ball" na primeira década, e parte da segunda, do século XX coma un deporte popular, nin telo por unha actividade coñecida maioritariamente, seguida por masas, e de práctica habitual; esas son cousas que chegarán tempo despois. A principios do século XX, só os máis progresistas das clases podentes, burguesas, e algúns ilustrados, se acercaban ao deporte -a unhas especialidades máis ca a outras, naturalmente-, actitude que se facía máis visible e menos habitual en poboacións pequenas ou apartadas das grandes metrópoles. E aí, nese estatus, encádrase Gondomar segundo acabamos de comprobar no capítulo precedente; unha pequena vila que ten a Vigo como cidade máis grande da contorna, poboación moi lonxe do concepto de metrópole, máis inda se nos trasladamos a principios do XX. Sen embargo, Vigo vai poder, na cuestión que nos ocupa, desempeñar con solvencia as funcións propias de cidades con máis envergadura por posuír un porto de mar de referencia; e porque as circunstancias así o quixeron, como axiña veremos.

Un dos xeitos máis recorrentes de espallamento do fútbol polo mundo adiante nas últimas décadas do XIX e primeira do XX foron os mariños británicos e outros traballadores desa nacionalidade transportados por mar. E por este medio chegou a noticia a Vigo, pero cunha gran particularidade.

En 1873 instálanse na cidade as oficinas de telegrafía do Cable Inglés e os empregados traen con eles os costumes de orixe e as practicas deportivas, e, consecuentemente, artellan un club social para reunirse con amigos principalmente: o Exiles Club. Este, entre outras actividades, acollía as reunións do equipo de fútbol, o cal celebraba os partidos nos Cadros do Recheo, lugar tamén coñecido como o Malecón -pola actual rúa Luís Taboada-. Xogaban entre eles ou contra tripulacións británicas atracadas no porto -non tiñan outra opción- nun tempo onde as regras do fútbol moderno había só 10 anos que foran acordadas.

Esta tese da chegada do fútbol a Vigo en data tan precoz queda confirmada por José Ramón Cabanelas³ cando saca á luz unha referencia entre irónica e xocosa dun exemplar do Faro de Vigo de 10 de xuño de 1876, que dicía: "Otra vez han vuelto a visitarnos -al Casino- los ingleses. ¡Son tan amables! Caminan como cuatro, pisan como seis y beben como cincuenta. Pescan, cazan, fuman, pintan y juegan a la pelota según su uso y manera". Logo, posiblemente, Vigo foi o primeiro lugar de España onde existiu un equipo de fútbol, o Exiles Football Club, xa que o da Río Tinto Company Ltd. é de 1878⁴. Isto, sen dúbida, posibilitou que a súa práctica se empezase a difundir con gran antelación, pero inda será necesario que pase un tempo longo para que sexa incorporado entre os hábitos dunha sociedade local chea de complexos, abafada polo catolicismo e os prexuízos e, en suma, a moita distancia da británica.

Noutra crónica do mesmo diario, pero do 7 de decembro de 1880, atopada polo mesmo investigador, pode lerse: "Muchos ingleses pasaron la tarde de ayer jugando a la pelota en los Cuadros del Malecón. Tenían en torno tantos espectadores como solía tener Rafael Díaz en su circo ecuestre". Como vemos, naquel tempo, a poboación local inda non asimilara o neoloxismo e polo tanto referíase ao novo deporte como "xogo da pelota".

O Exiles F.C. seguirá activo durante anos e en 1907, cando xa se instalara o veleno do fútbol entre a poboación nativa da cidade e se fundaran o Vigo Foot-ball Club -1903⁵- e o Fortuna F.C. -1905⁶-, gaña a Copa de Pontevedra. A relación entre vigueses e británicos é cordial e nesa época non será excepcional ver xogadores ingleses nas formacións dos equipos locais.

A noticia espállase e en 1909, en Baiona, vila que iniciara a vocación turística nas últimas décadas do XIX, constitúese o Baiona F.C., un equipo de vida efémera, integrado por veraneantes, que xogaba os partidos con balóns traídos expresamente de Inglaterra. Presidía o club Ventura Salgado⁷. Como vemos, daquela, nunha vila turística e con porto de mar, este deporte aínda era practicado soamente por mozos burgueses non nativos, indicio claro de que a xuventude local tiña outro tipo de intereses nun tempo onde se implantaba unha tendencia entre os máis progresistas dos urbanitas: ser un "sportman".

O retrato tipo sería o dunha persoa moza, varón, atrevido, supostamente moderno, e, polo xeral, de clase acomodada. Era un tempo onde as regras do decoro e a hipocrísia social miraban de moi mal xeito as novas vestimentas incorporadas para practicar "sport", un tempo onde a terminoloxía do crecente mundo do deporte se viu invadida por anglicismos, onde as novas correntes sociais e as modernas ideas hixienistas e de saúde enaltecen a árbore como símbolo de vida sa e natural mediante a proliferación de festas de exaltación, conferencias para a difusión, e creación de sociedades de protección⁸.



Vista parcial da vila dende o Picoto en 1916, coas vellas casas deste barrio en primeiro plano. Tras o monte das Gaiandas e da Texosa, na parte superior dereita da fotografía, xa se emprazaban as "Escuelas Hispano-Americanas Pro Valle Miñor", en funcionamento dende o curso 1914-15, dotadas do correspondente campo de deportes.

Fonte: Foto de José Gil para *Vida Gallega*. Biblioteca Fundación Penzol.

Con ese ambiente social, en maio de 1910, o fútbol entra na Universidade de Santiago de Compostela da man do estudante Celestino Rodríguez Martínez⁹. Este deporte, que atrapa e contaxia coma ningún outro e practicaban en Vigo británicos de diferentes estratos sociais, aínda necesitará neses anos iniciais dun mediador acomodado ou ilustrado para que a xente do común, os rapaces, o fagan seu nas paraxes a que nos vimos referindo.

En 1909 preséntase no Goberno Civil de Pontevedra o regulamento estatutario, redactado en 1907, do Club-Recreo de Gondomar, cuxo local estaba preparado na planta principal do número 9 da praza da Paradela dende 1905¹⁰. Esta, dalgún xeito, pódese entender como consecuente e antecedente doutras dúas asociacións. Consecuente da "Recreo de Gondomar", cuxo regulamento foi presentado no Goberno Civil o 27 de novembro de 1890, constituída o 1 de decembro do mesmo ano, e disolta en 1904¹¹. E antecedente da Unión Artístico Deportiva¹², sociedade con diversas seccións entre as cales se atopaba a primeira formación coñecida do club de fútbol da vila.

Estas asociacións estaban tuteladas por compoñentes da clase dirixente, burguesa ou ilustrada local; ademais, a Unión Artístico Deportiva nomeara como presidente de honra ao XI Conde de Gondomar e fora fundada, en palabras do propio conde, co obxecto de que "(...) velando por la educación física de nuestra juventud, le permitiese trocar las distracciones que en los momentos de ocio y asueto se procuraba en el viciado ambiente de la taberna, por otras al aire libre"¹³.

A mediados de 1913 a "Escuela Práctica" da "Unión Hispano Americana Pro Valle Miñor" xa empezara a iniciar o alumnado no xogo da pelota. Vexamos. Entre as ensinanzas e actividades deste centro atopábanse unhas primeiras nocións de instrución militar, recibidas por un alumnado constituído en "Batallón infantil" -este tipo de formación, que buscaba inculcar no rapaz a veneración pola patria e os seus emblemas, debe ser entendida inescusablemente no contexto histórico correspondente-. O Batallón, de tempo en tempo, celebraba desfiles baixo a atenta mirada dos formadores nas vilas de Gondomar e Baiona e foi precisamente ao remate dun acto de xura de bandeira celebrado na segunda, ante o cónsul arxentino, autoridades dos tres concellos do Miñor e persoal directivo do centro, cando os rapaces, antes de merendar e a indicación do profesorado, xogan "unha partida de foot-ball"¹⁴.



O "Batallón infantil" das "Hispano-Americanas" facendo prácticas na praza da Paradela baixo a atenta mirada de formadores e curiosos. Segunda década do XX, despois de 1914.

Fonte: Arquivo do Instituto de Estudos Miñoranos.

Logo, temos que considerar as escolas Pro Val entre os poucos axentes introdutores e espalladores do fútbol no Miñor e, ademais, lembrar que a partir do ano seguinte, curso 1914-¹⁵, contarán cun novidoso campo de deportes na nova sede de Baludío. Tamén parece lóxico deducir, baseándose no dito, que na Palma xa existía un recinto onde poder practicar fútbol.

Contan as crónicas que xa antes de 1.914 prendera a febre do fútbol nos mozos de Gondomar. É posible; pero en todo caso, de ser certo, por forza habería de ser en non moitos. Sexa como fose, segundo acabamos de ver, dábanse algunhas condicións favorables para que a práctica deste deporte se empezase a implantar na vila; entre as principais sobresaen a proximidade das escolas Pro Val¹⁵, a tamén relativa proximidade de Vigo e a existencia dun Club-Recreo que, quizais, puido ser orixe de consellos e foco de animación. En consecuencia, cabe como posible a tese enunciada.

Aínda así, non estamos en condicións de certificar a fundación na vila dun equipo de fútbol, o Gondomar, en 1914; nin de negalo categoricamente. Sabemos que nese tempo era habitual a creación de equipos afeccionados non federados e non sancionados polo Gobernador Civil como asociación, e somos conscientes de que non federarse e non constituír asociación debidamente legalizada non anula a existencia física dun equipo de fútbol, máxime naqueles tempos iniciáticos; só condiciona o seu estatus social e competitivo -xa referimos os casos do Exiles F.C. e do Bayona F.C., equipos de similar consideración, e máis adiante veremos moitos outros casos entre os que se atopa o Baiona Sporting Club, de dilatada vida-. Polo tanto, entra no posible que o primeiro equipo de fútbol de Gondomar date de 1914, tal e como refiren as crónicas, aínda ben non poidamos confirmalo por non ter localizado, entre outros, o regulamento da asociación Unión Artístico Deportiva que, con seguridade, nos aclararía moitas dúbidas e achegaría valiosos datos. Nin o Club de Fútbol nin a Federación conservan arquivo suficientemente amplo e acreditativo para clarear esta cuestión. Tampouco o Goberno Civil de Pontevedra, cuxos documentos custodian hoxe o Arquivo Histórico Provincial e a Deputación Provincial, conseguiu preservar a documentación necesaria e capaz de xustificar a realidade do percorrido histórico do club. En resumo, cinguíndonos á documentación localizada, só podemos aseverar que o Gondomar Sporting Club faise visible a partir de 1917.

Como xa dixemos e axiña veremos, existe a posibilidade de que un equipo viñese funcionando dende anos atrás pero é o 23 de decembro de 1917 cando a asociación denominada "Gondomar Sporting Club" solicita ante o Goberno Civil de Pontevedra a súa constitución oficial¹⁶; seralle concedida con data do 22 de xaneiro de 1918. Este feito certifica a existencia en 1917 dunha asociación que decide redactar un regulamento e legalizalo, pero que, como tamén quedou dito, xa formaba parte da "indocumentada" Unión Artístico Deportiva. Ademais, que sexa

1917 o ano de presentación do regulamento ante o Gobernador Civil non implica a inexistencia dun equipo con alma vilega anteriormente; lémbrese o dito no caso do Club-Recreo, cuxo regulamento se presenta no Goberno Civil en xaneiro de 1909 e xa fora redactado pola Comisión encargada de facelo en agosto de 1907, cando o local estaba rematado dende 1905. En todo caso, tras comprobar a substancial veracidade argumental, excepto uns poucos datos de apreciación e algún baile de nomes, da maioría das crónicas existentes en referencia ao percorrido histórico do club de fútbol da vila, non topamos argumento definitivo para non dar por válida nelas tamén a data de fundación, 1914, podendo suceder que fósemos nós quen non tivésemos o tino ou o tempo suficiente para acadala. Aínda nestas, si fomos quen de localizar algunhas fontes documentais que nos levan a pensar na existencia dun equipo de fútbol en data anterior á que o Sporting se constituía legalmente como asociación.

A primeira é que xa no 1917 existía a Copa Conde de Gondomar. Descoñecemos onde se xogaba, se ben parece ter lóxica pensar que fose en Gondomar durante o verán, tempo no que o conde ocupaba o pazo. Sabemos que a edición do 17 gañouna o Rápido de Bouzas¹⁷. Polo tanto, se existía campo na vila é que había equipo. E así era. A prensa da época anuncia a constitución do Gondomar Foot-ball Club en abril do 17¹⁸. Este equipo que, como imos ver, moi ben puido non ser o primeiro da vila, non se legalizará como tal no Goberno Civil. Entendemos que, dalgún xeito, o Foot-ball Club termina por callar no Sporting.

A segunda vén da man do xa citado Ventura Salgado, o introdutor do fútbol en Baiona¹⁹. Como vimos, Salgado crea o Baiona F.C. en 1909, equipo que di ter dous anos de vida; dous veráns, entendemos nos. Logo apareceu un efémero Anduriña e a continuación o Baiona Sporting Club que presidiu ata 1918, ano no que se retira da actividade deportiva. Ata ese intre, segundo di Salgado, o equipo de Baiona gañara varios trofeos competindo durante cinco anos con equipos como o Real Vigo F.C., Rápido de Bouzas, Español F.C., Ciosvín, Gondomar, e outros. Logo, o equipo ao que Ventura Salgado se refire como o Sporting de Baiona debeu fundalo arredor do ano 1912, e aseguraba este home que o Gondomar se fundara dous ou tres anos despois; como vemos, non era capaz de precisar e ademais neste comentario quizás ha de terse en consideración a rivalidade latente. Ou sexa, entendendo como veraces estes testemuños, Ventura Salgado vén dicíndonos que na vila condal foi fundado por 1914 ou 1915 un equipo de fútbol que sería anterior ao Gondomar Foot-ball Club, xermolo á súa vez do Sporting. Esta tese defendérona sempre, entre outros, os antigos colaboradores de prensa Alerta e Abelosa.

A terceira ten que ver co feito de constituír a sociedade ante o Goberno Civil nun intre histórico onde case ninguén o facía. Ha de existir un motivo que xustifique este feito inusual e cremos que demos con el a través de dous supostos. Sabemos



que o Miñor F.C., equipo tamén vilego como axiña veremos, legalizou a súa constitución ante o Gobernador da provincia. E coñecemos datos que nos inducen a pensar que o motivo de facelo puido ser a intención de participar en competicións oficiais ou, dito doutro xeito, intentar federarse. Esta é unha tese que non fomos capaces de certificar a través de documentos federativos debido á total inoperancia e substancial falta de resposta ante a nosa insistencia por parte da Federación Galega de Fútbol, pero que, inda así, entendemos minimamente apoiada pola prensa da época²⁰. Este mesmo razoamento é o que se nos ocorre aplicar para xustificar que nun intre determinado, finais de 1917, o equipo da vila, despois de tempo competindo de xeito informal, decida legalizar a situación constituíndo a sociedade Gondomar Sporting Club ante o Goberno Civil.

O segundo suposto relaciónase co campo da Cerca. Preguntámonos, ¿cabe a posibilidade de que ambas as dúas asociacións mencionadas se legalizasen para dese xeito concretar ou cumprir algún tipo de acordo co conde? ¿Que un equipo vilego, despois dun par de anos en situación moi precaria, decidise iniciar unha longa refundación -Sporting- co obxectivo de atopar axuda en D. Gonzalo?. Aí queda.

Nos organismos mencionados liñas atrás tampouco se conservan os estatutos do Gondomar Sporting Club, circunstancia que anula moitas vías de análise. Sabemos, segundo veremos noutro apartado, que xogaba como local no campo de deportes da Cerca e que polas súas filas pasaron xogadores de gran calidade, como o centrocampista reconvertido a defensa Pepe Hermida, Ángel Hermida, que tamén formou no Iris, Severino Alonso, estudante de medicina en Santiago dende

1916, o extremo dereito Luís Hermida, irmán maior da saga, Nieto, ou o porteiro Eugenio, excompoñente do Real Vigo Fútbol Club. Aos dous primeiros dedicaremos un capítulo no apartado "Algunhas biografías de interese". Respecto do porteiro, pretendido por varios clubs, sabemos que se incorporou como reforzo ao Real Club Fortuna, xunto a Posada, do Madrid, Paulino e Buján, do Rápido de Bouzas, e Balbino, do Sevilla, nun partido xogado ante gran cantidade de público, no parque de Bouzas, contra o seu anterior equipo: o Real Vigo F.C.

O partido, disputado en novembro de 1918, rematou con empate a dous goles e o cronista que cubriu o acontecemento, Thedy²¹, despois de aclarar que os equipos se presentaran notablemente reforzados, gaba a actuación do gardameta do Sporting Club con frases tales que: "Eugenio defiende su meta con valentía, devolviendo balones muy difíciles" ou "Eugenio, desde los primeros momentos, paró con serenidad". O mesmo cronista, no mesmo xornal pero dous meses antes, refire noticia dun partido celebrado na Cerca: "Jugaron ayer en Gondomar un bonito match de fútbol el equipo de aquella villa con el Español de esta. El encuentro resultó muy interesante, consiguiendo los españolistas la victoria por 2 goals a cero".



Formación do Gondomar Sporting Club no campo da Cerca. Á dereita da fotografía, Nieto Virosta, presidente do club; na marxe contraria, Enrique Rodríguez Márquez, secretario. O terceiro pola dereita é Pepe Hermida. A foto debe ser de 1918 ou 1919.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Pablo Nieto Virosta, primeiro presidente do Gondomar Sporting Club. Fotografía da segunda década do século XX.

Fonte: Arquivo de José Luís Mosquera Veleiro.

A pouca documentación existente dá como resultado unha fraca cantidade de datos contrastados sobre os dirixentes do club pero, así e todo, temos unha tese: estamos por asegurar que o primeiro presidente do Gondomar Sporting Club foi Pablo Nieto Virosta.

Pablo, fillo de Higinia Virosta e Camilo Nieto²², ambos os dous con residencia en Vigo no ano 28 e posiblemente tamén antes, viviu de rapaz en varias poboacións e con toda probabilidade o pai, integrante das elites locais da época nos distintos lugares polos que pasou, había de darlle a coñecer o deporte do balón pé que, segundo vimos, se practicaba na cidade viguesa dende tempo atrás. No ano 22 Pablo, o fillo, vivía de aluguer nunha casa provista de xardín propiedade de Antonio Reñones, de Couso, que antes fora de Máximo González Bautista -Pancho- e se emprazaba na rúa Manuel Losada²³ da vila. Co tempo acaba por mercar a actual casa Cristaleiro que, tras servirlle de residencia durante anos inconexos, no 41, cando xa se retirara a Vigo, véndella a Manuel Álvarez Alonso e Dolores Álvarez Torres.

Pablo Nieto tiña coñecementos en dereito e foi funcionario de secretaría do concello de Gondomar durante anos-xa o era en 1914-, columnista ocasional de prensa co pseudónimo zig zag²⁴, actor por afección, amigo de escribir pequenas pezas teatrais en galego, afeccionado ao deporte, amigo innegable de gozar con presenzas femininas, secretario do xulgado municipal de Mos -cargo no que solicita a excedencia en agosto de 1925²⁵-, secretario do xulgado municipal de Bueu, primeiro alcalde electo de Gondomar en tempos da República, gobernador civil de Jaén²⁶ no citado período político e, sempre, axitador social e cultural. Casado cunha Villamarín, da que enviuvará, terá varios fillos, un dos cales, de igual nome có pai, entre outras cousas, foi durante un tempo árbitro de fútbol.

Pois ben, nos actos de homenaxe ao XI Conde de Gondomar, ano 1921, Enrique Rodríguez Márquez representa ao "Asilo-Hospitalillo de Gondomar", do que era secretario²⁷, e Pablo Nieto á Unión Artístico Deportiva. Logo, Pablo sen dúbida inda ocupaba un cargo orgánico dentro da asociación, que ben puidera ser o de presidente, como imos tratar de xustificar.

No semanario deportivo "Erizana", do 27 de xuño de 1955, inclúese un artigo, asinado por V. Goce, titulado "Abogando por un homenaje a los viejas glorias de Bayona y Gondomar" no que tras expoñer razoamentos e indicar posible formación de ambos os dous equipos a enfrontarse remata a proposta dicindo: "Y para mayor acicate, nombraríamos seleccionadores a D. Ventura Salgado y D. Pablo Nieto, por su condición de veteranos paladines". Ventura Salgado, quedou dito, fora presidente do Baiona F.C., ao tempo que xogador, e primeiro presidente do Baiona Sporting Club, o que unido ao resto de argumentos citados lévanos a pensar na posibilidade de equivalencia para Pablo Nieto respecto do Gondomar Sporting Club, pois non se entendería a equiparación de méritos se unicamente tivese sido xogador. A esta mesma tese, sen razoamento algún que a defenda, apúntase algún correspondente local de prensa na década dos sesenta²⁸. Logo, entendemos razoable citar a Nieto Virosta como primeiro presidente do Sporting.

Co traballo finalizado e preparado para entrar no prelo, a casualidade quixo achegarnos novas do máximo interese que a continuación expoñemos. Primeira. Segundo recolle o semanario El Pueblo²⁹ de data 12 de xaneiro de 1918, a directiva do Gondomar S.C. acababa de quedar constituída do seguinte xeito: Pablo Nieto, como presidente; Gumersindo Copena, vicepresidente; Enrique Rodríguez Márquez, secretario; Roberto Álvarez, tesoureiro; e Domingo Fernández, Máximo González e Casto Blanco³⁰, vogais. Segunda. En xullo de 1917 o Sporting de Gondomar enfróntase na Palma ao Anunciada de Baiona nun partido que favoreceu o Gondomar pero rematou de mala maneira. Anunciárase a seguinte aliñación do Sporting: Suárez; L. Peralba, M. Barreiro; Paulino, García, J. Fariñas; González, Alonso, J. Hermida, Nieto e L. Hermida. Un par de semanas despois volveron enfrontarse no mesmo campo, agora con resultado favorable para os de Baiona, presentando o Sporting unha aliñación na que a única variación respecto do primeiro encontro era o porteiro; xogara Modesto. E terceira. En febreiro de 1918 o Sporting disputa a copa "Victoria" de Lavadores, con Eugenio defendendo a portería.

En 1920 xa existía en Gondomar, non podemos dicir dende cando, outro club de ámbito cultural e deportivo que, como tantos, non aparece no listado de Asociacións do Goberno Civil de Pontevedra: o Iris³¹. Compúñase de varias seccións entre as que, no ámbito deportivo, se incluían o ciclismo e o fútbol.

Segundo as crónicas, o Iris Foot-ball Club ou Iris Athletic Club, dos dous xeitos se menciona nos xornais da época, tivo como presidente a Manuel Rial Salgueiro, nacido en Chaín, utilizaba como campo locatario o das escolas Pro Val e entre os mellores xogadores contou con Angelito Hermida -"Carburo" ou "Hermida petit"- irmán de Pepe e Luís e pai de Jorge. Carburo, ademais de no Iris F.C., tamén xogou no Miñor F.C. de Gondomar; seu fillo Jorge, moitos anos despois, no Club Gondomar, entre outros.



Iris Athletic Club de Gondomar no campo da Cerca. Unha copia desta foto publicouna a revista Vida Gallega o 25 de xuño de 1920, aínda que puido ser tirada con anterioridade. Segundo Jorge Hermida, citando a seu pai, os tres rapaces sentados de esquerda a dereita son: Pepe, Ángel e Luís Hermida. A fisionomía parece confirmalo. Fonte: Arquivo de Jorge Hermida.

O Iris xa nacera como opositor natural do Sporting e, nesa condición, perdurou algúns anos máis, non demasiados, porque en realidade a vila non tiña entidade social suficiente para albergar dous equipos de fútbol; en todo caso, mentres existiu seica a rivalidade e a paixón polo fútbol na poboación foi alta. A relación tensa. Competiron durante un tempo pero era necesario atopar unha solución e esta chegou coa fundación do Miñor Foot-ball Club de Gondomar. Nel refundíronse de mutuo acordo o Sporting e o Iris.

A nova asociación presenta o regulamento no Goberno Civil o 16 de agosto de 1922 e queda constituída o 27 do mesmo mes e ano, sen que tampouco desta se conserve copia ningunha dos estatutos. Este club vai ser ata case 1928 o equipo de fútbol máis representativo da vila, pero non o único; só deixa de competir na tempada 1924-25. Precisamente en agosto de 1925 refúndase o Iris F.C. coa intención de federarse e competir en terceiras categorías³². Tivo pouco percorrido.

O Miñor, tras o parón de 1924, reaparece no 25 cun terreo de xogo notablemente mellorado. É un equipo que se adapta ás penurias económicas da época e, nese contexto, compite cos medios ao seu alcance; utiliza equipación de cor vermella³³. Aquilo do branco para a camiseta e azul escuro para o pantalón inda

non xurdira -o Sporting Club utilizara camisolas listadas en vertical, posiblemente en cor vermello-, e incluso unha vez definido o cromatismo que hoxe representa ao club este mudará de orde máis dunha vez. Nos anos trinta xa aparecera o branco³⁴, se ben inda antes o utilizara o Industrial Fútbol Club. Adiantamos agora que chegados os cincuenta, cando o Club Gondomar se identificaba co azul e o branco, volverá á equipación vermella durante algún tempo.

Como sucedera co Sporting, o Miñor Fútbol Club celebra os partidos como locatario no campo da Cerca, citado tamén algunha vez como Miñor a finais da década dos vinte³⁵.

Este club seguirá alimentando e sostendo a rivalidade futbolística establecida entre o Gondomar S.C. e o Baiona S.C. e disputará, gañará e perderá encontros, copas e torneos con numerosos equipos de Pontevedra sur -algúns antigos contrincantes do Sporting Club e do Iris-, como o Lanark A.C.; o Club Rhin, de Castrelos; o Germania F.C, de Vigo; o Unión Sporting, do concello de Lavadores; o Hilaturas, de Vigo; o Rápido de Bouzas; o Atlántida; e moitos outros. Irá a Redondela a xogar, no Petán, co equipo local; xogará nas Cercas, en 1927, coa Selección da "Escuadra Española", vencendo por 5-3; xogará na Palma, en Baiona; en Lourido; etc., etc. Partidos como aquel do 8 de maio de 1927, coa Cerca ategada de xente, onde vence



Miñor Foot-ball Club retratado ante a casa mandada construír por José Penedo e Josefa Estarque na praza da Paradela, fronte á casa consistorial. A foto pode ser do ano 25 ou quizás anterior. Sentados, de esquerda a dereita, están os irmáns Hermida. Ángel é o segundo, logo o porteiro, posiblemente Amoedo, a continuación Pepe e por último Luís. De pé, o terceiro pola esquerda é Enrique Rodríguez -pai dos Rodríguez Hermida-. Fonte: Arquivo de Jorge Hermida.

ao Berbés F.C. por 3-2³⁶. Ese día o Miñor aliñara a Amoedo na portería; Hermida (P) e Ángel, defensas; Eladio, Hermida petit e Penisco, medios; e Luís, Emilio, Nolete, Juan e Ramón, na dianteira. Empezara marcando o equipo local, de penalti, por medio de Hermida petit, que ese día segundo as crónicas fixo un partido excepcional abastecendo de balóns unha dianteira pouco acertada. Xa ao final do partido, Emilio marca o gol da vitoria e con el o Miñor fíxose coas once medallas de prata doadas, unha vez máis para a ocasión, polo entusiasta José Cambra.

O día 15 do mesmo mes e ano o Miñor volve xogar na Cerca, agora contra o Chao Sporting Club, ao que vence por 2-1. Polo equipo local aliñaran: Amoedo, Hermida (P), Ricardo, Eladio, Hermida petit, Penisco, Ramón, Emilio, Nolete, Nieto e Luís. Neste partido, onde os goles locais foron marcados por Luís e Penisco, destacaron especialmente os irmáns Hermida.

Nese mes inda xoga un terceiro partido. Faino o domingo 22. Gaña 4-1 ao Minerva S.C. de Vigo nun encontro arbitrado por Pablo Nieto, fillo. O Miñor F.C. aliñou a Amoedo, Hermida (P), Ángel, Cabaco, Justo, Regueiro, Juanito, Emilio, Nolete, Hermida (L), e Ramón. Os goles locais marcáronos: Emilio (2), P. Hermida, e Regueiro.

O equipo de Gondomar, que incluía nas aliñacións xogadores federados, tiña gañado un prestixio entre os da súa categoría segundo se comproba a través dunha polémica na que se involucra co Industrial Fútbol Club, equipo creado e impulsado dende Gondomar por un grupo de persoas afeccionadas díscolas respecto das decisións da directiva do Miñor, o que fomentará unha gran rivalidade entre ambos equipos.

O Industrial era un club que segundo din as crónicas estivo presidido por Manuel Martínez "Luna", de Couso, aseveración que non negamos. É máis, dicimos que Manuel, ademais, puido chegar a ser tamén presidente doutro Industrial, o que será fundado nos trinta en Couso³⁷, con campo locatario na parroquia.

Sabemos que en outubro de 1925 celébrase o partido fundacional do Industrial F.C. no campo da Pro Val³⁸. Concretamente xógao o catro dese mes contra o Bosco, equipo con domicilio social en Oliva nº 12 de Vigo. Para a ocasión, o Bosco chegou a Gondomar nun camiión e no Industrial formaron varios alumnos das escolas "Hispano-Americanas Valle Miñor". As entradas custaron: cadeira 1,50; xeral 0,75 e nenos 0,25 pesetas. Ao final do partido houbo festa amenizada polo coro Queixumes dos Pinos, de Lavadores.

Antes, no mes de setembro, xa levaba tempo unha comisión organizadora, apoiada polos industriais locais, traballando con vistas á creación do club³⁹. Formábana Manuel M. Luna, Paulino Pérez, Laureano Álvarez, Antonio Estarque, Emilio Fernández e José Fernández, os cales a esa altura das negociacións xa chegaran a entendemento con Lemos, Carballo, Costas, Pino e Valverde, da dirección das mencionadas escolas, para utilizar o campo de deportes do centro educativo como locatario do inminente Industrial F.C. Ese mesmo mes o xermolo do Industrial progra-

ma un primeiro ensaio contra o Ramallosa a celebrar nesta poboación. A aliñación prevista, e incompleta, do Industrial S.C. -tamén aparece referido así en ocasións- é: Álvarez (Félix), Fernández (José), Saa (M.), Martínez (M. Luna), Fernández (J.), Espiñeira (V.), Pérez (Emilio), Núñez (Manuel), González (M.), e Silva (C.). No Industrial actuará inicialmente como capitán Emilio Pérez. Tempo despois, en febreiro de 1926, é nomeado capitán do equipo Manuel Núñez Sanromán.

Como viña sucedendo dende a fundación, o domingo 6 de decembro do 25 o Industrial disputa un partido benéfico nas Hispano-Americanas contra o Baiona S.C. para axudar a un antigo xogador enfermo e sen medios. O 1 de xaneiro de 1926 volve celebrar un encontro máis no mesmo campo, recinto que o Faro de Vigo, na época, sitúa repetidamente en Gondomar. Nesta ocasión é contra o Atlántida de Matamá, está fixado para as tres da tarde, e os "equipiers" do "team" vigués saen de Pereiró, en automóbil, á unha. Tras o partido, a directiva do Industrial organiza unha festa no propio campo amenizada por banda de música e un gaiteiro. Este campo funcionou como sede do Industrial ata que se trasladan a Lourido por non dar chegado a pacto co Miñor para utilizar a Cerca. Isto, unido a que un dos membros máis activos segundo vai pasando o tempo, Félix Álvarez, resida na Ramallosa, fará que este equipo gondomareño sexa confundido como da Ramallosa na etapa final presidida polo citado Félix.

No mesmo 1926, tamén en xaneiro, o Industrial de Gondomar⁴⁰ desprázase á Guarda para enfrontarse ao Deportivo Guardés no campo das Chans a beneficio dos tuberculosos daquela poboación.

A primeira nova que temos dun enfrontamento deste equipo no campo de Lourido é do sábado 7 de maio de 2007 a través de El Pueblo Gallego. Nela anúnciase un encontro entre o Industrial F.C. e o Bosco de Vigo rematado con empate a tres goles; os do Industrial marcáraos todos Seoane. O partido arbitrouno Félix Álvarez, a quen dicían Galán, e o equipo local presentara unha aliñación de circunstancias na que formaban xogadores de Gondomar e Baiona. Xogaron: Amoedo, Pepe Hermida, Ayú, Luna, Núñez, Penisco, Saturnino, Carneiro, Seoane, Nieto e Ramón. Destacaran, ademais do porteiro, Núñez, Nieto e Seoane.

No Faro de Vigo fálase por primeira vez de Lourido como campo locatario o 1 de xuño de 1927, respecto a un partido cos mesmos protagonistas: "El domingo tuvo lugar en Lourido el anunciado match entre el Deportivo Bosco y el Industrial. Este alineó una selección integrada por notables elementos de Bayona, Gondomar y Ramallosa. El encuentro, aunque deslucido por el fuerte viento reinante que impidió desplegar un buen juego, resultó bastante movido, quedando los equipos empatados a cero".

En 1928 inda segue a ter actividade o Industrial S.C., que entón xa se di da Ramallosa⁴¹. Nese ano, con Félix Álvarez como presidente -Félix tiña a perruquería "La Higiene" na Ramallosa e o irmán, Laureano, rexentaba outra, "La Única", en



Industrial F.C. de Gondomar. A fotografía de Pacheco, capturada na escalinata do concello, é posiblemente de 1925, ano da fundación do club. Na última fila, á esquerda, Paulino Pérez, casado con Carmen a irmá de dona Asunción; na penúltima, con gorra, Félix Álvarez, a seguir con boina, Luna, no penúltimo lugar Manuel Núñez Sanromán, e o último, Laureano Álvarez. Na fila anterior Enrique Rodríguez aínda mozo -pai dos Rodríguez Hermida-, logo Pepe de Ignacio -pai de Pepe de Martita-, Sindo Copena, equipado como porteiro, e Fernández -pai dos Penisco-. Por último, sentado, Saturnino da Couta.

Fonte: Arquivo de Gilberto Vila.

Gondomar- e José González como secretario, o club organiza a Volta ciclista ao Val Miñor⁴²; o Industrial tiña sección de ciclismo, cando menos, dende 1926.

En agosto de 1928, segundo recolle El Pueblo Gallego do día 28, a sección de fútbol do Industrial S.C. volverá á Guarda a disputar unha copa doada polo seu presidente honorario, Venancio Moreira Casás, natural de Mañufe e residente en Montevideo, ante o Deportivo Guardés.

Pois ben, presentado o equipo, tornamos á polémica. Segundo recolle Odra-cir⁴³ en agosto de 1927, o presidente do Industrial retara días atrás ao do Miñor F.C. a disputar once medallas doadas, a dicir do Industrial, por un seguidor da Ramallosa, baixo as seguintes condicións:

Disputaríanse a dobre partido, xogados ambos os dous en Lourido. En caso de empate xogaríase un terceiro partido na Palma, en Baiona.

Sería condición imprescindible para xogar o torneo que o Miñor F.C. non aliñase ningún dos xogadores federados.

O presidente do Miñor tras aclarar que o afeccionado doador das medallas é de Gondomar, non acepta as condicións. Propón que se xoguen a un só partido ou, se acaso, en dous partidos a disputar nos respectivos campos, para rematar, en caso de empate, nun terceiro en terreo neutral. Ademais négase a non aliñar o equipo completo, aducindo que cada club debe xogar cos mellores elementos de que dispoña, e pídelle ao "director" do Industrial que se absteña de convidar a club ningún a disputar torneos se non está disposto a facelo respectando as regras.

Segundo se ve, con independencia do maior ou menor acerto das propostas, o que sen dúbida transmite esta discusión é un temor latente do Industrial respecto do Miñor Fútbol Club. Finalmente os presidentes de ambos os dous clubs, señores Vázquez e Pérez segundo di o xornal El Pueblo Gallego, acordan enfrontarse en Lourido o 28 de agosto cos equipos completos en disputa das mencionadas medallas. O donante das mesmas resultou ser Leopoldo Pérez Alonso, de Mañufe.

No primeiro partido, empatan a un tanto. E no partido de desempate, xogado o xoves 8 de setembro no campo da Cerca, repítese o resultado, polo que se volve programar un segundo desempate no Estadio Troncoso, da Guarda, para o día 2 de outubro. Non fomos quen de dar co resultado final. Pero con disputas ou sen elas tamén o Miñor tivo problemas insuperables e tempo despois desaparece.

Algo máis alá, o 8 de agosto do ano 1928, o xornal El Pueblo Gallego publica con xúbilo a creación dun novo equipo de fútbol na vila. Di que un grupo de rapaces decidiran fundar sobre os cimentos do desaparecido Miñor outro club coa intención de sacar a localidade do letargo futbolístico polo que pasa. Nace o Uzcudun F.C.⁴⁴

Este equipo xoga un dos primeiros partidos, en Lourido, o 19 de agosto dese ano, co equipo inglés da Grammar School. Pouco despois, en setembro, xoga na Palma por unha causa caritativa: enfróntase a un combinado de antigos xogadores do Bayona S.C. co fin de recadar fondos para aliviar a precaria situación do retirado, coñecido e notable xogador baionés "Chapa", agora enfermo. Empatan a dous tantos.

En paralelo, o Uzcudun F.C. recibe unha carta dende o Tea pola que o convidan a un partido amigable en Pontearreas, a celebrar no Pardellas, contra o Deportivo, de Vigo. A crónica do día de autos, asinada polo correspondente Andeirao, describe o Uzcudun como un equipo con bos xogadores pero moi falto de adestramento. Formou con: Amoedo, Ayn, Álvaro, Saturnino, Ferrote, Ángel, Núñez, Nolete, Remigio, Ante e Gonda.

En setembro irá xogar a Valença e en outubro ao Stadium Troncoso, na Guarda, ante o Deportivo Guardés; en novembro enfróntase ao Ciosvín na Cerca. No mesmo mes vai ao campo do Deportivo Bosco, en Vigo, e o 16 de decembro xoga na Cerca o partido de desquite coa seguinte aliñación: Amoedo, Ayn, Hermida (L), Copena (G), Remigio, Nieto, Núñez, Pérez, Nolete, Bello e Saturnino.

O Uzcudun Fútbol Club durou sete meses.

“Parece al fin un hecho el resurgimiento del fútbol en esta villa, pues se trata de atraer al deporte a significados elementos, tanto para la dirección del Club como para el equipo, y a este fin se ha convocado una asamblea general que tendrá lugar hoy, miércoles, con objeto de reconstruir el Gondomar Sporting Club. Reina, para ello, gran entusiasmo entre todos los jóvenes y elementos de significación ya veteranos en estas lides.”

Así se expresaba o correspondente de Gondomar do xornal El Pueblo Gallego o seis de marzo do 1929. O domingo dez, no citado diario, era o de Baiona o que falaba do renacer en todo o Val dunha vida deportiva que fora tan movida e interesante noutros tempos.

Precisamente ese domingo o revivido Baiona S.C. desprazábase ao campo da Cerca para celebrar un partido co restituído Gondomar Sporting Club no día en que, de novo, se presentaba ante a afección. O partido rematou 2-1 con ambos os dous goles de Nolete. O gol do Baiona foi consecuencia dun mal entendemento entre a defensa e o porteiro locais a saque de córner de Virolas. Polo Bayona S.C. destacaron, segundo crónicas do día, Tacho, o porteiro, e Ayú, un portentoso defensa. Polo Gondomar, ademais de Nolete, Núñez, Ferrote, Celso e, en menor medida, Saturnino. Os da Cerca aliñaron con: Copena, Pérez, Gonda, Saturnino, Ferrote, Celso, Rodrigo, Núñez, Nolete, Manolo e Areal.

Polas mesmas datas o Gondomar estaba a negociar cun equipo vigués a disputa, durante as inminentes festas de San Bieito, dunha copa doada por José Vila, comerciante gondomareño residente en Lisboa. O 17 do mesmo mes enfróntase na Cerca ao Atlantic, de Vigo, e o domingo 7 de abril, con motivo das festas de San Telmo e San Caetano, xogará en Lourido un encontro amenizado pola banda de música de Gondomar contra o Ciosvín F.C., quen gaña 5-2. Xogaran polo Gondomar: Rubido, Álvaro, Gonda, Saturnino, Ferrote, Regueiro, Núñez, Nieto, Nolete, Celso e Areal.

En abril dese ano, co Sporting Club en activo, xoga na Cerca un equipo de Gondomar de nula vida: o Delta F.C. Enfrontouse ao Pombal e perdeu 3-1. Nunca máis se volveu falar do Delta.

Como vemos os equipos fúndanse e desaparecen con toda facilidade. Xúntanse grupos máis ou menos entusiastas e póñense a competir, pero non se crean sociedades deportivas legalmente establecidas e, consecuentemente, xa nacen condenados a desaparecer; viven nunha inseguridade total. Buscar unha solución é o que piden algúns sectores sociais a través da prensa: “Los dos equipos miñoranos -Bayona y Gondomar- rivalizan en su empeño de hacer resurgir el deporte después de una época de abatimiento y abandono que dejaron crecer la maleza en los campos de juego. (...) Tenemos tres buenos campos, La Palma, Lourido y La Cerca, pero ninguna sociedad potente y bien organizada.”

El ambiente parece propicio para la fundación de sociedades deportivas en Bayona y Gondomar. Existe ya materia prima en los onces que llevan los nombres de las citadas localidades¹⁴⁵. Pero este desexo polo pronto non callará.

Mentres non chega ese intre, o Gondomar Sporting Club segue a xogar e a ilusionar a afección, que leva con resignación a presenza dalgúns resultados impensables a consecuencia da pouca compenetración existente entre os compoñentes do equipo; faltaban automatismos entre os xogadores, algo que emanaba da escaseza de adestramento e inda medraba unha chea ao incluír nas aliñacións rapaces que compenían como federados noutros clubs. Esta era unha máxima do fútbol afeccionado e modesto da época e explicaba cousas como aquel 7-1 encaixado no Stadium Troncoso, da Guarda.

O Gondomar fora convidado a enfrontarse o 21 de maio do ano en curso, 1929, ao Deportivo Guardés e, para tal evento, agora si, adestra un chisco e busca reforzos. Finalmente presenta un gran equipo, con algúns xogadores de Baiona, pero outra vez faltou entendemento. Aliñou: Copena (G) (Ilogo, Tacho), Pérez, Gonda, Carneiro, Ferrote, Ayú, Núñez, Enrique, Nolete, Fernández e Saturnino. Tacho, Ayú e Carneiro eran de Baiona e, polo xeral, compoñentes do equipo da vila real. O gol do Gondomar marcouno Nolete. Sete días antes o Gondomar goleara na Cerca o Comesaña F.C. por 6 a 2.

Ao longo do tempo varios xogadores de Baiona participarán co Gondomar en numerosos partidos porque as dificultades económicas e as tarefas pesqueiras non lle permiten ao Baiona S.C. ter a continuidade que lle gustaría a pesar do interese que puxo. Pero segundo recolle a prensa da época -unha das poucas fontes de información dispoñibles-, en marzo de 1930 tamén o Gondomar Sporting Club levaba, como tantas veces, un tempo sen xogar; desaparecido. Normal. Como dixera o presidente do Deportivo Bosco o día da refundación do club, en febreiro do último ano referido: "los clubs modestos nacen condenados a corta vida"¹⁴⁶.

É a partir de 1930 cando se empezan a mesturar as denominacións Gondomar Sporting Club e Gondomar Fútbol Club para referirse ao mesmo equipo, sen que nos conste a que se debe; quizais un modismo, pois sucede o mesmo noutros casos. Tampouco existe refundación oficial ningunha que o xustifique. No Faro de Vigo mencionase o club dese xeito por primeira vez o 1 de abril e no El Pueblo Gallego o 9 do mesmo mes. Do Gondomar F.C. só coñecemos datos soltos, como que o 30 de marzo se enfronta, en Tui, ao Tyde F.C. ou que participa en actos solidarios.

O partido de Tui non o puido disputar Copena (G), porteiro tamén do Eiriña de Pontevedra, onde era compañeiro de Nolete. Capitaneado por Viñas, xogou a seguinte formación: Pindo, Regueiro, Afú, Saturnino, Ferrote, Román, Núñez, Carneiro, Nolete, Cabrera e Nieto -pensamos que Afú e Ayn, así citados en diferentes xornais da época e así recollidos nestas páxinas, puídesen ser equívocas interpretacións de Ayú-.

No que a xestos solidarios se refire habemos de citar máis dun, se ben sempre referidos á desgraciada traxedia causada polo temporal de vento e chuvia habido entre o venres 23 e o luns 26 de xaneiro, do ano 30, na que perderon a vida 41 mariñeiros con ataque no porto de Bouzas. O primeiro é un partido na Palma, contra o Bayona S.C., o domingo 23 de febreiro. Máis tarde, en marzo, o Gondomar achegou xogadores á selección do Val Miñor que se enfrontou ao refundado Deportivo Bosco en Lourido. En abril, o seis, participa nun torneo organizado por Félix Álvarez -correspondente do Faro- no que loitaron, tamén en Lourido, por unha copa de prata o Gondomar F.C. e o Bayona S.C. A recadación, pese o convite inducido polos xornais mencionados, foi pequena: 40 pesetas e 70 céntimos. Por último, o Gondomar F.C., no mesmo mes, afánase en organizar un partido cun notable equipo de Vigo a prol da mesma causa e, dentro das previsións, inclúese o seu amenizado pola Banda de música de Gondomar dirixida polo, naquela, recentemente nomeado Antonio Oliveira, en substitución do veterano Domingo Salgueiro⁴⁷. Inda que o xornalista non o cita explicitamente, quixemos entender que se refire ao Campo da Cerca; é a última vez que aparece como recinto de xogo.

Constituída a República, o Gondomar volve facer outra paréntese no tempo; vai ocupar o seu lugar o Stadium F.C. Pero antes inda se reúnen un grupo de xogadores baixo o paraugas da nostalgia. Con motivo da disputa dunha copa de prata cedida polo industrial gondomareño, asentado en Lisboa, José Vila, renace por segunda vez o Club Iris, con algún antigo compoñente nas filas. Pouco dura.

O Iris desafiá o Chao S.C. a disputar a citada copa, no campo de Lourido, e mais once medallas tamén de prata cedidas por outro afeccionado de Gondomar. Se ben aceptara inicialmente, problemas de última hora obrigan a desistir ao Chao. Acepta substituílo o Bayona S.C.

O partido xógase o 30 de agosto de 1931. A aliñación prevista é: Copena (G), Soleiro, Carbuco, Regueiro, Hermida (J), Nieto, Rodrigo, Alborés, Nolete, Spuch e Núñez. Pouco antes de rematar o encontro, ao discutir unha xogada, parte do público de Baiona invadiu o campo e agrediu os xogadores de Gondomar. Ante a situación, suspendeuse o partido e non se concedeu a copa a ninguén⁴⁸. Unha vez calmados os ánimos, a Banda de Música do Asilo de Vigo tocou durante longo tempo, como estaba previsto e segundo xa o fixera durante o partido, para que bailasen os que tivesen desexos de facelo.

O Stadium foi un equipo armado por Laureano Álvarez, tamén, de igual xeito ca Félix, Galán. Mesturaba xente miúda con adultos. Nel xogaron: Sindo, de porteiro, e Minguitos, Soleiro, Alfonso, Galán, Joselito, Mondito, Nieto I, Nieto II, Paco, Alonso, Regueiro, Clavo, Román, Solé, Alborés, Manolín, Núñez, Mosqueto (P), Barreras (A), Areal e outros, de campo. Incluso xogou Nolete, contra o Hércules de Salvaterra en agosto de 1933, sendo dianteiro centro en activo do Celta.

A primeira noticia que temos do Stadium é do domingo 2 de outubro de 1932, como vemos pouco máis alá dun mes despois do partido do Iris. Xoga en Lourido co Sport de Vigo. A última, do 30 de agosto de 1933. Sempre utilizou como campo locatario Lourido e o xeito máis habitual de concertar partidos era mediante reto, xeralmente a través dos xornais.

No ano 1935 segue a competir o Gondomar Sporting Club. Como locatario faino en Lourido, tal e como ven acontecendo dende o ano 1931, e agora tamén en Chaín, feudo do Cultural Deportivo da parroquia. Fóra participa nalgúns partidos meritorios, como aquel empate a un no Stadium Troncoso, co Deportivo Guardés, en maio, onde o mellor dos vinte e dous homes que se movían polo campo foi o medio centro do Gondomar, Núñez II; e noutros memorables, como o disputado no Alivio, en xuño, onde gañou 0-6 ao Tomiño. En novembro xoga contra o Romil F.C. no campo da Gándara onde, reforzado con xente do Ciosvín, gaña 2-1. Polo Gondomar S.C. xogaran: Dayón, M. Penisco, Pombo, Freiría, Manolito, Alborés, Rodrigo, Joseíto, Quicón, Álvarez e Casuco.

En decembro o Gondomar reta ao Atlantic F.C. a xogar en Chaín; proponlle unha subvención de 10 pesetas para o desprazamento, en caso de que acepte. Estes retos e partidos seguen a sucederse na Gándara ao longo de 1936. Tamén visitas ao exterior, principalmente á Guarda. A última noticia antes do 18 de xullo é a visita do Constitución, de Vigo, a Chaín o 10 dese mes, logo virá o parón da sublevación militar e a guerra civil.



Aliñación habitual do Gondomar Sporting Club a principios dos corenta. Arriba: Japonés, Mingos Penisco, Pepe Núñez, Andrés, Carallas, Soleiro. Abaixo: Nanito, Alvarito, Nolete, Anía e Pepiño de Ponteareas.

Fonte: Arquivo de José Luís Valverde.

A principio da década dos corenta, en plena posguerra, recupérase a práctica do fútbol na vila. Segue a ser un equipo sen federar no que, sobre unha base máis ou menos fixa, rotan unha serie de xogadores fichados noutros clubs que si están federados. En abril de 1943, Alerta⁴⁹ di que o equipo miñorán, no partido celebrado en Lourido entre o Gondomar S.C. e o Tranvías E. de Vigo, adoece de falta de entendemento por non ter campo onde adestrar. Aínda así gañou 1-0, coa seguinte formación: Camilo, Soleiro, M. Penisco, Serafín, Núñez, Relleno, Quico, Chirri, Nanito, Hermida e Rodrigo.

En xuño, o Gondomar gañoulle 0-8 ao Goián cun gran gol de Alvarito, quen entrara ocasionalmente no equipo como reforzo; a esa altura inda pertencía ao Celta. Dous meses despois vólvelle gañar en Lourido, 6-0; esta vez era o Goián quen se reforzara con cinco xogadores federados. Polo Gondomar xogaran: Andrés, M. Penisco, Soleiro, Japonés, P. Núñez, Toñito Carallas, Nanito, A.?, Nolete, Hermida e Pepiño.

O CLUB FEDERADO.

Paralelamente á serie de partidos que, xeralmente a través de reto, viña disputando o Gondomar, xurdira unha corrente social na vila que demandaba un novo campo de fútbol. Ao tempo que se forma unha Comisión para xestionar o proceso, sobre a que profundaremos no capítulo "Os recintos de xogo", empézase a traballar no regulamento do club de fútbol con vistas a federarse. Elaborado en 1943, o Regulamento do Club Gondomar, así deciden chamarlle, remátase o 3 de xaneiro de 1944, asinado polo secretario do Club, Francisco Alborés, e co visto e prace do presidente, Vicente Vázquez. Alborés foi un dos maiores responsables, como ideólogo e impulsor, de que se construíse o novo campo de fútbol e de que se fundase o Club Gondomar; posiblemente, o maior.

O citado Regulamento foi aprobado pola Federación Galega de Fútbol o 14 de febreiro do mesmo ano. E o campo de fútbol das Gaiandas, novo recinto de xogo do club, inaugúrase o 21 de maio de 1944. Despois inda virían máis obras e máis inauguracións. Pero para poder inauguralo por primeira vez foi necesario moito esforzo, non pouca axuda desinteresada e unha importante recadación económica. O propio Gondomar Sporting Club, antes de que se fundara o Club Gondomar, contribuíu. Púxose en contacto co Turista de Lavadores, naquel intre campión da Serie B e finalista da Copa Celta, e organizou un torneo a dobre partido; o primeiro xogaríase en Barreiro o 31 de outubro do 43, e o segundo estaba previsto en Lourido para o 7 de novembro. Para tal ocasión -era a primeira vez que o Gondomar se enfrontaba ao Turista- o equipo miñorán regalaría ao de Lavadores unha bandeirola e, ademais, doaba unha copa que sería entregada ao gañador do torneo. Esta copa



Francisco Alborés en 1939 ou 40. Tempo despois, ademais de mestre, será impulsor da creación do Club Gondomar, alcalde do Municipio en 1945 e parte do 46, e principal promotor da construción do Campo Municipal de Deportes das Gaiandas.

Fonte: Arquivo de Josefina Alborés Núñez

estivo exposta, antes do evento, no Val Miñor e en Vigo. As figuras do Turista naquela eran Nolito e Ventura.

En Barreiro o Gondomar, adestrado por Alvarito, empezou gañando cun gol marcado por Hermida -Ania-. Pouco despois Japonés para o balón coa man dentro da área. O penalti transfórmao Nolito. Logo, no minuto corenta, tras varias intervencións de mérito, falla Camilo a saque de falta de Toñuco: 2-1. A comezo da segunda parte, novamente penalti contra o Gondomar; volve transformar Nolito. O resultado final establéceo Rodrigo aproveitando un fallo da defensa local: 3-2. Polo Gondomar xogaron Camilo, Mingos Penisco, Soleiro, Japonés, Núñez, Toñito Carallas, Nanito, Chirri, Tino, Hermida e Rodrigo.

Faltaba o partido de volta. Aquel domingo, 7 de novembro, o Berbés desprazábase a Ferrol e o Celta a Sabadell, logo Vigo quedaba sen fútbol. O baleiro cubriuno o Gondomar-Turista, xogado en Balaídos. Ese día Hermida e Nanito foron a alma dun equipo⁵⁰ que fixo un

gran encontro. Nanito marcou o primeiro gol. Logo, na segunda parte, volve marcar despois de irse por velocidade polo extremo. O tanto do Turista conségueno Gil. Terminado o partido, o presidente do Gondomar, a pesar de estar o torneo empatado a vitorias, entregou a copa ao Turista en proba de agradecemento polo apoio desinteresado que prestara ao club. Aliñáranse: Andrés, Mingos Penisco, Soleiro, Portela, Núñez, Carallas, Nanito, Lanina, Pepiño, Anía e Tino. Poucos meses despois, en xaneiro do 44, o Gondomar empata a 3 en Tomiño nun partido onde lle anuláron dous goles. Nese partido destacarán Nanito, Núñez, Toñito Carallas e Eladio.

Nos primeiros meses do ano 45 o recentemente fundado Club Gondomar celebra distintos partidos amigables no inaugurado campo das Gaiandas co fin de ir rodándose para a competición da Serie B na que pretende participar durante a tempada 45/46. Un destes equipos, buscado con insistencia, é o Deportivo Nieto, de Lavadores. A esa altura o Gondomar presentaba aliñacións tales que Camilo, Marsach, Paco, Japonés, Chamorro, Chirri, Alfonso, Sánchez, Nanito, Hermida e Chuco ou, tamén, Calviño, Soleiro, Ferrolano, Japonés, Hermida, Chamorro, Nanito, Lanina, Nolete, Lolo e Chuco. Como se ve, formaban moi bos xogadores e había incorpora-



O Gondomar Sporting Club en Balaídos. Formación que se enfrentou ao Turista coa intención de recadar fondos para axudar a construír o campo das Gaiandas. O partido celebrouse o 7 de novembro de 1943 e aliñaron: arriba, Andrés, Soleiro, Mingos Penisco, Portela, P. Núñez, Toñito Carallas, Nanito; abaixo: Lanina, Pepiño, Anía e Tino.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

cións novas de mérito, como Marsach, un home que unía a colocación e seguridade a un xogo espectacular e fino, ou Lanina, o gran dianteiro baionés. Pero faltaban outros, xa clásicos no equipo. Un destes era Pepe Núñez.

Manuel Núñez Sanromán creara por aquela, tamén na vila, o Club Comercial e arrastrara a seu irmán Pepe. Con el levárase a Rodrigo, Alvarito e outros, pero a aventura durou pouco. O 27 de maio empeza a competición da Serie B, na que o Gondomar participa por primeira vez, e Núñez xa está de regreso. Completaban a competición o Deportivo Coia, Peñasco, Deportivo Travesas, Areas de Alcabre, Cultural de Riomaso e Club Ramallosa. O Gondomar xoga o primeiro partido co Deportivo Travesas, vence 2-1, e forma con Calviño, Marsach, Soleiro, Mariño, Núñez, Álvarez, Nanito, Fernández, Lolo, Antonio e Costas.

O Comercial vestía camiseta a listas verticais negras e amarelas, como o Peñarol de Montevideo, e utilizaba como improvisada e compartida sede, lugar

no que se lavaba e tendía ao sol a equipaxe, o actual nº 21 da rúa Eduardo Iglesias, planta baixa onde naquela existía un forno de pan. Por ese tempo a sede do Gondomar ocupaba a tamén planta baixa da casa dos Areal, na praza de Urzáiz. É a terceira edificación hoxe existente do lateral norte da praza, empezando a contar de esquerda a dereita; unha casa dupla de baixo e primeiro andar construída en granito.

Ese mesmo ano, nas Gaiandas, ante catro mil espectadores, con motivo das festas de San Bieito, en xullo, o Gondomar venceu o Turista por tres goles a cero. Marcaron: Nolete, Lolo e Chuco.

Na tempada 46/47 o Club Gondomar xoga en Serie A, grupo sur. Unha liga integrada polos equipos Deportivo Coia, Veritas de Tameiga, Zeltia do Porriño, Gran Peña, Bellavista, Redondela, Arousa, Unión Cultural de Pontevedra e Club Gondomar.

Empeza ben, gáñalle ao Arousa, pero ten un equipo moi descompensado no que se integra xente veterana, como Nolete e Nanito, con xogadores foráneos como Marqués, Macar, Azpeitia, Gabino, Corneta e outros, que en algúns casos senten pouco o club. A falta de cohesión propicia problemas e aos propios do club súmanselle outros, como o da agresión ao árbitro do partido Gondomar-Redondela



Club Gondomar no ano 44. Posiblemente o equipo que inaugurou o Campo das Gaiandas confrontándose á Selección de xogadores do Porriño-Tui-A Guarda. Obsévese que o recinto aínda está sen valar. Arriba: Nanito, Nolete, Pepe Núñez, Tino, Ces, Soleiro, Lanina, Petit. Abaixo: Japonés, Anía, non identificado, e Carallas. Fonte: Arquivo de José Luís Valverde.



Portada do folleto editado por Meta co calendario da tempada 46-47 no que, ademais, inclúe publicidade de locais comerciais da vila e unha serie de datos relativos ao Club Gondomar. O equipo retratado é o que xogou o partido inaugural das obras de peche do Campo Municipal das Gaiandas no ano 46.
 Fonte: Exemplar de José Mouriño -Japonés- cedido polo fillo, Manuel Mouriño Pereira.

cando regresaba a Vigo no tranvía. Como consecuencia desta problemática a Federación decide excluír o equipo da competición en plena tempada.

Na década dos cincuenta o Club Gondomar consegue armar un gran equipo. É o inicio da alta rivalidade que se vai establecer co Erizana, equipo fundado en 1950 que virá substituír o antigo Bayona S.C. No primeiro quinquenio da década o Gondomar gañará as "Medallas Manzanares" sen coñecer a derrota, disputadas entre os clubs do Val Miñor; a final celebrouse en Lourido.

A comezo do ⁵¹ Alvarito decide reorganizar aquel club que nos corenta recibira nas Gaiandas o Real Club Celta, partido no que gañaran os locais 4-0, e ao Real Club Deportivo da Coruña, o 14 de xullo de 1946, co que empatara a un tanto. Para iso fórmase unha directiva presidida polo propio Alvarito⁵¹ na que, entre outros, se integran Nolete e Alfonso Núñez Sanromán. Alvarito xa tivera relación co Gondomar Sporting Club, en calidade de xogador-adestrador, a principio dos anos corenta, obtendo unha serie de vitorias consecutivas no campo de Lourido que foran baza fundamental para a fundación do Club Gondomar e a construción do campo das

Gaiandas. Agora, ademais de presidente, volvía ser adestrador e, xunto a Nolete, mesturábanse coas novas xeracións no campo. O primeiro partido do rexurdido equipo foi o 18 de marzo, nas Gaiandas, co Atlántida de Matamá.

A principio de 1952 iníciase, na Serie B, o campionato da Liga Comarcal Baixo Miño-Val Miñor na que, xunto co Gondomar, participan Racing de Tui, Miño, Ribera de Tabagón, Valle Miñor, Valadares, Deportivo Guardés, Erizana, Español, San Lorenzo, Goián e Caldelas.

O Gondomar practica un fútbol atractivo, ben combinado, pero inda non conseguira un conxunto competitivo; tiña xogadores de clase, como Nolete, Alvarito, Pepe Núñez, Moncho, Nolito e outros, aos que os anos empezaban a notárselle, algo pesados, e inda mesturándose con homes da solvencia de Mosquera, Zúñiga, ambos os dous de Pontearreas, e outros, non era suficiente para obter resultados determinantes. Aínda así, ese ano, tras rematar a liga, chega ata semifinais da Copa Baixo Miño-Val Miñor, onde cae incomprensiblemente nas Gaiandas, por 2-3, ante o Racing de Tui, cando todo o mundo o daba como finalista.

Uns meses despois, en febreiro do 53, compite na copa "Valle Miñor de Buenos Aires", tamén coñecida como "Copa Joselín". O Erizana eliminara ao Valle Miñor e o Gondomar ao Dunas. A final xógase a dobre encontro, o primeiro nas Gaiandas.

Media hora antes de empezar o partido o campo xa ofrecía un aspecto impresionante. A afección portaba cartelóns con frases de alento. Gañou o Gondomar 3-2. O equipo xa se renovara. Xogaron polo Erizana: Montaña, Quin, Darío, Alvarito, Rato,



O Club Gondomar no ano 51 en Lourido. Arriba: Penisco II, Penisco I, Teniente, Japonés, Toñito Carallas, Guillermo?. Abaixo: Manolo Regueiro, Lito Hermida, Pepiño de Marfita, Morales e Jorge Hermida.

Fonte: Arquivo de José Fernández Rodríguez.

Eladio, Marcote, Tomás, Lanina, Cabecitas e Petit. E polo Gondomar: Paco, Penisco II, Japonés, Penisco III, Vaquero, Barreiro, Mauro, Morales, Pepiño, Hermida e Jorge.

Oito días despois xógase na Palma o segundo e definitivo encontro e o Gondomar volve gañar 1-2 ante numeroso público, autoridades dos tres municipios do Miñor e directivos dos clubs participantes. Os goles do Gondomar marcounos Jorge Hermida e Toñito Carallas. O Gondomar faise coa Copa, entregada ao capitán por un alcalde de Baiona incapaz de conter as bágoas⁵² a pesar de estaren ambos os dous empoleirados no palco da música inda hoxe conservado.

Na tempada 53/54 compite no Campionato de Zonas -Serie B-. Concretamente na de Miñor, onde participan, ademais do Club Gondomar, Valadares, San Miguel de Oia, Dunas de Panxón, Erizana, Valle Miñor, Camos e Coruxo. Chega á penúltima xornada con posibilidades de conseguir o campionato despois de resolver algúns partidos con certa facilidade, como aquel 10-0 ao Camos un 23 de maio, pero ese día, nas Gaiandas, o Erizana foi superior e gañou 1-3. Marcou Lanina dúas veces e Regueiro o terceiro en propia meta. O do Gondomar transformouno Hermida. Con este resultado o Erizana era virtual campión, algo que se confirmou na derradeira xornada.

Rematada a liga, xógase unha copa con motivo das festas de San Bieito, algo que xa se fixera outros anos e que co tempo vai constituír un dos torneos máis significativos promovidos pola entidade xunto á Copa Conde de Gondomar. Ese ano enfróntase ao Celta nas Gaiandas e vence 3-1. O partido foi xogado cun balón doado polo veciño emigrado Alfonso Areal, propietario do café "El Alcázar", en Montevideo. Un mes despois chega á vila, procedente de Río de Janeiro, José Otero Misa portando agasallos. Esta vez, José Otero, Domingo Estarque e Manuel Gonda, industriais cervexeiros e socios en Brasil⁵³, regálanlle ao club dous xogos de camisetas, dous de pantalóns, dous balóns e doce pares de botas. Como acabamos de ver, non era a primeira vez que a entidade se beneficiaba de accións xenerosas e altruístas; nin será a última.

A tempada seguinte vai ser excepcional para o Club⁵⁴. Roig, que o curso anterior se encargara do Dunas de Panxón, será o adestrador en substitución de Alfonso Cabaleiro Barros, agora no Tomiño. Francisco Roig Zamora nacera o 15 de setembro de 1915 en Santa Cruz de Tenerife e fora un talentoso extremo que chegara ao Celta no ano 40, procedente do Dínamo de Zagreb, para quedar nove tempadas⁵⁵. Ese ano na liga comarcal competían: Valle Miñor, U.D. Ribera, Tyde, Tomiño, Gondomar, Erizana e Figueiró.

O Gondomar, que toda a tempada vestirá de vermello, vai en cabeza ata a terceira xornada, cando empata no Pedregal, campo do Figueiró. Nese partido sofre un pésimo arbitraje, que o prexudica, con expulsión de Barrabit incluída. Polo Gondomar xogaran: Eloy, Novoa, Penisco II, Barrabit, Lito Hermida, Miguel, Soliño,



Formación máis ou menos habitual do Club Gondomar na liga 1954-55. Este equipo, coas habituais variacións ao longo da tempada, consegue ser campión de liga. Logo, con algún reforzo, proclámase campión de campións. Esa tempada a equipaxe fora vermella. Arriba: Eloy -coñecido tamén por Chingolo-, Miguel, Novoa, Penisco II, Juan Francisco, Penisco I, Tito Valenzuela, Lito Hermida, Pepiño de Martita, Julio e Javier. Fonte: Arquivo de José Fernández Rodríguez.

Javier, Pepiño de Martita, Julio e Portela. Na cuarta, inesperadamente, o Gondomar perde 2-3 nas Gaiandas, co Valle Miñor, nun partido manexado por Outeiral, o mellor sobre o campo. O resultado cústalle asimilalo ata a Tiritos⁵⁶, di: "Todo el conjunto del Valle, sobre el papel, no llega a pesar por solo la delantera del Gondomar (...)". A cousa é que con este resultado o Erizana estabiliza a posición á fronte da clasificación á espera do último encontro da primeira volta. Nel contenden, na Palma, co campo valado mediante teas controladas por vixiantes, o Erizana, adestrado ese ano por Álvaro Núñez -Alvarito-, e o Gondomar. Empatán a un tanto, pero é unánime a opinión de que merecera gañar o visitante. No último minuto Lito Hermida, nunha escapada en solitario, tivo a oportunidade de facer o segundo, pero mandou o balón ás nubes. Polo Gondomar marcou Pepiño, nun partido onde Miguel foi o mellor dos vinte e dous. Empatou, Papelicos. O Erizana aliñou a Montaña, Galeón, Darío, Suso, Rato, Isaac, José Antonio, Tomás, Turita, Papelicos e Cabecitas; e o Gondomar

a Eloy, Pepe Penisco, Nito, Manolo Penisco, Novoa, Miguel, Portela, Lito Hermida, Pepiño, Julio e Javier.

Tras este partido o Gondomar gaña todos os encontros, incluído o do Xuncal ao Valle Miñor. Na última xornada de liga volven enfrontarse o Gondomar e o Erizana, pero agora nas Gaiandas; unha auténtica final, quen gañase sairía campión. O Gondomar simbolizaba a técnica, o Erizana a furia.

Co campo abarrotado, o Club Gondomar foi superior dende os primeiros compases. Cando ían doce minutos de total dominio dos locais, Galeón despexa deficientemente un balón que recolle Pepiño e converte no primeiro gol do partido. No minuto corenta, co Erizana crecido, Cabecitas, dun magnífico testarazo, empata. Nada máis comezar a segunda metade, no minuto tres, Pepiño volve marcar. Foi de potente disparo dende fóra da área; un gol soberbio segundo as crónicas. Sen que se volva mover o marcador remata un partido no que o semanario Erizana destaca a Novoa, Miguel, Javier e Penisco I polos locais e a Cabecitas, Darío e José Antonio polos visitantes. Ese día xogaron polo Gondomar, Eloy, Penisco II, Juan Francisco, Penisco I, Novoa, Miguel, Cabaco, Lito, Pepiño, Julio e Javier; e polo Erizana, Montaña, Galeón, Darío, Suso, Rato, Isaac, José Antonio, Tomás, Cabecitas, Papelicos e Petit.

Ese ano o presidente do equipo de Baiona era José Almuíña -Fariñas-, ex-xogador do Bayona S.C., e o do Gondomar Alfonso Mandado de los Robles, que en maio, antes de rematar a liga, dimite, pasando a ocupar interinamente o posto Salustiano Fraiz Castellanos -Nanito-, ata ese momento vicepresidente.

Unha vez proclamados os campións de liga das distintas Zonas organízase o Torneo de Campión entre eles. As semifinais celébranse en agosto enfrontándose Coruxo e Rápido de Bouzas, nunha, e Deportivo Travesas e Club Gondomar, na outra.

En Vigo, o Gondomar, debido ás oportunidades perdidas por Doval ante Ladrillo, porteiro do Travesas, empeza perdendo 1-0. Así remata a primeira parte. Sen embargo na segunda faise dono do partido, destacando Doval, figura estelar, e Miguel, o creador do xogo e auténtico perigo para o equipo local. Javier, nunha arrancada de Miguel, marca o primeiro para os visitantes e, algo despois, o propio Miguel consegue o segundo. Finalizando o partido empata o Travesas. Polo Gondomar xogaron Eloy, Julio, Falo, Penisco I, Novoa, Miguel, Javier, Lito, ¿, Doval, e Pepín.

O partido de volta xógase, nas Gaiandas, o 21 de agosto, gañando o equipo local 6-1. Empezou marcando Doval, aos sete minutos, de disparo dende dentro da área como consecuencia dunha falta; entra pola escuadra. O segundo tamén é de Doval a servizo de Miguel. E o terceiro, outra vez de falta. Miguel propiciou os tres goles da primeira parte e será o artífice da vitoria final, o mellor dos vinte e dous xogadores participantes. Cholo fixo o cuarto tras un avance pola banda. Doval consegue o quinto. Pouco despois o Gondomar é castigado cun penalti que Pujol lanza fóra

por entendela un erro arbitral. Miguel tamén marcou o gol visitante cando intentaba cabecear arroupado por Eloy, e Doval pecha o marcador. Xogaron Eloy, Penisco II, Falo, Penisco I, Hermida, Miguel, Julio, Cholo, Pepiño, Doval e Javier.

A outra semifinal acabara 3-0 para o Coruxo no Bao e 3-1 para o Rápido na volta, clasificándose o Coruxo por diferenza de goles.

Fíxase a gran Final para o 28 de agosto, a celebrar no reformado campo de Lagares. Ese día presentouse unha tarde de chuva intensa que desloce o enfrontamento e resta público, aínda así había moita animación.

O primeiro en marcar é o Gondomar por mediación de Cholo, na primeira parte. Aos dezaseis minutos da segunda, Genio lanza un forte chut que se lle escorre a Eloy, ao estar o balón empapado, obtendo o empate. Xa remataba o partido cando no minuto 42 escápase Javier e consegue centrar para que Julio remate amodo e colocado; 2-1. Pero no último minuto Toñejas saca unha falta dende o centro do campo en dirección á portería do Gondomar, Patouro tócalle de cabeza levemente e entra. Así termina un partido no que xogaron Eloy, Falo, Penisco II, Penisco I, Novoa, Miguel, Julio, Cholo, Pepiño, Hermida e Javier.

A Federación Galega de fútbol determina que o partido para o título de Campión do Campionato de Campións celebrábase o xoves 1 de setembro no campo



Aliñación do Club Gondomar na segunda metade dos cincuenta. Arriba: Eugenio, Doro -Penisco III-, Pepe -Penisco II-, Tiño, Manolo -Penisco I-, Nacholas. Abaixo: Oscar, Carbuo, A. Soliño, Lito e Manolo Regueiro.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

de Lagares. Ese día non chovía, o tempo acompañaba e o campo estaba repleto de xente. O Gondomar fixo un gran partido e superou con folgura e merecidamente ao Coruxo por 6-3. O primeiro gol transformouno Pepiño, empatando pouco despois, de penalti, Guillermo. A continuación adiantase o Coruxo cun tanto de Alvarito, pero antes do descanso o Gondomar ponse 3-2 con goles de Doval e Miguel, este tamén de penalti. Na segunda metade Guillermo establece o terceiro e último empate. O equipo miñorán lánzase ao ataque e marca tres goles máis: dous Pepiño e o último Doval. Neste partido aliñaron Eloy, Del Río, Penisco I, Novoa, Miguel, Pepiño, Cholo, Doval, Hermida e Javier.

A esta altura xa era presidente do Gondomar Manuel Gonda Pérez, en substitución de Alfonso Mandado; ocupará o posto de xeito circunstancial⁵⁷. Será el quen traia a Doval, dende Avilés, e o que introduza unha serie de melloras no campo de fútbol. Regresa a Brasil en febreiro de 1957.

Para o curso 56/57, tras Gonda e Pérez Rodríguez, será presidente do club José Núñez Sanromán, posto que ocupará durante varios anos, e adestrador, outra vez, Alfonso Cabaleiro.

Iníciáanse os sesenta co Club Gondomar militando de novo na Serie A, grupo sur. Para iso realizou varios ensaios de pretempada contra outras formacións cun equipo que, con variacións circunstanciais, axustábase á seguinte aliñación: Ernesto, Tito, Paco, Tante, Enrique, Checho, Ben Barek, Cristaleiro, Nacholas, Hermida e Carbuco. Ese ano o club ten entre os obxectivos iniciar, en casos, e reabrir, noutros, as seccións de ciclismo, baloncesto, pedestrismo, patinaxe en pista e boxeo. Finalmente, non todo será posible. A competición futbolística de Serie A comeza en xaneiro. En decembro a directiva contrata como adestrador a Guimeráns, que fora centrocampista do Deportivo da Coruña, e Guimeráns ficha varios xogadores. A liga, na que compiten a Soc. Dep. Juvenil de Pontearreas, Estradense, Gondomar, Bueu S.D., San Lourenzo da Guarda, Alondras de Cangas, Couto de Ourense, Salvaterra, Cambados e Arenteiro do Carballiño, iníciase o domingo 8 de xaneiro do 61. Ese día o Gondomar perde en Cangas. O primeiro partido nas Gaiandas é o 15 contra o Couto; empatan. Máis tarde, en febreiro, vence o Estradense coa seguinte aliñación: Seijas, Penisco I, Fernando, Penisco II, Nacholas, Nogueira, Carbuco, Enrique, Velasco, Pinchitos e Lito. Será o equipo base da tempada. Este ano só se acada unha clasificación regular, isto, a pesar de resultados positivos e algúns incluso lustrosos, como o 5-0 ao Salvaterra ou o 7-1 ao San Lourenzo, co que remata a liga nas Gaiandas. Logo inda irá ao campo do Arenteiro. Do Grupo sur clasificáronse para a promoción de ascenso a Terceira División o Alondras e o Couto.

En setembro do 61 dispútase a I Copa Paradela. Xógana, a dobre partido, o Gondomar e o Tui. Nas Gaiandas gañan os locais por 5-2 e no Chau-Chau perden 3-2, en consecuencia, por diferenza de goles, o Gondomar faise co trofeo.

Similar sorte ao acontecido na 60-61 correrá o club na tempada seguinte, na mesma categoría, e volverá repetir na 62-63. Nesta tamén disputa a Copa Galicia, que enfrontaba equipos de Terceira División e Serie A. Cae eliminado pola mínima ante o Coruxo, no Bao, tras empatar a dous tantos nas Gaiandas nun partido xogado por Braulio, Rubio, Giraldez, Totó, Mariano, Vila, Carbuco, Velasco, Enrique Hermida, Chicho e Lito.

Na mesma tempada o club compite, a través do Gondomar B, na liga comarcal formada polos equipos Tomiño F.C., que se proclamará campión, Figueiró, Guardés, Rápido de Sabarís, Orfanato, Erizana e Deportivo Chaín. Rematada esta, disputa a Copa Comarcal, onde, tras eliminar ao Tomiño e humillar por 5-0, na casa, e 6-2, na Ladeira, ao Rápido de Sabarís, enfróntase na final ao Erizana a dobre partido. Gaña nas Gaiandas e perde na Palma, polo que disputan un terceiro encontro de desempate en campo neutral: o Bao. Ese 25 de xullo o Gondomar só consegue ser subcampión.

Na tempada 63-64 volve militar na Serie A e volve disputar a Copa Galicia debido ao esforzo de Pepe Núñez, presidente do Club, por acercar á vila fútbol de calidade. Ese ano presentou aliñacións como a seguinte: Rafa, Puskas, Saro, Mekerle, Tucho, Vila, Nieto, Velasco, Enrique H., Lolo e Lito.



O Club Gondomar no ano 64. Arriba: Alfonso Salgueiro -presidente-, M. Estévez, Álvaro, Tante, Vila, Carbuco, Chicho. Abaixo: Alfonso Salgueiro -fillo-, Velasco, Enrique, Lito e Mariño.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



O Club Gondomar no ano 66 nas Gaiandas. Arriba: Otero, Álvaro, Rafael, Mariño, Núñez, Mequerle, Estévez.
Abaixo: Alfonso Salgueiro, Artos, Eloy, Carbuo e Eugenio.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Aliñación da tempada 1968-69. Arriba: Juan Vázquez, Charro, Fernando Penisco, M. Canelas, Urbano, Latas.
Abaixo: Lameiro, Lito Penisco, Sestelo, Mariño e Niní.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

Nesta tempada e na seguinte o Gondomar vai posuír unha boa sección de xuvenís que, a maioría, termina por recalar no equipo de modestos na 64-65. Xogou esta tempada a Liga Comarcal co Sp. Guardés, Dep. Rianxo, Goián, San Miguel, Erizana, Fortuna, Dunas, Rápido de Sabarís, A. de Alcabre, Dep. Guixar, Tomiño, Tyde e U.D. Ribera, presentando aliñacións como: Soliño, Tante, Paco, Ramiro, Lolo, Cándido, Núñez, Enrique Hermida, Rafael, Genio e Eloy.

Na tempada 70-71 o Gondomar competía en segunda división da Liga Comarcal, pero xa Enrique R. Hermida empezaba a facer ensaios como adestrador. En Xaneiro do 71 organiza un campionato no que fai participar distintos equipos das parroquias e aldeas do municipio a fin de ir preparando un equipo competitivo. A intención era fomentar a canteira. En todo caso, o Club Gondomar, ha de recoñecerse, atravesaba unha mala racha; cóntanolo Manuel Núñez Sestelo, ex-xogador do club na década dos sesenta e, naquela, futuro presidente:

“Na década dos 70, tempada 73/74, Gondomar ameaza quedar sen club de fútbol. A entidade que ata alí dirixía Antonio Rial⁵⁸ -Ñito-, quen se veu obrigado a deixar o club por mor dunha enfermidade grave e outros problemas privados, quedaba á deriva; sen xogadores, sen equipaxe, cun campo de xogo en deficientes condicións, vestiarios vetustos -practicamente inservibles-, e outros inconvenientes.



Formación do Club Gondomar a inicio dos setenta nas Gaíandas. Arriba: Ernesto, Lameiro, Manolo de Penisco, Joaquín, Urbano, Carbuco. Abaixo: Eladio, Mariño, Sestelo, Fonsi Mandado e Lito.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

Isto provocou a inquedaanza dalgunha xente, entre eles Enrique Rodríguez Hermida e Eduardo Hermida Cambra, que forzaron unha reunión comigo e tentaron volver empezar. O tempo dispoñible estaba baixo mínimos, aquela mesma semana finalizaba o prazo para inscribir o equipo na Federación, na última categoría -3ª Rexional-, e non había recursos económicos, nin equipaxe, nin balóns, e o máis importante: tampouco había xogadores.

Non obstante, o trío citado aceptou o reto e con cartos propios conseguiu inscribilo. Paralelamente, iniciouse unha campaña de captación de socios para o que se contou co apoio duns cantos afeccionados; eu fun o socio número un, Tino Fontán o dous, José Piedra "Barros", o tres, e así sucesivamente.

Quedaba por resolver o problema dos xogadores, cousa non pequena nin trivial. Ocorréusenos falar co club de fútbol de Mañufe, un equipo de rapaces non federados que xogaban partidos amigables organizados por eles mesmos. Entrevistámonos con eles no Bar Valente, no Cruceiro da parroquia, e coa axuda inestimable de Eduardo Iglesias, O Valente, -propietario do bar- conseguimos enrolar a todos os xogadores e iniciar a liga.



Un dos primeiros equipos que acadaron ascensos na época de Enrique Hermida como adestrador, con incorporación de rapaces procedentes dos xuvenís. Segunda metade dos setenta. Arriba: Luís Blanch, Fonsi Lis, Títo, Pepe Núñez -fillo-, Campos, Suso, Enrique. Abaixo: Miguel, Uva, Venido, Moreda, Puskas, Antonio e Moncho Anía.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

Mais tarde iríanse incorporando colaboradores inestimables como Pepe de Zapa -José Figueroa Estévez-, Antonio da Canoura -Antonio Díaz González-, Bidrines pai -José Rodríguez Braga-, e algúns outros, e comezou a viaxe. Formando parte dela, un chisco despois, chegarían as obras do campo: mellorar o terreo de xogo, colocar porterías novas -as primeiras porterías de ferro que se colocaron en España, con autorización da FEF-, construción de valado, rehabilitación de vestiarios, subministro de auga quente, construción de cantina,...; pero iso é outro capítulo".

Na tempada 77/78 o Gondomar inda seguía purgando en Terceira División Rexional. Pero hai que dicir que Enrique Hermida levaba o tempo suficiente adestrando o equipo como para ter a experiencia que necesitaba. Durante ese período ollara de xeito teimudo centos de rapaces coa idea de ir conformando un equipo forte, e os resultados positivos pronto se van presentar. É na tempada 78/79 cando o Club Gondomar, por fin, consegue ascender a Segunda Rexional. Unha alegría, pero moi mitigada; con pouca repercusión na vila. Na seguinte, curso 79/80, volve ascender, agora a Primeira Rexional. Entón a cousa muda, xa todo era ledicia, todo parecía fácil, sen embargo non o era. Sexa como fose, o club a esa altura xa posuía un equipo tremendamente competitivo na súa categoría e ao final da tempada



Formación do Club Gondomar na parte final dos setenta, época na que se acadan sucesivos ascensos de categoría. Arriba: Soliño, Pepe Núñez, Fonso Lis, Telmo, A. Canteiro, Enrique. Abaixo: Manel, Ricardo, Nestor, Javier, Antonio e Cobas.

Fonte: Arquivo de Manuel Núñez Sestelo.



*Base do equipo que acadaba o ascenso á Serie A -na fotografía falta algún integrante notable, como Damas, que ese día non fora convocado-. A foto foi tirada no Lourambal antes de xogar a final da Copa Comarcal, gañada polo Gondomar. Ano 1981. Arriba: Manolo Mouriño, Gustavo, Moncho, Quique, F. Lis, Herrera, Cobas, Chapela, Arieta, Enrique. Abaixo: Ricardo, Manel, Chamorro, Cuña, Camacho, Antonio e Javier.
Fonte: Club de Fútbol Gondomar.*

80/81 acadaba o cuarto posto na clasificación, con igual puntuación có terceiro e un punto menos có segundo, e, unha vez máis, lograba subir; nesta ocasión, a Rexional Preferente -Serie A-. Ascenderan con el o Valadares, Portonovo, Erizana, Barco e Coruxo. Agora a repercusión atinxía a todo o Val Miñor, Baixo Miño, Val da Louriña e Val do Fragoso. Unha festa.

Ademais, ese ano o equipo completa unha campaña redonda ao conseguir gañar a Copa Comarcal. En semifinais, tras pasar as roldas preliminares, elimina ao San Miguel mentres o San Salvador, inesperadamente, fai o propio co Mos. A final xógase no Lourambal, campo do Porriño, ese día totalmente abarrotado, vencendo o Club Gondomar por tres goles a cero. Rematara o tempo regulamentado do partido, cunha primeira parte disputada polo San Salvador con moita dureza, con empate a cero, pero na prórroga o Gondomar fulmina os porriñeses; Chapela mete dous goles e Quique consegue o terceiro. Xogaran Cobas, Lis, Herrera, Gustavo, Moncho,

Arieta, Manel, Javier, Antonio, Chapela e Ricardo. Ao longo do partido, Quique substituíu a Antonio e Cuña a Ricardo.

Era a primeira vez que o club conseguía ser campión da Copa Comarcal, un trofeo que tivera varias veces a tiro pero que nunca chegara a posuír. A ledicia converteu a vila nunha ruidosa e prolongada festa cando retornaron os xogadores.

Nese ano, 1981, o Club estrutúrase nas seguintes seccións⁵⁹:

-Equipo de Serie A, adestrado por Enrique R. Hermida.

-Equipo Promesas, de Terceira Rexional, creado para rodar os xogadores procedentes de xuvenís, adestrado por Manuel Fernández Álvarez -Manolo de Penisco-.

-Equipo Xuvenil, adestrado por Alfonso Mandado Vázquez, ademais de futbolista, contrastado practicante de balonmán e rugby, deporte este último no que chegará a ser presidente da Federación Española. Finalmente, Fonsi será galardoado coa medalla de ouro ao mérito deportivo.

-Equipo Infantil, adestrado por Jesús F. Mariño.

-Equipo de Veteranos, coordinado por José Manuel Blanco -Pibe- e con Enrique R. Hermida como xogador-adestrador.



Celebración da consecución da Copa Comarcal no 81 por parte dun sector da afección que acompañou o equipo e dalgúns xogadores. Entre estes aparece Damas, con camiseiro a raias azuis, que ese día non xogara.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

Campaña 81/82.

O 25 de outubro de 1981 o Club Gondomar acadou o primeiro posto da Liga da Serie A -grupo sur- ao gañarlle ao Portonovo, na casa deste, con goles de Rodolfo e Chapela. Enrique Hermida, na segunda parte, cando ían perdendo por 1-0, substitúe a Lis e Quique -dous xogadores de carácter defensivo- por Damas e Manel e consegue darlle a volta ao marcador. Naquel partido destacaran especialmente Lomba, Rodolfo e Zamorita dentro dunha boa tónica xeral⁶⁰. Así pouco menos que empezaba aquela tempada mítica na historia do fútbol en Gondomar. A tempada na que despois de acadar o subcampionato do grupo sur conseguirá o ascenso a Terceira División.

Tivera que enfrontarse na promoción ao Meirás C.F., de Valdoviño, por terras do Ferrol, subcampión da zona norte, a dobre partido. Na ida o resultado fora de empate a un tanto con gol do Gondomar marcado por Chapela tras unha monumental xogada de Javier o xemelgo. O día 6 de xuño de 1982, no encontro de volta, as Gaiandas estoupaba xa antes do partido. Ateigado de xente, mesturábanse os berros do público co son de gaiteiros e treboadas por unha banda, e o ruído de sirenas e bucinas pola outra. O ambiente era extraordinario; moi tenso ao comezar o partido. Tampouco os xogadores escapaban á presión do intre, sen embargo, e a pesar de todo, percibíase no ambiente unha desmedida esperanza e ilusión por acadar o obxectivo; sentimento que impregnaba todos cantos asistíamos, mulleres, homes e rapaces. O Gondomar formou con Cobas, Zamora, Herrera, Rodolfo, Lomba, Manel, Ricardo, Camiño, Chapela, Arieta e Javier. Logo, Moncho substituiría a Camiño.

O Club Gondomar xoga un partido espléndido e xa no minuto 34 consegue o primeiro gol. O Meirás comete unha falta á altura da liña media do seu campo; sácaa Javier, e Ricardo, en posición de alta dificultade, consegue elevar o balón sobre o porteiro obtendo un gol de altísima beleza. Pouco despois, no 47, nun rebote da defensa, Arieta, dende o borde da área, obtén o segundo mediante un tiro raso e cruzado. O gol visitante transfórmao Picos dende fóra da área, no minuto 73, e con el volve a tensión ao campo. No minuto 83 Javier mete un gol olímpico, isto é, directo dende córner. E xa fenecía o partido cando no centro do campo tocaban o balón Chapela e Javier. Este arranca, vaise por velocidade da defensa, e consegue superar o porteiro de disparo cruzado e raso. A esas alturas do partido as Gaiandas deliraba de gozo; o Gondomar acadaba por primeira vez na súa historia a Terceira División. Consequiuno sen ser batido en campo propio e obtendo 21 vitorias, 10 empates e 7 derrotas para un total de 38 partidos, coa seguinte estrutura⁶¹:

Porteiros. Cobas e Alejandro.

Defensas. Lis, Moncho, Quique, Herrera, Rodolfo, Lomba e Álvaro.

Centrocampistas. Arieta, Manel, Zamorita, Javier, Ricardo e Carbajo.

Dianteiros. Damas, Chapela e Mandado.

Durante a tempada incorpóranse á disciplina do primeiro equipo Soliño e Camiño, prescindindo de Carbajo -por incorporación ao servizo militar, obrigatorio na época-, Álvaro e Lis -lesionado e intervido cirurxicamente-.

O adestrador foi Enrique Rodríguez Hermida, e a directiva estaba composta por:

- Manuel Núñez Sestelo, de Gondomar. Presidente.
- Florentino Fontán Costas, de Peiteiros. Vicepresidente.
- José Villamarín Méndez, de Mañufe. Secretario.
- Bernardo Chamorro Rouco, de Vincios. Tesoureiro.

E os vogais:

- Manuel Mouriño Pereira, de Vilaza.
- Manuel Cabaco Lago, de Chaín.
- José González Ulloa, de Donas.
- José Antonio Dasilva Gallego, de Donas.
- José Luís Clemente Barros, de Donas.
- Jerónimo Más Fernández, de Gondomar.
- Antonio García Fernández, de San Pedro.
- Manuel Alonso Casás, de Mañufe.
- Antonio Trabazos, de Donas.
- Joaquín Meneses da Purificación, de Mañufe.
- Miguel Rodríguez Dacosta, de Donas.
- José Manuel Durán Teixeira, de Donas.
- Antonio Díaz González, de Peiteiros.

Ese ano o Club Gondomar rivalizara unha vez máis co Erizana e practicara toda a tempada un fútbol profundamente estético.

O 1 de xuño de 1982 unha comisión formada por Manuel Núñez Sestelo, José Bernardo Chamorro Rouco, Claudio M. Rodríguez Sotelo, Florentino Fontán Costas e Manuel Cabaco Lago elaboran e asinan a acta fundacional do Club de Fútbol Gondomar, que será aprobada por unanimidade en asemblea xeral o 30 de xuño de 1982⁶². Ata ese intre o club figuraba inscrito na Federación Galega de Fútbol, dende o 14 de febreiro de 1944, como Club Gondomar.

Na tempada seguinte, 82/83, inaugúranse as gradas cubertas⁶³. Inda faltaban por executar as varandas, aseos públicos, vestiarios e outras obras, pero con motivo do partido entre o C.F. Gondomar e o Barco de Valdeorras inaugúranse as novas bancadas o domingo 20 de febreiro de 1983. A celebración foi completa: o equipo local gañou por cinco goles a cero nun partido no que, coa axuda de Manolito, o xemelgo Javier foi o catalizador do xogo. Villot, recentemente fichado naquel intre, marcou tres goles. Presidía o club Bernardo Chamorro Rouco.

A metade de campaña, cando o C.F. Gondomar ia sexto na clasificación, a directiva decide prescindir de Enrique Hermida. Nesas xa pasara polas Gaiandas o



Equipo que acada a Terceira División por primeira vez na historia do club. A foto é do 6 de xuño de 1982, ao remate do partido contra o Meirás C.F., de Valdoviño, Ferrol. Cinco días antes o club fora refundado como Club de Fútbol Gondomar. Arriba: Moncho, Herrera, Lomba, Zamorita, Manel, Enrique. Abaixo: Cobas, Ricardo, Arieta, Chapela, Javier e Rodolfo. Tombado, Lito Hermida.

Fonte: Arquivo de Manuel Núñez Sestelo.

Lugo, adestrado por Martín Esperanza, ex-xogador do mítico Pontevedra de Primeira División dos anos sesenta, o mesmo que, ao acabar o partido en Gondomar, na caseta, incrédulo e admirado ante o equipo local di: “Chavales!, como é posible que nunha aldea como esta exista semellante equipo?”⁶⁴.

Trala destitución, pasa a ocupar o posto de adestrador Avelino Villar. Despois dunha segunda volta para esquecer e unha campaña irregular, na que o club se enfrontara a equipos da categoría, a experiencia e a historia do Pontevedra, Arousa, Ourense, Gran Peña, Lugo, Fabril da Coruña, Compostela e outros, tócalle competir no último partido de Liga contra o Flavía, de Padrón. O Gondomar necesitaba gañar e que o acompañase algún outro resultado, como o do campo do Alondras, en Cangas, pero non foi capaz. O resultado de Cangas favorecíao, sen embargo o Gondomar fallou na casa. Descende a Rexional Preferente. Aquela Terceira División, por calidade deportiva, equivalía perfectamente á actual Segunda B.



Equipo que tras quedar Campión de Liga regresa á Terceira División e logo faise co título oficioso de Campión de Galicia. Ano 1986. Arriba: Castro -porteiro-, Paco, García, José Manuel, Soto -adestrador-, Chamorro -presidente-, Arcadio, Piru, Álvaro, Crespo?, non identificado, Vicente -porteiro-. Abaixo: Dovalo, Javi, Nardi, Salvador, Rafa, Manoli, Paco Bugallo e Manolito.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

Non será ata dúas tempadas despois, na 85/86, con Emilio Soto como adestrador contratado precisamente para esa campaña, cando regrese á Terceira División. Nesa ocasión fixo unha gran campaña. Ocupou o primeiro posto da clasificación durante a maior parte da liga e rematou sendo campión da Serie A, grupo sur. Logo chegaría a facerse co oficioso título de Campión de Galicia na categoría ao vencer o campión da zona norte, o Bergantiños. Os acontecementos tiveron o seguinte percorrido: a ida xogouse o 25 de maio do 86 no campo do Bergantiños, en Carballo, moi preto da Coruña. Alí gañou o equipo local por dous tantos a cero nun partido onde o árbitro mostrou cartolinas amarelas a Paco I, Arcadio e o banquiño, por parte dos visitantes, e a Piña, Paco e Pibe polos locais; ademais expulsou a Manolo do Gondomar.

Ao saltar ao terreo de xogo o Gondomar homenaxeou os locais facéndolles o "pasillo", logo, a consecuencia do penalti sinalado polo árbitro, que significou o segundo tanto para os locais, o partido estivo interrompido durante seis minutos. Polo Gondomar xogaron Vicente, Paco I, Arcadio -minuto 71 Varo-, García, Paco II,

Manolo, Manolito, Rafa, Salvador -minuto 19 Dovalo-, Álvaro e Castro⁶⁵. Aquel día o Bergantiños non puido reprimir a sensación de sentirse campión de Galicia por un intre; pero faltaba por disputar o partido de volta.

Xogouse nas Gaiandas o 1 de xuño, ante un gran e propicio ambiente. As aliñacións foron as seguintes: Vicente, Paco I, Salvador,-, García, Paco II, Manolo, Rafa, Dovalo, Álvaro e Castro, polos locais, e Edy, Carballo, Gorri, Quico, Piña, Andújar, Lerio, Juan I -Rariña-, Baleato -Mariano-, Insua e Pibe polo Bergantiños. O encontro foi de constante e emagador dominio local chegando a ser Edy a figura do seu equipo, aquela tarde tivo un día moi inspirado, aínda así perderon 3-1. Polo Gondomar marcou Salvador dous goles e Manolito o terceiro; o gol do Bergantiños conseguiu Fariña no minuto oitenta. Coa eliminatoria empatada, foi necesario determinar gañador mediante lanzamento de penaltis. Venceu o C. F. Gondomar⁶⁶. Seguía sendo presidente Bernardo Chamorro.

Cando a liga 87-88, da Terceira División, na que ese ano competía o Gondomar, ía ben avanzada, Soto propúñase como obxectivo clasificar o equipo entre os seis primeiros para, dese xeito, poder disputar a "Copa del Rey"⁶⁷, obxectivo que finalmente non alcanzarán por un suspiro. En todo caso, foi a clasificación máis alta



Equipo base da tempada 87-88 -falta Rafa, incluído na foto anterior- cando o club case se clasifica para xogar a "Copa del Rey". Arriba: Barciela, García, Paco, Flores, López, Pupi. Abaixo: Oscar, Job, Josiño, Manolito e Álvaro.

Fonte: Arquivo de Florentino Costas Gracia.

acadada nunca polo Club ata aquela; remataron sétimos, o que foi interpretado coma un éxito deportivo para unha vila das características de Gondomar. Pero inda así, ese curso, Eladio Costas, presidente do club dende tempo atrás, dimite antes de que o curso finalice, facéndose cargo da dirección de xeito transitorio, por pouco tempo, unha xunta xestora presidida por Antonio Oliveros.

Cando se inicia a 88-89 pasa a presidir o club José Fajo Rodríguez cunha directiva moi ampla, das máis densas da historia do club, pero que paradoxalmente nunha documentación federativa de marzo de 1989, ademais de Fajo, consta como a seguinte⁶⁸: Rosendo Díaz de vicepresidente; Ildefonso Ruíz, secretario; Manuel Rodríguez González -Pancho-, tesoureiro; e como vogais, Antonio Pérez Giménez e Francisco A. Fernández Rodríguez. Durante as campañas dirixidas por esta executiva o club mantívose en Terceira División, o fútbol base participou no Torneo Internacional de Feyzin, e o campo de fútbol inaugurou o céspede natural e unha adecuada iluminación artificial. Estas obras trátanse con máis profundidade no capítulo "Os recintos de xogo" desta publicación.

Na tempada 92-93 faise cargo do club unha directiva encabezada por un inexperto e moi novo, posiblemente o máis novo presidente da historia do club, Ricardo Barros, ex-xogador do mesmo. Ese curso o Gondomar descende a Preferente, categoría na que permanecerá tres tempadas. Regresa a Terceira División a final da tempada 95-96 da man de Josiño, antigo xogador da casa. Ao finalizar a seguinte, Barros deixa a presidencia, e o club en Terceira, tras destituír unha morea de adestradores e atender razoablemente ben as categorías base. Foi un tempo de grandes organigramas e moitos chanzos encadeados na organización interna dun club que, pola súa estrutura, quizais non daba para tanto. Na última tempada o equipo estaba composto polos porteiros Curta e Marco; os defensas Ramón, Emilio, Felipe, Costas e Quito; os centrocampistas Curiel, Manolo, Gil, Diego, Javi, Taja e Castelao; e os dianteiros Brito, Luís M. Muñiz, Covelo, Toni, Oscar e Bringas. Adestraba Pablo Díaz Álvarez, tras seren destituídos Josiño e posteriormente Vita; o preparador físico era Jesús Camino.

Na tempada 97-98, logo dun mínimo período de transición presidido por Antonio Pérez Giménez, iníciase unha etapa que a medio prazo vai ter consecuencias tremendamente negativas para o club. Preside Antonio Casal Fontán. O fútbol en xeral, e o modesto en particular, veuse moi a miúdo cercado polos problemas económicos e, naqueles intres, unha das seccións máis deficitarias era a das categorías inferiores, o fútbol base. Di o saber popular que "non hai mal que cen anos dure"; si, pero naquela non se considerou oportuno comprobar o grao de certeza da aseveración e a presidencia do club decidiu delegar a xestión das categorías inferiores. Quizais sen querer, delegou en exceso. A consecuencia inmediata foi que dentro do club empezaron a crearse dúas correntes, aínda ben,



Formación que con algunhas variacións e coa substitución á metade de tempada de Fonsi Copena -atendendo outras ofertas- por Pablo Díaz, quedará ás portas da promoción a Segunda B. Tempada 97-98. Como tantas veces, o cartel identificativo do club está mal. Ariba: Juan Carlos -dúas tempadas despois o adestrador máis novo das categorías nacionais-, David, Bringas, Luís M. Muñiz, Castelao, Quito, Jorge, David II -de trás-, Emilio, Juan Pablo, Valverde -Fonsi Copena- (adestrador), Jaime ("utillero"). Abaixo: Valvi, Manolo, Costas, Guillermo, Toñi, Oscar, Fran, Manolo (masaxista).

Fonte: Atlántico Diario a través do Club de Fútbol Gondomar.

por aquel entón, baixo a única dirección do presidente. Durante este período, no eido deportivo, o club militou en Terceira División e na tempada 98-99, tras unha moi boa campaña, quedou ás portas da promoción a Segunda B⁶⁹. Era adestrador Fonsi Copena, inicialmente, ao que substitúe posteriormente Pablo Díaz. Na campaña seguinte o adestrador foi Juan Carlos Andrés Costas, naquela o técnico máis novo de todas as categorías nacionais, circunstancia que lle propiciou un gran seguimento dos medios de comunicación de todo o Estado. Compartiu o posto de adestrador Gustavo Loureiro.

A precaria situación económica que o club viña arrastrando fíxose tan fráxil que a directiva dimite o 13 de decembro de 2000, segundo recolle a acta da reunión, nomeándose nese intre unha xunta xestora composta por Rogelio Domínguez Miniño, como presidente, e os seguintes vicepresidentes: Eladio Gómez Castiñeira, Manuel Soliño Troncoso, Ramón F. Hermida Casás e José Manuel Costas Fernández.



Club de Fútbol Gondomar no ano 2000. Terceira División. Arriba: Patxi Villanueva, Luís Muníz, Isaac, Julián, Gustavo, Berto. Abaixo: Ita, Costas, Veiga, Vivo, Sergio.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

Dita Xestora na tempada 2001-02 ficha novo adestrador, Emilio Soto, que xa formara parte do club a mediados dos oitenta con resultados excelentes, se ben nesta ocasión non rematará a tempada, e impulsa un equipo callado de rapaces do Val Miñor, obxectivo que a directiva se marcara dende o inicio posiblemente forzada pola delicadísima situación económica do club. O Gondomar descende a Serie A. Esa tempada, angustiado polos problemas, o club faise cun récord de dubidosa categoría: non gañou partido ningún durante toda a liga; só conseguiu empatar sete⁷⁰. Foi o ano no que, por segunda vez, varios medios de difusión estatal fixéronse eco da nova e desprazaron á vila unidades móbeis para cubrila.

Tralo período da xunta xestora, na tempada 2002-03 encárgase do club unha nova directiva, na que recuncan algúns compoñentes da anterior, presidida por Gilberto Vila. Esta, coas habituais renovacións de membros segundo van pasando os anos, dura ata a tempada 2008-09, se ben Vila dimite antes. Durante esta etapa consumarase a excisión entre categorías do club esbozada durante o período presidido por Casal.

Os hábitos sociais mudan co tempo, sempre ocorreu. Por aquela, as actividades extraescolares dos rapaces medraron a gran velocidade e os pais apuntaban os fillos, cada día con menos idade, en distintas disciplinas. As categorías inferiores dos clubs de fútbol xa non eran tan deficitarias economicamente. Os posicionamentos persoais dentro da directiva presidida por Vila radicalízanse e tómase unha decisión final que non dá prioridade aos intereses da asociación deportiva. O C.F. Gondomar perde as categorías inferiores e con elas a posibilidade de seguir traballando a canteira. Tamén perde a posibilidade de seguir adestrando no campo das Cercas, un dos obxectivos para o que foi construído. O outro, o de servir de sede para as categorías inferiores si o cumprirá. O concello de Gondomar, sendo alcalde Antonio Arauxo Quintas, asinará, con data 30 de xuño de 2009, un convenio co "Fútbol Base Gondomar" polo que o recoñece como usuario principal do campo. Este club constituírase aproximadamente dous anos antes, con Vila inda na presidencia.

Durante a etapa de Gilberto como presidente pasan moitos xogadores por un equipo que na tempada 2007-08 formaba con Waldo e Copena como porteiros; Rober, Adrián, Bringas, Oscar, Jacobo, Pablo e Fernando, defensas; Tizón, Hermida, Isaac, Alex II, Gonza, Eloy, Álvaro e Gestal, medios; e Quique, Antón, Andrés e Roi, dianteiros. Ese ano o Gondomar competira en Rexional Preferente e descendera a



Equipo da tempada 2007-08. Serie A. Arriba: Lázaro -preparador físico-, Antón, Waldo, F. Hermida, Oscar, Bringas, Gonza, Quique, Jacobo, Copena, Manel -segundo adestrador-. Abaixo: Tizón, Pablo, Álvaro, Gestal, Andrés, Roi, Eloy, Moncho Anía -adestrador-.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

Primeira Autonómica -antiga Primeira Rexional-. Nese intre o club andaba polos vinte e cinco anos que non competía en categoría inferior a Rexional Preferente -Serie A-.

Gilberto renuncia ao cargo a finais de 2008, substituíndoo ata rematar a tempada Bringas, por entón capitán do equipo. Ese ano non descenden, circunstancia que, de darse, podía xerar consecuencias imprevisibles. Ao ano seguinte, con Bringas á fronte, un presidente que rematou por desencantar a todos os estamentos do club, tampouco consegue ascender; clasifícase pola metade da táboa mentres o Nigrán C.F., dunha relativa recente creación, acadada o primeiro posto e sobe a Rexional Preferente. Durante esta campaña os xogadores do Gondomar fixeron un gran esforzo económico e humano para compensar a mala xestión presidencial.

Na tempada 2010-11 encárgase do club unha nova directiva presidida por Juan Antonio González Rodríguez, que consegue manter o equipo na categoría. Esa tempada o equipo está a punto de ascender, pero finalmente non o consegue. Este obxectivo acádase na 2011-12. E Preferente Autonómica será a categoría na que competirá nas dúas tempadas seguintes.

No intre do ascenso a directiva presidida por Juan Antonio estaba constituída por Antonio Casal como vicepresidente, Serafín Fernández Rodríguez como secretario, José Luís Fernández Gonta como adxunto a secretaria, José Manuel González Román como tesoureiro, Ramón Hermida Casás, José Ramón González González e Carlos Alonso Esmerode como secretarios técnicos, José Antonio Brito González como coordinador, Antonio Vila Alonso, Félix Romero Martínez e José Alonso González como delegados, e Rosa María Álvarez, Carlos Lago Rodríguez, José Ángel Sánchez Fernández, Ramón González González, Milagros Sánchez Rodríguez, María Jesús Vázquez Núñez e María García Carreara como vocais. Adestraba Marcos Montes, con David Míguez Adán de segundo. Ese ano o plantel de xogadores compúñase por Waldo, Marcos e Dani, porteiros; Roberto, Eloy, Ferro, Alex, Jacobo e Carlos, defensas; Piñeiro, Tizón, Alonso, Sera, Víctor, Silvio e Manu, centrocampistas; e Chús, Javi, Gonza, Rubén e Iván, dianteiros.

Na tempada 2012-13 o equipo fixo unha boa campaña, indo case toda a liga nos postos de cabeza. Só uns atrancos inesperados ao final impediron o ascenso a Terceira División, posto que ocupou o Choco de Redondela. Ese ano xogaron: Dani, Marcos e Jacobo, porteiros; Pibe, Carlitos, Lucas, Nando, Toni, Eloy e Ferro, defensas; Tizón, Manu, Gonza, Víctor, Silvio, Alonso, Berto e Trejo, centrocampistas; e Rubén, Iván e Breixo, dianteiros.

Na mesma categoría, Serie A, pero con directiva nova presidida por Alfonso Mandado Vázquez, será onde compita na 2014-15.

Por último, antes de rematar esta aproximación histórica, citaremos un feito laudatorio da máxima altura dentro do municipio de Gondomar que ten por protagonista o club de fútbol do municipio. Sucedeu o 16 de xaneiro de 2014. Esa data,



Equipo do Club de Fútbol Gondomar na tempada 2013-14, en Preferente Autonómica -Serie A-. Arriba: Brito, Borja, Nando, Pedro, Arán, Breixo, López, Ferro, Miguel. Debaixo: Manu, Silvio, Carlos, Cela, Javi, Julio. Debaixo: Juan, Tizón, Hugo, Adrián, Álvaro. Sentado: Rubén.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

na sesión ordinaria do Pleno do Concello, presidida por Fernando Guitián Guitián, o concelleiro Juan Francisco Ferreira propón "instar ao alcalde a iniciar o correspondente expediente de outorgamento da medalla de ouro ao Club de Fútbol de Gondomar, con motivo da celebración dos seus cen anos como institución deportiva"⁷¹. A Corporación Municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros aprobou a proposta.

SÍMBOLOS DO CLUB DE FÚTBOL.

Tampouco se coñecen datos obxectivos dos distintos escudos. E deberon ser varios dada a sucesión de equipos e o que deixan entrever algunhas fotografías. Só se sabe algo do que puido ser do Gondomar Sporting Club, a través dunha reinterpretación que se fai nunha equipación dos anos cincuenta, e do actual, creado a partir de 1944 paralelamente á fundación do Club Gondomar.

O primeiro, recollido na equipaxe de cor vermella coa que agasallaran o club os propietarios da cervexeira "Sudamericana", xa relatado con anterioridade, segue a pauta e moda imperante nos clubs de fútbol nas primeiras décadas do século XX. Inda hoxe existen clubs na Primeira División española cuxo escudo se basea principalmente no enlazado tipográfico das iniciais do nome. O do Gondomar Sporting Club formalízase co encaixe das letras GSC inscritas nun círculo.

O segundo procede da década dos corenta, de cando se funda o Club Gondomar en 1944. Aglutina unha representación simbólica que imos tratar de descifrar. En primeiro lugar quero dicir que mantén a presenza circular do antecesor, se ben neste caso engádeselle na parte superior unha cartela, exterior ao círculo, coa inscrición CLUB. Dentro doutro círculo inscrito ao anterior represéntase de xeito esquemático unha ponte que inequivocamente ha de representar a da Ramallosa como obxecto recoñecible e identificativo do río Miñor, canal de auga que atravesa a vila e municipio. Sobre a ponte, no eixe vertical, a mitra abacial de San Bieito, patrón da vila. Remata a iconografía o nome do club: GONDOMAR, disposto a redor da ponte e o río, entre ambos os dous círculos. As cores utilizadas son o branco e o azul, as mesmas da equipaxe do club. A grafía é negra. As distintas directivas, de xeito aleatorio, teñen mudado as zonas tintadas e incluso as cores, seguramente por descoñecemento.

Aínda que non existen datos ao respecto, puidera ser que a idea de utilizar o río Miñor no escudo viñese dada pola existencia dalgunha evidencia ou coñecemento do escudo do antigo Miñor F.C., fundado no ano 22 na vila. En toda caso, isto non é máis ca unha conxectura.



Escolma de trofeos do club acadados dende a década dos oitenta. Empezando pola esquerda: Trofeo Vila de Baiona. 19-8-90; Trofeo Federación Galega de Fútbol. Copa Comarcal. 80-81; Campeonato Rexional Preferente. Grupo Sur. Campión. 85-86; Campeonato Rexional Sur-Norte. "Campión de Galicia" 85-86; Trofeo equipo máis deportivo de Terceira División. Trofeo Quinocho. 90-91; XXVI Trofeo Conde de Gondomar. 2010; XXVII Trofeo Conde de Gondomar. 2011; Trofeo San Bieito/Concello de Gondomar. 1985; Trofeo San Bieito/Concello de Gondomar 1991.

Fonte: Fotografía de Manuel Estévez.



Actual escudo do Club de Fútbol Gondomar. Procede de 1944, cando a fundación do Club Gondomar. Tén toda a iconografía de cando o Club Gondomar.

Fonte: Escaneado de documento oficial do Club de Fútbol Gondomar.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

Jorge Hermida, fillo de Ángel -Carbuco- e do mesmo xeito ca el ex-xogador do Gondomar, contounos que a iconografía deste escudo foi aproveitada doutro que elaborara unha comisión integrada por Francisco Alborés, Nolete, Nanito, Pepe Núñez e outros coa intención de crear un gran equipo no Val. Pretendían que o equipo se chamase "Valle Miñor" -máis tarde existiu un equipo con este nome; nesta publicación menciónase en varias ocasións- e incluso pensaran en emprazar o campo á beira do río de tal nome, concretamente onde ata non hai moitos anos existiu unha central de fabricación de formigón e antes estivera emprazado o antigo campo do Vilariño. Segundo Jorge, a mitra representaría a Gondomar, a barca sobre a auga a Baiona, e a ponte falaría de Nigrán e dunha idea identitaria do Val Miñor.

Parece que incluso se chegou a producir unha reunión entre as comisións dos tres municipios, non lembrando a fonte informativa quen constituía a de Baiona, pero citando a Andrés, bo porteiro do Club Gondomar durante anos, entre os de Nigrán e os xa citados por Gondomar. Non houbo acordo.

Como último comentario, dicir que a través dunha fotografía tivemos ocasión de intuír o escudo do Miñor F.C. sen acadar a definición suficiente para poder comentalo. A foto reproducése nesta publicación.

NOTAS BIBLIOGRÁFICAS E DOCUMENTAIS.

- 1 Páxina en internet: es.wikipedia.org/wiki/Deporte
- 2 Páxina en internet: es.wikipedia.org/wiki/Fútbol
- 3 Investigador da historia viguesa que se atopou coa noticia cando indagaba na hemeroteca do Faro de Vigo na busca de información para un traballo sobre os pioneiros das telecomunicacións na cidade.
- 4 VIGO, CUNA DEL FÚTBOL ESPAÑOL. Artigo de Salvador Rodríguez en Faro de Vigo de 5 de xullo de 2012.
- 5 O Vigo Foot-ball Club fundouno Manuel Ocaña no ano 1903, segundo recolle na páxina 23 o exemplar de "Vida Gallega" do 1 de xaneiro de 1909.
- 6 Dato conseguido en internet: es.wikipedia.org/wiki/Real_Club_Fortuna_de_Vigo
- 7 BAIONA; DEPORTE Y SOCIABILIDAD EN EL FRANQUISMO. EL CLUB DE FÚTBOL JUVENIL ERIZANA EN LA DÉCADA DE 1950. Garrido Pereira, Roberto. Traballo fin de máster. U.S.C. 2012 -inédito- p. 33
- 8 No "Heraldo de Bayona. Periódico semanal", de 7 de marzo de 1911, aparecía un artigo titulado "FIESTA DEL ÁRBOL" onde se intentaba explicar a xestación e valores deste evento. Decía que tiña un carácter eminentemente educativo dende que en 1805 a iniciara o párroco de Villanueva de la Sierra -Cáceres-, se ben, admitía, outros consideraban a celebración consecuencia dunha importación Norteamericana -Arbor day-. En todo caso afirmaba que a revitalización desta actividade no Estado español se debe a Rafael Puig y Valls, quen iniciou unha campaña a favor da árbore en 1898, conseguindo implantar amplamente na península a "Fiesta del Árbol". O principal obxectivo era ensinarlles aos nenos os beneficios que estes nos proporcionan e, consecuentemente, iniciais no respecto e amor cara á natureza para que cheguen a entendelos como un obxecto de utilidade pública.
Segundo publica "Vida Gallega" no nº 34 de 1911, neste mesmo ano, 1911, constitúese na Coruña a asociación "Los Amigos de los Árboles", que se encargaban de organizar conferencias para os cativos sobre esta materia e de poñelos en contacto coa natureza.
Tamén a Dirección das "Escuelas Pro Valle Miñor" foi receptiva a esta idea e organizaban a "Fiesta del Árbol" para sensibilizar o alumnado nos valores expostos. Unha destas foi a que con asistencia das autoridades dos tres concellos, de membros do Consello de Administración no Miñor das escolas, do enxeñeiro de montes Sr. Areses e dos delegados das Sociedades Agrarias do val celebrouse no treito de estrada que vai das escolas de Mañufe á de Rramallosa, segundo informaba La Voz del Miñor. Publicación imparcial, de 4 de abril de 1914.

No presente traballo inclúese unha fotografía extraída de "Vida Gallega", tirada en Gondomar, que certifica a celebración de "La Fiesta del Árbol" polo alumnado da Pro Val.

- 9 VIDA GALLEGA. Exemplar de maio de 1910.
- 10 Xornal "El Miñor. Semanario independente". Exemplar de 12 de agosto de 1905. Opúsculo co Regulamento do Club-Recreo de Gondomar. Imp. Barros Hermano. Pontevedra 1909.
- 11 Listado de constitución de Asociacións, do Goberno Civil. Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.
- 12 Esta Asociación, citada varias veces no opúsculo conmemorativo da homenaxe ao XI Conde de Gondomar, o 25 de xullo de 1921, á que representa Pablo Nieto, non aparece incluída no Listado do Goberno Civil. Tampouco está o Club-Recreo de 1909, se ben no opúsculo consta como sancionada polo Gobernador Civil de Pontevedra, Javier de Beránger, o 20 de xaneiro de 1909.
- 13 Do opúsculo do homenaxe a D. Gonzalo Fernández de Córdoba y Quesada, XI Conde de Gondomar. Imprenta das Escolas Pro-Val. Estío de 1921.
- 14 Xornal "La Voz del Miñor. Publicación imparcial", sábado 3 de maio de 1913.
- 15 Esta proximidade era tal que na prensa da época, ata os anos vinte, era moi habitual a súa citación en Gondomar ou relacionalas directamente coa vila. Na contorna e en gran parte do Val Miñor chamáronse escolas de Mañufe, circunstancia alimentada polo propio centro: a tipográfica que este tivo durante anos, inaugurada en 1921, asinaba os documentos impresos como "Tip. de las Escuelas Hispano Americanas. MAÑUFE".
- 16 Listado de constitución de Asociacións, do Goberno Civil. Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.
- 17 Exemplar de el Pueblo Gallego do 2 de agosto de 1956.
- 18 No exemplar de 14 de abril de 1917 de "El Pueblo. Semanario independente" o correspondente de Gondomar fala da creación dun equipo de fútbol polos rapaces da vila. Di: "Ha quedado constituída en esta villa por el elemento joven una sociedad con el nombre de Gondomar Foot-ball Club". Este e os demais datos referidos a este semanario nos anos 1917 e 18 correspondense cos retallos de prensa achagados por J.L. Mosquera que se citan na bibliografía.
- 19 Entrevista realizada por V. Goce a Ventura Salgado publicada polo semanario deportivo Erizana o luns 20 de xuño de 1955. Todos os datos referidos neste punto están tratados con máis extensión e maior profundidade no comentario "O Baiona Sporting Club e o F.C. Juvenil Erizana; a máxima rivalidade do Gondomar" incorporado no capítulo CURIOSIDADES, COMENTARIOS, ANÉCDOTAS, CHISMES E CARTELARÍA desta publicación.

- 20 Nova sobre un campionato organizado polo Miñor F.C. en Gondomar, aparecida no El Pueblo Gallego de 21 de agosto de 1925. Esta noticia reproducécese integramente no texto A Copa Conde de Gondomar do capítulo "Curiosidades, comentarios, anécdotas, chismes e cartelaría" desta publicación.
- 21 Faro de Vigo de 5 de novembro de 1918.
- 22 Camilo exerceu vida laboral como funcionario, con posto de traballo itinerante.
- 23 Faro de Vigo, do 18 de marzo de 1922. p. 3. Puidese haber un erro no nome da rúa.
- 24 El Pueblo. Semanal independente no que participa en 1914. Neste semanario, e noutros xornais, foi corresponsal Laureano Álvarez, con barbería en Gondomar durante máis de media vida. Laureano foi pai de Antonio Álvarez Calvo, colaborador de diversos xornais.
- 25 Faro de Vigo de 16 de agosto de 1925.
- 26 Soliño Troncoso, M., A., e A., e Mosquera Veleiro, J. L. GONDOMAR. HISTORIA, ARTE E TERRITORIO. Ed. Ir Indo. 1995. p. 57 e 58.
- 27 Segundo nova recollida polo Faro de Vigo, de 21 de setembro de 1924, o presidente do "Asilo-Hospitalillo de Gondomar" nese intre era Fernando Pérez Alonso -que chegará a ser alcalde do municipio a finais da década-.
- 28 El Pueblo Gallego, do 11 de xullo de 1963. p. 14.
- 29 Esta nova, que vén confirmar definitivamente a tese defendida nesta publicación, forma parte dos recortes de prensa do semanario El Pueblo, dos anos 1917 e 1918, que, como xa se dixo, nos fixo chegar José Luís Mosquera Veleiro. Dos mesmos recortes extráctase a primeira alíñación citada do Gondomar Sporting Club.
- 30 Casto Blanco era profesor nas "Escuelas Hispano Americanas Pro Valle Miñor" e tiña residencia na vila de Gondomar dende 1914, segundo confirma unha nova aparecida no semanario El Pueblo de outubro dese ano.
- 31 Do mesmo xeito chamábase o vapor que a primeiros de século comunicaba os portos de Baiona e Vigo. El Valle Miñor. Semanario independente. 11 de outubro de 1903.
- 32 El Pueblo Gallego de xoves 27 de agosto de 1925. p. 11.
- 33 Faro de Vigo de 29 de xuño de 1924, p.3
- 34 Nunha nota do xornal El Pueblo Gallego de 26 de xullo de 1935 pode lerse que a directiva do Gondomar F.C. está xestionando un partido, no campo de Lourido, contra o Ciosvín, equipo campeón amater de España en 1931 e finalista esa tempada, coa finalidade de recadar fondos para a familia de Roque; malogrado, valente e entusiasta ex-xogador do club. Nesta, ao referirse ao Gondomar cítalo como o equipo "merengue", ou sexa, branco.
- 35 Faro de Vigo de 10 de xullo de 1927. Con motivo das festas de San Bieito o corresponsal saca unha nota na que respecto ao día 10, ás 4,30 da tarde, di: "re-

cepción en el Ayuntamiento en honor de la oficialidad y equipo de foot-ball de la escuadra española. A las 5,30 tendrá lugar en el campo Miñor un interesante partido entre la selección de la escuadra y nuestro equipo local".

- 36 El Pueblo Gallego do xoves 12 de maio de 1927.
- 37 El Pueblo Gallego de 22 de xuño de 1933.
- 38 Faro de Vigo de 2 de outubro de 1925.
- 39 Nota aparecida no xornal El Pueblo Gallego, de data venres 18 de setembro de 1925.
- 40 Así sae referenciado no Faro de Vigo de 29 de xaneiro de 1926.
- 41 Nova publicada no El Pueblo Gallego do 18 de marzo de 1928.
- 42 A proba celébrase o 19 de agosto, aberta a todos os corredores de Galicia, con premios doados por diversas persoas e entidades e co seguinte percorrido: A Ramallosa, Gondomar, Couso, Morgadáns, Pego Negro, Nigrán, A Ramallosa.
- 43 ODRACIR (Ricardo) en "Información Regional" de Faro de Vigo de 9 agosto de 1927.
- 44 Paulino Uzcudun, nado en 1899 e finado en 1985, proclamouse campión de España de boxeo, na categoría dos pesos pesados, nun combate celebrado en París no ano 1924, ante José Teixidor, ao que gañou por K.O. técnico. Despois proclámase campión de Europa en tres ocasións: a primeira en 1926 en Barcelona; a segunda en 1928 en San Sebastian; e a terceira en 1933 en Madrid.
- 45 Columna do Val Miñor do xornal El Pueblo Gallego do domingo 28 de abril de 1929.
- 46 O Bosco fundárase en 1922 por antigos alumnos dos salesianos de Vigo, e nos nove anos de vida chegara a xogar 140 partidos; unha media de 16 ao ano.
- 47 El Pueblo Gallego de 9 de abril de 1930. A Banda de Música de Gondomar tamén se cita repetidamente como de Vilaza e de Chaín.
- 48 Nova recollida do xornal El Pueblo Gallego do 1 de setembro de 1931.
- 49 Cronista deportivo de prensa. Noticia recollida no xornal El Pueblo Gallego de 27 de abril de 1943.
- 50 El Pueblo Gallego do 9 de novembro de 1943.
- 51 No xornal El Pueblo Gallego do 3 de febreiro do 51 cítase a Alvaro Núñez -Alvarito- como presidente do Club Gondomar e no mesmo xornal, pero en xaneiro do 52, menciónase a Manuel Copena como posuidor do cargo.
- 52 Información oral transmitida por Jorge Hermida, un dos protagonistas do partido, na súa casa de Tomiño a primeiros de outubro deste 2014.
- 53 A estas álturas da vida David Gonda Pérez, que tamén será socio da cervexeira "Sadamericana Ltda.", formábase académicamente en Monforte de Lemos.
- 54 Todos os datos referentes ao Campionato de Liga Zona Baixo Miño-Val Miñor da tempada 1954-55 foron tirados do Semanario Deportivo "Erizana", consultado no Fondo Local Biblioteca Pública de Baiona.

- 55 Datos de Roig obtidos da páxina virtual: "yojugueenelcelta.com". Grandes y pequeños jugadores del Celta.
- 56 "Tiritos" é o pseudónimo co que asina a persoa enviada ás Gaiandas polo Seminario Deportivo Erizana para cubrir o partido.
- 57 O Correspondente de El Pueblo Gallego, Filo, cita a Manuel Gonda Pérez como presidente do Club Gondomar no exemplar do 19 de xaneiro de 1957.
- 58 Antes de Antonio Ramón Rial Pérez e despois de Alfonso Salgueiro presidira o Club Gondomar Manuel López -Regueiro-.
- 59 Datos recollidos do Faro del Lunes de 14 de xuño de 1982.
- 60 Estrato dunha crónica do Faro de Vigo de 28 de outubro de 1981.
- 61 Datos tirados do xa citado exemplar do Faro del Lunes de 14 de xuño de 1982.
- 62 Datos extraídos da documentación "Acta Fundacional" do C.F. Gondomar, con data 1 de xuño de 1982, existente na Dirección Xeral de Xuventude e Deportes, Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia.
- 63 Noticia recollida polo xornal La Voz de Galicia do mércores 23 de febreiro de 1983.
- 64 Frase literal pasada oralmente aos redactores desta publicación por integrantes do equipo do Gondomar que aquel día competira co Lugo.
- 65 Toda a información sobre este partifo foi obtida do xornal La Voz de Galicia de 26 de maio de 1986.
- 66 Datos extractados de La Voz de Galicia de 2 de xuño de 1986.
- 67 "Sería un logro muy importante, aunque tengo que reconocer que la empresa va a ser muy difícil. Con un par de refuerzos podríamos conseguirlo, pero a estas alturas de la liga, la cosa está complicada. Aparte de esto hemos tenido bajas muy importantes, caso de Barciela, y otros jugadores que están lesionados". Declaración do adestrador incluída por Lino Blanco nunha reportaxe que fai sobre a historia do Club de Fútbol Gondomar no xornal Atlántico Diario de 25 de xaneiro de 1988.
- 68 Datos extraídos da documentación "Acta de aprobación dos Estatutos do Club" e "Junta Directiva" do C.F. Gondomar, con data 14 de marzo de 1989, existentes na Dirección Xeral de Xuventude e Deportes, Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia.
- 69 Este dato foi transmitido oralmente por Luís Muñiz, compoñente do equipo que estivo a punto de promocionar a Segunda B. No suplemento do Faro de Vigo. Val Miñor de 31 de maio de 1999, confirmase a información.
- 70 Dato recollido da publicación Campionatos Rexionais-Comarcais 2000-2010 GalizaSur, tomo III, da autoría de Iago Pereira Dominguez, editado por Edisport S.L. Vigo 2011.
- 71 Extracto da Acta da Sesión Ordinaria número 01/2014 do Pleno do Concello de Gondomar, constituído por Fernando Guitián Guitián, como alcalde, e, como

concelleiros, Patricia Durán Pérez, Jesús Salgueiro Pérez, Carlos Lameiro Pérez, Juan Carlos González Camesella, Paula Bouzós Barros, Juan Francisco Ferreira González, Ana Isabel Francisco Santos, Natalia Sofia Salgueiro Hermida, José Ignacio Troncoso Quintas, Manuel Gómez González, Xosé Antón Arauxo Quintas, Pauliño del Río Iglesias, María Fátima Rodríguez Areal, María Luísa Tareixa Uxía Varela Nogueiras, Emilio Enrique García Crego e Eladio Costas Pereira.

AS CATEGORIAS INFERIORES E OS VETERANOS.

ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO

FÚTBOL BASE.

Parece lóxico pensar que a partir do intre no que o fútbol aparece na vila, e a medida que van sendo coñecidas as regras do xogo, empecen a practicalo de xeito espontáneo e amigable grupos de rapaces. En todo caso, as primeiras noticias que coñecemos da formación de equipos estritamente xuvenís ou infantís en Gondomar proceden da década dos vinte.

No ano 1927, nun tempo onde os partidos de fútbol se celebraban de cando en cando, de xeito amigable ou na disputa dalgún trofeo doado por alguén, podía lerse na prensa rexional a seguinte noticia concernente á vila:

“Los jugadores infantiles de esta localidad se han agrupado estos días bajo el nombre de Miñor F.C. infantil con objeto de jugar contra un equipo vigués, que se dice es muy notable, dentro de su categoría.

Como los pequeños futbolistas de esta villa están tomando la cosa muy en serio, y se vienen entrenando todos los días, se espera que resulte un partido bonito porque algunos de ellos saben jugar mejor que los mayores.

También existe mucho interés entre los aficionados al fútbol para presenciar dicho encuentro”¹. O partido xogouse o domingo 23 de xaneiro e enfrontou na Cerca ao Miñor F.C. co Ciosvín.

O ano seguinte persistía o ánimo por ver fútbol infantil e xuvenil en Gondomar, ou iso parece se nos deixamos guiar polos comentarios de El Pueblo Gallego:

“Pronto se organizará en esta villa un concurso de fútbol para equipos infantiles.

Los trofeos consistirán en una bonita figura de bronce y una copa de plata donados para este fin.

Dentro de breves días publicaremos las bases. Creemos que los equipos de Gondomar, Sabarís y Bayona harán lo posible por salir airoso”². Días antes de que aparecese isto en prensa xogaran na Cerca un equipo infantil de Gondomar con outro de Baiona. Gañaran os primeiros por 4-1³.

Imaxinamos que con moitas dificultades, os rapaces seguían a xogar de xeito máis ou menos regular; cando menos, isto é o que nos fai pensar unha nova atopada nun xornal do último ano da década. O 3 de agosto anúnciase un partido de infantís, a celebrar en domingo no campo da Cerca, outra vez entre Bayona S.C. e Gondomar S.C.⁴.

Non posuímos datos da década dos trinta pero, aínda así, non dubidamos da existencia de algún equipo de rapaces, isto, a pesar de quedarse a vila sen recinto de xogo durante aproximadamente 14 anos. Non moi lonxe estaba o campo da Pro Val ao que, como imos ver, máis dunha década despois inda seguen a quitarlle proveito.

En outubro do 43 estábase a celebrar un campionato de infantís no que chegaran á final, empatados a puntos, os equipos Club Ramallosa e Gondomar

Sporting. Para dirimir o gañador do torneo xogarán primeiro en Lourido e ao domingo seguinte no campo das "Escuelas Valle Miñor"⁵. Non conseguimos atopar o desenlace.

Coa construción do campo das Gaiandas a principios dos corenta xorde unha nova oportunidade e como consecuencia da fundación do Club Gondomar aparece unha nova escola de ídolos locais para os pequenos. Estes inda seguirán un tempo concertando partidos a través do sistema de "reto", fórmula por outra banda utilizada tamén durante décadas polos equipos de maiores non federados.

Por exemplo, o 16 de marzo do ano 45 podía lerse no xornal El Pueblo Gallego que o Gondomar B, equipo de infantís, reta o Deportivo Bouzas, o Jaspe ou a calquera outro desa categoría para xogar o próximo día 19 no campo das Gaiandas. Indemnizará con 60 pesetas para gastos de viaxe.

O reto foi aceptado polo Couto e, posteriormente, polo Jaspe. O Gondomar enfrontarase ao Couto e faille saber ao Jaspe que se lle adiantaran, pero aproveita para intentar non perder a aceptación e propón aprazar o encontro.

A situación dos distintos equipos infantís e xuvenís de Gondomar manterase igual durante case toda a década dos cincuenta. Non será ata a tempada 59-60



Equipo de infantís creado a finais da década dos cincuenta. Ano 1959 ou 60, en Lourido. Inda non estaba baixo a disciplina do Club Gondomar. De esquerda a dereita, arriba: Manolito Estévez, Manolo Cabaco, Alvarito, José Manuel Misa, Antonio Vidal, Charro. Abaixo: Manolito Núñez, Mariño, Víctor Sestelo, Ramón Lorenzo e Pepito Quintas.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

que o Club federa a categoría de xuvenís e empeza a traballar de xeito máis regra-
do nas categorías base; na canteira.

En 1960 o club tiña equipo de xuvenís que competía en liga federada dende o ano anterior, segundo acabemos de dicir. No 61 tamén posuía categoría infantil⁶. No 62 e 63 xoga o campionato rexional de xuvenís, compartindo competición no último ano co Coruxo, D. Travesas, M. Códax, Casablanca, Castrelos, D. Coia, e A. de Alcabre.

No ano 64 o Gondomar xuvenil e o cadro "Viejas Glorias" do club disputan a copa Nanito⁷, o 12 de outubro, contra as correspondentes seccións do Club Travesas de Vigo. Os xuvenís gañan 7-0.

Na tempada 64-65 volve disputar a Liga Rexional proclamándose campión de grupo sen coñecer a derrota; so empatou tres partidos. Ese ano presentou aliñacións como: Estévez, Priegue, Nacho, Penedo, Alvarito, Quintas, Pedro, Portela, Eugenio, Eloy e Paco, ou Soliño, Paco, Tante, Penedo, Lolo, Doro, Alonso, Núñez, Enrique, Mariño e Ramiro. Moitos destes rapaces pasarían á tempada seguinte a formar parte do equipo de modestos que compite no Campionato Comarcal de Vigo.

Referido a esta década dos sesenta, conta Manuel Núñez:

"Remataba a década dos cincuenta e o Club Gondomar op-
tara por non cultivar o fútbol base debido a carecer de medios eco-
nómicos e técnicos para garantir a continuidade dun equipo xuvenil.
Pero había na rúa unha morea de rapaces atrapados polo fútbol que,
sen outra posibilidade, usaban todos os días a praza da Alameda, ou
calquera outro recuncho, para darlle patadas a unha pelota -moitas
veces xogábase na rúa, pois a presenza de vehículos era testemuñal-.
Naquela, Manolo Estevez, que logo foi porteiro do Pontevedra e doutro
equipo catalán que agora non lembro, Pepito Quintas, Víctor Sestelo,
Jesús Mariño, Paco Fiuza, Manolo Cabaco, José Manuel Misa, Álva-
ro Núñez -Alvarito fillo-, os irmáns Caballero, o asinante e algúns máis,
pelexabamos sen acougo por formar un equipo federado. O primeiro
paso era equiparse, e cartos non había.

Fíxose unha colecta na rúa, casa por casa, con bos resultados
tendo en conta a crítica situación económica daquel intre e logo, gra-
zas á intermediación do barbeiro e correspondente do Faro de Vigo,
Don Laureano Álvarez Calvo, obtívose da familia Manzanares -veciños
de Donas, residentes en Uruguai; unha das grandes fortunas de Mon-
tevide- unha cantidade en metálico e a doazón dun reloxo de pul-
seira para facer unha rifa, a cal ofreceu unha nova fonte de ingresos.
Mercada a equipaxe, iníciase o periplo do equipo: partidos no campo
de Lourido, nas Gaiandas, no campo das Escolas Pro-Val, na Palma,....

contra equipos de Panxón, de Baiona, de Veraneantes, de San Miguel de Oia,...., todo canto aparecía.

O equipo, a organización, gustou no Club Gondomar e os directivos convencéronse de retomar a vixencia dun equipo xuvenil, que, xa diremos, chegaría a ter un importante éxito e terminaría por ser o atractivo xermolo do gran equipo que rematará por callar máis adiante. O adestrador foi Enrique Rodríguez Hermida.

No último ano desta quenda de xuvenís moitos ascenderon ao equipo da Serie A. O asinante, que tamén tiña ese destino, na mesma véspera do inicio da Liga, nun sábado, cae gravemente enfermo e non participa no campionato ata os derradeiros partidos. Entre tanto o equipo xuvenil, con rapaces xogando en ambos os dous equipos, clasifícase, logo de varias eliminatorias, para a Copa de España e tócalle como rival o Celta de Vigo, naquela integrado por unha morea de grandes xogadores entre os que sobresaen figuras de alto nivel, como Costas-tempo despois xogador do Barça na época de Johan Cruyff-. O partido de ida xógase en Gondomar, un día pola semana, co resultado final de 1-1 e gol do asinante. Pero o resultado non reflexa a realidade do encontro desvirtuado por unha arbitrase parcialísima a prol do Celta, que, como se verá, non necesitaba desas axudas.

Os incidentes provocan graves sancións: Enrique Rodríguez Hermida foi castigado a perpetuidade, Avelino Rodríguez -Chicho-, máis tarde xogador do Coruxo, 24 partidos sen xogar, e así un longo rosario.

O partido de volta, en Balaídos, xogouse un día de galerna infernal. Gondomar quedou incomunicado. Non circulou nin o tranvía, que xamais paraba. Xogadores que por diversas causas estaban fóra da vila -na Guarda, Pepe Quintas; en Tomiño, Eugenio e Eloy; etc.- non puideron vir. Así e todo, a directiva do Gondomar fixo oídos xordos á nosa petición de non ir xogar, de aprazar o encontro alegando a imposibilidade de transporte, e fíxonos celebrar o partido. Balaídos inundado. O Celta, mellor preparado fisicamente, mellor adaptado a un campo de herba, aquel día impracticable, e co equipo completo, desbordounos. O resultado: Celta 12 - Gondomar 0. Ese ano o Celta foi subcampión de España ao perder a final, celebrada no Bernabeu, contra o Athletic de Bilbao".

Manolo Núñez estase a referir ao ano 1965, cando o Celta xuvenil, adestrado por Pepe Villar, perdera 2-1. Aquel día no Celta formaran Suso, Fede, Manolo, Cambeiro, Eduardo, Costas, Plaza, Sanromán, Lito, Félix e Núñez.

O equipo de xuvenís, que desaparecera ao rematar a tempada 64-65, volve competir na tempadas 68-69. É aí onde se fai cargo deles Manuel Fernández Álvarez

-Manolo de Penisco- quen dedicará 15 anos da vida ao fútbol base do Gondomar, isto é, a transmitirle non só coñecementos futbolísticos a xeracións e xeracións de rapaces do Val, senón, tamén, a inculcarlle unha serie de valores para afrontar a vida con honradez, dignidade e constante espírito de superación. Iniciou a actividade cos xuvenís, segundo acabamos de nomear, e máis tarde sería o creador da categoría de infantís no club, sección pioneira no Val Miñor; algo que co tempo irán incorporando outros clubs da contorna.

Tras estar unhas tempadas cos xuvenís, aos que máis tarde volverá durante un curto período, Manolo céntrase nos infantís. Entende que é algo beneficioso para o club e, á vez, para a colectividade, e organiza unha serie de reunións cun grupo de persoas afíns de recoñecida vinculación futbolística; algunhas destas reunións realizáronse no Mineiro á calor dunha cunca de espadeiro ou albariño, dependía do gusto. Deciden crear a sección.

Pero aos problemas habituais atopados en situacións como esta váiselles sumar un novo. Como xa dixemos, esta nova sección do Club Gondomar foi a primeira en existir en todo o Val Miñor polo que, en consecuencia, non existía con quen competir na comarca. A única posibilidade era entrar na zona de Vigo, pero os clubs vigueses



Unha aliñación do Club Gondomar xuvenil, campión de liga na tempada 1964-65. Arriba: Estévez, Fiuza, Varucho, Ramiro, A. Caballero, Pepe Quintas, M. Caballero. Abaixo: Mariño, Núñez, Paulino, A. Caballero e Penedo.

Fonte: Arquivo de Manuel Núñez Sestelo.

negábanse alegando non estar dispostos a asumir os gastos que significaba desprazarse ás Gaiandas. Manolo non desfaleceu; púxose a traballar nunha solución satisfactoria para os clubs vigueses. Botou man dos contactos que lle proporcionaran os anos de futbolista e conseguiu arranxar o problema, aínda ben, a costa de incrementar os gastos propios, de por si xa excesivos. A cousa pasaba por utilizar como locatario o campo do San Esteban, de Beade, posibilidade que había que pactar coa directiva correspondente. Houbo acordo. Os pequenos adestraban nas Gaiandas e todos os fins de semana, xogaran na casa ou fora, desprazábanse a Vigo. Así se fixo durante tres anos. Para o transporte Manolo utilizaba o coche propio e topou o máximo colaborador en Ángel Fernández López -Lito, seu cuñado-. Tamén participaron nesta tarefa Moncho Sestelo e Tino de Mañufe. Lito queimou o coche.

Deste xeito empezou o Club Gondomar infantil a competir nunha liga comarcal que anos despois chegaría a gañar. Foi a finais dos setenta cun equipo formado por rapaces con calidades para a práctica do fútbol, como o tempo se encargará de demostrar. Logo tamén gañarían a Copa. Xogaban Chamorro, Gustavo, Félix, Dani, Richard, Julio Araña, Canario, Berzas, José María e moitos outros. Este equipo chegou a xogar a fase de ascenso á categoría provincial contra o Turista no campo de Coia. Esta sección, que se iniciou cos rapaces que Manolo ia controlando na escola pública, mentres pateaban un balón durante o recreo, chegou a reunir co paso dos anos cento cincuenta pequenos de todo o Val Miñor.

Manolo volveu encargarse dos xuvenís logo de que estivesen durante un tempo considerable a cargo de Enrique Hermida e antes de pasar a encargarse, na tempada 81-82, do daquela recentemente creado Gondomar Promesas. Este novo equipo tiña por obxectivo seguir rodando os rapaces que saían de xuvenís con vistas a que integrasen o equipo de Serie A, Terceira División ao ano seguinte, e deste xeito potenciar a canteira.

O equipo de xuvenís do Club Gondomar da segunda metade da década dos setenta rematou por converterse en mítico dentro do Val Miñor. Gañou varias Ligas, o Torneo Primavera e acadou cento tres partidos consecutivos sen coñecer a derrota. Este equipo, ademais, participou en promoción de ascenso á categoría autonómica. Nel integráronse varias xeracións de rapaces con grandes calidades para a práctica do fútbol, moitos procedentes dos infantís; algúns xogarían máis tarde en distintas divisións de ligas estatais. Rapaces como Manel, Pepe Núñez -fillo-, Fonso Lis, Moncho, Quique, Gustavo, Nestor, A. Soliño, Nando, Tante, Rotilio, Rubio, Lucas, Javier -Sara-pullo-, Suso Amoedo, Miguel Rodríguez -Cachapús-, Tito, Suso Rodríguez -Cachapús-, Chamorro, os Cuña, Reñones, Canteiro, Camacho, Mantilla, Varela,..., e moitos outros.

A partir da tempada 81-82 faise cargo dos infantís Jesús Mariño, ex-xogador do Club Gondomar, e dos xuvenís Fonsi Mandado, naquela inda dianteiro do Club Gondomar en Serie A. Era presidente Manolo Núñez.



Equipo xuvenil de mediados dos setenta. Arriba: Chamadoira, Eduardo Hermida, M. Núñez, Luís, Rotilio, Roberto, Pepito Núñez, A. Lis, Tito, Miguel, Enrique e Jorge. Abaixo: Mariño, Suso, Javier, Suso de Amoedo, José Luís, Soliño, Nando, Lucas e Néstor.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

Os cambios sociais, as novas necesidades, o aumento demográfico, a mellora do nivel de vida e os cada vez máis recortados tempos da muller segundo para que tarefas como consecuencia dunha sociedade máis igualitaria, propician novas redistribucións nos tempos e atencións dos individuos máis pequenos da sociedade, dos nenos das primeiras idades e, en consecuencia, as respostas sociais reorganizáanse; tamén dentro do fútbol, como actividade receptora e como nicho de negocio.

O primeiro paso foi dividir as antigas categorías infantil e xuvenil en tres. Entre ambas intercalouse aos cadetes. Tempo máis tarde introduciuse unha cuarta categoría: os alevíns. Despois a estratificación completa foi benxamíns, alevíns, infantís, cadetes e xuvenís. Pero a cousa inda non acabou aí, actualmente tamén existen os pre-benxamíns. En todo caso, é posible que todo esta estratificación sexa positiva e necesaria; non o sabemos. Agora ben, sabemos que na década dos noventa o C.F. Gondomar, pola razón que fose -o máis lóxico é pensar nos beneficios dunha boa canteira-, non esqueceu as categorías inferiores; o fútbol base.

A partir da tempada 89-90, con José Fajo como presidente, o club coidou a canteira e incluso iniciou a participación nun torneo internacional a celebrar en Francia. A parcela económica do club, como case sempre, atravesaba tempos difí-



Equipo xuvenil de finais dos setenta. Arriba: Quique, Leal, Ramiro, Moncho, Ricardo, Amante, Gustavo, Fino, Enrique. Abaixo: Emilio, Lito, Manel, Reñones, Ángel, Chamorro e León.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

ciles e, a través do presidente, solicita apoio á corporación municipal. A Comisión de Goberno do concello, en data 5 de marzo de 1990, concede unha subvención de 75.000 pesetas ao Club de Fútbol Gondomar para axudar a paliar os gastos da viaxe a Feyzin, preto de Lyon, en Francia, para participar no citado torneo internacional de fútbol base.

En realidade a participación neste torneo iniciárase no ano 1989, coa participación de, ademais do Feyzin e Gondomar representando os correspondentes Estados, equipos de Portugal, República Federal de Alemaña, Italia, Suíza e Austria, se ben non todos os anos participaban os mesmos países; por exemplo, no 91 fixérono a República Federal de Alemaña, Portugal, Dinamarca, Holanda, Suíza, Italia, Bélxica, Francia e España.

A partir de 1995 o fútbol base do club pasa ao Campo das Cercas. Construírase este recinto deportivo dende o concello para protexer o céspede das Gaiandas e, á vez, facilitar as tarefas das distintas seccións do club. Por ese tempo Barros, presidente en quenda, segue co apoio ao fútbol base. Na tempada 96-97 as categorías inferiores dividíanse en alevíns, infantís, cadetes e xuvenís encargándose deles, respectivamente, Ángel Quintas, José Muñiz -Ñeco-, José Ramón González -Moncho- e

Telmo Rodríguez, baixo coordinación xeral de José Ramón González⁸; era responsable do fútbol base Manuel Rodríguez -Pancho- e delegado para xuvenís e cadetes Jorge Juan Heim. Durante este período, ademais de manter a participación no Torneo Internacional de Feizyn con equipos doutros países europeos, inicia o concurso no de Santa Cruz de Bezana, en Cantabria, coa intención de que os rapaces, unha vez rematada a liga, se ilusionen con volver participar na próxima tempada.

Antes, con Antonio Casal como presidente, prodúcese un primeiro conato de autonomía na estruturación das categorías inferiores dentro do club. Alieos a estas loitas, neste período, durante un tempo encargouse dos xuvenís José Ramón González -Moncho-, e dos infantís os irmáns Ramón e Jose Hermida. Máis tarde será Berto Chamorro quen se faga cargo dos xuvenís.

Durante a presidencia de Gilberto Vila, alá por 2007, constitúese o "Fútbol Base Gondomar" escindíndose do Club de Fútbol Gondomar. Un novo club que tal e como indica o nome pretende aglutinar as categorías inferiores. En 2009, xa se dixo no capítulo anterior, este club asina o primeiro convenio directo co concello e o C.F. Gondomar perde as categorías inferiores e o campo de adestramento. O club Gondomar Fútbol Base de xuvenís empeza a competir na tempada 2007-08, en Segunda Categoría -Zona Vigo-; posteriormente ascenderá. Hoxe o Club Fútbol Base segue a plena actividade, mantendo como recinto o campo municipal de deportes das Cercas.



Equipo xuvenil de principio dos noventa. Arriba: Blas, Dani Penisco, Juan M. Cabaco, Ángel Penisco, José María, Harry. Abaixo: Fran, Varela, Abel, Fermín e Juan Carlos.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

VETERANOS.

Partidos con inclusión de xogadores ben entrados en anos e provistos en exceso de quilogramos, consecuencia do moito tempo de inactividade, celebráronse dende que o fútbol prendeu no ánimo de rapaces que antes de que se decataran deixaran de selo. Algunha vez estes rapaces despistados foron multitude.

Un dos primeiros torneos recollidos en prensa no que participan gran cantidade de xogadores que pertenceran, en distintas épocas, ao Club Gondomar celebrouse no ano 63. Non foi un partido entre equipos regrados, non; só xogadores entrados en anos que atopan unha oportunidade para volver vestir o pantalón curto e soñar con pór en práctica unhas habilidades que, a non querer, xorden petrificadas. A este tipo de xogadores nos sesenta, tamén antes, chamábanlle "viejas glórias".

O partido, celebrado no campo das Gaiandas en outubro, ás seis da tarde, despois doutro de xuvenís, enfrontou o Club Gondomar co Xuvenil de Ponteareas, localidade que por aquela proporcionara moitos e moi importantes xogadores ao club minorán e ao fútbol en xeral. No enfrontamento atopáronse Tatán, Mosquera, Doval, Pepiño e outros, polo Ponteareas, con Nolete, Hermitita, Sayanes, Carallas, Núñez, Soleiro, etc., do Gondomar. Gañaron os de Ponteareas por 1-3, e todo rematou nunha cea de confraternidade. Bastante habitual.

Foron moitos os partidos similares a este xogados nas Gaiandas e noutros campos por antigos compoñentes do Gondomar coa etiqueta de "Viejas Glorias" antes de que se constituíse a Agrupación de Futbolistas Veteranos de Vigo⁹ no ano 1972. Esta Agrupación é unha asociación independente, sen ánimo de lucro, e sen vinculación coa Federación Galega de Fútbol. Cando se fundou formában seis equipos, hoxe, en 2014, agrupa a cento catro, que se estruturan nas seguintes categorías:

División de Honra.....	dispútana 18 equipos.
Primeira División.....	dispútana 18 equipos.
Segunda División A.....	dispútana 18 equipos.
Segunda División B.....	dispútana 18 equipos.
Terceira División A.....	dispútana 16 equipos.
Terceira División B.....	dispútana 16 equipos.

Actualmente, unha vez rematada a liga da División de Honra de todas as Asociacións de Futbolistas Veteranos existentes en Galicia, celébrase o Campionato Galego entre os campións de cada unha das Asociacións, que neste intre, ademais da xa citada viguesa, son: A Coruña, Ourense, Pontevedra, Lugo Local, Lugo Provincial e Santiago.

A sección Gondomar Veteranos, periférica ao C.F. Gondomar, segundo conta José Manuel Blanco Martínez -Pibe-¹⁰, animoso coordinador durante anos desta

sección, foi creada por Enrique Hermida aproximadamente no ano 1972, aproveitando xogadores que se retiraban da practica activa do fútbol e tiñan 30 anos ou máis, condición indispensable para formar parte destes equipos. Rapidamente se inscriben na Asociación de Futbolistas Veteranos e comezan a competir cun equipo no que formaban Eugenio, Tito, Anía, Lito, Enrique -tamén facía de adestrador-, Carbuco, os irmáns Cabaco, Telmo, Manolo Núñez, Claudio e Chicho. Tempo despois entraran Fernando e Manolo Penisco, Serafín Chamorro, Simbad, Higinio, Freiria, Mariño e outros.

Co paso dos anos, inda manténdose unha parte importante do núcleo inicial, son moitos os cambios que se van introducindo entre os compoñentes. De todos os xeitos, o equipo segue en competición; e resiste quinquenios. Dez anos despois de fundarse, isto é, no 82, estaba composto por Estévez, Urbano, Chacón, Moncho, M. Canelas, Luís, Chicho, Mundo, Lito Penisco, Claudio, Moncho Sestelo, Sousa, M. Montero, Martínez e Pibe.

Seguirá a xogar durante anos, logo desaparece durante algún tempo.

Regresa na tempada 1998-99, outra vez da man de Enrique Hermida e, agora, tamén con Manuel Estévez Sayanes. Este, Manuel, ademais de ser o principal coordinador da sección nesta segunda etapa, é a fonte que achega todos os datos do equipo e sección citados a partir deste intre.



Equipo de veteranos da primeira etapa. Anos oitenta, nas Gaiandas. Arriba: Pibe, Chicho, Eladio, Moncho, Estévez, Urbano, Carballo, Manolo, Chacón. Abaixo: Mandado, (Luís), Sestelo, Lito Penisco, Niní e Claudio.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

Como dicíamos, reaparece en 1998, pero non lle queda outro remedio que facelo na última categoría; perdera todos os privilexios adquiridos durante anos no momento en que deixara de competir. Ese ano o equipo consegue ser campión de liga e, consecuentemente, ascende a Segunda División. Daquela eran menos os equipos inscritos e inda non existía a estratificación de categorías que se expón ao comezo da sección; só existían tres divisións.

No ano do ascenso a Segunda, tempada 98-99, o equipo estaba formado por Estévez, na portería; Moncho, Chamorro, Rafa, Manoli, Jesús, García, Vilán e Soliño, defensas; Manel, Vargas, Oscar, Nestor, Mili e Rolando, centrocampistas; e Moncho Hermida, Javier o Xemelgo, Pena, Blas, Araujo, Lito e Paulo, dianteiros. Facía as funcións de delegado Manuel Estévez e adestraba Enrique Hermida. Esa tempada, ademais do trofeo de campión, fíxose cos de equipo máis goleador e menos goleado.

Na seguinte, 1999-2000, acada o subcampionato da liga cos mesmos puntos có campión. Só a diferenza de goles entre ambos os dous impediu o ascenso do Gondomar. Tivo que esperar outra campaña.

Foi na 2000-01 cando volve ascender, esta vez a Primeira División, a máxima categoría daquela. Ese curso ao trofeo de campión sumáronse o de equipo máis goleador, outra vez, e o da deportividade, que vén recoñecer o equipo máis correcto e de espírito máis deportivo do campionato.



Equipo da segunda etapa. Arredor do 2000 no campo das Cercas. Arriba: Estévez, Fran, Pena, Ñeco, Enrique, Rafa, Moncho Hermida, Figueiras. Abaixo: Moncho, Titi, Manel, Maqui, M. Araujo, Mili, Juan Carlos e Manoli. Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

Nas dúas seguintes alcanzou o cuarto e o terceiro posto, respectivamente, na táboa clasificatoria a final de liga, e na 2003-04, rematando no quinto posto, volveu facerse coa distinción de Campión Trofeo Deportividade.

Despois dunha campaña de transición disputada tamén na Primeira División, será na 05-06, tras quedar cuarto na liga, cando se proclame Campión do Trofeo Agrupación. A 06-07 é a dos campionatos inalcanzados; queda Subcampión do Trofeo Agrupación, Subcampión do Memorial Estévez e Subcampión do Trofeo Vila de Baiona.

No curso 2007-08 consegue quedar Campión de Copa; no 2008-09 volve facerse co Trofeo Deportividade e o subcampionato do Memorial Estévez; no 2009-10 co subcampionato do Trofeo Agrupación e na 2010-11 queda subcampión de Copa e Campión do Trofeo Deportividade unha vez máis.

O continuo incremento de afiliados leva aos dirixentes da Agrupación a reestruturar as categorías da competición. Faino ao final da tempada 2011-12. Establece unha nova categoría e decide que todos os equipos integrantes da Primeira División pasen a formar parte dela: será a División de Honra. A Primeira División conformouse cos nove primeiros clasificados dos dous grupos de Segunda, constituíndose esta co resto.



Alguns trofeos acadados pola sección de Veteranos. De esquerda a dereita: Trofeo Deportividade 2000-01, Campión de Copa 2007-08, Campión de Liga -ascenso a 2ª División- 1998-99, Campión Trofeo Deputación 2005-06.

Fonte: Arquivo de Manuel Estévez.

O Gondomar competiu nesta nova categoría dúas tempadas, descendendo na segunda. Nese intre o equipo estaba composto por Álvaro, como porteiro; Abel, Rafa, Roberto e Michi, defensas; Rolando, Bugallo, Dani, Tavi e Lino, centrocampistas; e Juan, Jano, Joseph, Puime, Neli, Gabriel, David, Joaquín, Ramón e Tito, como dianteiros. Era delegado Abel Ferreiro Martínez e adestrador Javier Comesaña Bugallo.

A tempada 2014-15, coa estratificación de categorías indicada ao principio deste relatorio xa implantada, o Gondomar Veteranos xogará en Primeira División.

NOTAS BIBLIOGRÁFICAS E DOCUMENTAIS.

- 1 Faro de Vigo, de 21 do 1 de 1927.
- 2 El Pueblo Gallego, de 27 do 7 de 1928.
- 3 El Pueblo Gallego de 22 de xullo de 1928.
- 4 El Pueblo Gallego, de 3 do 8 de 1929.
- 5 Noticia recollida no xornal El Pueblo Gallego, de data 24 de outubro de 1943.
- 6 El Pueblo Gallego, de 15 e 21 de outubro de 1960 e de 10 de febreiro de 1961.
- 7 Trofeo enviado por Salustiano Fraiz Castellanos dende Venezuela, a onde emigrara. Tamén fará chegar en diversas ocasións aos clubs do Val, principalmente ao Gondomar, presentes e agasallos como, por exemplo, equipaxes.
- 8 Información extractada da Revista Deporte Galego, ano III, nº 20.
- 9 Toda a información referida á estruturación e percorrido da Agrupación de Futbolistas Veteranos de Vigo foi fornecida pola propia Agrupación, con sede na Avda. da Florida nº 22, baixo.
- 10 Reportaxe asinada por Jorge Lence no "Faro del Lunes", de 14 de xuño de 1982, da que se obteñen os datos aquí indicados respecto da fundación e primeiros compoñentes do equipo.

O FÚTBOL FEMININO.

ROSA MOURIÑO PÉREZ

EN GONDOMAR NON SÓ FOI COUSA DE HOMES.

O fútbol feminino tivo un inicio ventureiro en Gondomar. Ía ser algo pasadío, pero converteuse nun EQUIPO, entendido no seu sentido mais rigoroso: Grupo de persoas unidas para realizar unhas tarefas en común. Naquel momento facerse un oco no mundo do fútbol era unha loita desigual para os homes e para as mulleres, na que elas ademais de xogar tiñan que facer fronte ás faladurías e o que dirán!

Máis alá destes impedimentos, nunha época na que a televisión era unha das mellores adquisicións domésticas e ir ao cine Capitol (na parte de abaixo da Praza da Paradela, onde estivera o cuartel da Garda Civil) ou ao cine Rialto (onde despois foi mobles Bravo), ou incluso ao cine Gondomar (ao lado do que era a Casa Aquilino) era un dos maiores atractivos para que chegase a fin de semana, o mundo do espectáculo e do cine non llo puxo nada sinxelo ás mulleres que se querían iniciar nun mundo fundamentalmente viril.

Primeiro foron "As folclóricas fronte ás Finolis", o que comezou sendo un partido de fútbol de carácter benéfico terminou coma unha sátira e mofa de dianteiras; un partido celebrouse en Vallecas e outro no Sánchez Pizjuán. Lola Flores, Marujita Díaz ou Rocío Jurado ían vestidas coa equipaxe do Betis, e Encarnita Polo e Luciana Wolf coas cores do Rayo Vallecano.



Cartel de Las Ibéricas. 1971.

Máis tarde foi a rodaxe de "Las Ibéricas F.C.", un filme de Pedro Masó e protagonizada polas pioneiras do cine dos 60 e 70 como Rosana Yanki ou a alemá Ingrid Garbo: Chelo, Menchu, Luísa, Piluca e Julita foron burlonamente comparadas cunha "dianteira de primeira división": Gorostiza, Zarra, Basora, Di Stefano ou Kubala.

En Gondomar corrían os finais dos anos 60 e un grupo intrépido de mulleres querían ir de viaxe de estudos. A mestra do curso PPO (Plan de Promoción Obreira) deulle a idea de organizar un partido de fútbol amigable, como fora o benéfico das "folclóricas" contra as "finolis", e así recadar fondos e poder viaxar.

Algúñas delas comezaron coa andaina, tiñan que conseguir rapazas suficientes para xogar un once contra



Foto do primeiro partido amigable.

Ariba de esquerda a dereita: Pichi, Villar, Aurora, Nati, Marina, Mantilla, Lito Hermida

Abaixo de esquerda a dereita: Puri, Maruja, Tere, Leiras e Neri

once, ademais estaba a tarefa de conseguir a equipaxe, pedir o campo e o máis importante: que alguén lles ensinase as nocións básicas para, como elas din agora, “non facer o ridículo”.

Con este inicio aparentemente altruísta formouse o equipo feminino do Gondomar, que chegou a encher o estadio das Gaiandas en reiteradas ocasións e conseguiu facerlle sombra ao equipo masculino, chegando a ocupar liñas de periódicos de tirada nacional.

O primeiro foi o adestrador. Tiña que ser unha persoa que coñecesen, que o respectasen no mundo do fútbol e que tivese coñecementos e paciencia para adestralas. Lito Hermida (ou Lito de Manuela) era o seu obxectivo. Faláron con el xa que era un dos veteranos que mellor xogara tempo atrás e que seguía en contacto co mundo deportivo.

O seguinte foi escoller as camisetas: cales realzaban máis a figura, que cores estaban máis de moda,...a que máis lles gustou foi a do Club Alético Peñarol uruguaio. Listas verticais amarelas e negras, pantalón escuro e medias brancas ou calquera que tiveran pola casa. As botas de tacos non chegaron ata máis adiante. Daquela todas as rapazas tiñan o que hoxe está á última: as zapatillas Converse

“allstar”. Naquel momento non era coma o fútbol de hoxe en día: non había patrocinadores, nin “utillo”, nin representantes. Elas só querían xogar aquel partido para conseguir os cartos e coñecer mundo.

O primeiro partido xogouse no campo das Gaiandas (estiman que foi no verán do 69). O rival era o Tomiño, un contrincante difícil, nun encontro que se saldou con algún que outro ollo morado. O estadio encheuse e os espectadores contaban mirar unha exhibición anódina: como unhas pernas femininas seguían tras un balón. Esta primeira mofa tornouse en desconcerto e as Gaiandas contemplou como unhas rapazas loitaron ata o último minuto por lograr unha vitoria que chegou, e que ademais asombrou.

O adestrador estaba encantado e animounas a que fixesen a ficha para poder xogar na categoría feminina da Provincia de Pontevedra. Elas aceptaron.

Así comezou unha tempada chea de esforzos e logros que domingo tras domingo enchía o campo, cousa que non facía o equipo de homes. Era pura demostración futbolística e cheo asegurado. En pouco tempo fóronse posicionando e cada unha delas tiña unha demarcación clara: porteira, defensas, centrocampistas, atacantes...

O equipo feminino xogaba primeiro, enchíanse as gradas e as arcas. Nos prolegómenos do partido elas vendían as entradas para o partido masculino, xogaban,



Arriba de esquerda a dereita: Lito Hermida, Leiras, Nati, Mantilla, Marina, Neri, Villar

Abaixo de esquerda a dereita: Maruja, Pichi, Tere, Merchi e Puri

daban espectáculo e deixaban o campo cheo para que os asistentes quedasen a mirar os varóns.


Se unha comisión de festas quería recadar cartos ou facer algunha festa chamaba o equipo feminino do Gondomar. Eran cheo e bo xogo asegurados. Díciase que eran o equipo revelación. Xogaban contra o Mallador, o Guillarei, o Alondras, o Cortemáns, o Mourente, Plásticos de Galicia, El Pilar... Contan as malas linguas que as rivais incluso choraban cando sabían que lles tocaba xogar contra o equipo miñorán.

Din algunhas das xogadoras que na súa familia non querían que xogase, querían que aprendesen a coser, a facer os labores propios dunha muller. Elas a aprender costura "á de Señora Carmen, alí cerca do Pazo do Conde", pero se había partido ou adestramento, o máis importante era xogar. Elas coí-daban a súa equipaxe, lavaban as medias, camiseta e pantalón.

Lito Hermida, Antonio Núñez "O Carallas" e Moncho Regueiro ían con elas as fins de semana. Alugaban un autocar e ían ao campo que lles tocaba: Samil, Coia, Balaídos, A Florida, Pontevedra, Cangas,.... Ás veces, se había algunha festa polo camiño, á volta incluso paraban un anaquiño a botar un baile. Despois axudoulle adestrando Carlos Estévez, o de Couso, que tamén se apuntaba ás excursións dominicais e elas considerábano "o mellor do mundo" nalgunha entrevista que concederon a algún medio local.

A afección incluso lles cantaban:

"El Gondomaaaar, es campeón,
Que mete goleeees, con el balón,
La porteríaaaa, es de cristaaal,
Y la porteeera fe - no - me - nal"



Cartel do primeiro encontro da tempada entre o Gondomar e o Alondras.

Domingo 6 de xuño de 1971. Resultado final Gondomar 5 - Alondras 0



Arriba de esquerda a dereita: Villar, Mantilla, Neri, Margarita (Miss Uruguai), Lito Hermida, Tere, Marina, Márquez e Susi.

Abaixo de esquerda a dereita: Leiras, Nati, Puri, Maruja e Pichi



O presidente do clube, Alfonso Salgueiro, con Miss Uruguai, Margarita Plérigo, e as capitanas dos dous equipos, nos actos previos do partido. Á dereita o adestrador Lito Hermida.



Arriba de esquerda a dereita: Moncho Regueiro, Villar, Neri, Márquez, Tere, Marina, Susi, Carlos

Abaixo de esquerda a dereita: Nati, Mantilla, Maruja, Puri e Pichi

As primeiras camisetas (as do Peñarol) financiáronas cuns cartos que lles deu a PPO. Máis adiante chegaron as camisetas brancas, pero como equipo feminino nunca levaron o escudo do C.F. Gondomar.

O maior logro foi cando o diario deportivo *As*, de tirada nacional, sacou un artigo gabando os éxitos da tempada: era o único equipo feminino que ninguén conseguira bater en toda a tempada. O anuncio, coa fotografía do equipo, saíu na prensa o 1 de xullo de 1971:

As rapazas creaban afección aló onde xogaban. Mesmo fóra da casa tiñan seguidores que as ían mirar. Don Ramón Fariñas e Don Ramón Salgueiro eran dous dos maiores seareiros que tiña o equipo, e xa daquela lles recomendaban o deporte como remedio curativo, ao xogar non tiñan ningunha doenza.

Hoxe en día inda as lembran como boas deportistas:

“Aquelas si que valían, paraban o balón co peito e remataban coa perna”, “goles de cabeza”...

Foron un par de tempadas de éxito, conseguían adiantar o marcador e saír vitoriosas de case todos os terreos de xogo, ata que as circunstancias particulares de cada unha das xogadoras foron facendo que as cousas cambiasen e cada



Pág. 11 85

Páxina do diario as.

unha delas fose tomando camiños diferentes.

A algunhas chamáronas para xogar noutros equipos: o Mallador levou catro delas e continuaron naquel equipo ata que se desfixo (Tere, Neri, Pichi e M^a Jesús).

Pichi chegou a xogar na selección galega de fútbol feminino, a M^a Jesús-Susi-buscárona olladores doutros equipos estranxeiros. Os cazatalentos da selección feminina alemá estaban en Vigo e miraron xogar o Mallador. Escolleron varias pero finalmente só decidiron marchar algunhas, entre elas Susi. Ofrecíanlle traballo nunha fábrica metalúrxica nada máis chegar e xogar co combinado Post Sport Verein na cidade de Núr-



Arriba de esquerda a dereita: Villar, Neri, Mantilla, Nati, Marina, Leiras, Lito
 Abaixo de esquerda a dereita: Maruja, Merchi, Tere, Pichi e Puri.



Arriba de esquerda a dereita: Neri, Villar, Merchi, Misa, Susi

Abaixo de esquerda a dereita: Leiras, Tere e Pichi

emberg. Alí pasou unha tempada, viña de vacacións e seguía xogando coas súas compañeiras de equipo, pero no ano 75 volveu para quedarse.

Pouco a pouco o equipo feminino do Gondomar foise disgregando e cada unha delas fixo vida coa súa familia. Todas teñen o recordo dos seus anos futbolísticos e case todas elas a día de hoxe aínda se animarían a xogar un partido amigable para recordar vellos tempos.

Inda que se ven a miúdo, penso que cada unha ten o seu recordo daquela época, pero poucas veces chegaron a xuntarse para falar do deporte que conseguiu facer equipo, piña e amizade:

Villar, Leiras, Neri, Merchi, Tere, Pichi, Susi, Misa, Mantilla, Puri, Pili, Clara (Nati), Marina, Márquez, Rosa, Maruja e Aurora.

En febreiro deste mesmo ano 2014, no que se celebra o centenario do C.F. Gondomar, volveron xuntarse e falar de fútbol, coa única pena de que algunhas delas xa non están entre nós para poder recordar aqueles tempos. O que comezara sendo unha aventura cun obxectivo claro: unha meta e un fin, tornouse en paixón, esforzo e dedicación para superarse en cada partido, acadando o respecto como boas xogadoras moito máis lonxe dos seareiros da vila.

NOTAS BIBLIOGRÁFICAS E DOCUMENTAIS.

Carreño, F., 2012. "Cuando el fútbol era cosa de hombres", [www.marca.com
http://www.marca.com/blogs/tirandoadar/2012/10/25/cuando-el-futbol-era-cosa-de-hombres.html](http://www.marca.com/blogs/tirandoadar/2012/10/25/cuando-el-futbol-era-cosa-de-hombres.html)

Menayo, D., 2013. "Las pioneras, las folclóricas y las finolis", [www.marca.com
http://www.marca.com/reportajes/2013/04/serial_futbol_femenino/2013/04/16/seccion_01/1366105537.html](http://www.marca.com/reportajes/2013/04/serial_futbol_femenino/2013/04/16/seccion_01/1366105537.html)

Relaño, A., 2014. "Conchi Amancio, folclóricas y finolis", www.elpais.com, www.as.com,

<http://blogs.elpais.com/memorias-blanco-negro/2014/04/conchiamancio-folcl%C3%B3ricas-y-finolis.html>

<http://blogs.as.com/me-gusta-el-futbol/2014/04/conchiamancio-folcl%C3%B3ricas-y-finolis.html>

Nota: quixera agradecer a Loli Leiras, Villar, Neri, Mercedes, Teresa, Pichi, Susi e Lola Misa pola entrevista que me concederon en Gondomar o día 12 de xaneiro de 2014, con motivo da redacción deste artigo, e como fonte bibliográfica directa para poder escribir sobre o fútbol feminino en Gondomar.

Ademais agradecerlle a todas elas as fontes documentais, extraídas dos seus arquivos persoais de fotografías, que complementan o presente artigo.

Tamén agradecer ó arquivo do diario As por facilitarnos os documentos antigos referentes ó equipo.

OS RECINTOS DE XOGO.

ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO

OBXECTIVO.

Analizaremos neste apartado os diferentes campos de xogo que ao longo da historia do club, por razóns xa citadas en capítulos anteriores, funcionaron como sede ou lugar onde celebraba os encontros en calidade de local o equipo de fútbol máis representativo de Gondomar.

CAMPO DA CERCA.

É probable que a existencia dun xogo e deporte de carácter tan contaxioso como o fútbol fose coñecido e, consecuentemente, practicado por uns poucos en Gondomar alá polo 1914, ano de fraca lembranza para a humanidade. Agora ben, o que non existía era recinto para practicalo; cando menos, recinto apropiado.

Atendendo a que estamos a referirnos a unha época e a un lugar xeográfico onde calquera anaco de terra xeralmente tiña fins agropecuarios, a un tempo onde ata a máis mínima leira estaba sometida a cultivo, parece lóxico pensar que aos mozos -só o practicaba o sexo masculino, faltaría máis- quedáballes como única alternativa para correr tras a pelota, ou o que puidese simbolizala, as rúas e prazas da vila -tamén as estradas interurbanas abertas na segunda metade do XIX-. Porque non parece razoable que os xogadores de birlos celtas, independentemente das diferenzas dimensionais dos respectivos recintos, cedesen os seus para esta actividade, e menos aínda en Gondomar, onde este xogo tiña un gran número de practicantes e moito arraigamento; non habemos de esquecer que, aínda hoxe, o Val Miñor é, xunto a Tomiño, a única zona de Galicia onde este deporte autóctono se conserva coa máxima pureza¹. Cousa distinta é a utilización ocasional do campo de bolos para pequenas "pachangas" entre rapaces, iso si é probable.

Polo tanto, haberemos de concluír, había ilusión por practicar este xogo, pero os mozos resistíanse a considerar axeitado facelo onde o viñan facendo, por moi de terra compactada que fose o firme daqueles espazos, como en realidade o eran; se a caso, en ocasións, cubrindo algo de "zahorra" ou en desigual mestura con ela. Tampouco os afeccionados non tan novos, poucos tamén, moi posiblemente algo viaxados, minimamente ilustrados e seguramente ocupando postos de responsabilidade social, entenderían axeitado fomentar a creación dun equipo, máis ou menos regulado, sen ter un recinto adecuado onde xogar. O asunto é que había a máxima ilusión pola causa nun contexto de total ausencia de medios económicos. E pensando e buscando posibles solucións alternativas ao campo das "Escuelas Hispano Americanas Pro Valle Miñor", alguén tivo a benigna ocorrencia de botar man do Conde de Gondomar; o propio José Fraga, con casa na Para-



XI Conde de Gondomar, Gonzalo Fernández de Córdoba y Quesada, e súa dona, Francisca de Paula de Parrella y Bayo.

Fonte: Arquivo de Gonzalo Fernández de Córdoba Narváez, XIII Conde de Gondomar.

dela, xáctase en 1921 da súa relación con el, a pesar das diferenzas sociais e culturais que os separan².

Gonzalo Fernández de Córdoba y Quesada, XI Conde de Gondomar entre 1894 e 1948 e bisavó do actual, Gonzalo Fernández de Córdoba Narváez, XIII, vivira no Pazo durante a infancia e cursara os estudos de bacharelato nos xesuítas de Camposancos, na Guarda³. En consecuencia, a vila formaba parte dos seus records de neno e unha vez á fronte do condado cara a ela terá máis dun bo xesto, actitude que a Corporación Municipal, sendo alcalde Domingo Manzanares Pinzás, recoñece-

ralle en 1919 e festexará publicamente en 1921, designando co seu título o tramo da vía que comunica a Praza de Urzáiz co acceso ao Pazo. Un destes xestos foi dotar a poboación co primeiro campo de fútbol.

A maiores dos terreos que se desprenderan do condado ao longo do século XIX, en tempos dos IX e X condes, Gonzalo Fernández de Córdoba y Quesada cede na segunda década do XX, nas Cercas, dando fronte á que, como acabamos de citar, será na terceira década Avda. do Conde de Gondomar, a superficie de terreo necesaria para a práctica e contemplación deste deporte; un xesto nada corrente en tempos moi difíciles.

As Cercas é o topónimo, aínda en uso, dunha considerable extensión de terras da finca solar do condado, situadas nas proximidades do río Miñor, formando socialcos a norte dos xardíns do Pazo. En realidade, As Cercas é o nome que recibe parte dun territorio ocupado ao longo do tempo polos terreos denominados como A Cerca Pequena, A Cerca Grande, A Cerca da Viña e A Cerca da Coelleira; todas terras fértiles, de cultivo, pasadas en arrendo dende as primeiras décadas do XIX. E así seguían a principios do XX, cando o XI conde cede a parte citada. O propio D. Gonzalo menciónao na festa homenaxe que a vila lle tributa en 1921: "(...) pude lograr que los terratenientes a quines tenía arrendados los terrenos, los cediesen."⁴



Ponte sobre o río Miñor nas Cercas. A fotografía de José Rabín de Celis para Vida Gallega foi tirada en outubro de 1913 e recolle a ponte de estrutura mixta que viñera substituír a inicial de granito, arruinada xa a principios de século. A poucos metros á esquerda da ponte, fóra do encadre da foto, emprazaría tempo despois o campo de deportes da Cerca.

Fonte: Vida Gallega. Arquivo do Instituto de Estudos Miñoranos.

Agora ben, que D. Gonzalo cedese o CAMPO DE DEPORTES DA CERCA non ha de ser entendido necesariamente como que o doase, tal e como recollen a case totalidade de fontes consultadas. O mesmo conde, no discurso pronunciado na comentada festa homenaxe que a vila lle tributa o 25 de xullo, di: "Se trató de fundar en la villa una sociedad deportiva (...) y se acudió a mí para que facilitase la consecución del campo adecuado con el que hoy se cuenta. Accedí gustoso, complacido, (...)". Tamén o mestre Enrique Rodríguez Márquez, natural de Morgadán e personaxe influente no tempo e lugar de referencia, no prólogo do opúsculo que recorda esta homenaxe, fai distinción entre varias accións do Conde. Ao glosar os méritos di que o son: "(...) Por sus donaciones para el Grupo Escolar de esta villa, y, en virtud de la protección por él prestada a la sociedad deportiva Gondomar Sporting Club (...)". Logo, lendo entre liñas, parece que se trata dunha cesión.

Esta tese, entendemos, queda referendada polos libros de contas do condado. No balance das que van de 1925 a 1926, sendo administrador do conde o cura párroco de Gondomar Carlos Fernández Vázquez, aparece consignada a cantidade de 60 pesetas en concepto de "arriendo del Campo de Deportes"⁵. Segundo



Vista de Gondomar a inicio da década do 20. Ao fondo o Montecastelo, nun primeiro plano as Cercas, en socialcos, e ao pé destas un grupo de xente arredor do campo de fútbol cedido polo XI Conde de Gondomar. A foto, que forma parte dunha colección de vistas da vila promovida por Benito Amoedo, ten que ser anterior a 1925, porque o campo está sen valar.

Fonte: Arquivo de Gilberto Vila.

estes datos, o conde arrendaría, pode que a un prezo simbólico, o terreo de xogo ao club de fútbol polo que a propiedade seguía no seu poder -no caso de que o arrendo fose a outra entidade, algo que descoñecemos, seguiríase certificando a pervivencia do conde como propietario; non fomos quen de localizar escritura de compra-venda que acredite o contrario-.

A xenerosidade do conde, no referente á contía do arrendo, parece ser absoluta a partir de 1927. Despois dese ano, sen nada que o xustifique, non aparecen reflectidos ingresos polo concepto comentado nos libros de contas, circunstancia explicable, pode, mediante tres alternativas: primeira, o conde por algunha razón que se nos oculta decidiu deixar de cobrar; segunda, o club deixou de pagar e o conde fíxose o non decatado; e terceira, o pagamento efectuábase sen pasar por man do administrador. Unha cuarta sería a resolución do arrendo por modificacións varias na actividade; quizais para valorar este suposto deba terse en consideración a mellora de accesibilidade que sofre o campo municipal de Lourido debido á apertura da liña de tranvía Vigo-A Ramallosa en 1926. Tamén puidera suceder que o pago fose a sim-

ple consecuencia dalgún trato concreto acordado coa sociedade xestora do Miñor Foot-ball Club, equipo que substituíra ao Gondomar Sporting Club en 1922 e competirá ata case 1928 con un único parón na tempada 24-25. Lembremos que o Miñor F.C., nunha iniciativa da que formaban parte Pablo Nieto, Manuel Rial, os Hermida e outros excompoñentes do Sporting e Iris, acometera obras de ampliación e fechamento do campo con cercado de madeira alá pola segunda metade de 1925⁶. Cabe esta posibilidade, pero en todo caso parece seguro que o conde tiña dereitos sobre o terreo.

Esta parcela, estamos a falar da pequena porción das Cercas utilizada como campo de deportes, deixará de pertencer ao condado en 1948, cando, liberada de usos deportivos e sociais, xa estaba reutilizada a fins agrícolas. Nese ano foron segregadas e logo herdadas todas estas terras, As Cercas, por Francisco de Paula Fernández de Córdoba e Alfonso Fernández de Córdoba, ambos os dous tíos carnais do XII conde. Alfonso e Francisco rematarían por vendelas anos máis tarde.

Agora ben, inda queda por cifrar o ano da cesión e explanación do primeiro campo de deportes da vila. As fontes consultadas falan de 1914, unhas, e de 1915, outras. Sabemos que na primeira metade de 1917 o contratista Manuel Valverde Prado xa iniciara as obras do Grupo Escolar⁷ proxectado polo arquitecto Jacobo Esténs nos terreos que, entre outros, foran eido da casa dos pais do indiano e benfeitor da vila Manuel Losada Carrera -lugar ocupado hoxe polo Centro de Saúde-. Sabemos que o conde, segundo fai constar o alcalde accidental, José de Lis Rodríguez, na Sesión do 25 de agosto de 1918, puxera nesas datas a disposición do Concello, gratuitamente, as canteiras por entón existentes no bosque do Pazo co fin de que se extraese a pedra necesaria para as obras do mencionado Grupo Escolar. E sabemos que cando o conde cita os, ao seu entender, poucos méritos contraídos para ser homenaxeado, faino por orde de antigüidade: o primeiro é o Campo de Deportes, incluso antes que a doazón da citada pedra. Logo, é posible que a cesión poida datar de 1914 -ese ano, tras veranear no Pazo, D. Gonzalo parte para Madrid na primeira quincena de setembro⁸- ou 1915, como todas as fontes indican, se ben, cos datos que posuímos, só podemos certificar que non é posterior a 1918. Incluso nos atreveríamos a precisar un migallo máis.

Se admitimos que a primeira edición descuberta ata agora da Copa Conde de Gondomar fose disputada na Cerca, como parece lóxico, haberíamos de admitir que, cando menos, o campo xa existía en 1917, pois sabemos que ese ano gañouna o Rápido de Bouzas⁹. Inda sen ter confirmación, entendemos debeu disputarse nos meses de verán, período no que D. Gonzalo ocupaba o Pazo. Polo tanto, o campo xa existía no estío de 1917. E se ademais efectivamente era consecuencia dalgún trato entre o conde e os representantes do Sporting, tal e como formulamos no capítulo "Identidade e representación da vila a través do fútbol" ao falar das hipóteses de legalización da sociedade deportiva, non habería de ser anterior ao ano citado.

Esta tese parece quedar confirmada por un comentario de prensa¹⁰ do 2 de xuño do 17 feito polo correspondente de Gondomar no que, despois de referirse a un partido xogado no campo da Pro Val entre o Gondomar F.C. e o Ramallosa, co primeiro como locatario, di: "Bueno sería también contar al efecto con un campo adecuado, ya que el de las Escuelas Americanas, tal como está, dista mucho de reunir las condiciones reglamentarias, que puede llegar a tener con la sola explicación del terreno a monte con que tan altruista Institución cuenta contigo al mismo (...)."

Este campo de deportes, situado a nordés da nomeada como milagreira fonte condal de Santa Ana, trazado con orientación nacente-poente e lindando co límite sur do recinto que décadas máis tarde ocuparon as que foron escolas Enrique Rodríguez Márquez -actual C.D.L.-, desaparece a inicios da década dos trinta, segundo afirma unha editorial do semanario deportivo META do ano 1946¹¹. No "Libro de Oro" da provincia de Pontevedra, editado en 1931, ano de proclamación da II República, Santiago Puime Freiría, nado en Peitieiros, dá a entender no seu artigo que seguía activo ou, cando menos, aínda existía¹², pero non sabemos con tanta anterioridade o redactara se ben, dado o carácter da publicación é moi posible, pensamos, coa suficiente como para non invalidar a tese de META. Tamén a prensa da época deixa de citalo en toda noticia a partir do ano 30.



O Campo da Cerca en orientación leste. Ao fondo a Serra do Galiñeiro en dirección ao Aloia, concretamente os montes de Morgadáns e Peitieiros. A foto recolle o final dunha "carreira de cintas" na que, como se ve, participan compoñentes do Sporting de Gondomar -camisetas listadas en escuro-, o Iris F.C. -camisetas listadas máis claras-, algún integrante do Real Vigo Sporting Club e persoeros do común sen ningún tipo de vestimenta deportiva. A foto debe ser de 1918-19. Entre os competidores parece estar Pepe Hermida.

Fonte: Instituto de Estudos Miñoranos.




A Vila nos anos setenta. A foto forma parte dunha colección de postais turísticas editadas na década. Algo máis ao norte de onde se emprazou o antigo campo da Cerca construíríase un novo Grupo Escolar, recollido na vista, que terminaría por chamarse Enrique Rodríguez Márquez.

Fonte: Arquivo do autor.

Antes, a finais de 1929, o Gondomar Sporting chegara a un acordo co Ciosvín vigués polo cal este podía xogar na Cerca os partidos como locatario da liga da Serie B na que, a partir de decembro, competiría co Alfonso XIII de Pontevedra, Español de Vigo, Moaña F.C. e Alondras de Cangas. O 10 de novembro o Ciosvín xa xogara neste recinto co Berbés. Por causas descoñecidas, a última hora o Ciosvín xogou como locatario no Couto, en Beluso.

Pero xa en tempos do Miñor F.C. empezaran os problemas co campo. Por unha banda os de mantemento e control arranxados, segundo vimos, en 1925, e pola outra a disputa respecto ao uso emprendida entre o club citado e o recién creado Industrial F.C. Gañou o Miñor. Algo máis tarde, na época do Uzcudun F.C., reverdecen os problemas de mantemento. Na prensa podía lerse un domingo de finais de 1928: "Llamamos la atención sobre el deplorable estado en el que se halla el campo de deportes de esta villa, sugiriéndonos esta lamentación las manifestaciones del deporte que aun vemos patentizadas en la actualidad por un grupo de entusiastas en el club local Uzcudun, que por falta de medios económicos no puede atender a su reparación y explotación. En vista del caso, sería del agrado no solo de



Plano asinado polo técnico municipal Cervera Segalá coa situación proposta para un novo cemiterio nas Gaiandas.

Fonte: Arquivo Municipal de Gondomar.

la afición sino del pueblo en general que los accionistas, por ser directamente interesados, y varios indicados, tomasen algún acuerdo sobre el particular con el Miñor F.C., sociedad que no da señales de vida. De seguir las cosas en el mismo estado no nos extrañaría que la juventud de esta comarca, deportiva por excelencia, se viese algún día privada de su lugar favorito de expansión"¹³.

Cinco días despois, no mesmo xornal, dicía o correspondente do Val Miñor: "Apenas hace unos días que abordábamos en estas columnas la cuestión del campo de deportes, y ya todas las suposiciones que nos imaginamos parece desgraciadamente que llevan camino de realidad, llegando hasta nosotros rumores de que se trató de fijar día y hora para la subasta del tablado que constituye el cierre. Ni que decir tiene lo que lamentaríamos que se llevase a cabo esta determinación, y más aun cuando vemos el ejemplo en otros pueblos similares, imponiéndose enormes sacrificios para la realización de obras análogas. De ser un hecho la destrucción de

nuestro magnífico campo de deportes, no solo saldrán perjudicados los numerosos aficionados y la juventud deportiva, sino también el comercio, etc. que ya probó los beneficios del deporte en las épocas de auge por que pasó en esta villa y que en la memoria de todos está bien patente.


Por las consecuencias que puede tener todo lo apuntado, hacemos un llamamiento a los antiguos y entusiastas aficionados Srs. D. Pablo Nieto, Eduardo Losada, Enrique R. Márquez, Roberto Abreu; por el comercio, D. José de Lis, Manuel Núñez, etc. y una representación de los principales accionistas con objeto de que se pongan al habla con el conde de Gondomar, no dudando que de la amabilidad de este señor, ya puesta en práctica muchas veces en favor de nuestro pueblo, saldrán satisfechos en sus aspiraciones que redundarían en pro de muchos de los citados señores, y una vez hecho esto, nombrase una comisión activa para encauzar el deporte por el mejor camino, y con ayuda de todos los vecinos volver a los pasados días de gloria".

Ninguén pode dicir que, con maior ou menor fortuna na redacción, este home non intentase arranxar o problema. Pero non apareceu solución, ou, en todo caso, solución duradeira. O campo de deportes da Cerca terminou por desmantelarse non moito tempo máis tarde como xa vimos.

CAMPO DAS GAIANDAS.

Once anos despois de ser aberta a estrada á Areiña, o alcalde Domingo Bravo Caneda, na sesión celebrada o 10 de xaneiro de 1936, manifesta á Corporación os que a seu xuízo son motivos insalvables para a clausura do cemiterio existente daquela próximo á igrexa parroquial: fundamentalmente, razóns hixiénicas e falta de espazo. Tras a exposición de motivos, o Concello por unanimidade fai súa a necesidade dunha nova necrópole para a vila e encomenda á Comisión de Obras proceda a designar a localización, que a xulgar polas condicións requiridas, entende a Corporación, debería ser polas Gaiandas. Tras o ditame dos médicos Latino Salgueiro Pereira e Etelvino Pérez Vigo, a Comisión e o aparelador municipal, Cervera Segalá, procederían a elaborar unha proposta. Este cemiterio, que non se chegou a construír, posiblemente a consecuencia da sublevación militar, estaba previsto levantalo no terreo que sete anos máis tarde ocupará o campo de deportes das Gaiandas. Ese fora o lugar elixido como idóneo. No arquivo municipal consérvase un plano asinado polo técnico citado en abril do 36, en tempos da República, acoutando como parcela idónea o actual terreo de xogo.

Ao inicio da década dos corenta, en plena posguerra, fórmase na vila unha potente tendencia social que calla en 1943. O 1 de xullo dese ano, unha comisión formada por cincuenta veciños de Gondomar, encabezada por Manuel Núñez San-



Debuxo das parcelas e propiedades lindoiras ao terreo mercado para o campo de fútbol das Gaiandas. No esbozo apréciase o corte do Camiño Matavacas. Esbozo anexo á escritura de doazón asinada por Francisco Alborés -alcalde- e Faustino Álvarez o 10 de xullo de 1945.

Fonte: Arquivo Municipal de Gondomar.

román, e na que aparecen como únicas mulleres asinantes Carmen Cabaleiro -con seguridade a nai de Alfonso e Camilo Cabaleiro se ben existe a posibilidade, moi remota, de que fose a muller de Marcial Peralba Fontáns- e Esperanza Araújo -muller de Gumersindo Copena e nai de Nolete- presentan unha instancia no concello, dirixida ao alcalde, facéndose "(...) eco de los anhelos de la juventud y deseo unánime del vecindario (...) respecto de la construcción de un Campo de Deportes". Outro campo, pero este municipal.

Piden que o concello, previos os trámites legais, leve a cabo as obras en cuestión. Pola súa parte "(...) se comprometen a anticipar el importe de los terrenos que han de ser ocupados para el emplazamiento de dicho campo, en la denominación de Gaiandas (...)". O Concello, en sesión do 2 de xuño de 1943, presidida polo alcalde Inocencio Fernández Pérez, entende que en efecto é de necesidade e acorda, por unanimidade, admitir o ofrecemento e construír o referido campo de deportes.

Constitúese unha Comisión Xestora Pro Campo de Deportes encabezada¹⁴ por Vicente Vázquez González, da que forman parte, entre outros, Manuel Núñez Sanromán, Domingo Rodríguez Méndez e Faustino Blanco Alborés, e, rapidamente, consegue reunir a cantidade necesaria para mercar os terreos precisos, valorados en 12.000 pesetas da época. Destas, sete mil foron doadas por entidades comerciais e particulares e as outras cinco mil anticipounas a Comisión Xestora co obxecto de abreviar o tempo de compra.

Dos nove terreos adquiridos, todos denominados Gaiandas, oito compráronse en 1943. En xaneiro, a Casimiro Alonso García, de Gondomar; e en agosto, a Faustino Alonso Pinzás, de Donas, a Carmen Cabaleiro Barros, de Mañufe, a Concepción Piedra, de Mañufe, a Modesto Rodríguez, de Gondomar, a Jesús Mariño, de Mañufe, a Dolores Carrera Gonzalez, de Mañufe, e a Águeda Crespo Barros, de Mañufe. A novena escriturouse o 3 de xaneiro de 1945, xa coa explanación feita, e era o propietario Roberto Álvarez Abreu, de Gondomar. Esta lindaba co antigo e fondo camiño de Matavacas proveniente da Ponte de Rosas, cegado coa construción do campo.

O presidente da comisión, Faustino Álvarez Álvarez, segundo todas as fontes informativas non o membro máis activo pero si o que acadou a honra da representatividade, por escrito dirixese ao Concello facéndolle saber que a citada comisión tomara o acordo de doarlle os terreos adquiridos, baixo as seguintes condicións:

1. Doan os terreos nas Gaiandas para que o Concello constrúa o campo de deportes que acordara.
2. A Comisión obrígase a outorgar a correspondente escritura de venda ao Concello do terreo obxecto de doazón.
3. O Concello ha de consignar no presuposto de 1944 -ano próximo- a cantidade de 5.000 pesetas en concepto de crédito recoñecido a favor da Comisión para atender o pagamento que esta fixo da compra, e 7.000 pesetas para obras de explanación e outras necesarias para deixar o terreo en condicións de xogar os partidos de balón pé que se concerten a partir do primeiro de 1944.
4. Mentres exista no termo municipal algunha asociación ou equipo deportivo constituído, non se poderá destinar o campo a outro uso que non sexa o deporte, esparexemento público e festexos.
5. A Comisión cede ao Concello a posibilidade de redactar un regulamento que fixe as condicións a que haxa de axustarse a administración do campo.

O alcalde, Inocencio Fernández Pérez, dá por recibido o escrito o 2 de setembro de 1943 e na sesión do 4 de novembro, a Corporación, por unanimidade, toma o acordo de admitir a doazón nas condicións propostas. O contrato privado foi asinado na casa consistorial o 10 de xullo de 1945, co compromiso bilateral de elevalo

a público no intre en que unha das partes o solicite. Entón o alcalde xa era Francisco Alborés Fernández e pola Comisión asinou, como representante legal, Faustino Álvarez. José Cervera Segalá, aparelador municipal, levanta un plano do campo en outubro de 1944, acreditando unha superficie de 11.063,54 m².

Antes, o 10 de novembro de 1943, ante as testemuñas José Núñez Sanromán e Vicente Vázquez González, asínase o contrato de explanación do campo de deportes das Gaiandas entre os contratistas de Mañufe, Jesús Alonso Fernández e Joaquín Méndez Alonso, e os representantes da Comisión Xestora pro Campo, Domingo Rodríguez Méndez e Faustino Álvarez. Os primeiros comprométese a realizar a explanación da totalidade do campo pola cantidade de 7.375 pesetas nun prazo de 30 días hábiles, correndo cos gastos de obreiros e impostos. Obríganse a non incrementar o prezo nin solicitar indemnización ningunha e, ademais, depositarán o 20% do importe de licitación como garantía. O cobramento dos traballos queda fixado para o primeiro trimestre de 1944. E cumpren o compromiso, inda sexa con algún mes de retraso debido á moita pedra que sorprendentemente aflorou no lugar; empregan varias xuntas de bois e os correspondentes carros de madeira. Nos traballos, entre outros, tamén participan Alfonso e Gonzalo Alonso Fernández¹⁵, irmáns de Jesús. Con vehemencia e tesón traballan día tras día ata onde a fatiga dos animais e a propia llo permite, carrexando pedras e terra para obter un terreo de xogo plano, aínda que non horizontal. De portería a portería ía quedar cun desnivel de noventa



Mañá do 21 de maio de 1944. Proba de atletismo do "Día do Deporte" organizado polo Club Gondomar, como un dos actos da inauguración do Campo Municipal das Gaiandas".

Fonte: Arquivo de Josefina Alborés Núñez.

centímetros; a pendente, aproximadamente un 1%, era cara ao sur. Este desnivel corríxase a finais da década dos oitenta. Rematada a explanación acométense os traballos de colocación de porterías e outras pequenas obras.

O campo inaugúrase oficialmente o día 21 de maio de 1944¹⁶. Para a conmemoración o Club Gondomar organiza o "Día do Deporte", con probas de atletismo, ciclismo e fútbol.

Iníciase a xornada cunha carreira pedestre na que participan, previa inscrición, 30 atletas. A proba, cunha distancia a percorrer de seis quilómetros, realízase pola mañá e gáñaa o comesañense Luís Ramilo. Ao mesmo tempo cá proba atlética, arranca a ciclista. Trátase da Volta ao Val Miñor. Nela brillou Manolito Rodríguez, o irmán pequeno de Delio¹⁷, quen lle gañou ao sprint a Celso Quico, segundo, e Antonio Bouza, terceiro. O fútbol quedaba para a tarde. Xogaban o Club Gondomar contra unha Selección de xogadores de Tui, a Guarda e Porriño e, a continuación, o Tomiño F.C. contra o Goián F.C.

De Tomiño veñen catro camións ategados de xente. Dous chegan de mañá para xantar de campo e logo de descansar e pasear achegarse ás Gaiandas. De Tui desprázanse dous ómnibus e centos de persoas. De Goián, da Guarda, do Porriño, de Nigrán e de Baiona tamén se acercan afeccionados. As xentes da real vila, especialmente, puñan a proba a capacidade dos tranvías por varias razóns: a rivalidade,



Mañá do 21 de maio de 1944. Volta ciclista ao Val Miñor do "Día do Deporte" organizado polo Club Gondomar, como un dos actos da inauguración do Campo Municipal das Gaiandas".

Fonte: Arquivo de Josefina Alborés Núñez.



Cerimonia de inauguración do Campo Municipal de Fútbol das Gaiandas, o 21 de maio de 1944. O párroco de Gondomar Carlos Fernández Vázquez acompañado de autoridades civís. Á dereita da fotografía o presidente do Club Gondomar, Vicente Vázquez, detrás súa filla Carmiña. Esta, María del Carmen Vázquez Rodríguez, co paso dos anos converterase en esposa de Antonio Ramón Rial Pérez, quen presidirá o Club entre finais dos sesenta e primeiros setenta. Súa irmá maior, María Isabel -Chita-, efectuará o saque de honra no partido inaugural do peche do campo o día 19 de maio do 46, e tempo despois será esposa doutro presidente do club, este dos anos cincuenta: Alfonso Mandado Robles.

Fonte: Arquivo de José Luís Valverde.

a curiosidade por ver o novo recinto e, sobre todo, porque o Gondomar ía aliñar algúns dos mellores xogadores da vila mariñeira.

Despois de que o cura párroco de Gondomar bendicise o campo e do resto de prolegómenos, ante un xentío de consideración, iníciase o partido entre o Club Gondomar e a Selección. O primeiro gol márcalo Petit a pase de Lanina; gran xúbilo xeral con desmedida e xustificada satisfacción baionesa. Logo, Nolete consegue outro moi belo coa testa. Finalmente o encontro remata 4-0 a favor dos locais.

A continuación enfróntanse na disputa dunha copa, doada polo Club Gondomar, o Tomiño F.C. e o Goián F.C., encontro de máxima rivalidade concertado pola directiva miñorá cunha innegable previsión económica. Cando estaba rematando o encontro e parecía inamovible o empate inicial o Goián marca dous goles



Finalizados os partidos de fútbol programados para a tarde, club e autoridades entregan os trofeos a os gañadores das respectivas modalidades. O acto de entrega, con seguridade, efectuouse na Casa do Concello.

Fonte: Arquivo de Josefina Alborés Núñez.

e faise coa copa. Sen altercados salientables remata a que foi unha xornada deportiva para o recordo e un éxito de organización.


Xa levaba o campo un tempo en funcionamento cando Vicente Vázquez González, como presidente do Club Gondomar, mediante escrito de data 4 de abril de 1945, diríxese ao alcalde facéndolle saber que os custos totais do campo de deportes ascenderan á cantidade de 23.722,50 pesetas, incluíndo na suma a compra de parcelas, explanación e as obras complementarias. E di que, achegando o concello 12.000 pesetas e os industriais e afeccionados 7.298, restaba unha diferenza de 4.424,50 afrontadas polo Club. Por iso, solicita do concello que lle ceda gratuitamente o uso do citado campo por un tempo aproximado de 10 anos. O mesmo presidente, coa mesma data, envía outro escrito á Comisión Pro Campo de Deportes para que apoie a súa petición ante o alcalde. Esta, dalgún xeito, vén ser a primeira proposta de convenio entre a administración local e o club, un sistema que se seguirá utilizando entre as partes ata hoxe en día.

Xa en xuño de 1944, Vicente Vázquez enviara un escrito ao concello alertándoo do gran incremento que sufrira o presuposto de construción do campo debido,

entre outras cousas, ás melloras introducidas, consistentes na formación de tribunas de madeira para acomodación do público, cercado de arame de picos, e reixas de madeira, polo que pedía para paliar tal incremento a súa cesión sen pagamento de aluguer durante cinco anos.

O 31 de xullo de 1945 volve dirixirse ao concello Vicente Vázquez queixándose da pequena contribución económica dos afeccionados nas asistencias aos partidos e solicita á Corporación tome o acordo de valar o campo. En contraprestación, o club comprométese a:

1. Renunciar á cesión gratuíta que o concello lle concedera.
2. Encargarse da súa conservación e tomalo en arrendo, por un valor anual de 600 pesetas, a contar dende a data de terminación das obras.
3. O prazo de arrendo sería de cinco anos prorrogables a outros tantos.
4. Unha comisión formada por Aquilino Sestelo, Manuel Copena Araujo, Alfonso Núñez Sanromán e o propio Vicente Vázquez anticiparían a cantidade de 5.000 pesetas -a devolver sen intereses en xaneiro de 1946- para que as obras comezasen de inmediato.



Retallo do plano da portada de acceso ao Campo das Gaiandas do proxecto de obras asinado polo arquitecto Enrique Álvarez-Sala y Morís en outubro de 1945.

Fonte: Arquivo Municipal de Gondomar.

A Corporación, en data 7 de agosto de 1945, acorda encomendar ao aparelador municipal a redacción do presuposto e prego de condicións técnicas a que han de axustarse as obras. Fíxase que a poxa se celebrará no salón de sesións baixo o tipo de 14.667 pesetas e defínese que aquelas consistirán en pechar totalmente tres lados do campo e só ata o antigo camiño Matavacas polo leste. Ademais, haberá de construírse a caseta-vestiarios.

O proxecto de obras, visado no Colexio de Arquitectos o 15 de outubro de 1945, é redactado polo arquitecto Enrique Álvarez-Sala y Morís, o mesmo que anos despois proxectará o matadoiro público de Entreríos. Propón o valado en ladrillo de 6 cm. de espesor, con columnas do mesmo material cada 3 m., sobre un alicerce de formigón en masa, para unha altura mínima de 2,25 m. Tamén se contemplan uns muros de contención, en cachotaría formigonada, de ata sete metros de altura, no tapiado do camiño Matavacas -no proxecto, pola fondura, cítase como un antigo regueiro cegado ao nivelar o campo-. Por último, o proxecto prevé unha portada de acceso ás instalacións con columnas de formigón en masa e corrido de molduras e cornixas. Esta ten porta central principal e dúas laterais. Ademais, contémplanse dúas pequenas casetas para vestiarios de xogadores pegadas ao muro de peche,



Portada do Campo das Gaiandas con algunha variación sobre o proxecto de Álvarez-Sala. A foto corresponde a un partido do 21 de marzo de 1946, dous meses antes da inauguración oficial das obras.

Fonte: Arquivo de Josefina Alborés Núñez.

que se elevará nese punto 60 cm. para permitir o desenvolvemento da cuberta a unha auga con vertente cara ao interior do recinto. A cuberta propónse con estrutura de madeira de piñeiro país e tella curva sobre taboado. Os vestiarios no proxecto prevense revestidos interior e exteriormente e con paredes iguais ao peche do campo. Quedaban emprazados uns metros á esquerda do lenzo de entrada; aproximadamente, non moitos metros á esquerda do actual portal para acceso de vehículos. O presuposto de proxecto ascendía a 48.483,46 pesetas.

As obras sácaas a poxa pública o alcalde, Francisco Alborés, o 25 de outubro de 1945 e adxudícanse en novembro dese ano á empresa "Construcciones Pernas S.A.", de Vigo, representada por José Peña Abalo.

O 4 de maio do ano seguinte, Domingo Fernández Vargas, de Mañufe, adianta en empréstito toda a tella necesaria para cubrir a caseta e cantina para, deste xeito, posibilitar a inauguración das obras o 19 do citado mes. Francisco Alborés, ante a imposibilidade económica do concello para afrontar o gasto, acepta o empréstito asegurándose de que a acción é coñecida por parte de Vicente Vázquez González, presidente do club, e Faustino Blanco Alborés, directivo do club e concelleiro, os cales se comprometen a devolver a mesma cantidade de tellas e nas mesmas condicións, se ben sen data. A precariedade económica aínda non permitira resolver a débeda en abril de 1947.

Rematadas as obras de valado do recinto, vestiarios, palcos, tribunas, asentos e demais traballos organízase unha segunda inauguración o día 19 de maio do ano 1946. Nesta ocasión prepárase a disputa dunha copa contra o Rápido de Bouzas. Tralo saque de honra efectuado por Chita Vázquez, filla do presidente do club,



Cerimonia de inauguración das obras de peche do campo, celebrada o 19 maio de 1946. A copa da foto foi gañada polo Goián. A foto recolle a homenaxe que o Club, a través do presidente Vázquez, lle fai ao semanario META, representado polo director.

Fonte: Arquivo de Manuel Mouriño Pereira.

en presenza de distintas autoridades e despois dunha pequena homenaxe que o club lle tributa ao semanario META, entregándolle unha placa de prata conmemorativa do acto en agradecemento da campaña pro-campo promovida por este, iníciase, ante unha moi notable presenza de público, un encontro que terminará gañando o Rápido¹⁸. Antes de empezar o partido, Chita entregáralle ao capitán do Rápido unha bandeirola

bordada do Gondomar; ao remate, o mesmo capitán recolleu a copa doada polo industrial local Antonio Pérez. Polo Gondomar xogaran Calviño, -?- , Marqués, Japonés, P. Núñez, Chamorro, Chuco, Nanito, Nolete, -?- , e Basoa.

Segundo un folleto editado en 1946 polo semanario deportivo META, no momento da inauguración das obras descritas o campo de deportes das Gaiandas tiña capacidade para 700 persoas sentadas e varios miles de pé, estimación quizás algo bondadosa se consideramos como válida a que en 1996 ofrecía a revista "Deporte Gallego": 3000 espectadores, dos cales 2000 tiñan praza sentados; sen embargo nesta estimación parece escasa a cantidade de prazas de pé.

Na década dos cincuenta, sufragadas por outro indiano filántropo que chegará a presidir o club, Manuel Gonda Pérez, de Couso, realízanse unha serie de obras de mellora no recinto deportivo, sendo os novos vestiarios a de maior importancia. Estes, construídos en 1956, situados no eixe do campo polo lateral oeste, semisoterrados debido ao socalcado do terreo, viñeron mellorar os que no mesmo lateral, tamén no eixe do campo e pegados ao muro de peche, se construíran no 46 variando o emprazamento proposto por Álvarez-Sala. A eles ascendíase dende o terreo de xogo a través dunha escaleira tallada no propio socalco e cuberta por unha tribuna de madeira. Nesa época os xogadores ao remate do partido ían lavarse ao río Vilaza, onde a Ponte de Rosas. O lugar previsto por Sala para os vestiarios remataría por ser, máis ou menos, ocupado anos despois pola cantina, aumentada décadas máis tarde a local social, almacén e aseos públicos en substitución dos que na década dos oitenta se constrúen baixo a grada cuberta.

Os vestiarios de Gonda estaban elevados uns chanzos sobre o nivel do terreo de xogo e a cuberta plana, de formigón armado e dotada de peitoril, tamén funcionaba como tribuna. Diante deles, a ambos os dous lados do centro do campo de xogo, emprazáronse moito tempo despois os bancos de reservas -trasladados posteriormente- e practicamente baixo eles quedaba a foxa séptica anulada nos



Imaxe publicada en prensa o 7 de xullo de 1956 do novo vestiario sufragado por Manuel Gonda nese ano. Constrúese no lugar que ocupaba a tribuna da fotografía anterior.

Fonte: Arquivo de Manuel Rodríguez -Pancho-.



Tribuna no campo das Gaiandas. Aproximadamente no centro da foto está o cura de Peitieiros Manuel Cabaleiro Martínez. Á súa dereita, detrás, con sombreiro, Ramón Fariña Cobián, médico; en primeiro plano, Domingo Estarque Méndez, á esquerda, súa muller, María Rosa Dolores Casás Moreira, con gafas, e a carón desta, Fernanda del Carmen Casás Moreira. Á esquerda do cura, con gafas, Jesús Estarque Méndez, tras el, o mestre de Mañufe na época, e a continuación Manuel Regueiro. Esta é a identificación que fai Carmen Casás e que nos transmite Fernando, seu sobriño. Tamén nos din que corresponde a un acto de despedida de Domingo Estarque no ano 1954. Efectivamente, ese día, para a efeméride, xogouse un partido entre "viejas glorias" do club e o primeiro equipo.

Fonte: Arquivo de José Luís Valverde.

setenta. Estes vestiarios, e por extensión o resto do campo, serán dotados do servizo de auga sanitaria municipal a raíz das xestións iniciadas dez anos máis tarde, concretamente o 26 de decembro de 1964, sendo alcalde Ramón Fariña Cobián. Para iso, a Comisión de Obras e Policía Rural propón o enganche dende o vértice da casa de Aquilino Sestelo Sestelo, cruzar o, por aquela, camiño veciñal á Areíña para, a continuación, seguir pola aba do antigo e cegado camiño de Matavacas ata chegar ao valado do campo, atravesar o terreo de xogo, e alcanzar os vestiarios. A propia Comisión elabora un esbozo do trazado e redacta o presuposto o 27 de decembro de 1964.

A obra contrátaselle e execútaa o fontaneiro local Bautista González García, pola cantidade de 6.950 pesetas. Polo tanto, é a partir de primeiros de 1965 que os aseos e duchas dos vestiarios pasan a ter auga corrente municipal. Antes a auga

obtiñase dun pozo aberto no propio recinto valado, que tamén sufragara Manuel Gonda. O pozo tiña 12 m. de profundidade e estaba situado no lateral oeste, preto do muro de peche, a uns 40 m. da caseta. En xaneiro de 1965, estaba sen peitoril e, en consecuencia, representaba un perigo para todo usuario do recinto, perigo que a Comisión de Obras elimina ao propoñer un peche a base de vigas de formigón armado, a xeito de alicerce, e parediñas de ladrillo a medio pé, valorado en 2.285 pesetas. Execútao Joaquín Pasarón Iglesias.


No mesmo ano, de outubro a novembro, execútanse unha serie de obras de mantemento e mellora. Tratábase da reposición dunha parte do peche da fachada principal -as chuvias e o temporal dese ano derrubaran cinco meses antes un lenzo significativo-, melloras nos vestiarios mandados construír por Gonda, pintura de valados e muros, etc. As obras, recollidas no Prego de Condicións Técnicas e Presuposto elaborado polo aparellador municipal Antonio Velloso Romero, foron adxudicadas por unanimidade da Comisión Permanente ao contratista José Soliño Iglesias, o 19 de outubro.

No ano 1963 volve repararse o vestiario sufragado por Gonda con cartos doados por unha agrupación de seguidores asentada en Montevideo. Os cartos chegan á vila a través de José Carrera Dominguez, representante da dita asociación¹⁹.

Na década dos setenta unha directiva presidida por Manuel Núñez Sestelo dota o campo de auga quente, vala metálica para o terreo de xogo, nova cantina e un primeiro intento de iluminación eléctrica. Tamén fan fronte a numerosos danos, como os ocasionados polos temporais de vento e chuva de finais de 1978, e introducen melloras na evacuación das augas fecais dos vestiarios.

Anos máis tarde, con motivo do ascenso do club a Terceira División por primeira vez na súa historia e para dar resposta á cada vez maior demanda social de construír unha bancada cuberta, tras unha Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para o 20 de xuño de 1982 na Casa Aquilino, dimite a xunta directiva, convócanse novas eleccións e créase unha Comisión Pro Bancadas Cubertas. Compóñena: Antonio Pérez Giménez, José Soliño Iglesias, José Villamarín Méndez, Antonio Cameselle, Marcelino González Méndez, Antonio Clemente Álvarez e Manuel Núñez Sestelo, presidente ata ese intre do club. Esta comisión encargárase de xestionar todo o proceso e rematará por acadar o obxectivo.

O alcalde José de Lis Costas, o 22 de novembro de 1980, xa dera resposta positiva ao requirimento de Manuel Núñez Sestelo para construír unha bancada cuberta e outras obras complementarias de mellora e acondicionamento. A Corporación, en sesión plenaria do 9 de febreiro do 82, solicítalle á Xunta Directiva do Gondomar a presentación dun estudo económico elaborado polo aparellador municipal, Avelino Fernández, que Núñez achega o 2 de abril seguinte. O 26 dese mesmo mes, Núñez presenta un segundo estudo económico incluíndo as instalacións de electricidade



Pormenores do plano de seccións do proxecto presentado polo arquitecto José Luís Pereiro Alonso para as gradas cubertas.

Fonte: Arquivo Municipal de Gondomar.

e fontanaría, non contabilizadas no primeiro, alcanzando o presuposto a cantidade de 4.475.000 pesetas. Dous meses antes rexistrárase a entrada no concello dun documento asinado en outubro de 1981 por Manuel Núñez e Bernardo Chamorro -con adhesión de Jaime Álvarez Morgadanes, Manuel Fernández Costas e José Valverde Dacosta, todos directivos do club-, e apoiado por cento cincuenta e catro veciños, solicitándolle ao alcalde a convocatoria dun Pleno que incluíse na Orde do Día a construción da bancada cuberta.

En novembro de 1982, a Comisión Pro Bancadas Cubertas -coa excepción de Antonio Clemente Álvarez- pasa un escrito ao Concello expoñendo o estado da cuestión. Iniciáranse as obras, valoradas nun principio en menos de cinco millóns de pesetas. Estas verán incrementado o presuposto ata os 8.974.237,75 pesetas

unha vez redactado o proxecto arquitectónico, o cal, á súa vez, se verá sometido a variacións e subas económicas durante a execución. Aínda tras a colaboración municipal e dalgún outro organismo oficial e a pesar da gran resposta veciñal en donativos e prestacións persoais, os cartos recadados non alcanzaban para acometer a totalidade da obra. Levábanse investidos cinco millóns e medio e aínda faltaba por construír a cuberta das bancadas, estimada nun valor de tres millóns.

Para finalizar as obras de xeito inmediato a Comisión proponlle ao Concello que o millón e medio que a Corporación Municipal xa decidira, en sesión plenaria, achegar con cargo ao exercicio 1983 se realice en 1982, e se dobre. Isto é, tres millóns con cargo ao exercicio 1982, dos cales o erario público recuperaríaa, en concepto de arrendamento do recinto deportivo, o millón e medio que non tiña pensado investir. A cuestión consistiría en que o concello construíse as obras, ou as subvencionase, por un importe de tres millóns para logo, fixando un canon anual por utilización do recinto ao que faría fronte a Comisión Pro Bancadas, recuperar eses cartos. Para facilitar a operación a nova directiva do club de fútbol presenta un escrito no rexistro do concello o día 31 de decembro de 1982, asinado polo entón presidente Bernardo Chamorro e o secretario José Rodríguez, confirmando o acordo tomado por esta de manifestar á Corporación Municipal a plena conformidade de que as instalacións das Gaiandas lle sexan arrendadas á Comisión pro Bancadas.



Grada cuberta recentemente construída. O partido é contra o Pontevedra C.F. na tempada 82/83.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

Na Sesión do 20 de novembro dese ano o Pleno acordou solicitar un crédito de tres millóns de pesetas para axudar á execución das obras. E na sesión ordinaria do 28 de xaneiro de 1983 acepta por unanimidade as condicións ofertadas pola Caixa de Aforros Municipal de Vigo, empréstimo que o concello terá que devolver nun prazo máximo de dez anos.

O proxecto de "Vestuarios y Grada Cubierta", encargado ao arquitecto José Luís Pereiro Alonso, dividíase en dúas partes ben diferenciadas, segundo cita a memoria xustificativa e o propio título. Ao este do campo de fútbol, aproveitando o noiro existente, proxéctase realizar unha bancada cuberta para espectadores. Terá o acceso pola parte posterior, a través dun corredor-galería trazado paralelo a ela. A bancada disporá de sete filas de asentos cubertos e unha zona para espectadores de pé. Os pórticos metálicos de sustentación da cuberta van separados unha distancia de 6,50 m. e as bancadas elevadas sobre o terreo de xogo 1,50 m. para non interferir as vistas. A superficie construída prevista é de 672,00 m².

No lateral leste proxéctanse os novos vestiarios, con cuberta inclinada de formigón armado para permitir no seu día a instalación de bancadas. O edificio consta de dous vestiarios para xogadores, outro para árbitros e un cuarto para enfermaría e masaxes. A superficie construída é de 85,50 m². O proxecto foi redactado en xullo de 1982 e visado polo Colexio de Arquitectos en outubro do mesmo ano.

O material prefabricado de formigón pretensado para as bancadas foi servido pola empresa Cámara S.A., de Pontevedra, en setembro de 1982. As bancadas foron executadas por "Construcciones José Soliño Iglesias", empresa ademais coordinadora do resto de fases das mencionadas bancadas. A construtora de Luís Grandal executou os aseos públicos baixo delas entre xuño e xullo de 1983. "Montajes Cíes S.L." encargouse da estrutura metálica da cuberta entre finais de 1982 e inicio de 1983. A cuberta executouna Alcón S.L., de Vigo, a primeiros de 1983. E "Construcciones José Fajo S.L." levantou os novos vestiarios en 1983-84.

Debido á présa que requirían as obras, parte delas construíronse antes de obter a licenza, pero seguindo o proxecto aprobado inicialmente polo Concello Pleno o 20 de novembro de 1982 e definitivamente, por unanimidade, o 17 de maio de 1983. Os técnicos emiten o Certificado Final de Obra con data 30 de marzo de 1984. O 20 de abril de 1987, tras liquidar contas, disólvese a Comisión Pro Bancadas Cubertas.

Pouco antes, o 9 de setembro de 1986, o concello adxudicara definitivamente as obras dunha cabina para gravacións de TV durante os partidos, situada sobre os vestiarios recién construídos, á empresa "Construcciones Roda S.L.", de Vigo, que habería de executalas conforme ao estudio técnico elaborado polo arquitecto técnico municipal José Antonio Areal Benavides en algo máis de dous millóns de pesetas. Constrúese.

Pero aínda quedaban por resolver algúns problemas básicos. Un deles consistía en acadar unha axeitada iluminación artificial. Había xa un tempo que o Club de Fútbol Gondomar estaba en Terceira División por segunda vez e, así e todo, víase obrigado a adestrar en condicións precarias, principalmente durante os meses escuros. Iníciáanse os trámites para buscar unha solución en 1986, pero non sería ata a sesión do 11 de decembro do ano seguinte, sendo alcalde Ramón Sestelo Fernández, cando se incluíse dentro do Plan Deportivo previsto para 1988 a "Iluminación del campo de fútbol de las Gaiandas" -un auténtico viveiro de subvencións anuais creado pola Deputación Provincial estes Plans Deportivos-. Na sesión do 22 de abril, ao tratar o Plan de Obras e Servizos e tras dar conta da aceptación de participación por parte da Deputación Provincial, apróbase unha moción da alcaldía para solicitar un anticipo, que supera o millón oitocentas mil pesetas, á Caixa de Anticipos de Cooperación Provincial, por carecer o concello de fondos para facer fronte á súa pactada participación no Plan.

O 23 de xuño, José Fajo, como presidente do club e atendendo á obrigatoriedade que a Federación impón aos equipos de Terceira División de xogar en recintos con céspede, solicita á Corporación Municipal contemple a execución destas obras o antes posible. Tamén en 1988, na sesión do 26 de xullo, acórdase aplicar a subvención aprobada pola Deputación para o "campo de fútbol Olímpico-Couso" á mellora do terreo de xogo do campo das Gaiandas. E no Pleno do 7 de outubro inténtase tomar acordo para solicitar á Deputación outro cambio:



Vista parcial do Campo Municipal das Gaiandas, en setembro de 2014.

Fonte: Foto do autor.

neste caso, trátase de empregar a subvención destinada a "Pistas polideportivas en parroquias rurais" en "Mejoras al terreno de xogo del campo de fútbol de las Gaiandas", xa que a necesidade, urxencia e importancia destas obras primaba sobre outras actuacións. O asunto queda sobre a mesa. Aprobárase na sesión do 2 de decembro a proposta do concelleiro delegado de cultura e deportes, Gilberto Vila.

Antes, na sesión do 7 de outubro de 1988, despois de que a presidencia razoase a necesidade de dotar o terreo de xogo de céspede, acéptase por unanimidade delegar na Comisión de Goberno a aprobación do proxecto de "Mejora del terreno de xogo del campo de fútbol".

O estudo técnico é redactado polo arquitecto técnico municipal Alfonso Soliño Troncoso, alcanzando o presuposto das obras o millón de pesetas. Tras valoralo, a Comisión de Goberno renuncia a acometelas por administración debido á complexidade que entraña para o persoal de que dispón e adxudica a execución á empresa Granxa O Regueiro, de Moraña, na sesión do 12 de decembro dese ano. Ao amparo desta intervención substitúese a pouco apropiada solución de pendente constante do terreo de xogo cara a un só lado pola de mínima pendente cara aos catro. Na execución destas obras colaborara moi intensamente a propia directiva.

Tamén o proxecto de correcta iluminación artificial foi dirixido polo mesmo técnico e, neste caso, adxudicado á empresa Manuel Alejos S.L., de Nigrán, por algo máis dun millón de pesetas. Empresa e técnico encargáranse ademais das obras de "Terminación de la iluminación del campo de fútbol", valoradas noutro millón de pesetas. Foron recibidas polo concello en maio de 1990²⁰.

A finais dos noventa decídese adecuar os vestiarios existentes no recinto á normativa en vigor e, para iso, executa un proxecto o estudio "Cinopsa-Ingenieros" a mediados de 1999. Prevíase demoler os vestiarios existentes e no mesmo lugar construír uns novos, obras recibidas polo concello o 30 de outubro de 2003. O arquitecto municipal, José Antonio Álvarez, emite informe referindo que a edificación construída é distinta da que figura no proxecto. Posteriormente fixéronse obras de acabado interior e instalacións. A execución destes cuartos vestiarios foron adxudicados pola Comisión de Goberno, na sesión do 30 de outubro de 2001, sendo alcalde José Carlos Silva Mariño, á empresa "Obras y Reformas Galis S.L."

Xa en 2003, o arquitecto técnico municipal Alfonso Soliño, presenta un solicitado estudo técnico co obxecto de alongar a vida útil da cuberta das bancadas. As obras, valoradas en máis de cincuenta mil euros, consisten en tratamento anti-corrosión e pintado da estrutura metálica e substitución da deteriorada cubrición de fibrocemento por outra a base de paneis sándwich de aceiro galvanizado. Rematarán por executarse tempo despois, incluídas noutro proxecto, como veremos a continuación.

En novembro de 2009, sendo alcalde Martín Urgal, asínase un convenio económico de colaboración entre o Concello, a Deputación e a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia co obxectivo de facer fronte a dous proxectos: un, "La cubrición de las gradas del campo de Las Cercas", do que máis adiante falaremos, e dous, "La rehabilitación del graderío, dotación de servicios y vallado de protección del campo de Las Gaiandas". Estas, valoradas en 111.684,61 euros, adxudícanse a M.G. Metalgal S.L. que as afronta como empresa principal ao amparo do Plan de investimentos da Deputación de Pontevedra para o período 2009-2011 e, entre outras, supuxeron a execución de novas taquillas, asfaltado de espazos de transición dentro do recinto, e substitución total do peche principal en contacto coa estrada á Areiña. Ademais, restauráronse as bancadas prefabricadas de formigón, pavimentouse, tamén con formigón, o paso-galería traseiro destas, valouse con tea metálica parte do recinto de xogo e substituíuse a cuberta de fibrocemento das bancadas. Gran parte destas obras -agás valado, taquillas, asfaltado e peche- foron executadas, mediante subcontrata, pola empresa Dantas Val Miñor S.L.

Ata hoxe non se volveron facer obras de consideración no campo, se ben son de primeira necesidade a reestruturación e mellora dos insufribles vestiarios de equipo visitante e árbitros.

CAMPO DAS CERCAS.

En sesión presidida por Ramón Sestelo, o 3 de agosto de 1995, acórdase denominar o tramo sueste da vía de circunvalación á vila rúa "D. Diego Sarmiento de Acuña, I conde de Gondomar". Fora aberta en 1993-94, seguindo a traza marcada polo PERI de 1975, ao amparo das obras de mellora que a Administración autonómica proxectara en 1992 para a estrada de Gondomar a Tui. Cando se abre xa estaba desenvolvida unha alta porcentaxe da urbanización "Tierras del Condado", tanto infraestruturas como vivendas. A esa vía, que atravesa os terreos das Cercas e pasa sobre a situación do primeiro campo de fútbol da vila, dará fronte o novo campo de adestramentos do Gondomar, tamén municipal.

Un dos principais obxectivos perseguidos con esta construción era protexer o céspede natural do campo das Gaiandas, inaugurado o 12 de outubro de 1988²¹ coa celebración dun partido contra o Celta que ese día presentou a aliñación titular; o outro, habilitar un recinto axeitado para o fútbol base do Club. O campo constrúese en 1995 sobre uns terreos de propiedade municipal obtidos, a partir de 1992, mediante cesións realizadas por empresas de xestión urbanística interesadas en actuar na zona. A parcela alcanza unha superficie total de 15.711,91 m², cunha lonxitude de fachada en contacto coa rúa Diego Sarmiento de 295 m. Da superficie



Vista parcial do Campo Municipal das Cercas, en setembro de 2014.

Fonte: Foto do autor.

total segregáronse 1.850 m², segundo acordo municipal de finais de 2001, cedidos á Consellería de Obras Públicas para a construción da Estación de Autobuses.

A primeira mención a este recinto de xogo faina Ramón Sestelo na sesión da Comisión de Goberno do 20 de setembro de 1994, dando conta da subvención de 1.500.000 pesetas concedida pola Deputación, ao amparo do "Plan de construción, acondicionamento e mejora de instalacións deportivas de 1994", para o financiamento dun campo de fútbol a construír nas terras do condado. Decía, ademais, que dado os medios materiais e humanos de que dispoñía o concello, podían realizarse por administración. Apróbbase.

No ano 2001, co campo xa en funcionamento, execútanse diversas obras de mellora da contorna e fécchase con tea metálica plastificada. O peche execútao a empresa "Construcións, Obras e Vías S.A." -COVSA-.

O 21 de xaneiro de 2003 a Comisión de Goberno adxudica a "Obras y Reformas Galís S.L.", por algo máis de doce mil euros, a reforma dos vestiarios.

Despois, a mediados de 2007, adxudícaselle á empresa Hidromiño S.L., por máis de 240.000 euros, incluído IVE, as obras de "Dotación de infraestruturas no campo de fútbol das Cercas", segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas Manuel Vázquez Fernández. As obras consistían na dotación de cés-

pede artificial de última xeración; demolición dos primeiros vestiarios -construídos no ángulo nordés do campo- e construción duns novos, conforme á normativa vixente, dunhas dimensións en planta de 39,20 m. de longo por 5,00 m. de ancho, situados no centro do lateral Leste; instalación de bancadas de formigón prefabricado, de 50 m. de lonxitude -sen cuberta- apoiadas en zunchos de formigón armado; e peche do recinto con enreixado metálico deixando libre a zona de servidume do río. O proxecto é sometido a informe da Comisión de Patrimonio coa conseguinte introdución das melloras demandadas. A liquidación das obras foi aprobada pola Xunta de Goberno Local o 23 de decembro de 2008.

En decembro de 2009 a Deputación adxudica a "MG Metalgal S.L." a construción da cuberta das bancadas segundo proxecto e dirección da arquitecta Paula Cabaleiro Rodríguez. Para que a empresa adxudicataria poida ancorar a cuberta metálica é necesario executar un muro de formigón armado que extradorse a bancada pola cara sur e para iso Metalgal subcontrata a Dantas Val Miñor S.L. Tamén a finais do 2009, con proxecto e dirección da oficina técnica municipal, se executan en paralelo ás obras descritas as pistas de atletismo e ruta biosaudable na contorna do terreo de xogo, legalizadas ante a Consellería de Medio Ambiente en 2010 por emprazarse na zona de policía do río Miñor. Foron levadas a cabo pola empresa Dantas Val Miñor S.L. e ata o de agora son as últimas de entidade.

OUTROS RECINTOS: PRO VAL, GÁNDARA E LOURIDO.

É seguro que o campo de deportes das "Escuelas Hispano Americanas Pro Valle Miñor", construídas no lugar de Baludío, foi utilizado nun tempo polo Gondomar Foot-ball Club. Tamén por algún outro equipo anterior. Ha de terse en consideración que as Escolas iniciaron a actividade docente no curso académico 1914-15, concretamente o 12 de outubro de 1914²².

O semanario El Pueblo do 2 de xuño de 1917 refire ao Gondomar como locatario neste campo nun partido disputado contra o Ramallosa, finalizado con vitoria local. Este recinto inicialmente modesto en dimensións pero con terreo circundante a monte polos ventos nacente e norte propiedade das Hispano-Americanas, sofre unha considerable remodelación para adaptalo a medidas máis oficiais de campo de fútbol en setembro de 1917, inaugurándose a reforma cun partido entre o Sporting de Gondomar e o Goián F.C.²³ Este encontro fora presenciado por gran cantidade de público, entre o que se atopaban os xogadores do Real Club Fortuna de Vigo Abad e Torres. Ambos os dous pasaban uns días na casa de Nieto, capitán do Sporting. O campo da Pro Val tamén puido ser utilizado polo club de Gondomar ocasionalmente entre 1931 e 1944, aínda que isto é moito menos probable.

O que si está cotexado a través de varias fontes bibliográficas é que este foi utilizado por outros moitos equipos de fútbol ao longo da súa centenaria historia, nun tempo onde escaseaban as infraestruturas deportivas. As Escolas, tal como foron concibidas, cesan a actividade en 1934 por decisión da Comisión Directiva da Sociedade Hispano-Americana en Bos Aires e xa definitivamente co inicio da guerra civil, cando a Sociedade estaba a realizar xestións para cederllas ao Estado español²⁴. O campo de deportes, hoxe convertido en pista polideportiva provista de cuberta dende o ano 2000, emprázase a nordés do edificio inicial e principal, nun plano de cota moi superior. Actualmente só se utiliza para fins relacionados co Instituto de Ensino Secundario que ocupa as instalacións.

O Campo da Gándara, ou da Gandra, en Regodagua, na parroquia de Chaín, foi construído, segundo parecen indicar todos os indicios, na primeira metade da década dos trinta. Segundo datos fornecidos polo C.C.D. Chaín²⁵, dótase do primeiro vestiario no ano 75, tras varios períodos de inactividade. Despois, na década dos oitenta, féchase o recinto deportivo e incorpóranse notables melloras. Na década dos noventa constrúense as actuais bancadas cubertas e os novos vestiarios, obras inauguradas no 92. Máis recentemente incorpóranse, con cargo á Deputación Provincial, outras obras de mellora con carácter xeral e do terreo de xogo en particular, consistindo as últimas na dotación de céspede artificial. Este campo, xunto co de Lourido, vai ser durante a década dos trinta, tras desaparecer o da Cerca e antes de que se constrúa o das Gaiandas, o campo locatario dos equipos representativos da vila. Obviamente, durante ese tempo non deixa de ser sede do CCD Chaín, razón principal da súa existencia, e, ademais, ata el achegaranse varios outros equipos.

O último campo de fútbol que imos tratar é o de Lourido. Este, de propiedade municipal, emprázase próximo ao cobizoso soño urbanizador que os irmáns Laureano e Manuel Lemos Lago propuñan a finais dos anos vinte para o ámbito marítimo e praia de Lourido da parroquia de San Pedro, en Nigrán; Praia América, bautizárono os Lemos con servilismo e algo de pedantería, mudando para sempre o topónimo orixinal.

Estes irmáns, grandes filántropos, van cambiar o status territorial, social e económico desa franxa costeira, e para iso encargan o proxecto de urbanización do ámbito ao arquitecto Jenaro de la Fuente Álvarez. Inician realmente a construción dese soño coa explanación da estrada que comunicará o Alto de Mallón coa praia, ao pé do Monte Lourido; empezan a finais de 1929 e remátana a principios de 1931, con todos os gastos ao seu cargo. Ata ese momento o achegamento ao areal realizábase a través de dificultosos sendeiros peonís ou camiños de carro. Só dende finais de 1926 existía outra alternativa: o tranvía que comunicaba Vigo coa Ramallosa. As obras de execución das vías empezaran moito antes e en 1924 xa estaban executados os alicerces da estación da Ramallosa. Esta posibilidade mellora pouco despois coa ampliación da rede a Baiona e Gondomar.



Adestramento do "Batallón infantil" das "Escuelas Hispano-Americanas Pro Valle Miñor". Vista parcial do campo de deportes do Centro no ano 1921, xa co recinto ampliado en 1917.

Fonte: Vida Gallega. Biblioteca Municipal de Vigo.

Os demais accesos irán abríndose con posterioridade a 1929. Ese ano, na sesión do 27 de agosto, sendo alcalde Vicente Rodríguez Pérez, a corporación municipal de Nigrán acorda solicitarlle ao ministro de Fomento a cesión das dunas de Lourido e Canido²⁶ para urbanizar e así, din, combater a forte crise económica. Máis tarde, na sesión do 24 de maio de 1931, o alcalde Severino Alonso Gonda fai saber á corporación a intención acubillada por Manuel L. Lemos de abrir e sufragar unha estrada paralela ao mar que se iniciaría á altura do campo de deportes de Lourido e remataría aproximadamente algo máis alá da actual cafetería Area Loura, coa intención de, máis tarde, continuala ata Panxón atravesando o río de Canido; algo que non se executará ata décadas despois, pero non por Lemos. Manuel cumpre o acordado.

En 1931 ábrese o camiño que comunica o Alto de Mallón, nacente fronte ao iniciado en 1929 polos Lemos, con Vilariño na estrada Gondomar-A Ramallosa, pasando por Menora. Este fora poxado o 3 de outubro de 1930 e adxudicado a Marcial Peralba Fontáns. En 1936 a Xunta Provincial de Sanidade de Pontevedra denega e devolve ao Concello de Nigrán o proxecto da estrada que este pretendía abrir, bordeando o mar, dende A Ramallosa, onda estación de tranvía, ata o pé de Monte Lourido²⁷. Aínda será necesario esperar un tempo longo para velo executado.

Todas as operacións descritas pretenden dar unha idea aproximada de como vai medrando a accesibilidade ao campo de deportes de Lourido, que se empraza

ao final da primeira estrada aberta polos Lemos, lindando co sendeiro das Chans, na base norte do Monte que lle dá nome.

Este campo de deportes empezouse a construír na primavera de 1925 a iniciativa dos filántropos Julián Valverde Pérez e Joaquín Fontán Ozores²⁸. A noticia deportiva de maior antigüidade deste recinto obtémola no Faro de Vigo do 21 de outubro de 1925. Nel díse que o Deportivo Bosco goleara 8-1 ao Ramallosa F.C., formado por xogadores de Baiona, Gondomar, Ramallosa e Sabaris, ante numeroso público, o que confirma que o recinto xa reunía as condicións mínimas para a práctica do fútbol; pero inda non debía estar rematado. No arquivo do concello de Nigrán atopamos unha folla practicamente en branco, sen selos oficiais, na que puidemos ler que o 2 de xaneiro de 1926 o concello pagou 50 pesetas en concepto de subvención ao campo de deportes "Lourido". En consecuencia, habemos de deducir que o campo, inda sexa illado e sen acceso doado, estase a rematar nese intre.

En 1927 o Club Industrial de Gondomar tómao como sede. Anos máis tarde, xa con acceso mellorado, está en pleno funcionamento. Comprobámolo a través dunha instancia asinada por Eugenio Vaquero, presidente da sociedade deportiva Chao S.C., de Vigo, mediante a cal solicita, o 16 de xuño de 1931, o arrendo do recinto de xogo co fin de presentarllo oficialmente á Federación para ingresar nela, en segundas categorías -Serie B- e poder verificar os partidos do campionato da próxima tempada. Din os representantes do club que o arrendo non impediría o uso que lle quixese dar o concello para a práctica de calquera deporte por parte dos afeccionados do termo municipal os días que non tivese partido o Chao S.C.

O concello acepta as condicións o 10 de xullo de 1931 sendo alcalde Manuel Alonso González, pero o terreo de xogo non debía alcanzar as medidas regulamentarias. O arrendo péchase en 480 pesetas anuais e, para iso, adquiriuse máis terreo a José González Giráldez e a José Alonso Giráldez. Este terreo utilizouse para desprazar o camiño ás Chans, que o bordea polo sur, e dese xeito aumentar o ancho do terreo de xogo. Tras o sorteo, o primeiro partido a xogar no recinto queda fixado para o 4 de outubro. Como celebración do acordo entre o concello e a sociedade deportiva Chao, celébrase un encontro o 26 de xullo de 1931 entre o equipo titular da sociedade e unha selección do Val Miñor. Ao partido asiste unha comisión da corporación municipal, presidida polo alcalde, tras convite formal do secretario do Chao S.C.

Antes, o 22 de febreiro do 31, o alcalde Severino Álvarez González multa a Gumersinda Lorenzo, do Viso, con cinco pesetas polos danos causados por uns bois da súa propiedade -romperan dúas árbores das plantadas arredor do recinto- cando estaban a pacer vixiados pola filla, Brasilina Rodríguez Lorenzo. O celo no mantemento do campo parece grande nesa época pois haberá máis multas en 1937, agora a José González Fernández, tamén do Viso, por pastoreo de tres bois e unha cabalaría cando xa estaba arrendado o pastoreo. E a Jesús Figueroa, polo mesmo.

Nos anos corenta este recinto sen valar segue activo e proporcionando algúns ingresos para a Administración. En 1945, o 12 de maio, tras a celebración dun partido de fútbol, o Concello diríxese ao presidente do Club Ramallosa, Félix Álvarez Calvo, para que dea conta da recadación obtida e así poder liquidar o imposto. O Club Ramallosa, sociedade deportiva, presenta extracto de contas pero os resultados non deberon ser do agrado do alcalde porque o 11 de xullo de 1946 comunícalle ao presidente do club que a partir desa data haberá de recoller na secretaría do concello, con 48 horas de antelación ao partido, a billetaxe debidamente estampada en selo oficial e contrasinal que lle permitirá distinguir as entradas de cada día á inspección e, dese xeito, poder liquidar o imposto de usos e consumos ao día seguinte da celebración do partido.

Este concepto recadador desaparece avanzada a década dos cincuenta. Con motivo dun expediente de Contribución Urbana respecto dos terreos do campo de deportes, iniciado pola subdelegación de Facenda, a Comisión Municipal Permanente, presidida por Bernardo Vázquez Rial, nun escrito do 10 de outubro de 1959 anuncia no seu descargo que o campo de propiedade municipal é gratuitamente aproveitado polos veciños e non produce renda ningunha ao municipio, polo que non debería render imposto. A tese do concello prospera.

Lourido foi o campo do Club Ramallosa e logo do Dunas de Panxón ata que se construíu o de Condomínguez. Segundo o Inventario de Bens do concello de Nigrán, o campo ten unha superficie de 9.547,12 m².

NOTAS BIBLIOGRÁFICAS E DOCUMENTAIS.

- 1 VV.AA. Retallos de GONDOMAR DE MIÑOR. Ed. Instituto de Estudos Miñoranos. 2012. p. 116.
- 2 O propio José Fraga fai referencia a esta diferenza no opúsculo RECUERDO DEL HOMENAJE al Excmo. Señor Don Gonzálo Fernández de Córdoba. Conde de Gondomar. Ed. Tip. Escuelas Hispano-Americanas. Mañufe. Estío de 1921. p. 7.
- 3 Fernández de Córdoba Calleja, Enrique. EL PAZO DE GONDOMAR. 5 siglos de una familia. Ed. Diputación Provincial de Pontevedra. 2002. p. 185.
- 4 Opúsculo RECUERDO DEL HOMENAJE al Excmo. Señor Don Gonzálo Fernández de Córdoba. Conde de Gondomar. Ed. Tip. Escuelas Hispano-Americanas. Mañufe. Estío de 1921. p. 8.
- 5 Fernández de Córdoba Calleja, Enrique. EL PAZO DE GONDOMAR. 5 siglos de una familia. Ed. Diputación Provincial de Pontevedra. 2002. p. 198.
- 6 Crónica asinada por El Duquesito no xornal El Pueblo Gallego de venres 18 de decembro de 1925.

- 7 Arquivo municipal de Gondomar. Actas de Plenos. Sesión de 28 de xuño de 1918.
- 8 Xornal "El Pueblo. Semanario independente", xoves 17 de setembro de 1914.
- 9 Exemplar de el Pueblo Gallego do 2 de agosto de 1956.
- 10 Retallos do El Pueblo. Semanario independente, de xullo de 1917.
- 11 Nun editorial de 3 de xuño de 1946, asinado por ALERTA, pode lerse:"(...) pretender poseer un buen equipo integrado por jugadores locales, en su totalidad, es tan absurdo que ni merece discutirlo y quien así no lo crea será porque desconoce la población de la villa e ignora que hace unos dieciséis años que desapareció el campo de fútbol de la <Cerca>".
- 12 Cao Moure, José. LIBRO DE ORO DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. Ed. P.P.K.O. 1931. p. 88.
- 13 El Pueblo Gallego de 7 de outubro de 1928.
- 14 Segundo Abelosa, no xornal El Pueblo Gallego de 14 de agosto de 1943, Vicente Vázquez é o presidente da Comisión Xestora, pero a documentación gardada no arquivo municipal de Gondomar acredita que a representatividade da mesma e a presidencia obtívoo Faustino Álvarez.
- 15 Información proporcionada oralmente pola familia directa residente en Mañufe.
- 16 Abundante información sobre os preparativos e actos referidos á inauguración nos números de 19 do 5 de 1944 e 23 do 5 do mesmo ano do xornal El Pueblo Gallego.
- 17 Delio Rodríguez, nacido en Pontearreas, era daquela un ciclista profesional que gañará a "Vuelta a España" precisamente o ano seguinte; na edición de 1945. Delio inda hoxe é o ciclista que posúe máis vitorias parciais na ronda española, gañou 39 etapas ao longo da súa vida deportiva.
- 18 Noticia recollida no semanario deportivo Meta de 20 de maio de 1946 e 3 de xuño do mesmo ano.
- 19 Xornal El Pueblo Gallego de 31 de agosto de 1963.
- 20 Moito antes de seren recibidas polo concello estas obras de iluminación, executadas en dúas fases, foran inauguradas ao rematar a primeira. Foi unha noite moi fría do mes de decembro de 1988, concretamente a do día 8. Para o acto convidouse ao Pontevedra a un encontro amigable que rematou con empate a dous tantos ante a atenta mirada das autoridades locais, respectivas directivas e nutrido público.
- 21 O acto central da inauguración foi un partido contra o Real Club Celta, que ese día aliñou con todos os titulares e gañou 3-0. Foi tanta a afluencia de público que o club recadou 1.125.000 pesetas da época, récord absoluto na súa historia ata aquel intre. Ese mesmo día tributóuselle unha homenaxe a Francisco Alborés como principal artífice da construción do campo das Gaiandas. Tamén se rendeu homenaxe aos seguintes ex-xogadores do club: José Rodríguez Cabaleiro

-Pepe de Ignacio-, Salustiano Fráiz -Nanito-, Antonio Núñez Hermida -Toñito Carrallas-, Avelino Amorín -Chirri-, Roberto Valverde, Manuel Chamorro, Ángel Hermida Losada -Hermida petit ou Carbuo-, Álvaro Núñez Marcial -Alvarito-, e Manuel Hermida Losada -Anía ou Hermidita-.

- 22 Xornal "El Pueblo. Semanario independiente", xoves 17 de setembro de 1914.
- 23 Retallos de El Pueblo. Semanario independiente, do ano 1917
- 24 Pereira Dominguez, M^a Carmen. As escolas Pro-Valle Miñor e a súa preocupación pola formación docente. REVISTA DE ESTUDOS MIÑORANOS (IEM) nº 2. p. 49.
- 25 O Centro Cultural Deportivo Chaín, a través de Roberto Misa, directivo do club na actualidade, fíxonos chegar un pequeno resumo da historia do recinto deportivo e club de fútbol da parroquia que reproducimos e comentamos no capítulo CURIOSIDADES, COMENTARIOS, ANECDOTAS, CHISMES E CARTELARÍA, desta publicación. Del extractáronse os datos que reproducimos nesta sección.
- 26 As dunas de Lourido e Canido, nunha paraxe totalmente virxe, separaban, xunto coas de Gaifár, o monte Lourido do porto de Panxón. Hoxe por mor dun interese especulativo de nulo respecto polo hábitat natural están practicamente desaparecidas.
- 27 Iglesias Veiga, J. R. ARQUITECTURA E INDIANOS NA CIDADE DE VIGO E BISBARRA. Ed. Instituto de Estudios Vigueses. 2013. p. 41 a 52.
- 28 No xornal El Pueblo Gallego, do 15 de maio de 1925, pode lerse un artigo do correspondente da zona que di: "Es ya un hecho el que brevemente tendremos un hermoso campo de deportes. Se está trabajando durante estos días con todo entusiasmo en la explanación de dicho terreno, próximo a la playa y a la vía del ferrocarril de Vigo a la Ramallosa.
La juventud de esta y sus alrededores no dejan de aplaudir esta magnífica iniciativa, nacida de los grandes potentados y filántropos D. Julián Valverde Pérez y D. Joaquín Fontán Ozores, que honran a la tierra que les vio nacer con sus buenos corazones (...)"

ALGUNHAS BIOGRAFÍAS DE INTERESE.

ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO

DECLARACIÓN DE INTENCIONES.

Abordamos agora unha serie de pequenas biografías de homes que por algunha razón foron importantes nalgún momento da historia do club. Facémolo só atendendo á inescusable condición de xogador ou adestrador. Como sempre sucede con estas cousas, a elección é subxectiva. Aínda así, para confeccionar a lista final non fixemos outra cousa que solicitar unha moi considerable cantidade de opinións, saíndo os nomes elixidos de entre aqueles máis veces citados. En todo caso sabemos que este listado é inxusto, que segue a ser unha lista na que poderían entrar outros moitos nomes substituíndo a varios dos tratados sen que o resultado final se resentise. Nomes como Covelo -excelente porteiro e pai do tamén porteiro de igual nome de guerra (en realidade, José Antonio García Alonso) que algunha década despois xogaría no Barcelona e Mallorca-, Morales -un centrocampista que atesouraba moita clase; terminaría por xogar no Las Palmas-, Pepiño e Mosquera -ambos os dous de Ponteareas-, Tatán -un excelente defensa, reclamado para o Celta, tamén de Ponteareas-, os Penisco -dos que haberá xeracións posteriores-, Doval -un dianteiro centro a quen M. Gonda foi buscar a Avilés, e polo que, posteriormente, se interesou o Celta-, Teniente, Lilo -de Pereiró-, Cuchifí -fillo de Pepe Hermida, que irá probar polo Celta e Coruña-, Lito Hermida e tantos outros da década dos cincuenta e primeiros sesenta. Ou anteriores, como Crespo -de Redondela-, Marsach -que se trasladará a Cataluña-, Ferrotes, Pepe de Ignacio -pai de Pepiño de Martita-, Virolas, Amoedo, Ayú- gran xogador que pasou case toda a vida deportiva no Baiona S.C. e nos cincuenta sería adestrador do Juvenil Erizana-, Virasuelas, Fariñas -tamén xogadores do Baiona S.C.-, Eugenio -porteiro do Sporting Club- e compañía. De finais dos sesenta e os setenta e oitenta, como Manolo Estévez -porteiro que, entre outros, xogou no Atlético Pontevedrés e probou polo Girona e o Real Madrid-, Salvador, Alfonso Salgueiro -un extremo que xogou en Terceira División e foi probar polo Real Madrid-, Morell-excepcional centrocampista baionés, un referente no seu tempo que formou co Gondomar no último treito da súa etapa deportiva-, Lomba -un rapaz, nado en Panxón, de clase fascinante-,..., a maioría daquel equipo que por primeira vez ascendeu a Terceira División e varios dos incorporados despois. E aínda de décadas posteriores, como Pupi, Capi -estivo no Zaragoza, Murcia, Las Palmas,..., Pontevedra- Manuel Ángel, Soneira, Manu -neto de Hermidita-, Patxi Villanueva -internacional sub 18 e porteiro da plantilla do Celta durante doce tempadas-, Brito -máximo goleador da Serie A na tempada 95-96 co F.C. Gondomar-, e tantos máis. Todos estes e outros non mencionados formaron parte da elección e preferencia de moitas das persoas enquisadas, pero as circunstancias e o destino quixeron que os máis recordados e citados fosen os que presentamos. E facémolo por orde cronolóxica; ou case.

José Hermida Losada, PEPE HERMIDA.

Naceu o 18 de xullo de 1897 en Gondomar e morreu en Tui o 3 de febreiro de 1970. A súa familia será fonte de numerosos e importantes futbolistas.

Foi o primeiro gran xogador que saíu da canteira do Gondomar e un dos fundadores do Gondomar Sporting Club, equipo no que chegou a actuar como capitán. Tamén xogou ocasionalmente no Miñor F.C., como naquel partido no que sendo compoñente do Celta, como tamén o era Carbuero, o irmán, compartiu aliñación con el ante o Atlántida, nun encontro xogado na Cerca o domingo 12 de xullo de 1925 co resultado de 6-2 para os locais.

Inicialmente xogaba de centrocampista se ben, co paso do tempo, retrasa a posición á liña defensiva. A mediados dos corenta, segundo relata un folleto editado polo bisemanario deportivo META en 1946, aínda se conservaba no local social do Gondomar unha gran foto súa dedicada. Este mesmo folleto cualificáboo como "home de goma".

Pepe no seu tempo tivo peso e influencia no ámbito futbolístico. O Faro de Vigo de 23 de novembro de 1925 recolle a visita que lle fan na casa de Gondomar os xogadores "desertores" do Celta, con residencia na Coruña, para tratar cuestións deportivas. Este peso posiblemente axudaría a que o club ao que naquel momento pertencía se decantase por elixir a vila como lugar de concentración. Así, no mesmo xornal pero de data 3 de febreiro de 1926, ante o gran acontecemento que se entendía ía a ser o enfrontamento do domingo día 7 entre o Celta e o Deportivo da Coruña, nunha crónica asinada por Handicap -Manuel de Castro-, pode lerse que mentres o Deportivo elixe Ordes para esperar o encontro, o equipo de Vigo decántase outra vez por Gondomar, onde os "equipiers" son recibidos con entusiasmo e tratados con todo tipo de atencións. O mesmo lugar de concentración, durante varios días, elixirá o Celta en xaneiro do mesmo ano para o partido da Coruña.

Do Sporting pasou ao Real Vigo Sporting Club, nome co que se refundara en 1914 o antigo Vigo Foot-ball Club, e logo, en 1923, cando se funda o Celta por fusión daquel e o Real Club Fortuna cos mellores xogadores de ambos os dous conxuntos, pasa a formar parte dun equipo no que se manterá ata 1932; tiña para aquela 34 anos. Co Celta xogou cincuenta partidos e marcou oito goles. Ha de entenderse



Fonte: Arquivo de Enrique Touriño. F. Pacheco.

que nos anos vinte as competicións futbolísticas en moi pouco se parecían ás actuais; menos equipos e menos partidos.

Tiña o costume Pepe, como tantos outros da época, de xogar cunha fita -un pano- rodeándolle a cabeza, do mesmo xeito a como actualmente fan moitos tenistas. Co Celta, na primeira tempada tras a fundación, proclamouse campión de Galicia -1923/24-. Esta sería a primeira das seis veces que Pepe o conseguiu. En 1924 forma parte da aliñación celeste que tomou parte por primeira vez nun encontro de ámbito estatal, foi na Copa de España ante o Athletic.

O 7 de xuño de 1928 integra o equipo do club vigués que realiza, tamén por primeira vez, unha xira americana. A viaxe por mar fíxose a bordo do transatlántico alemán Werra, saíndo do porto de Vigo. Antes de retirarse aínda tivo tempo de debutar na recentemente creada liga -fundada en 1929-, pero non de acadar o ascenso a Primeira División; o Real Club Celta ascende por primeira vez á máxima categoría en 1936.

Formou parte da primeira selección de fútbol de Galicia, cuxo partido iniciático foi xogado no campo de Coia, en Vigo. O encontro disputárase contra Castela con resultado favorable para Galicia por catro goles a un.

Antes de retirarse, uns amigos de Gondomar organizárlle un partido homenaxe a disputar o 24 de agosto de 1930 no Stadium Troncoso, da Guarda, entre unha selección do Val Miñor, formada por xogadores do Gondomar, Iris, Miñor e Industrial, e o Deportivo Guardés. A selección do Val Miñor formou con: Copena, Ángel Hermida, Pepe Hermida, Ferrote, Vega, Pareditas, Reigosa, Nolete, Rogelio, Nieto e Regueiro. A desculpa foi unha copa cedida polo conde de Guadalhorce e na presidencia do estadio estaban a directiva do Real Club Celta e autoridades da Guarda e Gondomar. Un ano despois é o Celta quen lle reconece a entrega de tantos anos ao fútbol.

Casou con Felisa Rodríguez Barrios, residente en Tui, e tiveron seis descendentes, tres fillas e outros tantos fillos.

Fontes: www.yojugueenelcelta.com;

Folleto do Campionato Rexional de primeira categoría de 1946, editado por META;

Faro de Vigo; El Pueblo Gallego; e Jorge Hermida.

Ángel Hermida Losada, CARBURO.

Gondomareño, nacido o 28 de novembro de 1905, finou o 7 de novembro de 1992, en Vigo. Está enterrado no cemiterio municipal da vila. Era irmán menor de Luís, tamén xogador do Gondomar Sporting Club, e de Pepe, biografiado anteriormente, e xogaba xeralmente de centrocampista aínda que defendía con solvencia case calquera

posto excepto a portería. Era o máis pequeno dos irmáns; Pepe leváballe 8 anos e Luís 11. A familia completábase con Carmen, nai de Anía, Lito, Antonio e Enrique, e os emigrados a Sudamérica Enrique e Casiano. Luís nacera na actual rúa Manuel Alonso, en Gondomar, na casa inda existente coa que Manuel Losada Carrera, din, agasallara a súa irmá Manuela, casada con José Hermida Alonso, proxenitores da saga. Á beira da casa, onde décadas máis tarde Bar Boo proxeccará un pequeno edificio para Marcelino Alborés, emprazábase o forno de pan de Manuela. Luís, o maior, casará en Tui con Asunción Mariño.

Cinco sobriños e un fillo de Carbuco tamén chegarán a xogar no Gondomar. Pepe -Cuchifli-, Manuel -Hermidita ou Anía-, Gonzalo Luís -Lito-, Enrique e Antonio, ao que tamén lle din Carbuco, foron os sobriños; os dous primeiros fixérono nos corenta, os tres restantes entre os cincuenta e os sesenta. O fillo, ao que máis adiante volveremos, foi Jorge; estivo no club a finais dos corenta e nos cincuenta. Anos despois a saga continuará cos descendentes dos citados.

Carbuco xogou no Iris A.C., no Gondomar Sporting Club e no Miñor Fútbol Club. Pasa ao Celta na tempada 1926-27 e chega a coincidir en moitas aliñacións co irmán Pepe, se ben Ángel non era tan fixo no equipo. Foi un rapaz moi dotado para o fútbol. Manexaba con soltura as dúas pernas e posuía gran capacidade de adecuación aos distintos ámbitos do terreo de xogo, pero asaltábao unha debilidade: tiña un xenio sen control. Era este o que o enleaba unha e outra vez con Polo durante os adestramentos cando ambos os dous formaban no Celta. Parte deste xenio nunca consumido totalmente intentou darlle saída por diversos canais; un deles foi o boxeo. Ademais de futbolista, Carbuco foi boxeador afeccionado e en máis dunha ocasión combateu na sala de Oliveira ou, o que ven sendo o mesmo, no cine Capitol, emprazado na beira nacente da praza de Urzaiz, en Gondomar.

Por razóns que descoñecemos, Carbuco non foi incluído entre os xogadores que realizaron a xira americana do Celta mencionada na biografía do irmán. Estivo neste equipo ata a tempada 31-32, saíndo del e retirándose do fútbol activo ao mesmo tempo que Pepe. De igual xeito ca este, non chegou a xogar en Primeira División; o seu máximo logro foi Segunda porque o Celta ascende por primeira vez á máxima categoría unha vez xa retirado. No palmarés deste futbolista figuran, entre moitos outros, dous títulos do Campionato de Galicia, gañados ante o Deportivo da Coruña.



Fonte: Arquivo de Jorge Hermida. F. Pacheco.

Noutra orde de cousas, Ángel Hermida foi, con outros, o fundador do Tyde, nun tempo onde o Racing de Tui estaba cheo de xogadores foráneos que o lastraban economicamente. Casou con Guadalupe Núñez Sanromán, irmá de Alfonso, Manuel e José, tan vinculados todos ao fútbol en Gondomar, coa que tivo catro fillos; unha muller e tres homes.

O maior destes homes, como xa se dixo con anterioridade, foi Jorge, nacido en Gondomar, na casa da ascendencia paterna inda hoxe existente, o 2 de maio de 1932. Este rapaz, que terminará sendo un home miúdo, dun metro sesenta e cinco centímetros de estatura e sesenta quilogramos de peso, terá querenza por Gondomar durante toda a vida. E gran apego ao fútbol, deporte para o que o destino o dota de xeito notable. As circunstancias vitais da familia lévano a vivir na Guarda e logo en Tui, onde se aliñará durante uns 11 anos no Racing, pero aínda así xogará cinco tempadas non consecutivas no Club Gondomar. Será un dos gañadores da Copa Joselín, en Baiona.

Jorge, habitualmente extremo esquerda, dispuña de bo caneo, era moi rápido e, como lle sucedera ao pai, manexaba con soltura as dúas pernas. Integrou a Selección de Pontevedra no ano 49 e a de Galicia nun campionato celebrado en Teruel en 1950. Por el interesáronse Celta de Vigo e Porto. O equipo portugués, cando o adestraba Ferdinand Daucík, gran futbolista, excelente adestrador e cuñado de Kubala. Ao Celta foi probar o mesmo día que seu curmán Pepe -Cuchifí-.



Jorge H.

Fonte: Arquivo de J. Hermida.

Daquela adestrábo Zamora, quen, aquel día, dividira en dous equipos todos os futbolistas a seu mando. Nun quedara encadrado Jorge, no outro Gaitos. Ao terceiro caneo Galeiro, utilleiro naquela do Celta, humilla a Gaitos gabando a grito pelado as habilidades daquel rapaz miúdo. Cando Jorge se propuña realizar o cuarto, sen tempo para reaccionar, Gaitos estám-pao contra a pista de cinza. Jorge, dun carácter que lle viña herdado, soltando improperios deu a proba por finalizada.

Casou con Isabel Fernández Álvarez, coa que tivo unha filla, Mónica, e inda topou tempo para practicar automobilismo en rallys. O veneno da conducción posiblemente tamén sexa herdanza. Seu pai e o tío Pepe, tras deixar o fútbol, fundaran en Tui unha empresa de trans-

portes que chamaron "El Pájaro Blanco", un coche de liña Tui-Vigo, con capacidade para 35 prazas, da cor indicada no nome da empresa. Os mesmos socios, algúns outros e Manuel Núñez Méndez, pai dos Núñez Sanromán, serán os fundadores de A.T.S.A., coa que tempo despois de xeito inesperado se fará Saracho Arechavala.

Fontes: Fame Celeste, páxina virtual; Jorge Hermida; e Manuel Rodríguez Alonso.

Manuel Copena Araujo, NOLETE.

Naceu en Gondomar o 22 de novembro de 1911. Falece en 1987, en Baiona.

Comezou a carreira deportiva no Miñor F.C. de Gondomar e inda tivo tempo de xogar máis dun partido no vello campo da Cerca, feudo do equipo da vila ata que Nolete cumpre 19 anos. Foi un dos principais compoñentes e goleadores do Uzcudun F.C., tamén de Gondomar. Despois xogou no Moaña, no Ciosvín de Vigo -equipo afeccionado campión de España nunha final xogada en Chamartín o 21 de xuño de 1931 ante o Oscense, de Huesca, nun partido previo á final da Copa de España gañada polo Athletic de Bilbao ante o Betis-, no desaparecido Eiriña de Pontevedra e no Celta de Vigo. Foi sometido a proba polo Real Madrid no ano 1931, cando era xogador do Eiriña, pero a operación non se consolidou.



Fonte: Arquivo familia Piñón Pérez.

Estando no Eiriña tivo ocasión de participar no partido máis memorable que se recorda deste club. Foi un Eiriña-Deportivo da Coruña celebrado en outubro de 1930. Aquel día, ante a maior entrada da tempada, aliñaran: Copena, Neno, Eloy, Barril, Guevara, Chicho, Gabriel, Buela, Nolete, Chaco e Blanco.

No descanso o Eiriña perdía por 0-3. Iniciada a segunda parte, Nolete marca o primeiro gol dun partido memorable que, para asombro dos presentes, remata 4-3.

Nolete xogaba de dianteiro centro e está considerado o gran goleador do Celta dos anos trinta; marcou 96 goles en 113 partidos. Fichou polo club de Vigo en 1932 -as conversas iniciáranse en maio do ano anterior- e deixouno en 1943. Do 36 ao 39 estivo mobilizado. No 36 xa se fundara o Nolete F.C., equipo modesto, de Vigo, que tiña como ídolo o xogador gondomareño. Este equipo xogou varios partidos en Chaín.

Era un home corpulento e de considerable estatura, características que anunciaban certa facilidade para o remate de cabeza, segundo parece o seu mellor

recurso como futbolista. Moitos dos seus goles foron importantes ou decisivos para a historia do club celeste como, por exemplo, na fase de promoción do primeiro ascenso, en 1936, ou fronte ao Deportivo tamén en promoción en 1940, ou o que lle meteu ao Zaragoza en 1941 evitando o descenso do equipo. En Balaídos, un gol seu ao Real Madrid clasificou o Celta para cuartos de final da Copa de España. A Nolete cábelles a honra de ser o xogador celeste que marcou o primeiro gol do equipo en Primeira División.

“O ano que ascendemos, en 1936, estivo a punto de desfacerse o Celta por problemas económicos. Os xogadores, entón, renunciámos a cobrar o que nos debían. Non fixen cartos, case me custou. Mesmo cando a miña nai mataba o porco, viñan os compañeiros do equipo comer á miña casa. Aqueles tempos non son os de agora. Xogabamos por auténtico amor a un club”, deste xeito manifestábase nunha ocasión Nolete, campión de Galicia co Celta na campaña 1933-34. O 21 de agosto de 1932 xogou un partido coa Selección Galega no campo do Inferniño de Ferrol.

En 1952 obtén o título de Preparador Nacional de Fútbol, non obstante nunca exercerá como tal. Unicamente estivo como xogador-adestrador no “Unión Deportiva Orensana” durante dúas tempadas, pero isto fora antes, tras deixar o Celta no ano 1943. Logo, na segunda metade da década dos corenta aínda volverá aliñarse co Gondomar. Tempo despois, na década dos setenta, farao o seu sobriño Manuel Piñón Copena.

Formou parte do equipo que inaugurou oficialmente o peche do campo das Gaiandas en 1946 e durante moitos anos exerceu como asesor técnico do Club Gondomar.

Estudara nas escolas Pro Val e como mestre, carreira que remata en xaneiro de 1935, exerceu a docencia no Val Miñor e no Instituto de Ensino Medio Santa Irene, de Vigo, ata o día da xubilación aos 70 anos. Casou en Baiona, vila na cal asentou a residencia e da que foi xuíz de paz e, durante case oito anos, alcalde. No seu mandato inaugurouse o Parador de Turismo Conde de Gondomar en Monterreal, de dubidoso acerto, circunstancia que non lle pode ser atribuída. Nos anos cincuenta presidiu a sociedade de caza e pesca “La Erizana”.

Nunha sesión de outubro de 1986 o concello de Gondomar, sendo alcalde José de Lis, recoñécelle méritos a modo de homenaxe e solicita ao presidente da Xunta de Galicia lle conceda a Medalla ao Mérito Deportivo. Antes, o 29 de maio de 1982, recibira unha homenaxe nas Gaiandas.

Fontes: www.yojugueenelcelta.com; Lino Blanco en Atlántico Diario, de 25 de xaneiro de 1988; arquivo concello de Gondomar; Historia de Bayona, de Antonio de Mauricio; Erizana, semanario deportivo de 7 de febreiro de 1955; El Pueblo Gallego, de 4 marzo de 1931 e de 16 de maio do mesmo ano; e Faro de Vigo, de 26 de xullo de 2014.

Álvaro Núñez Marcial, ALVARITO.

Naceu en Vigo, na Ribeira do Berbés, o 22 de decembro de 1912. Falece en Gondomar o 4 de xullo 1992.

Empezou xogando no equipo do barrio, o Berbés, e logo pasou ao Unión Sporting. Din que xa de rapaz tiña un carácter moi forte. Mentres fixo a mili na cidade departamental xogou, sen federar, no Ferrol para logo iniciar a carreira profesional no Deportivo da Coruña, onde permanecerá algunhas tempadas.

Ao rematar a guerra civil non todos os xogadores do Celta chamados a filas regresan a Vigo. Ante esta adversidade o club vigués vese obrigado a buscar reforzos para afrontar a tempada e entre as incorporacións inclúese Alvarito; un medio centro -hoxe equivalería a defensa central- todoterreo, incansable e valente. Polo tanto, debutou co Celta na tempada 1939-40, a primeira do equipo en Primeira División pois

inda que sube no 36 non compite ata o 39, e pertenceu ao equipo ata 1944. Durante ese tempo tamén xogará no Español de Barcelona e no Granada en calidade de cedido. Ese ano 1944, tras unha nefasta tempada na que o equipo unicamente consegue 9 puntos, o Celta baixa a Segunda e Alvarito -tamén Mundo e Agustín- deixan o club ao non chegar a un acordo coa directiva; por entón era presidente Faustino Álvarez, veciño de Gondomar -anos máis tarde o Celta organizaralle unha homenaxe na que participará o Sporting de Xixón-. As tres seguintes tempadas ficha polo Real Murcia, tamén de Primeira División, cun moi bo contrato. Mentres pertence a este equipo xogará como cedido un tempo no Orihuela.

Foron varios os contratempas que lle aconteceron durante os 75 partidos que xogou co Celta, pero quizais o máis soado fose aquela rotura de maxilar superior dereito sufrido en Chamartín. Adiantárase no marcador o equipo de Vigo na primeira parte e na segunda o Real Madrid sae a por todas. Prodúcense choques e entradas bruscas, o partido xógase con forza. Nesas, Sauto e Alvarito saltan na disputa dun balón, chocan e ambos os dous quedan lixeiramente conmocionados. Tras ser atendido polo masaxista, o xogador do Madrid incorpórase ao xogo; Alvarito é trasladado a unha clínica en estado grave; tardará en recuperarse. Noutra ocasión, estando seleccionado para xogar un partido contra Portugal, perdeu a internacionalidade ao lesionarse nun partido previo contra o Sevilla.

Remata a traxectoria como xogador de fútbol no Gondomar onde, nunha primeira etapa, fai de xogador-adestrador. Despois, como adestrador exclusivamente,



Fonte: Arquivo de Gilberto Vila.

levará varios equipos, entre eles o Club Gondomar a principios dos cincuenta, Valle Miñor C.F., Erizana, Real Club Celta, neste caso como segundo de Yayo nos anos sesenta, os xuvenís do Celta, o Bueu, en Terceira División, e nunha segunda etapa entre os sesenta e setenta o Gondomar, onde se retira.

Dende mozo veraneaba na vila e ao retirarse como profesional do fútbol afincouse nela e montou un bar ao que chamou Alvarito. Estaba situado na Avda. Elduayen, xusto diante da estación de tranvía, a cal, durante moitos anos, estivo a cargo doutro ex-xogador do Gondomar, Salustiano Fraiz, quen, invariablemente, pasou o alcume "Nanito" ao bar Estación que nesta atendía.

O bar de Álvaro ademais funcionaba como casa de comidas, quiosco, selado de quinielas e lugar por antonomasia de faladoiro futbolístico. Nunha das moitísimas ocasións que Nolete pasou por el promételle a Carmiña, muller do propietario, unha fotografía curiosa; promesa que cumpre aos poucos días. A foto recolle a disputa dun balón entre o propio Nolete, dianteiro do Celta, e Alvarito, defensa do Deportivo da Coruña, ao que saltan para cabecear. Aínda sendo a altura de Nolete 1,95 m. e a de Alvarito 1,70 m. a foto recollía o instante en que este lle superaba nunha cabeza e acadaba o obxectivo. A súa gran capacidade atlética aínda saía a relucir cando, con case cincuenta anos, algunha noite no bar lle picaban o orgullo. Entón colgaba un balón no teito e desafiaba o atrevido a que o alcanzase, mediante un salto, coa cabeza. Ante a imposibilidade do desafiado en conseguir o seu obxectivo, el, dun salto e con pantalón de rúa, tocábao co pé.

Casou en 1941 con Carmen Fernández Pérez e tiveron tres descendentes. O único varón, Álvaro, residente a día de hoxe na vila, tamén foi xogador do Gondomar, e do Tomiño, entre os sesenta e setenta.

Fontes: www.yojugueenelcelta.com;

Retallos de Gondomar de Miñor, VV.AA.; Álvaro Núñez Fernández;

El Pueblo Gallego, de 28 de outubro de 1960.

José Núñez Sanromán, PEPE NÚÑEZ.

Naceu en Gondomar o 12 de decembro de 1915. Falece o 22 de febreiro de 1983 no hospital Cíes de Vigo.

Foi un home de carácter conciliador e de complexión media, duns 75 Kg. de peso e 1,75 m. de altura, que como futbolista gozaba coa creación e elaboración da mellor estratexia posible a poñer en práctica polo equipo. Era un xogador técnico, con alta capacidade para o pase final, ou asistencia no argot da prensa deportiva actual, e dotado co xene que distingue os estrategos e distribuidores do xogo colectivo. Xogaba co número 6 ás costas.

Practicou o fútbol durante quince anos aproximadamente e ao longo dese tempo xogou no Uzcudun F.C., o Gondomar Sporting Club restituído, Rápido de Bouzas, que casualmente cumpre neste 2014 cen anos de existencia, e no Club Gondomar, aínda que como é de lóxica pensar iniciárase no mundo do fútbol pateando algunha pelota, de trapo ou non, con outros camaradas de similar idade no antigo campo da Cerca, sede na época de Pepe do Uzcudun e despois do Sporting Club; cando desaparece, Pepe ten 15 anos.

En novembro de 1939, rematada a guerra civil, o Celta andaba buscando números que axudaran a recompoñer o diminuído equipo a fin de poder afrontar o próximo torneo de Liga cun mínimo de garantías e para tal fin organi-

zaba unha serie de partidos en Balaídos. Do Gondomar probaron, con diferenza de idade incluída, Pepe Núñez e Hermida, posteriormente coñecido no mundo do fútbol como Hermidita, se ben o deste debeu entenderse como unha opción de futuro.

Gustáballe xogar tocado con boina, a diferenza doutros como Pepe Hermida, Nolete ou Alvarito, máis propensos á fita. Neste sentido Pepe Núñez era do mesmo gusto que Fariña, gran xogador do Celta e Deportivo nos anos vinte, se ben no caso de Pepe non ocultaba falta ningunha de cabelo. A dicir verdade, Fariña carecía del e relataba a súa afinidade co aditamento nos seguintes termos: "A boina motivouna o que sempre fun un home de pouco pelo. Comecei a usala dende os meus inicios de futbolista en Pontevedra, despois habitueime de tal xeito que era algo que non podía faltar na miña vestimenta. Compraba a máis pequena que houbera e momentos antes de saír ao campo mollábaa para encasquetala ben e unha vez seca xa podía golpear o balón en calquera forma que non caía. Parecía que a levase cosida".

Pepe, xunto cos seus irmáns Manuel e Alfonso, foron persoas determinantes cando a construción do campo de fútbol das Gaiandas; en maio do 46, cando se inaugura oficialmente o peche, tiña 30 anos e exercía como capitán do equipo. Co paso do tempo tamén chegará a ser presidente do club durante un tempo no que o equipo militará na Serie A. Esta dedicación de tantos anos intentaráselle recoñecer décadas máis tarde. A primeira vez en 1970, e en 1983, xa postumamente, nunha segunda ocasión.

Exerceu moitos anos como xuíz de paz e a súa actividade profesional foi a de empresario de comercio. Tras casar o 19 de setembro de 1954 na parroquial de



Fonte: Arquivo de Gilberto Vila.

Mañufe con Concha Gestal Alonso, oficiando como testemuñas, entre outros, Angel Hermida -Carburo-, Manuel Copena -Nolete- e Alfonso Mandado Robles, e despois de vivir durante 68 anos observando atentamente como o fútbol enchía paixóns desatendidas, febles ou enfermizas, segundo casos, deixa catro descendentes. Deles, o único varón, do seu mesmo nome, tamén foi estiloso xogador do Gondomar nos anos setenta. Exercía en funcións creativas. Ao fillo, vino xogar.

Fontes: Carmen e José Núñez Gestal; escrito de Antonio Álvarez Calvo; El Pueblo Gallego, de 21 de novembro de 1939 e de 21 de setembro de 1954; e www.yojugueenelcelta.com

Antonio Núñez Hermida, TOÑITO CARALLAS.

Naceu en Gondomar o 5 de marzo de 1918. Aos 17 anos incorporouse a filas e estivo na guerra civil, logo permaneceu no servizo militar ata os 26 anos. Era fillo de Adelina Hermida Losada e Manuel Núñez Novoa. O pai era xastre, con obradoiro na vila; finou novo. Durante un tempo Antonio viviu na casa de Latino Salgueiro, dando fronte á actual Alameda, cos pais, as irmás Nilda e Josefa e Manolito, o irmán. Anos antes viviran un tempo na casa onde se empraza "O Mineiro". Manolito, ao que tamén dicían Obispo, era unha persoa con capacidade para a escritura, intelixente, un rapaz que din participara na preparación dalgunha obra teatral presentada no cine Capitol polo grupo de teatro existente na vila daquela. Ademais, Manolito, era boxeador afeccionado con participación incluída nalgunha ocasión nos combates que se celebraban no citado Capitol. Máis tarde marcharía a Italia dende onde se trasladaría a outros países. As irmás casarían cos Alborés; Nilda con Marcelino, Josefa con Francisco, home de gran repercusión para o Club Gondomar segundo quedou dito.

Antonio casou con Encarnación Sestelo Amorín e tiveron dúas fillas. Era de pouca estatura, medía 1,60 m. e pesaba 60 kg.; un home delgado, fibroso e miúdo ao tempo que de carácter alegre, inquieto e animoso, características todas que xustifican o apelativo cariñoso co que o coñecían seus amigos e veciños e utilizaba como nome deportivo a prensa da época. Xogaba de polifuncional medio volante, aguerrido e de gran resistencia, apoiando moito o equipo tanto en contención como en ataque. Xogou no Club Gondomar e no Sárdoma.



Fonte: C.F. Gondomar.

Segundo recolla efectuada por Luís Carballo, de quen proceden unha gran parte dos datos desta biografía, cando contaba 29 anos tivo lugar unha anécdota que lle puido cambiar a vida. "Nun encontro amigable entre o Gondomar e o Celta de Vigo, fixo un gran partido e, ao remate, o adestrador do Celta dirixiuse a el dicíndolle: <estará usted agotado después del esfuerzo de hoy>; ao que Antonio lle contestou: <Por la mañana ya jugué otro partido con el Sárdoma>. O adestrador do Celta, sorprendido, díxolle que o esperaba en Vigo o luns, no campo de Balaídos. Ese mesmo día, ao remate do partido, tras a conversa citada, foi á cantina e tomou, coma sempre, un refresco cos compañeiros. Estaba tan frío e fíxolle tanto dano que tivo que ser hospitalizado; logo seguiría enfermo durante meses. Esta circunstancia impediu a entrevista concertada e, quizais, trincou a súa carreira como futbolista profesional ou de elite; xa nunca o saberemos".

Pero Toñito non perdeu o ánimo e seguiu xogando ao fútbol no Gondomar ata preto dos 40 anos. E xogou en Balaídos. Foi naquel 7 de novembro do ano 43, un domingo sen fútbol profesional na cidade, cando o Gondomar consegue vencer o Turista, daquela campión da Serie B e finalista da Copa Celta, por 2-1.

Cando estaba a punto de cumprir os 35 celebrou unha das alegrías futbolísticas máis grandes da súa vida. O Gondomar e o eterno rival, o Erizana, chegaran á final da Copa Joselín, que se xogaba a dobre partido. Primeiro xogárase nas Gaiandas, onde o equipo local gañara por 3-2. Nese partido non interviñera Toñito. O domingo seguinte, na Palma, volven enfrontarse; o Erizana necesitaba gañar para equilibrar a eliminatoria. Na segunda parte o partido estaba igualado a un tanto co equipo baionés ilusionado en volver marcar para forzar un terceiro partido, pero a providencia quixo que esta hipótese non callara. Toñito tivo a oportunidade de liquidar o partido e non fallou. Contan os que o viron que nada máis marcar, cos brazos a medio estarricar en forma de cruz, deixase caer de costas, moi amodo, algo curvado e roto de alegría, sobre o campo do máximo rival para celebralo.

Antonio Núñez exerceu de chofer ata a xubilación. Finou en Gondomar o trece de novembro de 2002, aos 84 anos de idade.

De novo Luís Carballo fainos saber que naqueles tempos a xente animaba o equipo de Gondomar cantando, a ritmo de Rianxeira, unha infantil composición que citaba os pesos pesados do equipo; dicía:

"Tito en la portería, Mosquera en la defensa, Antoñito en la media y Nolete en la delantera; ¡ale Alvarito , ale Nanito, ale Mosquera y Tatán, animad todos a Tito que les queremos ganar!"

Fontes: Luís Carballo Moure; Jorge Hermida Núñez; Manuel Rodríguez Alonso; El Pueblo Gallego, de 9 de novembro de 1943.

Manuel Hermida Losada, HERMIDITA.

Naceu en Gondomar o 27 de novembro de 1924.
Falece o 17 de setembro de 2005.

Aínda que a maioría de fontes consultadas citan os seus tíos Pepe e Ángel como único motivo do apelativo polo que se coñeceu no mundo do fútbol -dise que o obxectivo era evitar toda confusión-, o propio Anía -así o coñecían os seus paisanos- desménteo. Comenta que o verdadeiro motivo foi a cativa complexión, con aparencia de rapaz, que o acompañou toda a vida, circunstancia agravada pola precoz idade do debut no Celta: 19 anos.



Fonte: Arquivo Familia Hermida.

Segundo contou, os seus primeiros contactos co fútbol foron dándolle patadas a un balón contra o muro de pedra do antigo Grupo Escolar da vila natal, construído nos terreos doados por seu tío-avó Manuel Losada -ocupados na actualidade polo Centro de Saúde-. Logo, aos 16 anos comezou a xogar no Gondomar Sporting Club restituído. É a esa idade cando Antonio Santos Peralba, nacido en Gondomar o 1 de novembro de 1885, entón presidente do Real Madrid -1940/43-, o leva ao club merengue para sometelo a unha proba que supera. Non obstante, dous meses máis tarde está de regreso na vila. Os seus tíos, Pepe e Angelito, ánimoano a seguir. Pasa polo Peñasco e o Berbés e no ano 1944 fíchoa o Real Club Celta.

Foi un dianteiro moi rápido, escorregadizo, de técnica contida, tremendamente eficaz e de gran soltura no manexo das dúas pernas; posuía un "chut" coa dereita temible. Era difícil de controlar; un pesadelo para as defensas contrarias.

No Celta estivo 12 anos, ata o 56, e disputou 170 partidos oficiais nos que conseguiu 107 goles, récord no equipo en toda a historia. Ademais, é o xogador do equipo vigués que, a día de hoxe, máis goles obtivo nun só partido: cinco, ao Tarragona nun encontro que rematou 11-0.

No ano 48 quixo fichalo o Barcelona; ofrecíalle un millón de pesetas por catro tempadas, cando no Celta cobraba dúas mil. Non callou a operación. Máis tarde tería ofertas do Real Madrid, outra vez, e Sevilla; tampouco foron adiante. Os amigos alentábano a que fichase polo Madrid ou o Barça; un millón de pesetas da época eran moitos cartos. Torres, o veterinario, dicíalle que podería mercar media vila, pero Anía negábase unha e outra vez; sentíase incapaz de vivir fóra do que consideraba o seu hábitat: Gondomar. Estas cousas, esta necesidade superlativa de sentir próxima a paisaxe da infancia posiblemente sexa necesario vivilas para entendelas; isto no suposto de que sexa necesario entender algo. En todo caso, non foi Anía o único

individuo infectado pola saudade máis poderosa, pero si un dos homes que máis veces recoñeceu a infección.

Contou Hermidita que o peor recordo da época de futbolista profesional era a non aliñación ante o Sevilla naquela final de Copa do ano 1948, cando tiña cartel de titular indiscutible. Unha final xogada en Chamartín, en Madrid, gañada polo Sevilla co resultado de 4-1. O adestrador do Celta era quen fora un mítico porteiro, Ricardo Zamora, que a partir dese intre eliminouno do equipo. A consecuencia disto, Hermida non lle gardaba o máis mínimo afecto.

Tampouco o Club se comportou co xogador que tanto lle dera coa honestidade e corrección que debería. O propio Anía mencionou moitas veces, en diversos medios, unha débeda económica de 65.000 pesetas da época non satisfeita, comentario que nunca foi rebatido pola parte interesada.

Foi preseleccionado por Guillermo Izaguirre para o mundial de Brasil 1950, onde España alcanzou o cuarto posto. Na última etapa deportiva como profesional xogou dúas tempadas no Córdoba, ata 1958. Rematou a carreira futbolística como profesional xogando unha tempada na Ponferradina. Despois, aínda volvería ao Gondomar.

Casou o 17 de xuño de 1951 con Celia Pilar Casás Moreira, coa que terá unha filla e dous varóns e vivirá toda a vida na vila que o veu nacer.

O 2 de setembro do 2005 o Club de Fútbol Gondomar dedicoulle unha homenaxe cuxo punto áxido foi un partido de fútbol que o enfrontaba ao Real Club Celta. Hermidita, para o saque de honra, saíu ao terreo de xogo das Gaiandas acompañado de tres netos nese momento xogadores do Gondomar. Tamén foron xogadores do Club Gondomar na década dos setenta, os seus fillos José Manuel e Moncho; logo inda adestrarían as categorías inferiores do club.

Fontes: www.yojugueenelcelta.com;

La Voz de Galicia; Atlántico Diario; Faro de Vigo; e familia de Manuel Hermida.

José Rodríguez Rodríguez, PEPIÑO DE MARTITA.

Naceu no barrio da Ponte, parroquia de Mañufe, do concello de Gondomar, o 13 de decembro de 1931.

Os primeiros contactos co fútbol tivoos con moi poucos anos, non máis de oito, pateando unha pelota de trapo na eira da casa onde naceu, espazo que alternaba co adro da igrexa de Mañufe, lugar no que un muro de granito facía de improvisado frontón. Logo formou parte dun equipo da parroquia no que Andrés Gestal funcionaba como home para todo -coordinador, presidente, adestrador, etc. etc.-. O feudo deste equipo era o campo das escolas Pro Val. Del vaise ao Gondomar con 16

anos, en 1948; había catro anos que se inaugurara oficialmente As Gaiandas e dous que se valara de ladrillo.

Ao inicio non era titular e ademais cando xogaba facíao como extremo esquerdo. Isto foi así ata que a casualidade quixo descubrir un dos mellores dianteiro centro da historia do club. Organizaran un trofeo na Guarda, no Estadio do Tecla -que tan ben se lle dará posteriormente- entre o Deportivo Guardés e unha Selección do Miñor. O dianteiro centro elixido para a Selección era o gran xogador do



Fonte: C.F. Gondomar.

Erizana, Lanina; pero non se presentou. Foi entón cando un Alborés buscando solucións aconsella poñer nesa demarcación a Pepiño. Ao rematar o partido o mesmo Alborés exclama: "Tanto tempo buscando un dianteiro centro para o Gondomar e resulta que o tiñamos na casa". Xa nunca xogará noutra posición.

Este home de 1,72 m. de altura e 75 Kg. de peso posuía un disparo a porta colocado e sobre todo moi violento, potente, calidade que, din, tamén posuía o pai, Pepe de Ignacio, xogador do Industrial Fútbol Club. Contan que, un día, xogando en Valença deixara asombrados os portugueses cando nun "chut" que non encontrou portería o balón terminou por descansar no río Miño.

Pepiño utilizaba con total soltura as dúas pernas pero os que o recordan xogar gaban por riba de todo a calidade da esquerda. Lembran que Jesús da Couta acostumaba exclamar: "Eu non dou un partido por perdido mentres Pepiño teña o balón nos pés".

Tivo como adestrador a Alvarito, quen, sempre esixente, véndolle calidades, aínda o espremía máis. Formou parte do equipo que en 1955 quedou campión de campións e antes, mentres facía o servizo militar na Coruña, xogou no Santa Lucía da cidade herculina, equipo que intentou fichalo definitivamente sen chegar a un acordo co Gondomar, posuidor dos dereitos. As conversas levounas en nome do Gondomar, Alborés.

Algúns informantes aínda se refiren a el como o goleador de Montaña, o bo porteiro do Erizana dos cincuenta, probado polo Celta, debido aos varios que lle fixera encaixar naqueles partidos de alta rivalidade e moita tensión.

Tivo unha carreira futbolística moi curta propiciada polo seu talón de Aquiles: a gran fragilidade de nocellos. Inflamábanselle rapidamente; a dor non lle permitía xogar. Durante un destino como chofer no Hospital Militar de Santiago de Compos-

tela, mentres facía a mili, os médicos receitáronlle como única medicina o repouso. Pouco despois seguiu o consello e con 25 anos retirouse. Un ano antes o Gondomar conségueo prorrogar unha tempada, para iso organizalle un partido homenaxe coa promesa de entregarlle o dobre do recadado. A entrega foi de 12.000 pesetas da época, polo tanto o recadado alcanzou as 6.000, que atendendo ao prezo de 3 pesetas por entrada significa unha asistencia de 2.000 persoas, o cal dá idea da estima que se lle tiña.

Casou con Placeres Consuelo Costas Casás en novembro de 1963, con quen segue a vivir na casa onde naceu.

Fontes: José Rodríguez R.; e Manuel Rodríguez Alonso.

Miguel -?- -?- , MIGUEL.

Non fomos quen de dar co paradiro deste home. Ninguén nos dixo como se apelidaba nin onde viviu ou inda vive. Tan só Ignacio Mouriño nos pasou un posible inicio de rastreo: tras o Club Gondomar seica se integrara nas filas do Gran Peña, equipo no que durante longo tempo fora un dos máximos creadores de xogo. Coñecido o dato, enviamos emisarios ben relacionados no club citado na busca de novidades, pero nada acadaron.

Un día comentounos Manuel Rodríguez Alonso que tiña entendido que Miguel nacera por terras de Vigo. Quedou sen confirmar. Pero inda así non renunciámos a colocar estas catro liñas sobre un xogador citado por moitos dos que tiveron ocasión de contemplalo integrando aquel equipo dos anos cincuenta que acadou o campionato. E facémolo porque segundo o criterio seguido para a selección de persoas que conforman este apartado, correspóndelle. Tamén na crenza de que unha vez publicado o libro, a través da fotografía que encabeza este texto, darase con el. Un xogador que a prensa da época citou moitas veces para enaltecelo.

Nunha entrevista que lle fai o semanario deportivo Erizana, no ano 55, o baionés José Antonio Marcote Martínez -José Antonio-, extremo que militou en varios equipos, entre os que se atopa o Club Gondomar, e nese momento xogador imprescindible no Juvenil Erizana, di considerar a Miguel, do Gondomar, como o mellor xogador da "Competición Bajo Miño-Valle Miñor" que se estaba a celebrar, e no que



Fonte: C.F. Gondomar.

ambos os dous participaban. Tamén, no mesmo medio, Nanito, naquel intre directivo do Gondomar, coincide en elixir este xogador como o mellor sobre o terreo de xogo no partido que ese ano enfrontara na Palma Erizana e Gondomar.

Os eloxios desa tempada non rematan aí. Segundo as crónicas da época do Faro de Vigo, Miguel foi o máximo creador de xogo do Gondomar durante o torneo de Campión de Campións, e un dos artífices de que aquel grande equipo, dentro da categoría, conseguise acadar o título naquela final do 6-3 ante o Coruxo.

Fontes: Semanario deportivo Erizana; Faro de Vigo.

José Fernández Rodríguez, PEPE PENISCO.

Naceu en Parada, concello de Nigrán, o 25 de decembro de 1935. No seu tempo media 1,67 m. e pesaba 68 Kg.

Os primeiros contactos co fútbol tívoos, cando neno, mentres estudaba no Grupo Escolar proxectado por Jacobo Esténs en Gondomar. Antes de entrar a clase sempre atopaba tempo e compañía para poñer en practica aquel xogo de atracción desmedida. Logo, neno aínda, con quince anos, ficha polo "Valle Miñor". Unha tempada despois pasa ao Gondomar onde coincidirá cos seus irmáns Manolo, centrocampista de carácter defensivo, e Doro, dianteiro.

Foi un defensa central nobre e de moita coraxe. Rápido e moi capacitado para a contención. Ía moi ben de cabeza e suplía a escasa estatura cun potente salto, calidade que o equipo aproveitaba nos saques de esquina con resultados absolutamente positivos en ocasións. Mentres practicou fútbol agradáballo estar en boa forma e, consecuentemente, vía con simpatía os métodos de gran esixencia física que gustaba poñer en práctica Alvarito como adestrador cando lle tocou en sorte. No Gondomar tamén tivo como adestrador outro ex-céltico: Roig, un extremo esquerda canario que fichara o Celta en 1940 procedente do Dínamo de Zagreb.

Pepe Penisco foi o marcador natural de Petit, excelente dianteiro daquel Erizana dos anos cincuenta a quen recorda como o adversario de máis altura deportiva co que se cruzou; os enfrontamentos empezaban e remataban no terreo de



Fonte: Arquivo de José Fernández.

xogo; finalizado o partido, o trato era cordial. Pero nalgunha ocasión a cousa subiu algo de ton, como naquela en que o expulsan por primeira vez dun partido. Ocorreu na final da copa Joselín, na Palma. Tras unha falta de Pepe sobre Petit este, con intención de intimidalo, agárrao pola camisola. Forcexan e no intento por soltarse Pepe rompe a camiseta ante o que, instintivamente, reacciona con dous directos a face de Petit. Inmediatamente se monta unha liorta na que tamén Japonés, bo compañeiro de Pepe, ripa algo. Total, nada que non fose máis ou menos común neste tipo de encontros.

Pepe formou parte do equipo do ano 1955 que se proclamou campión de campións naquela final contra o Coruxo, xa varias veces comentada. Tiña un particular xeito de entender a vestimenta e, cando a camisola era abotoada, levábaa atada mediante un nó na cintura ou por fóra do pantalón totalmente desabrochada, gustos que lle causaron algún problema. Unha vez, nun partido que se xogaba contra o Goián, no campo deste, a Garda Civil sacouno do terreo de xogo e nun aparte expúxolle as súas teorías sobre o decoro. Pepe non debeu coincidir demasiado co razoamento porque minutos despois repetiuse a escena. Entón, aínda que fose por pouco tempo, decidiu travestir o gusto.

Iníciase a súa retirada do fútbol no Estadio do Tecla, na Guarda, aínda que Pepe naquel intre non o sabía. Enrique Hermida, xogador que fora do Gondomar, ese ano fichara polo Deportivo Guardés. Só comezar o partido, prodúcese un saque de esquina a favor do Gondomar. Pepe, como de costume, sobe ao remate, salta en pugna con Enrique e caen. Xogada fortuíta. Din que o estalo foi claro e sonoro; rompeu o peroné. Aínda así, contan cantos quedan dos que estaban presentes no campo, resistiu no terreo de xogo ata o final da primeira parte; perdeu o resto da tempada e, a pesar de ser novo, tamén os ánimos para continuar. Xa decidira abandonar o fútbol cando a directiva do C.C.D. Chaín convénceo para que fiche con eles. Só estará un ano.

Máis tarde, en 1970, une a vida á de María Luísa Misa Cambra, de Peitíeiros, terra na que seguen a vivir hoxe en proximidade das súas fillas. Pasou toda a vida entre os apetecibles cheiros do pan.

*Fontes: José Rodríguez Rodríguez; Manuel Rodríguez Alonso;
www.yojugueenelcelta.com; e familia Fernández Misa.*

Enrique Javier Rodríguez Hermida, ENRIQUE HERMIDA.

Aquel a quen tamén se coñecía polo apelativo de Enrique de Carmen de Manuela, ou máis directamente por Enrique de Manuela, encontrou a gran paixón da súa vida no mundo do fútbol; viviu, diríamos, egoistamente con el e para el.

Naceu en Gondomar o 23 de febreiro de 1937, en plena guerra civil, e faleceu o 29 de xaneiro de 2002. Era neto do recoñecido mestre de Gondomar, de principio do século XX, Enrique Rodríguez Márquez, e integrante dunha familia da que saíron moitos e bos xogadores de fútbol.

Enrique empezou a xogar no Club Gondomar, nas categorías inferiores, aos 12 anos e a este club dedicárlle a maior parte da vida deportiva. Excepto dúas tempadas, unha no Guardés e outra no Dunas, sempre pertenceu ao Gondomar como xogador. Logo, xa como adestrador, levaríao á Terceira División por primeira vez na historia. Tamén conseguiu ascender, en colaboración co seu irmán Lito, ao Chaín a Serie A, e tamén por primeira e única vez, ata agora, na historia do club.

Como xogador aliñábase de dianteiro, posuía un potente disparo, e foi un dos principais goleadores do Gondomar de finais dos cincuenta e década dos sesenta. Pero Enrique é recordado principalmente pola faceta de adestrador; foi esta tarefa a que fixo que fose elixido para figurar entre os biografiados nesta publicación.

As primeiras incursións como adestrador realízaas ao tempo que se inicia a década dos setenta; mentres deixa a practica do fútbol como xogador organiza un campionato experimental, dentro do municipio, para incentivar os rapaces e, de paso, ir vendo que potencial existe. Pouco despois, no 73, empeza xunto con Manolo Núñez, Eduardo Hermida Cambra e outros, a que vai ser a súa gran contribución á historia do Club Gondomar. Con moi poucos medios materiais e unha total falta de soporte económico empeza a preparar, mesturándose con Manolo Penisco, as novas camadas de rapaces que serán base importante para o equipo de modestos anos despois. Mentres adestra e con paciencia vai pulindo os xuvenís, encargase de ollar e levar da mellor maneira posible o equipo de maiores. Son anos difíciles, pero Enrique non desfalece. Co paso do tempo empezan a notarse os resultados. Os xuvenís cada vez practican mellor fútbol e comezan a recibir rapaces procedentes dos infantís que dirixe Manolo. Por veces xorden pequenos talentosos que ao andar dos anos pasarán aos adultos; algúns son chamados por outros equipos. Entre tanto, o equipo modesto inicia unha sucesión de ascensos de categoría. Este, na campaña 79-80 acadou o galardón ao "mellor fútbol" practicado. Enríque involúcrase totalmente, unha actitude pouco comprendida por algúns sectores; mesmo chega



Fonte: Arquivo de Rodríguez Hermida.

a pagar xantares ou ceas a xogadores en máis dunha ocasión de largas e intensas que eran as sesións de convencemento, reunións que podían rematar de madrugada se o interlocutor non vía claro o lado positivo de enrolarse no club. Dese xeito conseguiu armar un dos mellores conxuntos da historia acadados polo equipo da vila. Estes desvelos excesivos tiveron unha primeira gran recompensa no ano 81, cando o club gaña por primeira vez a Copa Comarcal, e a culminación na tempada 81-82, conseguindo que o recentemente denominado Club de Fútbol Gondomar ascenda á Terceira División. Eu vino; era a primeira vez que o conseguía un equipo do Val Miñor. Antes disto, había tempo que o equipo ceaba xunto case unha vez á semana coa idea, proposta por Enrique, de facer grupo. Se gañaban pagaba o adestrador, en caso contrario os xogadores.

No ano seguinte a fortuna non acompañou nin o adestrador nin o equipo. Ao primeiro destituírono cando ían sextos; o segundo baixou de categoría. Pouco tempo despois Enrique achégase ao Chaín, onde levaba un tempo adestrando Lito, o irmán, co que fará tándem e, empregando exactamente as mesmas tácticas persuasivas que tempo antes utilizara no Gondomar, consegue arrastrar varios dos que foran xogadores capitais do club da vila. Co Chaín consegue ser subcampión da Copa Comarcal no ano 87, campión de Segunda Rexional na tempada 87-88 e campión de Primeira Rexional na 88-89, co conseguinte ascenso do equipo a Rexional Preferente -Serie A-.

Enrique Hermida no mundo do fútbol traballou sempre desinteresadamente, pero nunca deixou de querer ter ao seu alcance o máximo de combinacións posibles, sen atender ás consecuencias, negativas ou positivas, que diso puidesen derivar. Tiña espírito de gañador nato.

*Fontes: Manuel Núñez Sestelo; Centro Cultural Deportivo Chaín;
José Ramón González González.*

Ignacio Mouriño Fernández, NACHOLAS.

É natural de Cambados, concretamente de Oubiña, onde nace o 12 de novembro de 1939. Chega a Gondomar no ano 1951 como consecuencia do traslado dos pais, mestres de profesión. Os seus primeiros contactos co mundo do fútbol máis ou menos serio suceden cando é chamado por Pepe Núñez a adestrar co Gondomar despois de velo xogar algún dos partidos espontáneos, entre amigos e coñecidos, que se montaban na Praza e, principalmente, na Alameda. Posteriormente, con 16 anos, empeza a xogar no Club Gondomar. O propio Nacholas cóntao nos seguintes termos: "O primeiro ano que xoguei no Gondomar aínda non había equipo

de xuvenís e para xogar debías ter 18 anos cumpridos. Eu tiña 16, pero non houbo problema; co DNI do meu irmán Luís Felipe -catro anos máis vello- e as miñas fotos solucionouse a cuestión, arranxo que tamén valeu para Velasco. A única peaxe era non xogar contra o Dunas nin o Erizana porque nos coñecían".

Cunha altura de 1,75 metros, 74 Kg. de peso e unha complexión normal, Nacholas foi un xogador versátil, que desempeñou con suficiencia os postos de medio dereito, dianteiro centro e defensa central. No terreo de xogo tiña boa colocación, visión de xogo, tranquilidade e ía ben de cabeza, características que puxo en práctica durante as sete tempadas que estivo no Gondomar; un tempo que o protagonista,



Fonte: Arquivo de Ignacio Mouriño.

con algo de picardía para quen non coñeza o regulamento da época, lembra "tendo o orgullo de que nunca me sacaran ningunha tarxeta, nin sequera amarela, e nunca me cambiaran; sempre xoguei os noventa minutos". En agosto de 1960 vai probar polo Real Club Deportivo da Coruña.

Acumulaba varias tempadas xogando cando as circunstancias vitais conducírono a un primeiro intento de retirada: "Levaba seis anos xogando ao fútbol e díxenlle ao presidente que me retiraba -xa era vello, tiña 22 anos-. Os motivos: a ilusión xa non era a mesma, pero, sobre todo, a miña moza e eu mirámonos pouco, pois estaba toda a semana estudando en Vigo e as fin de semana había partidos.

Un día Pepe Núñez mandoume recado de que a tal hora pasase polo Café de Lis -daquela moitos de nós aguantabamos as súas paredes exteriores para que non se viñesen abaixo-. Nunha sala anexa estaban o presidente, algún outro directivo, algún xogador e ¡o meu sogro!, Minguitos Penisco. Minguitos prometeume que, se fichaba, a súa filla e miña moza Quinita iría comigo a todos os partidos que se xogasen fóra.

Foi a única ficha que "cobrei", moi difícil de valorar, por certo, pero seguro que foi a máis alta de todos os xogadores locais de entón.

Anos máis tarde souben que o meu sogro pagaba a viaxe da filla."

Tempo despois, tras formarse como Mestre de Ensino Primario e como Perito Industrial, casa con Quinita Penisco, coa que terá cinco fillas. Razóns de traballo lévanos a Valls -Tarragona- e posteriormente a Madrid, onde se establece. Hoxe, can-

do lembra aqueles anos non se deixa invadir pola nostalxia e conta as cousas cun chisco de retranca: “Daquela -hai milleiros de anos- as camisas da equipaxe eran totalmente abertas e con botóns que ían desaparecendo conforme avanzaba a tempada; entón a solución era facer un nó coas puntas inferiores da camisa.

Lito Hermida era moi aprehensivo e se lle contabas unha doenza, de súpeto el xa a padecía tamén.

Saltamos ao campo e eu, tapando coas mans a parte inferior da camisa, díxenlle:

- Lito, teño un nó no estómago.

Inmediatamente contestoume:

- Eu tamén, comín cocido e non sei se non me faría mal.

- Lito, o nó que eu teño é o da camisa -díxenlle, retirando as mans-.

- Pois a min xa me fastidiaches o partido, porque sigo tendo o nó no estómago.”

Fonte: Ignacio Mouriño; e El PuebloGallego, de 23 de agosto de 1960.

Antonio Álvarez Abrales, VELASCO.

Nace en Gondomar o 20 de decembro de 1939 e falece en Baiona o 27 de decembro de 1992.

Empezou a xogar con quince anos de idade e seguiu a facer de forma ininterrompida ao longo de 16 anos, dos cales pasará dous no Tomiño Fútbol Club e os demais no Club Gondomar.

Nos tempos de xogador era unha persoa que roldaba os 60 kg. de peso e unha estatura de 1,65 m., ou sexa, un home miúdo e baixo. Pensemos que o gran Xavi mide 1,70 m. e pesa 68 Kg.; xa sabemos que son outros tempos e que a media de estatura creceu pero, aínda así, a altura relativa de ambos os dous no seu contexto temporal podería ser entendida como equivalente, isto é, baixa. Agora ben, a falta de altura física non lle quitaba capacidade para o fútbol, soamente conseguía que o adaptase ás súas capacidades, que non eran poucas.

Velasco empezou xogando de extremo esquerdo e posteriormente pasou ao centro do campo. Caracterizábase por ser un xogador moi técnico, con moi alta capacidade para distribuír con criterio o xogo e, ademais, tiña chegada, bo toque de balón á hora de centrar, e gran precisión no lanzamento de faltas. Durante toda a súa curta vida foi un



Fonte: C.F. Gondomar.

apaixonado deste deporte, único con cabida entre os seus gustos, ao que con insistencia seguía pola radio nunhas retransmisións obrigatorias para todo afeccionado nuns tempos e lugares onde inda a televisión era obxecto de desexo. Daquelas escoitas, e atendendo ás capacidades do interesado, quedoulle a Velasco unha afección por "radiar" partidos de fútbol. "Partidos imaxinarios, imitando os mellores locutores da época. Concavaba as mans diante da boca e parecía realmente que se estaba a escoitar a radio. Durante os desprazamentos, longos non tanto pola quilometraxe como pola precariedade de estradas e autobuses, podíate deleitar radiando o gol que sempre soñaras marcar, o cal se fraguaba nunha preciosa xogada trezada con varios compañeiros e culminaba co balón limpando de arañeiras a escuadra da portería sen que a portentosa estirada do gardameta puidese facer nada para evitalo. En ocasións como estas, os xogadores que che axudaban a materializar o soño podían ser, ademais dos xa citados compañeiros, internacionais españois ou figuras mundiais, e o gol podíasllo coar ao mismísimo Ramallets", así o describen os que o escoitaron.

Casou con Ángeles Alonso Iglesias, coa que tivo catro fillos, e estableceu a vivenda en Baiona. A súa gran afección ao fútbol facía que este fose tema recorrente das conversas, que dun xeito natural trufaba con anécdotas varias. Unha das que repetía era o caso da lesión de Eugenio Mineiro, quizais pola mala condición de actor mostrada polo personaxe. Aproximadamente, contábaa así: "Aquel domingo os xogadores de Vigo -naquela época, e en case todas, había algúns xogadores desa cidade no Gondomar- facían o desprazamento en taxi, pero por algún motivo ese día atrasáronse e, a pesar dos intentos por alongar a saída do vestiario, houbo que xogar cos suplentes. Entre os vigueses estaba o porteiro titular, praza que cubriu o reserva: Eugenio.

No mesmo instante en que o arbitro daba o asubío inicial chegan os de Vigo, pero daquela as regras do xogo só permitían cambiar o porteiro, e isto en caso de lesión; polo tanto, só se puxo de curto e sentou no banco Sola.

Inmediatamente pasáronlle mensaxe a Eugenio de que ao primeiro balón que chegase ás súas mans finxise unha lesión, e así foi. O balón viña manso, case morto, e tras unha espera interminable, por fin alcánzao. Pero con resultados negativos. A lesión que lle produce é grave ou, cando menos, desmedidamente dolorosa aténdose aos espaventos e alaridos que lanza Mineiro. As asistenciais, aínda que se afanan, non conseguen recuperalo e sae do campo coxeando ostensiblemente entre os apupos do público. Sola salta ao campo e mentres continua o partido a Eugenio ségueselle a facer grande o papel de lesionado".

Fontes: familia Bravo Álvarez.

Avelino Rodríguez Puime, CHICHO.

Naceu en Gondomar, no mesmo barrio e ano en que se empeza a explanación do campo de deportes das Gaiandas; concretamente, o 20 de febreiro de 1943, polo tanto uns meses antes de iniciarse a explanación. Co tempo chegará a medir 1,72 metros e a pesar, na plenitude deportiva, 65 quilogramos.

Os seus primeiros contactos co fútbol ocorreron na Alameda -praza de Manuel Alonso-, un recinto, entón con pavimento de terra e cercado de acacias de picos, onde se reunían os rapaces a calquera hora do día, pero no que, sabían con certeza, había partidiño despois de xantar, xusto antes de que os obreiros dos serradoiros de Piña e Regueiro e os da carpintaría de Bernardino, todas empresas situadas nos arredores da praza, entrasen a traballar. Chicho aínda era un neno, pero sempre formaba parte dun dos dous equipos.



Fonte: C.F. Gondomar.

Con 14 anos entra no Gondomar; formará parte dos xuvenís que acadarán o campionato de liga e xogan a copa de España e seguirá pertencendo ao club ata os vinte anos. Cando tiña 16 para 17, visita a vila o daquela presidente do Real Madrid, Santiago Bernabeu, convidado por Antonio Santos Peralba Álvarez. Este, nacido en Gondomar o 1 de novembro de 1885, fora tamén presidente do club madrileño entre 1940 e 1943, ano no que a consecuencia dos incidentes acontecidos na semifinal de Copa, disputada entre o seu equipo e o F.C. Barcelona, os respectivos presidentes víronse obrigados a dimitir. Substituíríao no cargo o albaceteño Santiago Bernabeu.

Pois ben, Peralba, dende a súa casa da Avda Elduayen, onde estaban instalados, acompaña a Bernabeu ata o campo das Gaiandas e unha vez alí a este chámalle a atención o xogo de Chicho, un rapaz miúdo pero hábil e astuto co balón nos pés. Chicho xa daquela era un seguidor incorrrible do Barcelona. O adestrador do Gondomar era Alvarito. Finalmente Bernabeu non insistiu o suficiente.

Con 17 anos o Gondomar consegue inscribilo na Federación, xunto con Chicho Cristaleiro, da mesma idade, para xogar cos maiores, cando a idade mínima eran 18. O club participaría na Serie A. Aos 20 ficha polo Coruxo, de Terceira División, no que estará case cinco tempadas. Anos despois retírase no Sporting Guardés, cando tiña 28 anos e un posto de traballo que non podía deixar de atender. Antes, cando aínda militaba no Coruxo rendendo o máis alto nivel que acadou no percorrido deportivo, interesouse por el o Barcelona e foi sometido a proba na cidade condal durante dous meses nunha época onde o Barça de Kubala producía auténtica admiración.

Chicho foi un centrocampista, un interior, con calidade técnica e capacidade de caneo; xogaba co 10 ou co 6 nas costas. Un creador de xogo que utilizaba con solvencia as dúas pernas e ía ben de cabeza. Un mozo con grandes calidades para a práctica do fútbol. Quizás lle faltou, segundo din algúns, constancia; e pode que algo de sorte.

Casou con Aurora Vence, coa que tivo dous fillos, e inda despois dunha moza de tempo segue a vivir en Gondomar.

*Fontes: Avelino Rodríguez; Manuel Rodríguez Alonso;
e www.realmadrid.com.*

Dámaso Costa González, DAMAS.

Dende crío cargou cunha eiva imposible de ocultar. Quedou orfo de pai aos oito anos, un desequilibrio natural que sempre deixa secuelas.

Naceu en Vigo o 13 de xaneiro de 1955 e co paso do tempo resultaría evidente que a vida o dotara de xeito superlativo para a práctica do fútbol; a mesma vida que sen embargo o privara do lóxico e natural titor que, coa maior probabilidade, habería de procurar guialo por un rumbo seguro no impreciso camiñar vital.

A nai, nuns tempos moi pouco parecidos aos actuais, non se interesaba polos deportes en xeral e menos aínda polo fútbol. A consecuencia foi unha guía moi feble neste ámbito para o neno e logo para o adolescente. Unha carencia que moi a pesar dos cariñosos e desmedidos esforzos da proxenitora será determinante no percorrido deportivo e vital de Damas; un rapaz nacido coas calidades e o talento natural preciso para triunfar no mundo do fútbol pero que illado, só, rodeado dos habituais abázcaros e aduladores que dalgún xeito sempre pretenden tirar algún beneficio, non o consegue. E xa nunca saberemos se o máximo prexudicado foi el, polas posibilidades de vida que puidera ter, ou nós, aos que nos gusta o fútbol, polo gozo perdido.

Empezou xogando nos infantís do "Colegio Hogar". Logo pasou ao Balaídos onde sendo un cativo xa o aliñaban cos maiores. De aí, con 17 ou 18 anos, fíchoa o Ribeira, de Santa Uxía. Daquela as viaxes dende Vigo eran pouco menos que safaris de case catro horas por estradas infernais. Facíase imposible adestrar e cada fin de semana significaba un esforzo superlativo onde, ademais, se puña constantemente a proba a integridade física durante o transporte e producíanse infumables horarios



Fonte: C.F. Gondomar.

para descanso. Decidiu pasar ao filial do Celta: o Gran Peña. Despois estivo unha tempada no Valadares e outra no Caselas.

Xogaba no campionato de praias, actividade atraente para o seu carácter, cando, nun partido no Bao, o ve Enrique Hermida. Era o mundial de praias ao que asistían xogadores da talla de Rexach, Costas e outros; un torneo que se xogaba ininterrompidamente durante seis días e seis noites. Aquel día Enrique quedou posuído por un feitizo. A operación pechouse poucos días despois na cafetería Mobby Dick das Travesas. Reuníranse con Damas: Núñez -o presidente-, Enrique -adestrador-, Manel -capitán-, e José de Lis -non tanto en calidade de alcalde, senón como coñecido do xogador e posible mediador-. Houbo acordo.

Damas no terreo de xogo era un espectáculo. Un rapaz miúdo, de non máis de 1,68 metros e 60 quilogramos de peso, que se movía con astucia, habilidade e gran rapidez polo extremo esquerdo aínda sendo destro. Entendía que xogando a perna cambiada saía do caneo en dirección á portería e, polo tanto, con moitas maiores posibilidades de acadar o obxectivo. Pertencía ao grupo de xogadores que posuían unha xestualidade corporal moi propia; sempre se movía con elegancia. Un tipo con clase dentro do terreo de xogo. Eu vino xogar. Hermidita intentando animalo díxolle un día: "Eu non o facía mellor ca ti e xoguei no Celta".

Estivo no Gondomar unhas tres ou catro tempadas, e non xogou canto debía por culpa da irregular asistencia aos adestramentos. Tiña algúns problemas cos horarios laborais e, para intentar resolvelos, daquela atopou a un dos máximos valedores na persoa de Alfonso Salgueiro -pai-, un dos antigos presidentes do Club Gondomar. Tamén debe dicirse, Damas non estaba tocado pola ansia do esforzo; da disciplina.

Mentres estivo no club tivo grandes actuacións, como aquela recollida pola prensa acaecida en Santiago, contra o Compostela, onde é elixido como o mellor dos vinte e dous xogadores sobre o campo. Ese día o partido rematara en empate a un gol e o do Gondomar marcáralo Damas. Ou aquel outro detalle de clase indiscutible relatado por Moncho, entón compañeiro de equipo, sobre o que Damas garda un recordo entrañable; como tamén o garda de Manel, Quique ou Lis. Di Moncho: "Xogabamos co Ourense At. na súa casa. No minuto 43 da segunda parte estábamos empatados a un, a duras penas e despois de soportar un repaso tremebundo do Ourense. Nese minuto case final Enrique retira do terreo de xogo a Mandado e mete a Damas. Casualmente, prodúcese un despexe defensivo e Damas recolle o balón. Enfila a portería contraria a toda velocidade e sen despeitearse canea aos tres xogadores consecutivos que lle saen ao paso con ánimo de cortar o avance. Por último, sempre vertical, canea o porteiro e marca. Nun minuto, partido gañado. Un espectáculo ao alcance de poucos. Ese día debutara na portería do Gondomar Miguel Ángel e inchárase a parar. Quizais o resultado poida entenderse como unha inxustiza, pero eses desequilibrios unicamente están ao alcance de certos talentos".

Tras retirarse, e novamente despois de ceder ante a insistencia de Enrique, deixará o equipo de veteranos de sempre, o San Esteban de Beade, e formará co Gondomar; con el traerá o cuñado, Gago, do Alondras. Volverá estar tres ou catro tempadas, despois deixa o fútbol.

Casou e ten tres fillos.

Fontes: José Ramón González González; Dámaso Costa González.

Manuel González Martínez, CHAPELA.

Naceu no concello de Redondela, parroquia de Chapela, o 6 de xaneiro de 1956. É unha persoa que, inda hoxe, a súa complexión presenta imaxe espigada, un tanto desgairado; a dun home delgado e aparentemente alto, inda sen selo con desmesura. No tempo de madurez deportiva media 1,78 m. e pesaba 72 Kg.

Dende crío tivo atracción polo deporte, sendo o balonmán a súa máxima querenza. Pero tamén se tropezou co fútbol. En infantís, xogou no Areal alá polo 69-70. Logo pasaría aos xuvenís do San Miguel, con 17 anos. Mentres xogaba ao fútbol tamén o facía a balonmán; e, por certo, ben. Practicou balonmán ata os 26 anos.

Estivo no equipo da parroquia onde naceu, o Chapela, dende alevíns ata chegar a maiores. Logo xogou tres tempadas no Teucro de Pontevedra e outras tantas no Academia Octavio de Vigo, os equipos máis representativos de Galicia. Competiu varios anos na División de Honra do balonmán español enfrontándose aos mellores xogadores nacionais e internacionais. Practicou este deporte durante 15 anos xogando habitualmente de ala, hoxe extremo. Cando o facía, entre outros recursos, tiña coma principal característica positiva a rapidez; era implacable. Por contra, a súa maior debilidade como xogador de balonmán foi non ser nacido en Madrid ou Barcelona, mecas estatais deste deporte na época.

A prensa deportiva da época elixiuno Mellor Xogador Galego de Balonmán na tempada 79-80 e durante 24 anos ostentou o récord de máximo goleador dun partido da "Copa del Rey" con 19 tantos - isto segundo a prensa, se ben seica foron 21-. Consequiunos na citada tempada 1979-80, no partido de cuartos de final celebrado entre o Bidasoa Irún e o Academia Octavio finalizado co resultado 33-31, a



Fonte: Arquivo de Manuel González.

favor dos locais, pese ao esforzo tremendo de Chapela. Ese día Salcedo, xogador do Bidasoa, acadara 17 goles nunha particular competición entre ambos os dous.

Cando pertencía ao Teucro tocoulle facer a mili, circunstancia que lle carexou distintas consecuencias deportivas. A máis inmediata foi o impedimento de adestrar coa regularidade solicitada dende o club polo que, consecuentemente, era escasamente aliñado. Decidiu fichar outra vez polo San Miguel, de fútbol. Paralelamente, integrouse no Escola de Máquinas, de Ferrol, co que se proclamou campión de España de balonmán na categoría militar.

Na tempada 77-78, pertencendo á disciplina do Teucro, formou parte da primeira Selección Galega de balonmán, que se enfrontara á URSS -naquela auténtica potencia mundial dentro da modalidade deportiva- con motivo dun partido inauguración do Pavillón Polideportivo da Malata, en Ferrol. O encontro rematara 12-38 para os visitantes e Chapela fora o único galego en marcar máis dun gol; acadara tres.

Anos antes, mentres xogaba no Chapela, Juan de Dios Román decidiu non preseleccionalo para a "junior" española por consello de Soto, adestrador do equipo redondelán. A Soto non lle agradaba que compartise tempo co mundo do fútbol e como castigo influíu en Juan de Dios. Este, que se deixou influír, díxolle: "Se vas a ser un Cruyff, dedícate ao fútbol".

Cando estaba no Academia Octavio deixa definitivamente o balonmán. A liga deste deporte remataba antes cá de fútbol e, por tanto, inda lle dera tempo a xogar cinco partidos co Gondomar. Enrique Hermida fichouno o 8 de abril de 1981, despois de velo xogar en praias. O club estaba en Primeira Rexional e finalmente ese curso conseguía ascender a Preferente.

A tempada seguinte xóga completa e soben á Terceira División. Na 82-83, o 4 de decembro, xogando no campo de Barreiro co terreo moi enlameado, sofre unha entrada polas costas que lle provoca rotura de ligamentos do tornecelo e a cabeza do peroné do pé esquerdo, desgraza que o tivo nove meses apartado do fútbol. Despois, na tempada seguinte, pasou ao Salvaterra e máis tarde inda formaría no Sporting Guardés, Valadares e Goián. Xogará ao fútbol de xeito regrado durante 9 anos sen perder nunca o fácil entendemento co gol.

A súa demarcación dentro dun equipo de fútbol sempre foi de dianteiro centro, posto ao que achegaba como principais calidades a oportunidade e un moi bo remate de cabeza, que se unían á xa citada rapidez de acción. Sempre eficaz, característica esixida sen desmaio a un dianteiro centro, tivo e practicou o don da oportunidade. Eu, vino xogar.

Co Gondomar foi campión da Copa Comarcal na tempada 80-81, gañándolle a final ao San Salvador, do Porriño, por 0-3 na prórroga; dous dos goles marcounos Chapela. Ese ano, nesa competición, acadou un total de 13 tantos. Tamén, con 32 goles quedou máximo goleador de liga, en serie A, na tempada seguinte, circuns-

tancia que o converteu en peza moi importante dentro do equipo que acadou o ascenso por primeira vez á Terceira División. Chapela sempre tivo un pacto invisible co gol, con independencia do deporte practicado.

Manuel, casado e cunha filla, sempre foi unha persoa moi afeccionada ao deporte, xa se dixo, e entre as súas prácticas, ademais das citadas, inda se conta o fútbol sala como unha moi válida desculpa para seguir cambiando impresións e pareceres con amigos e coñecidos; Chapela é un individuo de clara matriz social. Aínda hoxe, a pesar da formación como caldeireiro naval, segue estando vinculado á práctica deportiva e humanitaria ao traballar como adestrador de educación especial no colexio Juan María, de Parada, en Nigrán.

Fontes: Manuel González M.; Xornal comarcal "Miñor", nº 1, da asociación cívico-cultural Val Miñor. Abril de 1986.

Néstor Miranda Álvarez, NÉSTOR.

Chegou ao Gondomar de igual xeito a como suceden as cousas por veces: de casualidade. Os rapaces de Sabarís, onde vivía, prepararan un partido informal contra os xuvenís do Gondomar. Xogárono e gañaron. Aquel día Enrique Hermida fichou seis ou sete: Rubio, Lucas, Tante, Nando,...., e Néstor, o máis cativo de todos dende o punto de vista físico naquel intre.

Nacera o 11 de novembro de 1959 en Santa María de Oia e, cando neno, tiña moi pouca corpulencia; extremadamente fraco e de pouca estatura. Enrique víralle algunha característica positiva, por iso o fichara, pero non debía entendelas suficientes para compensar as eivas da complexión física porque non o puña a xogar. Enganouse.

Nando, que deixará a practica do fútbol cando remate nos xuvenís, era un dos habituais do equipo. Un día Enrique viuse na necesidade de substituílo e, buscando entre os que o acompañaban no banco de reservas, decide botar man de Néstor, o irmán pequeno de Nando. Dende ese momento, Enrique deposita tal confianza nel que xa nunca máis volverá faltar nas súas aliñacións. Ambos os dous irmáns formarán parte do equipo que, sumando 103 partidos sen perder, acadou varios campionatos de liga e outros torneos.

Néstor na madureza deportiva chegará a medir 1,76 m. e pesará 66 quilogramos. A esa altura xa deixara o posto de lateral dereito no que lle fixera



Fonte: Ficha C.F. Gondomar.

debutar Enrique e xogaba de medio centro e interior. Co paso dos anos retrasará a posición e converterase nun elegante e moi eficaz líbero. Foi un xogador eminentemente técnico, de carácter ofensivo e con aptitudes para o gol. Movíase polo campo cunha xestualidade particular, propia, e moi estética. Eu vino xogar.

Practicou o fútbol dende os 13 anos ata os 29. Tras competir unhas seis tempadas defendendo a camiseta do Gondomar, con vinte anos, cando estaba pasando o servizo militar en Tui, ficha polo Erizana, co que ascenderá a Rexional Preferente na campaña 80-81. O curso seguinte, cando o Gondomar ascende a Terceira División, Néstor e Morell foran expulsados no domingo anterior ao enfrontamento co Gondomar circunstancia que lles impediu xogar aquel partido de rivalidade. Perdeu o Erizana e tivo que conformarse con seguir en Preferente.

Despois de formar parte do Erizana inda regresaría ao xa Club Fútbol Gondomar e, tempo despois, volvería encontrarse con Enrique Hermida no C.C.D. Chaín, formando parte daquel equipo no que se aliñaban, entre outros, Manel, Ricardo e Javier. Unha formación que conseguiría levar o club a competir na Serie A por primeira e única vez ata o de agora.

Néstor xogou nun tempo onde lle tocou enfrontarse a moitos e moi notables futbolistas. Aínda hoxe, requirido sobre o asunto, e tras o pacto de non mencionar a ninguén do Gondomar nin do Erizana, cita a catro contrincantes que lle deixaron pegada, catro futbolistas da súa máxima consideración: Joaquín, do Tyde, que estivo a piques de ir o Zaragoza; Coira, do Céltiga, pai do xogador do Celta; Nando, do Caselas; e Parada, do Guardés.

A súa relación co deporte non rematou coa práctica activa do fútbol. Tras deixalo, xogou a fútbol sala e logo inda volveu, de xeito máis relaxado, ao fútbol en veteranos integrando o Gondomar e o Amigos de ex-xogadores do Celta. Actualmente practica tenis e paddle.

Casou con Marta Diz Salgado, coa que vive en Vigo e ten dous fillos.

Fontes: Néstor Miranda Álvarez

Ricardo Alonso Fernández, RICARDO O XEMELGO.

Ricardo e Javier, os xemelgos, foron unha das marcas de identidade, non a única, do Club Gondomar nos tempos en que Enrique Hermida o adestraba.

Ricardo naceu en Vigo o 19 de novembro de 1959 no seo dunha familia con antecedentes no Val Miñor. Inda hoxe conserva a familia residencia na Foz do Miñor, unha paisaxe sen equivalencia, e, en tempos, durante o alzamento militar, o pai viviu durante un período en Vilarés, na parroquia de Vilaza.

Dende moi neno tivo apego ao fútbol e con trece anos pasa a pertencer aos xuvenís do Celta, club no que estivo ata os 18 anos. Logo xogaría cinco tempadas no Gondomar, unha non completa no Compostela, outra no Turista, unha máis no Salvaterra e tres no C.C.D. Chaín.

Cando xogador medía un metro e sesenta e sete centímetros e pesaba setenta e cinco quilogramos. Gustáballe xogar de interior dereita ou extremo, postos que cubría con solvencia e aos que lle achegaba técnica, moi boa visión do xogo, habilidade e rapidez. Eu vino xogar.

Os xemelgos entendíanse no terreo de xogo cos ollos fechados; tiñan interiorizados gran cantidade de automatismos. Froito disto, e das indiscutibles habilidades persoais para a práctica do fútbol, foi un dos máis belos goles que moitos, entre os que me atopo, recordan nas Gaiandas. Sucedeu no partido de volta da promoción de ascenso a Terceira División, contra o Meirás C.F. Foi o que inaugurou a conta. O Meirás cometera unha falta na metade do seu campo, metro arriba, metro abaixo. Antes de que Javier a bote, Ricardo rompe a



Fonte: Arquivo de Ricardo Alonso.

correr. O irmán decátase e bombea de xeito moi morno un balón que describe unha parábola cuxa finalización estaba prevista uns metros por diante de Ricardo. Este, mentres corre, ve como o porteiro sae en dirección a el tapándolle ocos e, sen que o balón toque o chan, nunha posición corporal de alta dificultade, consegue elevalo sobre o gardameta sen que este poida facer nada por evitar o tanto. Foi o inicio dunha goleada de repercusión transcendental para a historia do club. Ese mesmo día Javier conseguirá dous goles, un deles olímpico, isto é, directo a saque de córner.

Ricardo e Javier tamén integraron o equipo que acadou a primeira Copa Comarcal para o club. Desaparecen do Gondomar pouco despois que Enrique Hermida, co que volverán atoparse, tralas dilixencias efectuadas polo propio adestrador, no C.C.D. Chaín. Neste club os irmáns Hermida conseguirán armar un bo equipo que terminará por ascender por primeira e única vez na historia, ata o de agora, a Preferente. Nese equipo aliñábanse os xemelgos.

Ricardo, ademais, adestrou os rapaces da escola de Gondomar e unha vez retirado do fútbol inda seguirá mantendo contacto co deporte: practicará futbito, durante un tempo, e paddle. Casou con Begoña Tabarés Goldar, coa que tivo dúas fillas; a máis pequena xoga actualmente no Erizana.

Fontes: Ricardo Alonso Fernández

Javier Alonso Fernández, JAVIER O XEMELGO.

Facíase difícil distinguir no terreo de xogo a Javier e a Ricardo para aquelas persoas que non tivesen relación con eles. Por algo eran xemelgos. E parecida cuestión ocorre coas respectivas biografías deportivas, ao punto de que se podería facer unha única conxunta, pero tomamos a determinación de separalas para manter a personalidade de cada quen. En todo caso, a ningún se lle escapa que para falar dun e necesario citar o outro polo que ambas as dúas biografías son complementarias. E, neste caso, de redacción intencionadamente similar.

Javier naceu en Vigo o 19 de novembro de 1959, no seo dunha familia con antecedentes no Val Miñor. Finou novo, o 3 de setembro de 2013; faleceu na casa que a familia ten na Foz do Miñor, en Nigrán.

Dende moi neno tivo apego ao fútbol e con trece anos pasa a pertencer aos xuvenís do Celta, club no que estivo ata os 18 anos. Logo xogaríase cinco tempadas no Gondomar, unha non completa no Compostela, outra no Turista, unha máis no Salvaterra e tres no C.C.D. Chaín.

Cando xogador medía un metro e sesenta e sete centímetros e pesaba setenta e cinco quilogramos. Gustáballe xogar de extremo esquerdo, posto que cubría con solvencia, interpretaba de xeito libre e achegáballe técnica, moi boa visión do xogo, habilidade e rapidez. Eu vino xogar.

Javier ou, doutro xeito, os xemelgos formaron parte do equipo do C. F. Gondomar dos anos oitenta que, ascenso tras ascenso, acadou a Terceira División e, a diferenza doutros integrantes, xeralmente contaron co beneplácito dunha gran parte da afección e a total protección de Enrique, o adestrador. Precisamente, dos tres cóntanos Moncho -José Ramón González- unha anécdota.

“Ocorreu, moi probablemente, xogando en Portonovo; non hai certeza absoluta. Ese día Javier non podía xogar, estaba sancionado cun partido. Na primeira parte Ricardo estivera moi incisivo polo extremo e causara un notable desgaste físico no lateral que o cubría. Durante o descanso, Enrique pídelo a camiseta a Ricardo, entrégalla a Javier e dille que molle a cabeza, simulando suor. Javier queceu na caseta.



Fonte: Arquivo de Ricardo Alonso.

Empeza a segunda parte e o Xemelgo, fresco, pasaba polo lateral como un meteoro, mentres o adestrador local se desfacía en alaridos; non daba crédito ao que vía. Tampouco o lateral o daba. Todo lle parecía igual e ao tempo distinto. O xogador era o mesmo sen embargo, na primeira parte, tras o amago saíalle pola dereita e agora facíao ao revés. Non comprendía nada, pero tiña que defenderse do tormento que lle estaban facendo pasar o xogador contrario e adestrador propio. Instintivamente, cada pouco parábase, xiraba cara o adestrador e ao tempo que facía mecanicamente e de xeito rápido un xesto que incluía arqueo de pernas e apertura de brazos, dicía incrédulo: ¡Este non é o mesmo!. O adestrador escoitando aquilo, inda se puña máis tolo e, cos ollos fora das órbitas, berraba con forza superior.

Inda hoxe o lateral estará lonxe dos códigos daquel misterio, un misterio que consistía nunha parella de xemelgos de habilidades a perna cambiada: un era destro o outro zurdo".

Javier adestrou os rapaces da escola de Gondomar e unha vez retirado do fútbol inda seguirá mantendo contacto co deporte: practicará futbito, durante un tempo, e paddle. Casou con Cristina Gómez Vega, coa que tivo tres fillos e compartiu un tempo de vida e de soño vendo dende os soporais como pasaban luces e sombras tentando as vellas pedras da bela praza da Constitución, no Vigo vivo.

Fontes: Ricardo Alonso Fernández; José Ramón González González.

José Manuel De Saa Méndez, MANEL.

Naceu en Gondomar, no barrio da Feira de Secas, o 9 de outubro de 1961. Empezou a dar as primeiras patadas ao balón, igual có resto de nenos gondomareños da súa xeración, na rúa, fronte ao desaparecido Bar-Hospedaxe Chaín. O seu avó, Alfonso Cabaleiro Barros, que fora adestrador do Gondomar e do Tomiño nos anos cincuenta e gran seguidor do club durante toda a vida, foi baza transcendental na relación de Manel co fútbol.

Aos 15 anos, antes de alcanzar o metro e setenta e cinco centímetros de altura e os oitenta quilogramos de peso que o caracterizarán na madurez deportiva, ficha polo Gondomar na categoría xuvenil. Nesa época o club non tiña categoría infantil e, en consecuencia, Manel tivo que esperar a cumprir a idade requirida pola Federación para ingresar nos xuvenís. Durante un tempo formou parte do equipo que estivo 103 partidos sen coñecer a derrota e de aí pasa, aínda con 15 anos, ao Celta xuvenil de categoría nacional, onde estará dous anos. Con 17, militando outra vez no Gondomar, o Salamanca, equipo entón da Primeira División, interésase por el, e cando as negociacións estaban practicamente pechadas unha lesión grave de xeonllo trunca a fichaxe. A lesión prodúcese no ano 78, nas Gaiandas, nun partido

contra o San Miguel, e fívoos apartado dos terreos de xogo durante dous anos. Cando regresou fíxoos sen atender os consellos médicos; entendían que era perigoso e contraprodcente, pero a xuventude puxa sempre.

Mentres a idade federativa llo permitiu, xogaba pola mañá cos xuvenís e pola tarde cos maiores, dando mostrás dunha gran fortaleza física ao tempo que precocidade futbolística. A estas alturas da vida deportiva Manel xa reunía as condicións de futbolista que o caracterizarán na madurez. Foi un centrocampista técnico, organizador do xogo, con imaxinación e ao que de vez en vez lle gustaba executar desprazamentos longos de balón. Eu, vino.

Reincorpórase á disciplina do club da man de Enrique Hermida, segundo referente da vida deportiva de Manel, no ano 80, e será peza fundamental do gran equipo de inicio da década que este adestrador consegue armar. Na tempada 81-82, con 20 anos, consegue o ascenso a Terceira División e seguirá no Gondomar ata finais da tempada seguinte, se ben na segunda volta da liga non xogará un só partido; Avelino Villar como novo adestrador descartáralo estrañamente. É aí cando, ante a presión esmagante e inexplicable dun minúsculo sector da afección local, decide apartarse do fútbol. Un sector mal intencionado que, de xeito paradoxal, non terá dúbidas en formar parte do comité que dúas tempadas despois, co Gondomar a punto de descender a Primeira Rexional, vaielle propor que fiche por un só partido para intentar arranxar o inevitable. Mesquindades humanas. Era o último partido de liga, a disputar no Tecla contra o Guardés; ao Gondomar valíalle calquera resultado menos a derrota. Manel acepta. Xógase o partido e cando faltaba un minuto escaso para a conclusión o Guardés gañaba 1-0. Nesas, a pouco de cruzar o centro do campo, Manel pídelo a pelota a Cuña, observa o porteiro e lanza un disparo certo; increíble. Inmediatamente, o árbitro pita o final. Esa foi a última vez que xogou co C.F. Gondomar.

Dende a lesión, non o deixará de torturar o xeonllo. Aínda así, tentado unha e outra vez por Lito Hermida, ficha polo C.C.D. Chaín no ano 85. Esa tempada 85-86 volve marcar outro gol transcendental. Foi tamén no último partido de liga, no campo de Coia, de cabeza, e significou o ascenso do equipo a Segunda Rexional. Seguirá no club con sucesivos ascensos ata a tempada 89-90, cando acadan a Serie A co tándem Lito-Enrique como adestradores.

Tras o Chaín, a súa vida laboral e familiar adquiriu o máximo protagonismo e o deporte pasou a un segundo plano, se ben inda sacou tempo para practicar fútbol



Fonte: C.F. Gondomar.

sala. Esa actividade, algún partido amigable posterior cos veteranos, e un ano como segundo de Moncho Anía -Ramón Hermida- nas funcións de adestrador do Gondomar son, ata agora, a única vinculación tida co deporte dende a retirada.

Hoxe vive en Mañufe casado con Aquilina González Bas, coa que ten dous fillos: Alfonso e Lucía.

Fontes: Manuel Rodríguez Alonso; José Manuel de Saa; Semanario deportivo Erizana.

Eduardo Gustavo Loureiro Álvarez, GUSTAVO LOUREIRO.

Naceu en Montevideo, Uruguai, o 8 de setembro de 1963; fillo de Manuel, emigrante da parroquia de Peiteiros -Gondomar- e Evidelia, de nacionalidade uruguiaia. Cando chega por primeira vez a Galicia, acompañando os pais, ten 14 anos. Por entón, xa xogara no Brandí de Montevideo, e no Escola Industrial, de Río Branco.

Nada máis chegar de Uruguai ficha polo Club Gondomar, onde xogará nas categorías infantil, xuvenil e sénior. Nesta fíxoo unha tempada completa, a 81-82, militando en Preferente cando aínda era xuvenil. Vino xogar. Nesa época facíao de libre e, aínda sendo moi novo, era un xogador que atesouraba grandes calidades para a práctica do fútbol. Este rapaz, que para a historia do fútbol profesional pasou como Gustavo Loureiro, sempre foi coñecido, e séguese a ser, como Gustavo, sen máis, nas distintas categorías do Gondomar.



Fonte: yojugueenelcelta.com

Na tempada seguinte, 82-83, pasa aos xuvenís do Celta, categoría de liga nacional, e cando esta remata Milorad Pavic chámalo para facer a pretempada co equipo profesional. De 1983 a 1986 xoga no Gran Peña, filial do Celta, en Terceira División, e enfróntase ao Gondomar no primeiro curso. Foi naquel equipo onde un adestrador puxo a primeira pedra para variar o rumbo posicional de Gustavo dentro dos campos de fútbol en competición oficial; o propio Gustavo expono nos seguintes termos: "Dende que ocupei o posto de lateral no Gran Peña por necesidade, aí fóronme metendo os diferentes adestradores ata chegar a xogar como profesional nesa demarcación. Sempre xogara de medio centro ou de central, de feito o Celta fíchame do Gondomar despois de xogar toda a tempada en Preferente como libre".

Debuta no Celta na tempada 86-87, xogando de lateral dereito cando adestraba Colin Addison. Ese día, segundo conta o propio xogador, cumpriuse un dos maiores soños do seu pai; tamén se colmaron as súas expectativas. Foi compoñente do Celta ata a tempada 88-89, xogando dous anos en Primeira División. Tras darlle a baixa o equipo vigués, ficha polo Deportivo da Coruña, equipo no que estará ata o ano 1992. As lesións perségueno durante un tempo e logo, cando xa asinara por The Strongest, o equipo máis importante de Bolivia, desfai o contrato por incompatibilidades co lugar. Remata a carreira futbolística con 31 anos xogando de novo no Gran Peña en Terceira División. Despois segue vinculado ao deporte e no seu currículo constan labores de adestrador ou Técnico de Actividades Deportivas da Universidade de Vigo, Campus de Pontevedra. Tamén, durante un tempo curto, exerceu funcións de adestrador no Club de Fútbol Gondomar.

Ao facer reconto da vida deportiva, lembra os adestradores que lle deixaron pegada: "De todos tratei de sacar o positivo, pero cinco adestradores marcaron a miña formación: por orde cronolóxica o primeiro é Manuel Fernández, o meu gran amigo Manolo Penisco, adestrador dos infantís do Gondomar, inculcoume os valores da honradez e a honestidade no deporte e na vida. Enrique Hermida, adestrador dos xuvenís e maiores do Gondomar, fíxome sentir importante dentro dun campo de xogo, co que iso significa para un xogador tendo 16 anos e xogando cos sénior. Félix Carnero, no Gran Peña, foi outro adestrador que me fixo sentir máis importante e considerado nunha Terceira División moi dura como era a daqueles anos. E xa sendo profesional o que máis me marcou foi Colin Addison, un xenio co que adestrar era sinónimo de gozar, un home cunha psicoloxía increíble, fíxome crecer máis el nun ano que todos os demais xuntos na miña etapa de profesional".

Casou con María Vázquez coa que tivo dúas fillas, Andrea e Candela. Vive en Vigo.

Fontes: www.yojugueenelcelta.com;

Fame Celeste, páxina virtual; e Manuel Fernández Álvarez.

David Castelao Vázquez, CASTELAO.

Nace en Vigo o 1 de maio de 1968. Na súa madurez deportiva chegou a medir 1,84 metros e a pesar 82 quilogramos.

Practicou fútbol durante moito tempo, xogou ata o 2009, e como deportista foi monotemático. Empezou a pegarlle patadas ao balón no Rápido de Bouzas, onde estaría ata rematar a etapa de xuvenís. Logo ficharía polo Coruxo, en Terceira División, e de aí pasaría ao Celta, militando durante un tempo no filial -Gran Peña- tamén de Terceira División. O seguinte equipo foi o Real Madrid, club no que se integrou ou-

tra vez na sección filial, pero agora en Segunda División. Nesa época tocoulle compartir aliñacións cunha serie de xogadores onde a maioría rematarían por ter un trato máis vantaxoso coa fortuna do que tivo Castelao.

Acadar obxectivos na vida non sempre obedece a regras comprensibles para o ser humano, existen piruetas do destino dificilmente explicables e incluso contraditorias para casos aparentemente similares. Razoamentos coma estes e decisións amparadas en criterios tan subxectivos como o gusto e a idea do tipo de fútbol a pór en practica por un determinado adestrador, dando por supostas as calidades futbolísticas, son as causas de que compañeiros de equipo como, por exemplo, Santiago Cañizares chegase a ser porteiro do Celta ou Valencia e da Selección Española; que Urzáiz xogase no Celta,



Fonte: Arquivo de David Castelao.

Athletic, A.F.C. Ajax e alcanzara a internacionalidade; ou que Alfonso Pérez, ademais de internacional con España, xogase no primeiro equipo do Real Madrid, Betis e Barcelona converténdose en ídolo da cidade natal, Getafe. Entre tanto, Castelao non topou cabeza que reivindicase e promocionase o seu ben facer.

Desta etapa do Madrid garda a lembranza de terse atopado co mellor futbolista de cantos se cruzou na vida deportiva. Trátase de Christian Ohen, xogador que despois triunfaría no Compostela, en Primeira División, converténdose no máximo goleador do equipo. Un home co que o destino deportivo tampouco foi espléndido. Anos despois coincidirá con outro xogador que tamén lle deixará pegada. Segundo Castelao, foi un rapaz que reunía todas as capacidades necesarias para triunfar no mundo do fútbol, un fóra de serie que desgraciadamente e de xeito similar a moitos outros perdeuse no anonimato. Coincidiron no Alondras, en Terceira División, e chamábase, inda se chama, Berto Jorís.

Tras o período en Madrid pasa ao Salamanca, tamén en Segunda, e logo ao Pontevedra en Segunda B. Estaba sen equipo, despois de pasar media tempada no Vilalonga, cando o Gondomar buscaba reforzar o centro do campo. O adestrador era Josiño Abalde, antigo coñecido de Castelao, e ao saber da dispoñibilidade do xogador non dubidou en intentar fichalo. Castelao tiña problemas co horario laboral e unicamente aceptaría a proposición se pasaba por adestrar un só día á semana co equipo, cubrindo o resto da preparación co Celta. Josiño aceptou, pero a medida

xerou problemas cos veteranos do equipo, circunstancia que o adestrador tivo que sufocar. Castelao estará no Gondomar tres tempadas, e na 95-96, a primeira, con Josiño de adestrador, ascenderá á Terceira División. Un afeccionado de sempre comentou en foro público: "Foi o mellor xogador que vin pasar polo Gondomar na miña vida".

Ocupaba o posto de media punta co 10 as costas. Posuía unha gran visión de xogo e capacidade para crealo, dispuña dun desequilibrante cambio de ritmo e tiña unha zurda prodixiosa que compensaba a nulidade da dereita como lle ocorre a outros moitos xogadores, algúns deles ocupantes dos máis venerados altares do mundo futbolístico.

Foi un gran pasador. Desta calidade pode dar conta Brito, compañeiro de equipo que acadou o trofeo de máximo goleador da liga na tempada 95-96 rematando de xeito efectivo as moitas asistencias co que o abastecía o centrocampista. Castelao con cada gol, en broma, dícialle: "voute facer internacional!". Castelao sempre sentiu a vida cunha dimensión que traspasaba os límites dun rectángulo de xogo; fose cal fose o rectángulo.

Ao rematar o contrato co Gondomar cambia de país. En Matosinhos, unha cidade de máis de 175.000 habitantes emprazada na area metropolitana de Porto, estaban buscando desesperadamente un zurdo para o centro do campo. Despois das probas pertinentes, faise co posto. Estará tres anos vivindo na cidade e asistindo regularmente ao Estadio do Mar. Nel xogaba os partidos o Leixões, equipo histórico da competición portuguesa que militara en Primeira División. Mentres formou parte do conxunto competiu en Segunda. Castelao, moi ben recibido, viu compensado o traballo co aplauso da afección, chegando a constituírse unha "peña" arredor da súa figura. A única lamentación pronunciada polo xogador respecto desta etapa é non ter chegado ao equipo portuense con 25 anos.

Antes de deixar o fútbol inda integrará os cadros do Alondras e Coruxo, en Terceira, Choco, Porriño, Caselas e Átios, onde se retira definitivamente. Na actualidade vive en Vigo.

Fontes: Manuel Rodríguez González -Pancho-; Luís Miguel Muñiz Estévez; David Castelao.

Isaac Fernández Vila, ISAAC.

Naceu en Vigo o 25 de maio de 1979 e dende crío viviu con María del Pilar e Luciano, os pais, en Valadares. Cursou estudos de Dereito na Universidade de Santiago, cuxo remate ten aprazado.

Iníciase no mundo do fútbol aos seis anos. Empeza xogando no Valadares, club do que non se moverá ata cumprir os dezaseis. Logo, dos dezaseis aos dezaioito, fichará polo "Colegio Hogar".

Na tempada seguinte, xa como adulto, retornará ao Valadares durante un ano para, na seguinte, fichar polo Gondomar. A esa altura da vida, na raia dos vinte anos, a súa produción futbolística deixaba ver con nitidez as innegables calidades técnicas que pouco tempo despois pasarían a ser trazo de identidade. Esa mesma tempada fíxase nel o Celta e a metade de curso fíchao. Pasa cedido no Racing de Ferrol o resto da tempada, xogando en Segunda B, e ao final da liga acadan o ascenso. Rematada a competición, recláman o Celta integrándose finalmente no equipo B. Rodarase durante catro anos e na 2004-2005 debuta oficialmente co primeiro equipo en Segunda División; debutou en Almería, substituíndo a Giovanella. Esa tempada xoga 10 partidos. Na seguinte, co club vigués en Primeira División, pasa ao Racing de Ferrol durante o mercado de inverno despois de compartir equipo con xogadores como Gustavo López ou o xa citado Giovanella; o Racing por aquela militaba en Segunda A.



Fonte: Arquivo de Isaac Fernández Vila.

As dores nas costas persistían; Isaac posuía calidades de excelencia futbolística incompatibles co malestar físico e ao rematar a tempada co Ferrol decide abandonar o fútbol profesional, a pesar de ter ofertas para seguir xogando en Primeira ou Segunda; era demasiada esixencia para a delicada e quebradiza constitución física que posuía. Problemas coa cuarta vértebra repercutían na musculatura das costas e o resultado, ademais da dor constante, eran as múltiples roturas de fibras que se producían de tempo en tempo.

Pero os problemas físicos remitían parcialmente ao baixar a intensidade do esforzo e a Isaac non se lle esquecera como se debía xogar. O talento seguía íntegro e a técnica era a mesma de sempre, só era preciso máis medida no esforzo. Decidiu probar no fútbol afeccionado; volveu ao Gondomar. Estivo baixo a disciplina do club dous anos máis e logo, agora si, retirouse definitivamente.

Foi un rapaz que gustaba de xogar de medio centro, o seu posto natural dentro dun campo de fútbol. Naceu futbolista de corte creativo, máis técnico que físico, con moita visión de xogo e que non gustaba esquecer tarefas de apoio á defensa. Un futbolista talentoso a quen os problemas físicos non lle impediron ofrecer tardes de gozo aos moitos espectadores que tiveron ocasión de seguir os seus movementos sobre un terreo de xogo.

Ao longo da vida deportiva tivo a oportunidade de acadar ascensos en todas as categorías do fútbol profesional militando en distintos clubs. Dese período garda, entre outros, dous grandes recordos. Un corresponde coa etapa no Celta. Inda quedaban outras dúas xornadas para rematar a liga pero o equipo vigués xa festexaba o ascenso en Xerez. A festa durou moi pouco porque o resultado na cidade andaluza púxose en cuestión por aliñación indebida. Un pésimo episodio polo que houbo que pasar. Na última xornada o Celta reconquistou o ascenso.

A outra lembranza refírese ao período no que formou co Celta B. Ese ano o equipo fixo unha gran campaña e xogou a promoción de ascenso a Segunda A. En ningún caso podería ascender porque ao tempo que o equipo B disputaba a promoción o de Primeira División descendía, pero esa tempada coñeceu un dos adestradores que máis fonda pegada lle ían deixar: Rafa Sáez.

A última lembranza a relatar na presente biografía non se refire ao ámbito profesional, está relacionada co Club de Fútbol Gondomar. Ten que ver co gran grupo de rapaces que integraban o cadro da tempada 98-99, un feito que ademais de posibilitar unha gozosa andaina no persoal fixo posible o desenvolvemento dunha gran campaña no deportivo: estiveron a punto de disputar a promoción a Segunda B.

Fontes: José Ramón González González; La Voz de Galicia; José Alonso González; www.yojugueenelcelta.com; Isaac Fernández Vila.

CURIOSIDADES,
COMENTARIOS, ANÉCDOTAS,
CHISMES E CARTELARÍA.

ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO

ACEPTACIÓN SOCIAL DO FÚTBOL.

En 1914, Xurxo V é o primeiro rei inglés que preside unha final da FA Cup de foot-ball, feito que termina por elevar este xogo á categoría de aceptable entre cabaleiros. Ese día gañoulle o Burnley ao Liverpool por 1-0.

A FA Cup é o torneo de fútbol máis antigo do mundo; celébrase no Reino Unido e a primeira edición disputouse en 1871. Nel enfróntanse, entre si, equipos profesionais de distintas categorías con outros "amateur", ou de afeccionados, que representan pequenas poboacións. Isto é, compite o fútbol profesional e o fútbol modesto de xeito aleatorio.

*Fonte: EXPANSIÓN. fuera de serie. UNIDAD EDITORIAL, REVISTAS S.L.U. nº 472 p. 27 e
www. FA Cap. Wikipedia*

ASOCIACIONISMO EN GONDOMAR A PRINCIPIOS DO SÉ-CULO XX. ORFEÓN "LA LIRA".

Coa chegada do novo século parece florecer o asociacionismo na vila. En 1901 constitútese a "Asociación de Agricultores", con local de reunións instalado. En febreiro de 1902 preséntase no Goberno Civil, para a aprobación, o regulamento da "Sociedad de Maestros de Oficios y profesiones varias", constituída en marzo do mesmo ano. Anos máis tarde, en 1913, estaba implantado na poboación, con local, o "Centro Obrero". En 1916, en decembro, o Goberno Civil acepta a constitución da "Asociación de Maestros Nacionales del Valle Miñor". Pero ademais destas asociacións gremiais existían outras de carácter lúdico.

A finais do XIX, o 1 de decembro de 1890, o Gobernador acepta a constitución da asociación "Recreo de Gondomar", que se disolverá en 1904. En 1893 a Recreo está rexida por: Sergio Espinosa como presidente; Constantino Lis, médico natural de San Xurxo de Sacos, vicepresidente; José Peralba, tesoureiro; Manuel Alonso, secretario; Manuel González, vicesecretario; e Ángel Pazos e Severo Areal, vogais.

Esta corrente recreativa e cultural, de base aburguesada, segue presente nos primeiros anos da centuria do XX, terminando por callar coa fundación dalgunhas sociedades privadas que teñen por obxectivo incentivar ou dar algunha resposta a este tipo de inquedanzas. Unha destas sociedades é o Club-Recreo, emprazado na planta primeira da casa que Felipe Gestal tiña na praza da Paradela, cuxos locais xa estaban preparados en 1905, para a cal se redacta un regulamento estatutario en 1907, presentado no Goberno Civil de Pontevedra en xaneiro de 1909. A comisión redactora integrárona: Ángel Pazos -foi alcalde da vila, e en 1905 montara nela unha docería co nome de "El Buen Gusto", na que expedían produtos de fabricación

propia acompañados de viños e licores importados-; Remigio Muíños -foi secretario do xulgado-; Paulino Sarasquete -mariño mercante e dono dunha ferretería local-; Manuel Alonso Paz; e Enrique Rodríguez Márquez. Na mesma casa, na planta baixa, comerciaba calzado José Fraga Gil xa en 1905, empresario que en 1914 terá ao seu cargo, no número 21 da praza de Urzáiz, o "Gran Hotel y Restaurante La Confianza" e en 1921 formará parte da comisión redactora do regulamento da Unión Comercial e Industrial de Gondomar. O Club-Recreo pode entenderse como o xerme da sociedade Unión Artístico Deportiva, na que se integrará o Gondomar Sporting Club e da que será baza importante Pablo Nieto Virosta.

No mesmo ano de 1905 toma posesión da escola de Mañufe Rogelio de la Granja, cando o encargado da de Gondomar, dende 1899, era Enrique R. Márquez, mestre novo daquela, nativo de Morgadáns, casado coa irmá do ecónomo de Lavadores, Nemesio Pérez, e sobriño de Enrique Costas Márquez, quen, tamén nado en Morgadáns, chegará a deán da S.I.C. de Mondoñedo.

Pois ben, neste ambiente vilego o orfeón "La Lira" xa ensaiaba baixo a dirección dun Germán Lago de tan só 20 anos ao inicio da centuria. Pouco despois, en 1905, mantíñanse ensaios e director. Este home, que co tempo chegará a ser fundador



Capa do opúsculo.

Fonte: Arquivo do autor.

e director da internacionalmente recoñecida "Orquesta Ibérica", con sede en Madrid e repertorio clásico, ademais de admirado instrumentista e compositor, este home, diciamos, tiña por costume veranear en Gondomar cando xa residía na capital do Estado. Facíao no desaparecido Hospedaxe-Bar Chaín, emprazado no barrio da Feira de Secas, dando fronte á Avda. Elduayen. Germán Lago, que se carteaba dende a meseta castelá con Manuel Alonso Pérez, secretario durante 30 anos do concello e presidente do orfeón, compuxo unha peza homenaxe á vila coa que tanta vinculación sentía titulada "Gondomar"; un pasodobre estreado pola Banda Municipal de Madrid no "Parque del Retiro" o 5 de abril de 1936, coa República aínda viva. No mesmo ano, pero en agosto, interpreta esta peza, entre outras, a Banda Municipal de Vigo na rúa do Príncipe.



Orfeón "La Lira" na primeira década do XX. O persoeiro que portando unha batuta se empraza como segundo á dereita do estandarte é Germán Lago.

Fonte: Arquivo de Gilberto Vila.

A primeira actuación pública do orfeón La Lira fora na sede da sociedade cultural Peñasco, de Baiona, o 7 de xaneiro de 1905, cando esta estaba presidida por Ulpiano Nogueira. Aquel día acompañábana: Manuel Alonso Pérez -de Morgadáns, e, segundo foi dito, secretario do concello da vila-, Paulino de Lis -alcalde da vila entre 1894 e 1897, despois secretario do concello de Nigrán-, Sergio Espinosa -boticario e persoa que en 1892 dotou de teléfono a vila-, José Espinosa -fillo do anterior, farmacéutico e historiador-, Remigio Muíños -secretario do xulgado-, José Santos Peralba -contratista de obras e corredor de banca- e outros persoeiros da sociedade local máis influente da época.

En outubro de 1905 o orfeón visita a Urzáiz, entón Ministro de Facenda, e actúa para el no pazo que este posuía no municipio de Nigrán.

Fonte: *El Valle Miñor. Semanario independente* de 21 de xuño de 1903; *El Miñor. Semanario independente* de 12 de agosto 1905; *La Voz del Miñor. Publicación imparcial*, de 3 de maio de 1913; *Reglamento do Club-Recreo* 1909; Antonio Valverde Alonso en *Revista de Estudos Miñoranos* nº 7/8/9; *Faro de Vigo* de 11 de xullo de 1925; e *Kaleidoscopio Gondomareño*, de José Espinosa Rodríguez; *El Pueblo Gallego* de 12 de agosto de 1936; e *Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra*.

A XENEROSIDADE DO XI CONDE DE GONDOMAR.



Retrato do XI Conde de Gondomar, Gonzalo Fernández de Córdoba y Quesada, que ilustra a capa do opúsculo da homenaxe.

Fonte: Arquivo do autor.

Gonzalo Fernández de Córdoba y Quesada, XI Conde de Gondomar, cedera os terreos necesarios para o primeiro campo de fútbol, como xa vimos, regalara a pedra necesaria para a construción do primeiro grupo escolar público da vila, segundo se recolle na acta da sesión plenaria do 25 de agosto de 1918 do concello de Gondomar, doara pedra e madeira para os arranxos da parroquial de San Bieito, e doara, tamén, á benéfica sociedade "Asilo y Hospitalillo de Gondomar", os terreos nos que construír o edificio social, emprazados á altura do actual cruce da estrada Gondomar-Guillarei coa de acceso ao pazo; edificio que nunca se chegou a construír. No ano 24 presidía o Asilo Fernando Pérez Alonso, alcalde da vila en 1927, e inda tiña por secretario a Enrique Rodríguez Márquez.

Por todo o dito, e a proposta do presidente da asociación benéfica citada, o concello, na sesión do 28 de setembro de 1919, decide dar o nome de Avenida do Conde de Gondomar ao tramo da estrada que une a Praza de Urzáiz co Pazo. Ademais, xa antes fora nomeado presidente honorario da citada asociación benéfica e do Gondomar Sporting Club.

Nun momento dado, fórmase unha comisión mixta, concello-veciños, e ponse a traballar na organización dunha festa-homenaxe para o 25 de xullo do ano 1921. Esta contará coa presenza do conde, a súa dona, autoridades locais e cidadáns nunha xornada onde se compartirán discursos, colocaranse placas nominativas e desenvolveranse actos diversos no campo de deportes da Cerca, ao pé do Pazo.

Fonte: Prólogo de Recuerdo del Homenaje al EXcmo. Sr. Conde de Gondomar, polo mestre Enrique Rodríguez Márquez. Opúsculo editado na tipografía das Escuelas Hispano-Americanas. Mañufe; Faro de Vigo de 21 de setembro de 1924.

UNHA FESTA-HOMENAXE AO XI CONDE.

Segundo relata Pablo Nieto Virosta, entón funcionario municipal dende anos atrás, ás dez horas da mañá daquel 25 de xullo estaba moi animada a Praza da Paradela para agasallar o conde; presenza incluída da banda de música de Gondomar, dirixida por Domingo Salgueiro. Falaron e pronunciaron discursos na praza, dende o balcón da casa de José Fraga, o alcalde accidental José de Lis Rodríguez; Urbano Alonso, secretario do Concello e apaixonado valedor da Festa da Árbore; o propio Fraga, que fora un dos primeiros en acercarse ao conde para solicitarlle apoio; tamén o mestre Enrique Rodríguez Márquez, en nome do "Asilo y Hospitalillo de Gondomar"; e, por último, antes das palabras do propio conde, Pablo Nieto en representación da sociedade "Unión Artístico Deportiva", da que era presidente de honra Gonzalo Fernández de Córdoba y Quesada e na cal se integraba o Gondomar Sporting Club. O mesmo Pablo Nieto recolle parte do discurso do conde que, no referido ao campo de deportes, rematou por expresarse nos seguintes termos: "Se trató de fundar en la villa una sociedad deportiva que, velando por la educación física de nuestra juventud, le permitiese trocar las distracciones que en los momentos de ocio y asueto se procuraba en el viciado ambiente de la taberna, por otras al aire



Concentración de xentes, con moita presenza xuvenil, antes de iniciarse o acto de homenaxe ao XI Conde de Gondomar o 25 de xullo do ano 1921. Obsérvense as cestas e bolsas onde portan a comida para xantar de campo e a escaleira para a fixación provisional da placa nominativa.

Fonte: Vida Gallega. Arquivo do Instituto de Estudos Miñoranos.



Festa de homenaxe ao XI Conde de Gondomar. Intre no que, antes de asistir a misa na capela do Pazo, se descubre a segunda placa nominativa na rúa dedicada. Na foto a placa queda no extremo esquerdo, sobre a xente, colocada sobre un poste de fundición de ferro co que forma unidade. Máis á esquerda, fóra do encadre da fotografía, atopábase o Campo da Cerca.

Fonte: Vida Gallega. Arquivo do Instituto de Estudos Miñoranos.

libre, y se acudió a mí para que facilitase la consecución del campo adecuado con que hoy se cuenta. Accedí gustoso, complacido, y pude lograr que los terratenientes a quienes tenía arrendados los terrenos, los cediesen. ¿Pero es que no debía proceder así? ¿Es que puede discutirse la bondad de los ejercicios que, como el foot-ball y otros, tienden a mejorar y desarrollar las fuerzas físicas de la juventud?"

Logo, tras escoitar misa na capela de Santa Anta, parte da concorrencia come de campo na contorna do Pazo, ao norte do xardín, como se acostumaba facer nas romarías, para a partir das catro da tarde contemplar, ou participar, nas diversas probas que se celebran no campo de deportes: carreiras de cintas -en realidade, probas ciclistas-, pedestrismo e baile, actividades amenizadas pola citada banda de música de Gondomar e polo coro e gaiteiro da Unión Artístico-Deportiva.

Tamén, no escenario de madeira que a tal efecto se construíra no campo de deportes, con iluminación eléctrica e de acetileno, dá comezo as 10,00 da noite unha representación teatral a cargo do cadro de declamación -grupo teatral- da Unión Artístico-Deportiva. O acto tivo dúas partes.

A primeira, coas seguintes seccións:

1- Sinfonía para banda de música.

2- Representación do drama galego, en dous actos e en prosa, orixinal de Ricardo Frade Giráldez, titulado "O Rei da Carballeira".

3- Declamación de poesía a cargo de Carmen Salgueiro Moreira.

A segunda parte dividiuse do xeito seguinte:

1- Presentación do coro da Unión Artístico-Deportiva, cun repertorio de: ala-lás varios; cantos varios; regueifas; foliadas con gaitas e Himno Galego.

2- Discurso alusivo á festa do día, de Víctor Fraiz -pai de Nanito-.

3- Monólogo en galego e en prosa titulado "Match Internacional", interpretado polo Sr. Nieto.

Segundo comenta Nieto, os intérpretes máis valorados da noite foron Carmen Núñez, Luísa Amoedo, Severino Alonso e Ramón Rubido; non esquecendo o traballo de Carmen Moreira e, sen falsa modestia, do propio Nieto.

Así, conta o cronista, foi aquela xornada de agradecemento ao conde e gran festa maioritariamente civil do 25 de xullo de 1921.

Fonte: Prólogo de Recuerdo del Homenaje al Excmo. Sr. Conde de Gondomar, por Pablo Nieto. Opúsculo editado na tipográfica das Escuelas Hispano-Americanas. Mañufe.

A CERCA, UN RECINTO MULTIFUNCIONAL.

No campo da Cerca non só se xogou ao fútbol. A principios do século XX, cando empeza a darse a coñecer este deporte, o máis practicado no ámbito de referencia era o ciclismo, aínda séndoo escasamente; algunha década despois chegarían o boxeo e as carreiras pedestres. E no campo da Cerca, ademais de partidos de fútbol, celebráronse probas dos tres. Tamén diversos actos sociais, como a festa-homenaxe ao conde xa citada ou o festival e baile pro Asilo da vila, en setembro do ano 24, amenizado pola Banda musical de Tui. Ou aquel outro do ano 1928 no que interviñeron o orfeón Helios, de Bembrive, as agrupacións de Vigo "Queixumes dos Pinos" e "Airiños do Mar", a Banda de música de Chaín, e incluso se propuña un concurso de acordeonistas e gaiteiros; que se celebrou.

De igual xeito a como acontecera en anos anteriores, en 1928 unha comisión delegada organiza a festa recadatoria a celebrar o 4 de setembro en favor do Asilo-Hospital da vila. Prográmase fútbol, boxeo e teatro. Primeiro un partido entre o Miñor F.C. e o Rápido de Bouzas, logo combates de boxeo no que participará Lores, de Vigo, e para rematar, de noite, interpretación dramática a cargo da compañía de Lavadores. Para agasallar os gañadores doaran once medallas de



Tribuna e bancos montados para unha "carreira de cintas". Fotografía dos anos 20.

Fonte: Arquivo Instituto de Estudos Miñoranos.

prata e un xogo completo de café os señores Leopoldo Pérez Alonso, de Mañufe, que, procedente de Uruguai, nesa data estaba a pasar un tempo de descanso na casa natal, e José Penedo Pérez, da vila. O Rápido de Bouzas daquela era campión de Galicia sur, e anos antes xa gañara a copa "Villamarín" disputada no mesmo campo da Cerca.

O ciclismo foi unha consecuencia directa da investigación e evolución á que se someteran os antigos velocípedes. A primeira proba ciclista a nivel internacional celébrase nos arredores de París en 1868, se ben a primeira competición real é a París-Rouen de 1869. No ano 1900 nace a Unión Ciclista Internacional -UCI-. En 1903, ano no que se celebra o primeiro "Tour de Francia", empezan a estenderse con intensidade as competicións ciclistas. E con elas aparecerán as chamadas "carreiras de cintas", con incuestionable difusión dentro da xeografía galega, celebrándose en Gondomar, no campo da Cerca, varias probas; a última da que temos constancia é de 1928. Tamén a vila e municipio foi sede ou territorio polo que discorreron distintas probas, como a Volta a Galicia do ano 33, a proba Carneiras-Val Miñor do ano 34, diversas Voltas ao Val Miñor, Baixo Miño, Rías Baixas e varias outras. Nos anos sesenta o Club Ciclista de Gondomar estará presidido por Alfonso Mandado Robles, ex-presidente do Club Gondomar na década dos cincuenta.

A primeira noticia que coñecemos de probas de atletismo no municipio data do ano 44, cando se organiza a primeira "Vuelta pedestre a Gondomar". No 46 lévase a cabo a segunda edición. Nesa data fúndase a sociedade "Atlética Gondomarense". No 47, en febreiro, celébrase o Campionato Provincial de Cros con saída de Baiona e chegada en Gondomar.

No mesmo recinto, na Cerca, montábase con madeiras unha especie de pequeno palco no centro do campo para os combates de boxeo. En Gondomar chegou a existir bastante afección a este deporte, hoxe moi desvalorizado. No ano 1927, con fins benéficos, organízase no campo de fútbol de Lourido unha velada na que o principal combate celébrase entre Lores, un coñecido boxeador vigués enviado polo Vigo Boxing Club, e M. Luna, de Gondomar. Luna era discípulo do "sportman" Ferrote, tiña unha constitución portentosa dentro da súa categoría e golpeaba duro pero, segundo o cronista do Faro de Vigo da época, estaba algo falto de técnica. Por contra, Lores era máis técnico e con máis experiencia. Fixo de árbitro Stern Sándor, campión amateur húngaro. O combate gañouno, por abandono no cuarto asalto, Lores ante unha gran concorrencia na que destacaba a presenza feminina. Luna pedirá o desquite.

En marzo de 1928 M. Luna e Eladio Cabaco, activo boxeador redondelán asentado en Gondomar, combaten contra opoñentes do Boxing Club de Vigo no teatro Erizana de Baiona. Cabaco, un peso "gallo" de gran progresión, boxeou en Monforte no mes de xullo do mesmo ano e venceu nos dous combates que disputou; un contra un rival local e o segundo contra outro vigués.

Na década dos trinta, como xa sucedera na dos vinte, organízanse varias veladas de boxeo en Gondomar, no salón La Oliva, a cargo de Cabaco. Nos corenta inda quedaban boxeadores locais, como Guillermo Quintas, do Toucido, que chegara a boxear na poboación con Pantera, de Vigo.

Por último, cómpre dicir que entre as actividades desenvolvidas na Cerca non podían faltar os Bolos celta. Temos constancia de, polo menos, un torneo convocado para agosto de 1928.

Fonte: Antonio Bravo Quintas; Revista Vida Gallega; Faro de Vigo de 21 de setembro de 1927; El Pueblo Gallego de 26 de agosto de 1927, de 1 de setembro de 1927, de 18 de marzo e 28 de agosto de 1928, de 26 de xaneiro de 1935, de 7 de marzo do mesmo ano e 21 de xullo de 1960.

O HIMNO DO CLUB DE FÚTBOL DE GONDOMAR.

Inserido no artigo titulado "Las rosas del Valle Miñor", Abelosa di que un grupo de afeccionados do Gondomar se puxera en contacto con Luís Fernández Senra cando, sendo estudante, vivía co tío e párroco na reitoral de Sabarís; sucedía na se-



Banda de cornetas da Hispano-Americana. En segundo termo Urbano Vernet, de Baiona, profesor de música. Setembro de 1916. Foto de José Gil.

Fonte: Vida Gallega. Biblioteca da Fundación Penzol.

gunda década do XX. Máis tarde, Luís chegaría a ser un avogado de sona en Vigo. O motivo da achega era a encomenda da redacción dun himno para o club de fútbol, que o cronista di chegou a coñecer a través de Alerta, xornalista de Meta, semanario deportivo dos anos corenta. Alerta xa finara cando Avelosa publica o dato e, segundo reproduce, parte do himno dicía:

Rien las rosas de la mañana,
sobre las fuentes de un ideal,
la juventud arrulla nuestras mentes.
El campo nos espera,
el Gondomar despliega,
lancemos al espacio el hurra triunfador.

Remata o artigo anunciando tamén o creador da música, pero non é quen de precisar entre os baioneses José María Barreiro e Urbano Vernet.

Fonte: Faro de Vigo. 17/6/1981. Abelosa é o alcume con que asinaba a produción xornalística Antonio Álvarez Calvo, nativo de Gondomar e irmán de Laureano e Félix, os Galán.

Pero parece que non existe moito consenso con isto do himno. Hai, polo menos, outra versión publicada polo xornal "Miñor" nun artigo de 1986, sen citar fonte nin data de procedencia, que di:

El Gondomar es un equipo
formidable y colosal
que por su juego limpio
y más que bien combinado
tiene siempre que ganar
vengan ya partidos
sigan chutando a gol
que ninguno de ellos
por nuestra portería
ha de pasar.

Nesta ocasión, nada se di sobre a música.

Fonte: Xornal comarcal "Miñor", nº 1, da asociación cívico-cultural Val Miñor.

Abril de 1986. p.7.

Por último, mentres estamos traballando na elaboración do presente volume, chéganos a noticia de que o Club de Fútbol Gondomar acaba de encargar un terceiro himno motivado polo centenario e o descoñecemento dos anteriores. O autor elixido para música e letra é Rubén de Lis, músico da vila, quen intenta condensar os sentimentos de afinidade con aquel a través das seguintes esforzadas estrofas:

Cada domingo en el terreno de juego
salen once hombres llenos de valor,
nos deleitan todos con su esmero
defienden nuestro pueblo con satisfacción.
Sus jugadas como en un recreo
lucha, creatividad y corazón,
no se conforman con el derroteo
como marca paquete su afición.
En Gondomar nos gusta el fútbol y el buen juego
las Gaiandas son un vacilón,
nos gusta ir muy serenos, no perdemos
viva el Gondomar, el club y su afición.
Nuestro club siempre está defendiendo
sus valores, conducta y educación,
desde mil novecientos catorce
siempre está arriba la ilusión.
No podemos, ni queremos

dejarnos llevar por alguna razón,
cada uno de los once jugadores
tiene blanco y azul el corazón.
En Gondomar nos gusta el fútbol y el buen juego
las Gaiandas son un vacilón,
nos gusta ir muy serenos, no perdernos
viva el Gondomar, el club y su afición.

Como podemos comprobar, o himno do Gondomar, con independencia da situación política e histórica, sempre foi en castelán. Normal, estamos en Galicia.

Fonte: La Voz de Galicia, 31 de xullo de 2014; Directiva saínte -2014- do C.F. Gondomar.

UNHA OPORTUNIDADE; O CAMPO DAS ESCOLAS PRO VAL.

A precariedade económica de principios do século XX e a total ausencia de recintos deportivos fixo que a xuventude e os seus valedores aproveitasen tanta oportunidade se lle presentaba para practicar deporte. No curso 1914-1915 inauguráronse as escolas Pro-Val, no lugar de Baludío, promovidas e custeadas por un grupo de benfeitores e filántropos do Val Miñor emigrados a Sudamérica. Antes, dende 1909, ocupara unha pequena edificación alugada na Ramallosa, entre a estrada



Vista suroeste das "Escuelas Hispano-Americanas Pro Valle Miñor". Na primeira planta emprazábase a vivenda do director. Diante do edificio o autobús do Centro, con bancos no teito. Ano 1916.

Fonte: Vida Gallega. Arquivo do Instituto de Estudos Miñoranos.

a Gondomar e o esteiro do Miñor, e coñecérase como "Escuela Práctica". Ata esta edificación chegara procedente dunha primeira ubicación nun local, tamén alugado, emprazado na praza da Paradela, en Gondomar.

Estas escolas, provistas de autobús propio, foran concibidas cun ideario moi vangardista; tiñan como finalidade unha formación en artes e oficios, varias seccións de transmisión práctica, e ensinanza de educación primaria. Pero, ademais, valoraba moito a educación física, o deporte, un concepto moi novidoso daquela, e para practicalo posuía un formidable recinto, a ceo aberto, emprazado nun socialco de maior cota a nordés do edificio. Neste recinto, din as crónicas, xogaba a finais da segunda década do século XX o Iris Fútbol Club, que, presidido por Manuel Rial, era daquela o máximo rival do Gondomar Sporting Club e dispuña de varias seccións entre as que sobresaía o ciclismo. Iris tamén se chamaba o vapor que a principios de século comunicaba os portos de Baiona e Vigo. O propio Sporting xogara nel algúns partidos no 1917, antes da inauguración do da Cerca. E con certeza xa fora utilizado con anterioridade para este fin.

Tamén foi sede do Industrial F.C. de Gondomar dende o ano 1925 ata mediados de 1927.

Na segunda metade da década dos trinta, segundo contou José Fernández, de Mañufe, cando as escolas xa non eran da Unión Hispano-Americana -a Comisión Directiva da Sociedade en Buenos Aires decidira fechala en 1934- adestraba e xogaba neste campo un equipo chamado "Unión Centro Valle", que se enfrontaba aos de San Pedro, e aos de Baiona, e sempre gañaba. Dixo José que este equipo levaba bordadas nas camisolas as iniciais UCV.

O campo de deportes da Pro-Val foi utilizado por outros equipos máis ou menos formais e, ata que se valou, a miúdo funcionaba como foro dos improvisados encontros entre rapaces das distintas parroquias periféricas.

Fonte: Xornal comarcal "Miñor", nº 1, da asociación cívico-cultural Val Miñor. Abril de 1986. p.7; El Valle Miñor. Semanario independente, de 11 de outubro de 1903; e Revista de Estudos Miñoranos (REM) nº 2, p. 49 e nº 5/6, p.126

A COPA CONDE DE GONDOMAR.

Este ano 2014, coa correspondente e acostumada presenza física do actual XIII conde, Gonzalo Fernández de Córdoba Narváez, celebrouse no campo das Gaiandas a XXX edición do Trofeo Conde de Gondomar, organizado e sufragado polo propio club, coa colaboración do Concello. Este torneo, hexemónico entre os celebrados polo C.F. Gondomar en época estival, tivo un primeiro antecedente na segunda década do XX, e un segundo alá pola terceira.

Primeiro. Sabemos que no 1917 existía a Copa Conde de Gondomar. Descoñecemos onde se xogaba, se ben parece lóxico pensar que fose na Cerca, quizais durante o verán, tempo no que o conde ocupaba o pazo. É coñecido que a edición de 1917 gañouna o Rápido de Bouzas..

Segundo. Nos libros de contas do pazo de Gondomar do ano 1925, sendo conde Gonzalo Fernández de Córdoba y Quesada, pódese ler: "Abonado al Sr. Peirel para pago de la mitad del precio de una copa, premio de un partido de fútbol; 70 Ptas.". Lémbrese que no ano 1926, referido o período 1925-26, segundo xa se dixo, o mesmo señor cobra polo arrendo do campo de deportes 60 Ptas., cantidade, feita a comparación, totalmente simbólica.

Sobre esta segunda edición coñecida da copa recollemos, integramente, unha noticia publicada polo xornal El Pueblo Gallego do venres 21 de agosto de 1925, debido ao valor que entendemos ofrece a súa lectura transversal:

"CONCURSO EN GONDOMAR.

COPA EXCMO. SR. CONDE DE GONDOMAR Y MEDALLAS CAMBRA.

En la Villa de Gondomar tendrá lugar un gran torneo futbolístico con objeto de disputar la Copa y medallas de plata cedidas, a tal fin, por los señores Conde de Gondomar y don José Cambra, así que serán premiados los dos <teams> finalistas adjudicándose la copa el vencedor y las medallas el equipo finalista. Este concurso organizado por el Miñor F.C., se regirá por las siguientes bases:

1ª. Podrán tomar parte en este concurso todos los equipos de la región federados en terceras categorías, los cuales dirigirán su solicitud por escrito al presidente del Club organizador.

2ª. Cada club que se inscriba enviará una lista de sus jugadores y suplentes así como color del uniforme no pudiendo figurar ningún jugador en la relación de dos clubs.

3ª. Los partidos tendrán lugar en el campo del Miñor F.C., siendo obligatorio a los equipos el presentarse debidamente uniformados y su correspondiente balón reglamentario.

4ª. Los "referees" serán nombrados por los capitanes de ambos equipos, y en caso de no llegar a un acuerdo los designará la comisión.

5ª. Los partidos se anunciarán en la prensa y además se comunicarán por correo a los equipos correspondientes con la debida anticipación.

6ª. Todo equipo que pasada media hora de la fijada para celebrar el partido no se presentase en el terreno de juego, se considera eliminado del concurso y por lo tanto se dará por ganado dicho encuentro al equipo contrario. Si llegasen a faltar los dos sin haberlo notificado con veinticuatro horas de antelación serán ambos descalificados.

7ª. Los partidos se celebrarán por eliminatorias sencillas. Si llegada la final de match se hallaran los equipos empatados se prolongará el partido veinte minutos

más, y si pasado este tiempo continuase el empate se repetirá el encuentro cuando lo indique la comisión organizadora.

8º. Podrán participar en cada "once" a lo máximo dos elementos fichados de categoría superior a la tercera en la Federación Gallega de Clubs de Fútbol.

9º. A la terminación de los partidos los capitanes firmarán el acta en donde pueden también incluir -siempre que tengan razón o motivo que dé lugar a ello-, sus respectivas protestas que pasarán a estudio de una comisión nombrada al efecto, la cual comunicará el fallo cuarenta y ocho horas después.

10º. El equipo que resulte finalista tendrá que jugar con el Miñor F.C. haciéndose entrega en el acto de la copa al equipo vencedor, y las medallas al vencido.

11º. El plazo de inscripción terminará el día doce de Septiembre siendo los derechos por este concepto cinco pesetas por equipo que deben acompañarse a la carta solicitud de ingreso.

12º. Una vez expirado el periodo inscriptivo se verificará el sorteo de equipos en presencia de los delegados de los clubs concursantes cuyo resultado se participará con antelación.

13º. Cualquier causa no prevista por estas bases será resuelta por la comisión organizadora."

A maiores da copa Conde de Gondomar, tamén existiu un tempo onde o club



Pazo-fortaleza do conde de Gondomar.

Fonte: Ollomol Audiovisual.

organizaba outro torneo que conseguira certa tradición e pervivencia no tempo, era o Trofeo San Bieito. Este, celebrado de xeito intermitente ata as décadas finais do XX, tivera unha das primeiras edicións no ano 1926. Ese 11 de xullo tocaron as Bandas de Música de Chaín e Mougás e, pola tarde, na Cerca, enfrontáronse o Miñor F.C. e o Unión Sporting de Lavadores nun partido rematado en empate a dous tantos. Trás o partido, posiblemente, merendarían todos xuntos, costume bastante habitual na época.

Este torneo, a copa San Bieito, a partir da década dos oitenta deriva no Trofeo Vila de Gondomar.

Fonte: *El pazo de Gondomar. 5 siglos de una familia*, de Enrique Fernández de Córdoba Calleja. p.196; *Faro de Vigo* de 13 de xullo de 1926; *El Pueblo Gallego* de 2 de agosto de 1956.



FUTBOL

CAMPO DE
LAS GAYANDAS

GONDOMAR

9 - 10 y 11 de JULIO

XIV Trofeo SAN BENITO

DIA 9
8
tarde

GONDOMAR-DUNAS

DIA 10
6,30
tarde

VALLADARES - VINCIOS

DIA 11
8
tarde

Gran Final

NOTA.- Los Socios tendrán entrada gratuita presentando el carnet de esta temporada (83-84)

GONDOMAR FAZ - FORTALE

PARTIDO DEL

Centenario

TROFEO CONDE DE GONDOMAR



MARTES 26 DE AGOSTO
A LAS 20:00H



Deputación
Pontevedra



El Corte Inglés

Coca-Cola

DECIMAS

Fontes: Arquivo do Club de Fútbol Gondomar.

ADECUACIÓN DA VESTIMENTA. OS XASTRES.

Loxicamente, segundo sexa a ocasión así debe ser a vestimenta. Isto, que parece tan de caixón, non foi sempre entendido con unanimidade; inda hoxe non o é, cando menos respecto de cal é a máis adecuada. Inflúen parámetros culturais, formativos, económicos, de gusto e outros. Sen embargo, é ben certo que ao longo do tempo prodúcense acontecementos que favorecen a aceptación social de certas pautas de comportamento, ou axudan a que sexan admitidas con máis facilidade as novidades. Un destes acontecementos foi a aparición da roupa prêt-à-porter. Pero claro, a “roupa lista para levar” non aparece ata a década dos cincuenta e antes só Coco Chanel se atrevera a liberar a muller do martirio do corpiño e a introducir unha liña de roupa informal e sinxela alá polos anos vinte. Todo o demais era costume, tradición.

Sen embargo, a comezo do século vinte, coa irrupción de distintos deportes iniciados nas tardías décadas do XIX, é necesario crear novas vestimentas. O deporte necesita roupas adecuadas e cómodas que permitan a práctica correcta das novidosas actividades e iso implica redución de tecidos sobre o corpo, feito que choca de xeito frontal coa moral e costumes da época. Será necesario atravesar un tempo longo pero finalmente o sentido común irá impóndose.

Por aquela, en 1914, na vila de Gondomar había varias xastrerías. Estaba “La Nueva Luz”, de Manuel Amaro Fernández; tamén, na praza de Urzáiz, unha segunda dirixida por José López, que ata ese ano fora encargado da anterior. En 1913, Severo Areal Novás era o propietario doutra xastrería que a partir de entón converterase en sucursal da “Xastrería Moderna”, de Sabarís. Nese intre, ademais, traballaba a



Un axente de praia controla se a lonxitude de coxa á vista é a permitida segundo as regras do decoro. Ano 1923.

Fonte: Magazine Fuera de Serie, de 6 de xullo de 2014.

pleno rendemento na vila a xastrería “La Elegancia”, de Manuel Núñez. Como se ve, inda sendo pequena a poboación e xeralmente precaria a situación económica dos habitantes, parece que había traballo dabondo neste eido, quizais posiblemente como consecuencia de ser aquel un tempo no que aínda, como xa vimos, non existía a roupa “prefabricada”.

Fonte: El Pueblo. Semanario independente, de 17 de setembro de 1914 e de 1 de outubro do mesmo ano; La Voz del Miñor. Publicación imparcial, de 3 de maio de 1913.

A XENEROSIDADE DE LEOPOLDO PÉREZ ALONSO E OUTROS HOMES DE MAÑUFE.

Como tantos outros, Leopoldo Pérez viuse obrigado a emigrar e tamén, como outros tantos, empregou parte da fortuna acadada na emigración na terra que o veu nacer. Ademais, contribuíu ao lecer dos seus paisanos.

En maio de 1964 doa unha copa de prata ao “Club Recreativo Valle Miñor” para que a disputen os equipos de fútbol de Gondomar, Baiona, Sabarís e Panxón. Non temos noticias de como se desenvolveu a competición nin de quen se fixo co trofeo, pero si algunhas novas máis do filántropo.

Nacera en Mañufe e, como xa se dixo, emigrrou moi novo a Montevideo, onde desempeñou diversos traballos antes de montar un posto de vendas de verdura. Marchou en 1907, con 18 anos. Logo, en 1915, regresa á parroquia e cásase para, unha vez de novo en Montevideo, agora en compañía da muller, montar unha casa de venda de queixos. Aí empezou todo. Pasado o tempo, no 64 era dono dunha serie de facendas. Parte desa riqueza empregouna na parroquia e vila natal porque, segundo dixo, non quería que os fillos se pelexasen por algo tan material. A eles déralle o que entendía era do máximo valor: estudos. O fillo fixérase avogado, a filla notario. Aínda así, segundo lle gustaba dicir, tiña máis cartos dos que podía gastar no que lle restaba de vida e para darlle saída sempre tivo presente o seu percorrido vital.

En 1922 fixo o palco de música do torreiro de san Vicente, en Mañufe. Despois conseguiu arranxar as estradas a Nande e Donas. En 1929 fixo o novo e actual cemiterio hixienista da parroquia que, a dicir del mesmo, é o mellor do Val. Nese 1929 a parroquia noméao fillo predilecto. Durante tres anos deulles premios aos alumnos das escolas de Mañufe, mérito que, entre outros, tamén ha de recoñecérselle a Venancio Moreira Casás, igualmente mañufense. Como mañufense, emigrante e filántropo era Vicente González, que en 1914 doou unha considerable cantidade económica para as escolas Pro Val.

En 1962 Leopoldo arranxou o teito da igrexa de Mañufe, que se caía, e fixo a base para a casa parroquial, a cal termina de pagar no ano 64. Ademais, nesa época,



Vista parcial exterior do cemiterio de Mañufe.

Fonte: Autor do texto.

axuda a sufragar algunhas melloras no cuartel da Garda Civil, en Gondomar, e do Club Recreativo da vila. Ese ano volveu dar premios aos escolares.

Fonte: *El Pueblo Gallego*, de 28 de maio de 1964 e 21 xullo do mesmo ano; *El Pueblo. Semanario independente*, de novembro de 1914.

A COPA VENANCIO MOREIRA CASÁS.

Venancio Moreira tamén era natural de Mañufe e, segundo o xornal El Pueblo Gallego, presidente honorario do Industrial S.C. de Gondomar, sociedade que para agradecerlle as atencións cara a ela dispensadas ofrécelle unha cea íntima o martes 1 de decembro de 1925. Venancio presidiu unha mesa de dezaioito comensais escoltado polo presidente do Industrial, a unha beira, e o empresario José González, á outra.

Este home, que se vira obrigado a emigrar a Montevideo onde se establecera como industrial, de igual xeito a como xa fixera outras veces, no ano 1929 doa unha copa de prata que, nesta ocasión, disputarán unha Selección do Val Miñor e o equipo titular da vila de Moaña, no mes de setembro. Ante a ausencia de Venancio, a copa será entregada por Rogelio de la Granja, Francisco Vázquez e Leopoldo Pérez. A primeira copa doada por Venancio ao Industrial, para ser disputada nun torneo por eliminatorias simples, databa de novembro do 1925. Dende aquela, caeran outras.

O 1 de setembro a Selección sairá do porto de Baiona, nun vapor, con dirección á península do Morrazo. Para o primeiro partido anúnciase a seguinte selección: Tacho, Pepe Hermida, Ayú, Saturnino, Ferrote, Quidán, Núñez, Carneiro, Nolete, Regueiro e Virolas. Incluso se chegou a anunciar como árbitro, que non o era, a Pablo Nieto Virosta.

Este primeiro encontro gañouno o Moaña, 1-0, de penalti, nun partido onde a Selección puxo de manifesto o pouco entendemento entre os compoñentes debido á falta de adestramento. O segundo partido estaba previsto para o día 22 do mesmo mes na Cerca pero, finalmente, xogarase o día 29. A Selección tampouco estivo afinada desta vez; perdeu 0-3. A copa foise para o Morrazo. Arbitrou o colexiado Mandado e a Selección anunciada foi a mesma do primeiro partido coa única variación de Tapias por Ferrote.

Fonte: Xornal El Pueblo Gallego, de setembro de 1929.

O BAIONA SPORTING CLUB E O CLUB DE FÚTBOL JUVENIL ERIZANA; A MÁXIMA RIVALIDADE DO GONDOMAR.

Non foi o Iris F.C. o único rival do Gondomar. Existiron moitos equipos que por distintas circunstancias, nalgún momento da historia do club, convértense en encarnizados rivais, como o Industrial S.C., o Sporting Guardés (da Guarda), o Tomiño, o Racing de Tui, o Valle Miñor,...., pero ningún como o Erizana de Baiona, que viñera resucitar a rivalidade existente dende a segunda década do século co "Bayona S.C."

Cando ambos os dous equipos se enfrontaban, fose na Palma, nas Gaiandas ou en feudo neutral, os tranvías, se era o caso, ían ateigados de xente, e, máis dunha vez, a cousa remataba a trompadas.

O Erizana foi fundado, co nome de "Club de Fútbol Juvenil Erizana", polo cura Fernando Muñoz Arosa, o 15 de abril de 1950 tras moitos anos sen fútbol na real vila. Pero o primeiro equipo propio da poboación chamárase "Bayona Sporting Club" e fundáralo Ventura Salgado, segundo di nunha entrevista concedida no ano 1955 ao semanario baionés Erizana. A información é substancial; limitámonos a transcribila.

Salgado xa fora o fundador do Baiona F.C. en 1909. Este equipo, constituído por veraneantes, estaba formado por Jaques na portería; Juanito Saavedra e o propio Ventura, na defensa; Correa, Godoy e Tejada, na media; e Ramón Barreiro, Emiliano Enríquez e Martín Barreiro, na dianteira. Nesa época só formaban con nove xogadores debido ás reducidas dimensións do espazo dispoñible na Palma. O campo de xogo dispúñase na dirección sur-norte. Este equipo só durou dous veráns. Logo existiu un segundo, o Anduriña, pero tivo unha vida totalmente efémera.

En 1912-13, Ventura Salgado, segundo se deduce dos datos que achega, funda o antes mencionado "Bayona Sporting Club", que nalgún tempo tivo como formación base a seguinte: Camilo na portería; Chamorro, P. Mandado e José María,




Obelisco doado por Ventura Misa en 1860, emprazado na Palma. Este é o monumento que Ventura Salgado, en 1918, solicita desprazar.

Fonte: Baiona nas ondas do tempo. Instituto de Estudos Miñoranos.

na defensa; Fariñas -despois Chapa- e Pais, na media; e J. Mandado, Peladillo, Virasuela, Silvio e Goce Tarratelas-, na dianteira; facía de capitán Fariñas, que décadas despois será presidente do Erizana.

Este equipo, logo, durante cinco anos, loitou en varios campionatos nos que se enfrontou a potentes adversarios, como o Rápido de Bouzas, Deportivo Coia, Ciosvín, Comercial, Español F.C., Real Vigo F.C., Gondomar, e outros, e conquistou distintos trofeos, tales que a Copa Quintanar, o trofeo Bonín, a Copa Cuba, etc. Durante este período, de igual xeito a como sucedeu tantas outras veces en distintos lugares segundo tivemos ocasión de comprobar ao longo do presente traballo, o Sporting nalgún intre debeu mesturarse co Anunciada Fútbol Club de Baiona, inda que Salgado non o di. A asociación benéfica "La Anunciada" xa existía en Baiona no ano 14, por certo, ano no que Ventura Salgado pasa uns meses na Arxentina.

Este equipo, entendemos, debeu ser circunstancial e constituído pola mesma xente do Sporting, feito que dalgún xeito xustificaría que Salgado o incluíse xenericamente no segundo pola súa maior importancia histórica e duración no tempo. En todo caso o presidente do Baiona S.C. chegou a figurar ocasionalmente nel. Por exemplo, en xullo do 17 o Anunciada F.C. reta a un partido na Palma ao Gondomar Sporting Club propondo como aliñación a seguinte: J. Mandado na portería; J. Saa-



A Palma en Baiona. Fotografía de Ruth Matilda Anderson, do ano 1926 -"Reparando as redes"-, onde ademais das redeiras traballando recolle unha portaría do campo de fútbol no que xogaba o Baiona Sporting Club.

Fonte: Revista de Estudos Miñoranos nº 4. 2004. © Ruth Matilda Anderson/Hispanic Society of America.

vedra e Ventura Salgado na defensa; Álvarez, J. del Barrio e M. Cabrera na media; e Chouza, Carneiro, Granja, H. Cabrera e Blanco na dianteira.

Ventura Salgado refírase da actividade deportiva no ano 1918, entregándolle o relevo na presidencia do club a Policarpo Vilar Ochoa, quen a rexentará por pouco tempo. En 1921 xa preside o Baiona S.C. Manuel Godoy, antigo compoñente da directiva de Salgado.

Na sesión da corporación municipal de Baiona do 23 de Xaneiro de 1921 dáse conta dunha solicitude, subscrita polo Godoy, como presidente do club, na que se solicita permiso para derribar un tramo de 11 m. de longo dun muro que fecha a Palma, e cortar algunhas árbores, para dese xeito poder acadar espazo regulamentado para celebrar partidos de "foot-ball". A corporación accede.

Pero xa antes, posiblemente como un dos últimos servizos prestados ao Baiona S.C., Ventura Salgado presentara no concello unha instancia coa intención de mellorar as condicións da Palma como terreo de xogo; tiña como obxectivo acadar o espazo necesario para mudar a posición do campo de xogo á dirección leste-oeste. Di:

"Sr. Alcalde presidente de Bayona.

Don Ventura Salgado Miniño vecino de esta villa, mayor de edad y Presidente del Sporting Club de Bayona a V. atentamente expone:

Que en vista del gran desarrollo que en esta localidad ha adquirido el deporte del balón pié, deporte que a sus excelentes cualidades de medio de educación física, une un aspecto moral que no puede desatender esa ilustre corporación de su digna presidencia, aspecto que consiste en que los jóvenes marineros dejando de concurrir a la taberna donde embotan y aniquilan todas sus energías físicas y morales, concurren a este juego universalmente convencidos como altamente educativo robusteciendo sus cuerpos y saneando sus espíritus.

Teniendo en cuenta que el paseo nombrado de <La Palma> es un lugar a propósito para campo de este deporte, que sirve a la vez de recreación a todos los vecinos del pueblo, siendo motivo de gran concurrencia de forasteros, y como ni hay otro sitio ni se podrá comprar, aunque lo hubiera, ese es el motivo por el cual deseáramos que esa ilustre corporación autorice a esta sociedad de mi presidencia para que por cuenta nuestra trasladen el sencillo monumento de piedra que hay emplazado en la parte céntrica del mencionado paseo de <La Palma> y que imposibilita que este pueda dedicarse a campo deportivo.

Respetuosa con las tradiciones bayonesas, creemos, sin embargo que dicho monumento estará mejor en otro sitio cuya designación podrá señalar ese ilustre Ayuntamiento.

Solicitan de la Corporación municipal que accedan a lo que pedimos.

Bayona 25 de agosto de 1918. Ventura Salgado"

A Corporación accede ao solicitado na sesión do día 26 de agosto do mesmo ano.

Queremos chamar a atención sobre a particular forma de iniciar a instancia presentada por Ventura. Di explicitamente que en 1918 o fútbol tiña moita aceptación na vila, síntoma claro de que levaba xa tempo practicándose aínda fose en condicións precarias, as cales precisamente ese acto e instancia pretenden mellorar.

Décadas despois, tras fundarse, o "Club de Fútbol Juvenil Erizana" seguirá xogando como locatario no campo da Palma ata que a comezo dos setenta Manuel Copena Araujo, Nolete, como alcalde de Baiona, decide construír nese recinto unha "Pista Polideportiva e un Escenario-Tribuna" para espectáculos dotada de vestiarios e aseos. Isto fai que precisamente cando, nesas mesmas datas, o Erizana se pretende reorganizar, con Gonzalo González Rodríguez como presidente, se atope coa problemática de non contar con recinto de xogo. Utilizará provisionalmente o de Sabarís. Logo, en novembro de 1978, iníciase o expediente para o que será campo da Ladeira, segundo proxecto do arquitecto Manuel Jesús Freijeiro. Este recinto tamén rematará por desaparecer; obviamente non era o lugar máis apropiado. En 1977 volvera refundarse o Erizana, agora co nome de Club de Fútbol Erizana, despois de doce anos sen fútbol na vila.

O proxecto de "Pista polideportiva para el campo de la Palma" redáctao o arquitecto Jaime Garrido Rodríguez e a corporación municipal, presidida por Alfonso Mandado Robles, adxudica a execución da obra á empresa "Construcciones José Soliño Iglesias". Unha vez rematada, o concello recíbea o 14 de xuño de 1973. Algunhas década despois derrubarase esta edificación e no recinto constrúese o actual aparcadoiro soterrado.

No ano 1994 inaugúrase o campo de Val de Martín, con terreo de xogo con céspede natural, onde pasará a xogar como locatario o Club de Fútbol Erizana.

Fonte: Arquivo municipal do concello de Baiona; Historia de Bayona, de Antonio de Mauricio, p.327; Trabajo de Fin de Máster -USC-, de Roberto Garrido Pereira -inédito-; El Pueblo de 25 de xuño e 10 setembro de 1914 e 28 de xullo de 1917; entrevista a Ventura Salgado no exemplar do luns 20 de xuño de 1955 do semanario deportivo Erizana; e "Ayer en Baiona", de Luís Alberto Rey Lama, p. 157.

A RIVALIDADE ENTRE GONDOMAR E BAIONA.

A rivalidade entre o Gondomar e o Erizana non aparece por casualidade. Sen dúbida, na raíz desta competencia desmedida están razóns histórico-políticas e de identidade territorial, entre outras. Sempre ocorre así.

Baiona, como vila de reguengo, durante todo o Antigo Réxime tiña baixo xurisdición a case todas as parroquias do Val Miñor, o que significaba impartir xustiza e recadar tributos. A esta máxima escapábase Gondomar -excepto pequenos períodos- quen xa no século XIV era un couto con xurisdición propia. Este estatus prevalece ata o século XVII e continuará cos sucesivos condes da vila a partir desta data, os cales, á súa vez, tamén exercerán señorío e impartirán xustiza sobre a parroquia de Vincios ata o século XIX. Morgadáns e Peitieiros, que integraran o morgado de Gondomar, foran absorbidas por Baiona. Neste tempo, por cuestións que non precisan ser descritas, non debe entenderse existencia de rivalidade ningunha entre ambos territorios pero si ha de admitirse a idea de identificación e pertenza a un determinado lugar por parte dos habitantes de cada sitio. Máis tarde, coa chegada do Estado Liberal, as dúas vilas encabezarán os respectivos municipios constitucionais que hoxe coñecemos e, aínda que Baiona sempre tivo maior presenza histórica, política, económica e patrimonial ao longo dos séculos, no común da cidadanía da vila mariñeira, dende o primeiro terzo do XIX, nunca deixou de latexar un sentimento de rivalidade, vestido dun algo de superioridade, sobre os habitantes da outra vila do Miñor; os mesmos que manteñen o desafío amparados na idea e consigna, máis desexada que real, de que aqueles pouco serían se non fose polas calidades e cabeza de quen os gobernou "perpetuamente". Ideas e sentimentos que identifican o individuo cun determinado lugar, cunha xeografía concreta, cun xeito de estar, e que, consciente ou inconscientemente, fan que se revele contra calquera hipotética ameaza sobre ese estatus. Ademais, na segunda e terceira década do XX o emprazamento das escolas Pro Val en Baludío, tras un iniciático paso pola vila e un segundo por Ramallosa, fai que Gondomar sexa a referencia para moitas noticias nun tempo onde as distancias xeográficas tiñan un sentido que agora non posúen. En fin, razóns tan malas ou tan boas e, sobre todo, tan válidas como outras calquera para crear e manter unha rivalidade que, neste caso, elévase ao infinito cando se mestura co fútbol.

Fonte: Elaboración propia

CONTADO EN MADRID.

O Gondomar tivo ao longo da historia férreos marcadores, defensas que se convertían na sombra do dianteiro en cuestión, dificultándolle ata grao extremo as operacións de ataque. Un destes xogadores foi Japonés -José Mouriño Amorín-, o marcador de Cabecitas, un moi recoñecido e gabado dianteiro do Juvenil Erizana dos anos cincuenta.



O Soleiro, din, no campo da Cerca en 1930, se ben fáisenos difícil de crer; a esa altura Roberto tería 16 anos, aparentemente superados na foto. Soleiro é o topónimo case desaparecido dun lugar próximo a Mallón, da parroquia de San Pedro, Nigrán, no que naceu Roberto Valverde González en 1914. Roberto, ademais de xogador do Sporting de Gondomar e, seica, do Ciosvín, tamén o foi do Aurora de Vigo.

Fonte: Arquivo de José Luís Valverde

E a propósito de defensas, unha anécdota. Houbo un tempo onde era lóxico e habitual xogar con cinco dianteiros e só dous defensas, nun claro desequilibrio táctico, con vantaxe desmedida para o ataque. Pahíño xogou nesa época. Pahíño formou parte dun dos mellores Celta da historia, dun histórico Real Madrid, do Deportivo da Coruña, do Granada e da Selección Española. Pero este home, nado en 1923 en San Paio de Navia e dúas veces máximo goleador da Primeira División, antes de aliñarse nestes equipos estivo no Arenas, de Alcabre, e no Juventudes, de Vigo.

Nunha ocasión, estando xa no Real Madrid, no transcurso dunha entrevista preguntáronlle a este deportista experimentado en mil batallas cal fora a defensa máis temible a que se enfrontara na súa carreira, ao que sen dubidalo un intre, contestou: a do Gondomar!.

Naquela o equipo da vila condal tiña unha defensa formada por dous homes hercúleos: Minguitos Penisco e O Soleiro, ambos os dous ex-xogadores do Ciosvín vigués.

Fonte: *yajuguéenelcelta.com*; *fame celeste*, páxina virtual; e varios informantes orais.

A BANDA DE MÚSICA DE CHAÍN, OU DE GONDOMAR, E O FÚTBOL.

Na primeira metade do século XX era moi usual que os encontros futbolísticos fosen amenizados por bandas de música; incluso bastante común que ao remate se organizase un pequeno festival con baile incluído; e ás veces, merenda. Por este tronso pasaron, máis dunha vez, os distintos equipos que ao longo do tempo representaron a vila. Algunhas veces, a Banda que se encargaba do acompañamento tamén era de Gondomar. Aconteceu naquel novembro do 1928, cando a Banda de Gondomar, con Domingos á fronte, se encargou de animar o encontro entre o Uzcudun e o Ciosvín na Cerca; e en tantos outros, antes e despois deste.

Parece ser que o primeiro xermolo das Bandas de música no municipio foi a de Chaín se ben naquela, segundo cita José Domínguez Rodríguez, acostumaban adoptar o nome da parroquia do director, feito que posibilitaba que fose mudando o da Banda. Isto seguramente acontecía como consecuencia do alto grao de informalidade documental do acto de constitución; algo parecido, pero por distintas causas, ao que acontecía cos ríos pequenos, que a cada tramo coñecíanse polo nome do lugar ou parroquia que atravesaban.

A Banda de Gondomar fundouse casualmente no ano 1914, co nome de Banda de Chaín, sendo o seu primeiro director Domingo Salgueiro, citado tamén como Domingos do Pedrouco; o Pedrouco é un barrio de Chaín. Neses anos, na segunda década do XX, tamén era moi célebre na contorna un acordeonista que nada tiña que ver coas bandas e que vivía no Picoto; coñecíase como “Juan o Portugués”. Tempo despois aparecería a Banda de Vilaza.

Domingo Salgueiro é o máis recordado e lonxevo director da Banda de Música de Chaín ou Gondomar, pero non o único. A principios de 1930 refírase, ao tempo



Fotografía de parte da Banda de Música de Chaín. Sentado, Manuel de Goián; cargando co baixo, Alberto Misa, de Peitíeiros. En segunda fila atópase Pepe da Presa, de Chaín, un dos fundadores da Banda e sogro de Manuel Couto Salgueiro, tamén de Chaín, quen nos anos corenta rexentaría a Casa de Comidas-Bar Cancelas, compartindo espazo con Cine Capitol.

Fonte: Arquivo do Instituto de Estudos Miñoranos.

que desaparece o campo de deportes da Cerca. Recibe unha homenaxe e pasa a ocupar o posto Antonio Oliveira.

Nos anos cincuenta, en 1953, tras un tempo desfeita, volve organizarse a Banda de Música. Agora, baixo a dirección de Manuel Fontán Pérez, natural do municipio e home que ata ese intre dirixía outra na provincia de Lugo. Máis tarde, nos sesenta, cando a compoñen case corenta membros, segundo di Laureano Álvarez o 30 de novembro de 1960, será director Julián Doallo.

Nestas Bandas tocaron músicos como Manuel de Goián, Alberto Misa, de Peiteiros, Manuel O Chafallo, de Vilaza, Claudimiro, de Mañufe, Ventura, de Baiona, Rotilio e Domingo, de Vilas, Domingos das Viñas, Pepe do Coto e Juan Gaviño, de Morgadáns, Pepe da Presa, de Chaín, o Gaián de Peiteiros, Paulino da Escola, de Mañufe, e moitos outros.

Décadas despois, a partires das primeiras ensinanzas impartidas no ano 1978 por Guillermo Costas Valverde e Julio Costas Davila, fúndase a Agrupación Musical de Vincios no ano seguinte, segundo conta Amalia Vicente Álvarez. Esta asociación musical, ben organizada, con un local axeitado para ensaios e transmisión de coñecementos, e apoiada economicamente dende o Concello, segue en activo e medrando cada día. Que dure.

Fonte: Xornal El Pueblo. Semanario independente, de 12 de novembro de 1914 e 7 de xaneiro de 1915; Xornal El Pueblo Gallego, de febreiro de 1953, agosto de 1960 e 30 de novembro do mesmo ano; Gondomar, o son do río, p. 122 e 160; A Agrupación Musical de Vincios. Notas para unha historia, no nº 4 da Revista de Esrudos Miñoranos. p. 123 a 127.

A PROPÓSITO DO NAUFRAXIO DE BOUZAS.

Esta traxedia de xaneiro de 1930, portada da prensa local da época, non só incitou a celebrar actos solidarios aos clubs de fútbol, como é lóxico pensar e todos podemos imaxinar. Particulares, empresas e outros moitos colectivos axudaron, segundo as posibilidades de cada quen, a paliar a fatal desgraza á que se viron sometidas tantas familias naqueles tempos xa de por si miserables. Unha destas asociacións colaboradoras foi o grupo de teatro -cadro de declamación, chamábanlle entón- de Gondomar, o cal, baixo dirección de Pablo Nieto Virosta, viña ensaiando dende que se montara novamente a finais de 1928. Todo o recadado sería a beneficio das familias dos náufragos.

A sesión celebrouse no mes de maio, na sala Miramar, en Sabarís. Iniciouse coa aparición en escena de Víctor Fraiz -pai de Nanito- para ler unha carta de Ramón Fernández Mato na que xustificaba a ausencia. A continuación Víctor encargouse de ofrecer un recital poético.

O seguinte acto consistiu na representación do entremés "Celos", dirixido por Nieto e interpretado polo propio Nieto -no papel de Alberto-, Copena -Antoñita-, Copena -Manolo- e Albés -Cándido-. A función seguiu coa comedia de Linares Rivas "Cobardías", interpretada polas raparigas Núñez Sanromán, Núñez Hermida e Copena Araujo e os mozos Nieto Villamarín, Albés Jimenez e R. Pérez-Chacón, coa dirección e tamén interpretación de Nieto Virosta.

Por último foi posta en escena unha pequena obra escrita en galego polo polifacético Pablo Nieto Virosta, co título "A cencia de boticas", na que participaron Rodríguez Pérez-Chacón, Álvarez Calvo e Lirón.

A recadación total foi de 725,85 pesetas. En capítulo anterior xa foi comentada a participación desinteresada do club de fútbol da vila para este fin.

Atendendo o citado na prensa da época sabemos que xa existía cadro de teatro afeccionado na vila, encadrado na Unión Artístico Deportiva, a principio do ano 1917, e nel naturalmente tiña responsabilidades Nieto.

*Fonte: El Pueblo Gallego, de 16 de novembro de 1928;
Faro de Vigo, de 13 de maio de 1930 e 21 do mesmo mes e ano.*

TRANSFORMACIÓNS TERRITORIAIS DEBIDAS AO NOVO CAMPO MUNICIPAL DE DEPORTES.

De igual xeito ca noutros moitos ámbitos da vida, tamén no día a día dun club de fútbol é imprescindible o labor dunha serie de persoas, moitas, que se converterán en anónimas para a historia; ou quizás sexa a propia historia a que lles rouba un protagonismo que en xustiza merecen. Pero é así; sempre é así. Por un club de fútbol, inda sexa modesto como é o caso que nos ocupa, durante cen anos pasan miles de persoas e loxicamente resulta difícil que todas aparezan claramente visibles para a historia. Todos somos conscientes da existencia de postos que colocan máis no escaparate ca outros, incluso a quen non o merece, pero isto de ningún xeito resta valor e mérito ao traballo de persoas que xeralmente non saen na foto, sempre e cando o traballo estea ben feito, naturalmente. Queríamos aquí lembrarnos de todas as persoas que achegaron traballo e ilusión aos distintos estamentos do club durante todo este tempo. Queda dito. Entre estas tarefas anónimas entra o traballo de moitos dos que explanaron o terreo de xogo das Gaiandas.

A construción do campo de fútbol das Gaiandas, onde homes e bestas traballaron con moi precarios medios ata o esgotamento, cegou e terminou por anular o secular camiño de Matavacas. Este, que se iniciaba a pouco de pasar a Ponte de Rosas, no lugar de Secas, cruzaba o barrio das Gaiandas para alcanzar a moi antiga estrada que procedente da Ponte de Mañufe e o cruceiro do Lugar do Acordo



Debuxo de Espinosa Rodríguez, do ano 1897, da Ponte de Rosas, cualificada por el como románica.

Fonte: Kaleidoscopio Gondomareño.

Godomareño -1957-, onde incorpora un debuxo levantado por el en 1897. Este debuxo emparéntaa tipoloxicamente coa Alta da Paradela ou de Ánimas. Foi destruída por unha chea do río en 1937. Ao lugar ocupado por esta en tempos ían bañarse, tras os partidos, os xogadores que contendían nas Gaiandas durante os corenta e parte dos cincuenta.

O antigo camiño, fondo e pedregoso, de Matavacas xa vira diminuída a presenza no territorio coa apertura da estrada que comunica o lugar da Feira de Secas coa estrada de Pego Negro a Panxón, na Areíña. Este fora trazado por enxeñeiros da Deputación en 1921 e aberto en 1925, dezoito anos antes da explanación do campo de deportes das Gaiandas.

sobe bordeando a Pousa de Fontán para dirixirse ao Cruceiro do Portello, en Vilaza, e logo de atravesar o torreiro de festas torcer, no Calvario da Carballeira, para dirixirse á Areíña. Este tramo forma parte do Camiño da Nosa Señora do Norte de peregrinación a Santiago que se desvía do central en Barcelos e, atravesando os concellos de Viana do Castelo e Vila Nova de Cerveira, tras cruzar o río Miño, entra en Galicia por Goián para, cortando Tomiño, Gondomar e Vigo, ir encontrarse novamente co central en Redondela.

A Ponte de Rosas é citada como románica polo historiador Espinosa Rodríguez na publicación Kaleidoscopio

Fonte: Elaboración propia

ANTONIO VILANOVA, ENXEÑOSO VECIÑO DO CAMPO DAS GAIANDAS.

Só dous anos antes da explanación do Campo de deportes das Gaiandas empezou a construír Antonio Vilanova Portela, en sociedade con Fajo, un serradoiro de madeira, no que integraba un obradoiro mecánico, xusto fronte a aquel, na beira contraria da estrada á Areíña. Estes terreos e industria, na que chegaron a traballar máis de 50 persoas á vez, reconvertida anos despois, xa con outra propiedade, nun taller de cestería de vimbio, foi o receptor habitual de balóns chutados de xeito deficiente, se por deficiente entendemos mal dirixidos respecto á "portería de abaixo". Este problema estivo sen solución ata que co Plan de investimentos da Deputación para o período 2009-11 se executa un valado metálico ao amparo do proxecto para "La rehabilitación del graderío, dotación de servicios y vallado de protección del campo de las Gaiandas".

Vilanova, nado en 1917 en Chenlo e falecido en 2003 no mesmo lugar do Porriño, foi un home de gran imaxinación e alta capacidade inventiva. Do seu máxín saíron múltiples solucións para todo tipo de trebellos; algúns patentados, outros non. Dende a Polea Perfeccionada e o Motor Perfeccionado ata a Roldana de Motóns, ou dende peches mecánicos sen chave, para caixas de caudais, ata grúas e innovadoras prensas para viño. Pero o máis fermoso e sinxelo dos seus enxeños foi o universal sistema de feche por raíl das cadeiras de tesoira, sistema patentado -8/09/1961- e utilizado nas que el mesmo fabricaba e comercializaba en madeira. Precisamente arredor deste achado ocorreu un feito que pon en evidencia unha vez máis a suma dificultade de protexer a propiedade intelectual. Unha empresa valenciana do ramo, admirada polas calidades do invento, pirateouno e inmediatamente inundou de cadeiras o estadio do F.C. Barcelona; colocou no Nou Camp máis de cen mil, co conseguinte beneficio económico sen que Vilanova puidese facer nada.

Fonte: Manuel Núñez Sestelo; e Faro de Vigo, de 11 de agosto de 1996.

ALERTA, CRONISTA DEPORTIVO.

"Alborés, tus jugadores no te olvidan". Así titulaba Salustiano Fraiz -Nanito- un pequeno artigo de loa a Francisco Alborés publicado no xornal El Pueblo Gallego o 14 de setembro de 1946, con motivo da marcha deste as Neves, a onde ia exercer como mestre. Francisco, inda que nado en Camos en xuño de 1913, ata ese intre estivera sempre vinculado a Gondomar, teima que nunca o abandonará totalmente.

Na época de estudante nas "Escuelas Hispano-Americanas Pro Valle Miñor" coñecera a Josefa Núñez, irmá de Toñito Carallas, e xa nunca fora quen de

negarse a camiñar á beira da rapariga e, por extensión, da vila na que moraba. Casarán e vivirán na vila da que será alcalde. Logo virá a durísima etapa das Neves, para regresar a Gondomar no ano 51. Nesa época vivirán durante un tempo cos pais de Josefa na casa de Latino Salgueiro para, a continuación, ir de mestre a Chaín. Mentres viviron na casa de Latino nace unha das fillos: Josefina.

No ano 54 a familia desprázase e instálase en Pereiró, pero tres anos despois, no 57, volve mudarse. A Francisco preocupáballe moito que todos seus fillos recibisen unha adecuada formación académica e na procura de mellorar as comodidades para acadalo decide instalarse con toda a familia nas Travesas, xusto fronte ao Instituto Santa Irene. Nese intre xa era mestre en Sa-barís, colexio no que no intre da xubilación viña ocupando o posto de Director.

Foi un home activo e de intervención social. Tamén un gran afeccionado ao fútbol. Na vila estivo moi relacionado co Sporting, primeiro, e co Club Gondomar, despois, no que chegou a exercer o posto de secretario, ademais de ser un dos máximos valores da conceptualización e promoción do Campo das Gaianas, de aí o texto de agradecemento de Nanito. Pero a maiores de todo isto, Alborés era colaborador habitual do bisemanario deportivo META e do xornal arriba citado, segundo o propio Salustiano deixa ver no mencionado artigo. Asinaba as colaboracións co pseudónimo ALERTA.

É posible que a identidade de Alerta, a partir dese intre, cando o traslado as Neves, mudase; estraño, difícil, pero atopamos a noticia que expoñemos a continuación e infundiunos dúbidas. A primeiros do mes de maio de 1952 o correspondente da Guarda di que saudou días atrás a José Vidal de Bustamante, redactor de El Pueblo Gallego, e a Francisco Blanco Alborés, a quen se refíre como ALERTA, cronista deportivo de META; ¿enganaríase o correspondente guardés?, pode. Ambos se desprazaran á Guarda para contemplar e cubrir o partido do Campionato de liga Baixo Miño-Val Miñor que, no Estadio do Tecla-Troncoso-, ían xogar o San Lorenzo e o Gondomar. O propio Alborés e Quintas, daquela presidente do Club Gondomar, foran quen convidaran a Bustamante,



Francisco Alborés nos anos setenta.

Fonte: Arquivo de Josefina Alborés Núñez.

que asinará a crónica dese día como OLIMPICO. Nela comentará que o visitante gañou 2-5 e dará unha recomendación referida a Tatán, unha xove figura do Gondomar: "(...) el gran jugador ponteareano, planta soberbia, agilidad, buena pegada, espléndida promesa de brillante futuro, en la que se debe fijar muy cuidadosamente el Celta".

Sabemos que en tempos de ALERTA existía ALERTA II, pero neste caso descoñecemos a verdadeira identidade.

Fonte: Xornal El Pueblo Gallego, de 30 de abril de 1952; Josefina Alborés; e outros.

OS EQUIPOS VALLE MIÑOR E DUNAS.

Aínda que ao longo do século vinte existiron moitos equipos no Val Miñor, a gran rivalidade futbolística miñorá sempre estivo representada polos principais equipos das vilas de Baiona e Gondomar, que na década dos cincuenta son Juvenil Erizana e o Club Gondomar. Nesa mesma década van fundarse outros dous equipos que con máis ou menos fortuna e distinta duración no tempo van intentar animar a competición e repartir seguidores, son o Valle Miñor e o Dunas.

O Valle Miñor fúndase no ano 1950. Tivo como presidente a Manuel Bernárdez, de Sabaris, e xogou durante un tempo como locatario en Lourido, ata que no 53-54 pasa ao Xuncal, campo que se prepara en fincas privadas na Xunqueira; exactamente fronte a onde agora está a nave almacén de gas butano, de Pereira, na marxe norte do río Miñor. Competiu durante varios anos cos restantes clubs do Val en distintas ligas e torneos e, incluso, creou un propio: a Copa Valle Miñor.

En outubro de 1951 fórmase en Nigrán certa corrente social coa idea de crear un club de fútbol con sede en Panxón. No ano 52 xa existía o Dunas de Panxón, que utilizará como campo locatario o de Lourido durante bastantes anos, ata pasar xa como Dunas de Nigrán a Condominguez. Nese ano presidía o club de Panxón Andrés Vázquez. Na mesma época o presidente do Erizana era Victorino Goce, anos despois colaborador do semanario deportivo baionés de igual nome có club.

En abril do 55, segundo apunta "Freisco" no semanario Erizana, o club Dunas pretende volver á competición despois dun período de inactividade. Rotilio González Besada -Quico-, ex-xogador do Gondomar e extremo do Valle Miñor na tempada 54-55, xogara co Dunas a final da Copa de Zonas que este equipo conseguiu ante o Coruxo, no Bao, na tempada 53-54, cando o adestraba o ex-céltico Roig. O resultado fora 1-2, ambos goles marcados polo citado Quico.

Fonte: Xornal El Pueblo Gallego, de 24 de outubro de 1951 e xaneiro do 52; Semanario deportivo Erizana, de 25 de abril de 1955.

“CADA SEMANA UN JUGADOR”.



Retrato a pluma de Jacinto Valenzuela -Tito- no ano 1955, segundo A. de Lis.

Fonte: Semanario Erizana. Fondo da Biblioteca Municipal de Baiona.



Retrato a pluma de Manuel Fernández -Penisco I- en 1955, segundo A. de Lis.

Fonte: Semanario Erizana. Fondo da Biblioteca Municipal de Baiona.

Este era o título dunha columna que incorporaba o semanario deportivo Erizana na que, como indica, entrevistaban a distintos xogadores da competición de Liga Baixo Miño-Val Miñor desa tempada 1954-55. Estaba a cargo de Alfonso de Lis, e nela saen dous compoñentes do Club Gondomar: Tito e Penisco I.

Tito era o nome de guerra do gondomareño Jacinto Valenzuela Luaces. Empezara, con 14 anos, nos infantís do Gondomar. Máis tarde, tras pasar polos maiores, militou a tempada 52-53 no Valle Miñor para, dende aí, retornar ao Gondomar. Como lateral considera que o mellor extremo que tivo enfronte foi “Wichin”, do Tyde. Tamén recoñece e non esquece a calidade de Petit.

Penisco I, en realidade, era Manuel Fernández Rodríguez, nacido en Gondomar o 8 de maio de 1934. Ocupaba o primeiro posto por idade dunha saga de irmáns, compoñentes do Club Gondomar dos anos cincuenta, na que Pepe era Penisco II e Doro Penisco III. Os tres, sobriños de Minguitos Penisco, tamén nacido na vila e antigo defensa do Ciosvín e do Gondomar Sporting Club.

Penisco I, que en 1955 levaba no Gondomar cinco tempadas, dende os 16 anos, tamén xogaba de lateral, posto que alternaba co de interior, e, segundo di, o extremo que o puxera en máis apuros fora Fernando, do Turista, inda recoñecendo a gran velocidade e capacidade para o desmarque de José Antonio, do Erizana. O mellor recordo deportivo que tiña a esa altura da carreira deportiva era a conquista das Medallas Manzanares co Gondomar sen perder un só partido.

Fonte: Semanario deportivo “Erizana”, de 23 de maio de 1955 e de 30 de maio do mesmo ano.

OS MANZANARES E O FÚTBOL.

Máis dun membro da familia Manzanares, enraizada en Donas, vírase obrigado a emigrar. Elixiran Uruguai e remataran por facer fortuna. Como tantos outros, non esqueceron a terra de orixe, á que regresaban sempre que podían, e con ela tiveron máis dun xesto desinteresado, incentivando a maiores a celebración de eventos que serviran para distracción e lecer da colectividade, como o fútbol. Foron varias as ocasións nas que entregaron trofeos en forma de medallas ou copas para seren disputados entre os equipos do Val Miñor. Imos centrarnos nun destes; unha copa que non acadou consenso.

En agosto de 1954 o correspondente de El Pueblo Gallego, que asinaba como Filo, dá noticia de que pronto comezará a "Copa Manzanares" entre todos os equipos do Val Miñor; naquel intre, Gondomar, Erizana, Dunas, Valle Miñor, Camos e Couso. A competición prevíase polo sistema de eliminatorias sinxelas. Pero todo quedou nunha intención.

En marzo do 55, no semanal Erizana, Laureano Álvarez Calvo desvela algúns datos do misterio. A Copa chegara ao Miñor como consecuencia dun compromiso adquirido polo doante no transcurso dun xantar de despedida celebrado o ano anterior en Gondomar. Unha vez en Montevideo fixo chegar ao Miñor unha reprodución da Copa do Mundo que en 1930 gañara Uruguai. O depositario no Val fora Humberto Pereira Troncoso, de Sabarís, quen a recibira en calidade de parente. Humberto propuxo a constitución dun Comité de Competición formado polos presidentes dos clubs participantes e presidido polos alcaldes dos tres municipios. Non se chegou a formar por falta de acordo entre os clubs.

O propio Álvarez propón na entrevista citada, ante a posibilidade de non acordo, se dispute a dobre partido entre o Gondomar e o Erizana. No mesmo semanario deportivo, o 2 de maio, anúnciase a chegada dende Montevideo de Domingo Manzanares Martínez e familia. Esta copa nunca se chegou a disputar por falta de entendemento entre os clubs, segundo nos fixo saber José Carlos Álvarez, fillo de Laureano. O trofeo foi devolto á orixe.

Fonte: El Pueblo Gallego, de 5 de agosto de 1954; Semanario deportivo Erizana, de 21 de marzo de 1955 e 2 de maio do mesmo ano; José Carlos Álvarez Fernández.

CONSTANCIA ESCRITA DA RIVALIDADE GONDOMAR-BAIONA. O TRANVÍA.

A rivalidade existente entre o Erizana e o Gondomar foi citada pola prensa escrita en múltiples ocasións e nós, agora, en tempos calmos polas particulares condi-



Reproducción dun billete orixinal da Compañía de Tranvías Eléctricos de Vigo.

Fonte: Arquivo de Miguel Anxo Mouriño.

cións de ambos os dous equipos, decidimos lembrar, volver sacar á luz a intensidade coa que se vivía durante os anos cincuenta. Podía lerse:

"Hay gran expectación en todo el Valle Miñor ante el partido que el próximo domingo jugarán en el campo de la Palma los eternos rivales Erizana y Gondomar F.C. Sabemos que gran número de aficionados de todos estos contornos se trasladarán a Bayona para ser testigos de este gran partido. Se espera un lleno total en la Palma, en este encuentro que empezará a las cinco en punto de la tarde". Así se pronunciaba El Pueblo Gallego nas vésperas dun partido do ano 1955.

Estes encontros mobilizaban tanta xente que ocasionalmente podía un toparse con peticións e recomendacións como a seguinte: "Nos tomamos el atrevimiento de recordar al Sr. Jefe del Movimiento de la Compañía de Tranvías Eléctricos de Vigo, La Ramallosa (Bayona-Gondomar) que en el Valle Miñor se está celebrando una competición oficial de Liga, entre los equipos formados en las Zonas Valle Miñor y Bajo Miño. Cuando se enfrentan los "colosos" del Valle (Erizana y Gondomar) el servicio ordinario de tranvías es insuficiente, necesitándose servicios ordinarios y extras y, a la vez velando por la Compañía para que no pierda intereses, también servicios "extras" de personal "cobrador", pues el normal es insuficiente para el cobro del billete, como en la tarde de ayer pudimos comprobar.

Por tanto, hacemos la observación a fin de evitar los espectáculos deplorables que ofrecen los tranvías llenos hasta los topes, las peripecias para subirse o apearse, y el consiguiente perjuicio para la Compañía, pues la mayoría de viajeros van gratuitamente, ya que es materialmente imposible que uno solo o dos cobradores puedan cumplir su misión en recorridos tan cortos y con unos coches llenos de público".

Pero todo isto viña de moito antes. En 1917, con motivo dun partido a celebrar na Palma, xa podía lerse na prensa local: "Al público, inútil será recomendarles una ejemplar corrección para el team forastero, pues no hay motivos para apasionarse, puesto que es un partido de amistad entre Gondomar y Bayona."

Fonte: El Pueblo Gallego, de 31 de marzo de 1955, segundo o Traballo de Fin de Máster -USC-, de Roberto Garrido Pereira -inédito-; e "Erizana, Semanario deportivo", de 7 de febreiro de 1955; El Pueblo, semanario independente, de 7 de xullo de 1917.

PRELIMINARES DUN ERIZANA-GONDOMAR.

Era o mes de abril do ano 55, concretamente o día 1. Dous días despois enfrontábanse na Palma o Juvenil Erizana e o Club Gondomar en partido oficial de liga. Con tal motivo o semanario deportivo Erizana, de Baiona, saca unha edición especial na que anima, dá consignas, e intenta influír no comportamento dos seguidores locais.

O orgullo que significaba non perder un partido destes vese reflectido no comportamento de ambos os dous clubs. Era unha época onde os equipos máis potentes xa concentraban os xogadores, especialmente ante grandes eventos, e, aínda que as economías dos contendentes do Miñor eran precarias, o valor emocional do que estaba en xogo levou ás respectivas directivas a tomar a decisión de illar os equipos. O semanario citado cóntao así: "Los jugadores erizanistas, desde hoy, se encuentran concentrados en una vivienda del Piñeiro, bajo la dirección técnica y cuidado del mister Alvarito. Un facultativo es el encargado de aplicarles la <glucosa> necesaria" (...) "Así mismo, los jugadores del Gondomar se encuentran aislados en la parroquia de Morgadanes, practicando deportes de montaña, a fin de recuperar su buena forma física, rivalizando con el ejercicio que los erizanistas realizan diariamente con el <remo>."

(...) ¡¡Bayoneses!! Recibid con los brazos abiertos a nuestros hermanos de Gondomar y, victoriosos o derrotados, despedirlos con cariño. La derrota no es motivo de <ruptura de relaciones de vecindad>. Aficionado bayonés, anima a tu equipo, sin molestar al contrario."

Fonte: Semanal deportivo "Erizana", de 1 de abril de 1955.

"ODA GONDOMAREÑA".

Así titulou Zifra, alcume de cronista do semanario deportivo Erizana, un artigo que pretendía ser de loa ao Club Gondomar, naquel intre recente campión da com-

petición de Liga Baixo Miño-Val Miñor da tempada 1954-55. As características que definían a cada un dos compoñentes da aliñación que se enfrontara ao Erizana na última xornada de liga, resumíaaas do seguinte xeito, comezando polo adestrador:

ROIG.	A orientación
ELOY	A tranquilidade
PENISCO I	A valentía
NITO	A veteranía
PENISCO II	A audacia
NOVOA	A gallardía
MIGUEL	A intelixencia
CABACO	A vontade
LITO	A asimilación
PEPIÑO	A potencia
JULIO	A dureza
JAVIER	A velocidade

Fonte: Semanal deportivo "Erizana", de 20 de xuño de 1955.

MANUEL GONDA PÉREZ; ALGO MÁIS CÁ COPA GONDA.

O club de fútbol de Gondomar tivo varios benfeitores; un dos maiores foi Manuel Gonda. Manuel, nado na parroquia gondomareña de Couso, sendo inda un mozo e ante a precaria situación económica pola que atravesaba o país naquel intre decide que ha de probar fortuna na outra beira do Atlántico. Tiña 14 anos, era o ano 23. O destino é Brasil, onde xa estaba o pai; traballa duro e fai fortuna. Entre outras actividades, co tempo termina por formar parte, en sociedade con José Otero Misa, Domingo Estarque Méndez e, tamén, David Gonda Pérez, da cervexeira "Sudamericana Ltda.". Esta empresa fora fundada en Río de Janeiro a principios de século XX por José Penedo Pérez, David Penedo Pérez e José Gonda Martínez, o pai.

Manuel padecerá toda a vida de saudade. Nunca esquecerá a terra na que naceu e a ela volverá sempre con ánimo de agasallo. Gonda empregará parte da fortuna gañada no Brasil en mellorar as condicións de vida dos seus paisanos e, tamén, nunha das grandes paixóns que tivo en vida: o fútbol. Concretamente, no club da vila de orixe, o Gondomar; ademais, atenderá as necesidades da parroquia natal tamén neste eido.

Co esforzo económico de Manuel e José Gonda Pérez constrúese o campo de fútbol de Couso, chamado nun tempo Estadio Brasil. Inaugúrase o luns 8 de decembro do ano 52, cun partido entre o Gondomar e o Racing de Tui en disputa

dunha copa de prata. O Gondomar, aproveitando a ocasión, obsequia a Manuel cun pergamiño de agradecemento da función de filántropo acreditada polo socio de honra emigrado. Tempo despois, no inaugurado campo pasará a xogar o Club Industrial da parroquia. O 10 de xaneiro do 53 gáñalle 2-1 ao Anduriña, de Malvas, e en febreiro do mesmo ano perde ante o Deportivo de Camos nun partido de despedida do protector, que regresa a Brasil.

Volverá moitas veces á terra natal. Unha destas será en abril de 1955. Un mes despois renuncia Mandado á presidencia do Club Gondomar nunha decisión de carácter máis político que deportivo. Pouco máis tarde Gonda ocupará o lugar con éxito, cargo no que estará pouco tempo por razóns profesionais nun período no que tamén terá algunha presenza Pérez Rodríguez, o correspondente do Faro de Vigo na época. O seguinte presidente do club será José Núñez Sanromán, persoa que toma a máxima responsabilidade nos actos de homenaxe a Gonda. O semanario Erizana recolle a noticia do envío dunha copa de prata, dende Brasil, efectuado por Gonda nese mesmo 55 para ser disputada, co título do emisor, entre os equipos do Val Miñor.

En xaneiro do 1957 o club organízalle un torneo de fútbol a xeito de recoñecemento. Os equipos elixidos son, ademais do Gondomar, o Valadares, Matamá e San Miguel. Nun primeiro enfrontamento o Matamá venceu o Valadares e o Gondomar ao San Miguel, polo que a final prográmase para o domingo 27 de xaneiro, nas Gaiandas, pero algo debeu suceder co Matamá porque, en realidade, xogábase o 10 de febreiro. E non será co Matamá, senón co Valadares. Para ese día o club programa os seguintes actos de homenaxe e despedida ao benfeitor que regresa a Brasil: de once da mañá a doce, concerto musical a cargo da Banda da vila; ás catro da tarde, descubrimento no campo de fútbol dunha placa de bronce coa que o club quere deixar patente a gratitude ao homenaxeado polos desprendementos en pro do recinto deportivo; seguidamente, imposición da insignia de ouro do club gravada no anverso co seu nome en recoñecemento aos méritos contraídos; ás



Retrato a pluma de Manuel Gonda Pérez no ano 55, segundo A. de Lis.

Fonte: Semanario Erizana. Fondo da Biblioteca Municipal de Baiona.

catro e media, encontro de fútbol entre o Gondomar e o Valadares; á terminación do partido, festa popular e verbena na praza de Urzáiz e, ás nove e media da noite, gran cea co persoeiro do día.

O partido remata 4-0 a favor do Gondomar e Gonda entrega a Copa ao capitán local. Despois, na cea, lerase unha carta de loa enviada polo ex-xogador, ex-directivo e grande entusiasta do Gondomar, Salustiano Fraiz Castellanos -Nanito-, nese intre residente en Caracas. Logo dáse por terminado oficialmente o acto.

Nos anos sesenta séguese a celebrar a Copa Gonda. José, irmán de Manuel, colaborador en diversos actos e concelleiro durante un tempo, nos anos de xuventude fora porteiro do Gondomar Sporting Club. Logo inda xogaría partidos de "viejas glorias".

Fonte: Xornal El Pueblo Gallego, de 4 de decembro de 1952, 15 de xaneiro de 1953, 4 de febreiro do 53 e de 19 de xaneiro de 1957; Faro de Vigo, de 6 de febreiro de 1957 e 13 do mesmo mes e ano; Semanario deportivo Erizana, de 11 de abril de 1955; e David Gonda Pérez.

O ENXEÑO E A PICARESCA, TAMÉN NO FÚTBOL.

A finais dos anos cincuenta os medios de control persoal non alcanzaban nin minimamente o nivel actual e iso propiciaba a aparición da tan latina picaresca; obviamente, tamén no fútbol. Ao longo deste volume xa tivemos oportunidade de comprobalo en máis dunha ocasión a través do dicir dalgúns dos protagonistas. Agora imos facelo seguindo o relato dun acontecemento que tivo como persoeiro a Lito Hermida, escrito polo seu colega e amigo Ignacio Mouriño -Nacholas-:

"Un domingo tiñamos que xogar en Mondariz e andabamos escasos de xogadores. Esa tempada Lito Hermida xogaba co Valadares, pero ese domingo non tiña partido e Pepe Núñez -presidente do Gondomar- díxolle se quería vir connosco para botarnos unha man se facía falta, e el aceptou.

Finalmente saíu ao campo nun partido que dabamos por perdido, pero gañamos. E aí empezaron os problemas.

Lito era moi coñecido na contorna e o presidente do Mondariz, que o recoñeceu, denunciouno ao árbitro, quen decidiu asegurarse da personalidade daquel xogador. Cumpría que non saíse ninguén do vestiario visitante sen pasar pola súa supervisión, asesorado polo presidente do Mondariz, que se puxo na porta acompañado da parella da garda civil de servizo no campo. A idea era levar a Lito a asinar ao vestiario do árbitro para que este puidese recoñecer a sinatura. Co fin de acelerar o proceso, pediron permiso para entrar e, moi pudorosos todos nós, non llo permitimos porque había xente espida.

Mentres tanto buscabamos unha solución. As ventás eran pequenas, por alí non había escapatoria. Ían saíndo moi pouco a pouco, co fin de gañar tempo,

algúns xogadores que a garda civil paraba e o presidente dáballes o visto e praxe para que marchasen.

Lito, coma un león engaiolado, daba voltas polo vestiario, e, de súpeto, acendéuselle a lámpada.

Daquela, o "utilleiro" era Pata, cuxo verdadeiro nome non recordo. As botas levábanse en sacos e estaban enlamadas porque chovera. Lito quitou o xersei, remangou a camisa, colleulle o saco ao Pata e púxoo no lombo tapando case a cabeza; abrimos a porta e á voz de ¡coidado que mancho! Pasou entre o presidente e a parella da garda civil sen que se decatasen. Fixemos un pouco de tempo e demos permiso para entrar alegando que xa estabamos vestidos. A decepción do presidente foi enorme.

A casualidade fixo que o domingo seguinte xogasen o Mondariz e o Valadares e, ante as frases de "tes moita cara", e outras parecidas, el facíase o sorprendido e dicíalles que o que xogaba no Gondomar era un curmán que se parecía moito a el".

Fonte: Ignacio Mouríño.

O INTRUSO DO CLUB GONDOMAR.

Seguindo coa temática da picaresca e o acontecer casual na vida, faime chegar Antonio Valverde Alonso o seguinte relato coa aseveración de ser certo e ter acontecido en 1952:

"Xa hai moitos anos, poden ser máis de cincuenta, un rapaz, xa case un mozo, moi afeccionado ao fútbol, que pasaba tempadas en Gondomar, maiormente no verán, foi ao campo das Gaiandas co gallo de ver xogar o equipo local, o C.F. Gondomar, un partido contra outro do que non podo recordar o nome se algunha vez o souben. Como na porta do campo estaba un home requirindo a entrada que había que retirar da taquilla polo custo de cinco pesetas, moeda de <curso legal> por aquel entón, pensou en aforrar aqueles cartos e foise á tomada de atrás do monte das Gaiandas para entrar no campo saltando o valado que por aquel cote pechaba o campo de fútbol.

O caso foi que, non sei se o adestrador ou un dos directivos que coñecían o rapaz e sabían que se lle daba máis ben ca mal o caneo do xogo da pelota, faltos de xogadores, apremárono para que xogase e, dese xeito, completar o cadro do equipo. Mandáranlle vestir unhas botas do número corenta e dous que lle quedaban coma abarcas, pois el gastábaas mais pequenas, do número corenta.

Así que lle dixo:

-Eu con estas botas non podo xogar, non podo correr. Teño unhas novas e ben boas na casa pero non teño modo de ir agora por elas; vou tardar moito tempo.

-Lévote eu non intre. Vamos na miña moto. Veña xa!

Alá foron. Pero tardaron en atopar as tales botas, pois a nai do rapaz escondé-raas xa que non era gustante de que <perdese o tempo xogando ao fútbol cando ten tanto que estudar>. Ao fin non as atoparon, volveron para o campo de xogo, calzou as botas grandes, vestiu a equipaxe e púxose a xogar.

Non sei como pasou pero o certo é que a pelota entrou pola escuadra da portería que defendía o porteiro do equipo contrario e o último que a tocara fora o tal rapaz, intruso por non pagar as cinco pesetas.

O <choio> rematou cando o directivo da moto lle dixo:

-Dámoslles unha <prima> de cinco pesos aos xogadores que marcan un gol, ti metiches un, así que aquí tes os cartos.

O rapaz calou, colleu os cinco pesos, e falando para el, sen ninguén que o escoitase, díxose:

-Carallo!! Pensaba aforrar un peso e levo cinco. Este si que é <choio>."

Pregunteille a Valverde se, por un casual, o mozo non se chamaría Antonio. Contestoume que José. Amén.

Fonte: Antonio -Juan- Valverde Alonso.

FÚTBOL OCASIONAL NA VILA.

No ano 1951 existía en Gondomar outro equipo de fútbol, con seguridade eventual, que se facía chamar Club Atlético Produtor. Este, en data 28 de abril dese ano, diríxese ao alcalde solicitando permiso para adestrar no campo das Gaiandas e dese xeito poder competir nun torneo a celebrar con motivo da festividade do Corpus. Entre os simpatizantes, directivos e xogadores encontrábanse: Manuel Valenzuela, Manuel Zunzunegui, Enrique Crespo, Antonio de Lis, Angel Hermida Núñez, Manuel Álvarez, Jesús Cabaleiro, José Luis Garrido Crespo, Jacinto Valenzuela, Eugenio Fernández, Javier Salgueiro, Ramiro Valenzuela, Eligio Cotovad, Carmelo Riveiro, José Mouriño, Urbano Alonso,..., e outros.

Entre os trinta e os corenta aparecera un máis, tamén de vida efémera: o "Equipo Obrero", do cal era organizador José Iglesias "O Cañón", anos despois emigrado a Sudamérica. Este equipo celebraba os partidos como locatario alternando os campos da Gándara, en Chaín, da Pro Val e de Lourido, en función da dispoñibilidade que tivesen.

Ademais, nos cincuenta, durante algúns anos, celebráronse uns partidos de carácter fundamentalmente festivo entre Panadeiros e Transportistas, eran os coñecidos "Fariña-Gasolina". Nun tempo, a madriña dos panadeiros foi Quinita Penisco e a dos transportistas Gelines Núñez.

Tampouco faltaron os acostumados contenciosos Solteiros-Casados dos sesenta, setenta e oitenta. Moita troula, pero case sempre masculina.

Fonte: Libro de Actas de Pleno, ano 1951, do Arquivo do concello de Gondomar; Antonio Bravo Quintas; José Fernández Rodríguez; Moncho Regueiro.



Prolegómenos dun partido Fariña-Gasolina. Aproximadamente, ano 1960. De esquerda a dereita, arriba: Estévez, Chiquí, M. Faxide, Enrique H., Pepe Penisco, Diego Viruel, Sereno, Gelines, Ignacio, Sarapullo, Barrabit, Quínta Penisco, Cabaleiro, Quico Sestelo, Gonzalo Cabaleiro, Bemba, Eugenio, Carallas, Manolo Regueiro. Abaixo, Mariñeiro, Chamorro, Toñín, Doro, Bautista, M. Penisco, Alfonso Lis, Moncho Regueiro, Fernando Penisco, J. Lis, Chucho Cristaleiro, Tante e Luís Carrera.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Partido Solteiros-Casados. Anos setenta. Arriba: Títo Valenzuela, Japonés, Tante, Manolo Penisco, Lito, Chicho, Anía, Paco, Vila, Eugenio, Carallas, Eduardo, Ernesto. Abaixo: F. Mandado, Eladio, Mariño, Niní, Enrique, Carlos, Sestelo, Urbano, Carbuero e Latas.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

DAS HOMENAXES.

Como xa tivemos ocasión de comprobar, varias das persoas relacionadas co club de fútbol biografiado nesta publicación recibiron algún tipo de homenaxe ao longo destes cen anos promovido, segundo o caso, dende distintas instancias. Unha destas persoas foi Pepe Núñez.

Este home, vinculado á institución durante tantos anos, recibiu unha primeira homenaxe, promovida polo club, en 1970, data na que se lle impón a insignia de ouro en razón aos méritos contraídos, nun acto presidido por Faustino Álvarez. O evento celebrouse na Casa Aquilino e incluíu xantar. Tempo despois, en 1983, a pouco de fenecer, afección e club organizan un outro acto de recoñecemento público no propio campo municipal de deportes das Gaiandas en presenza da familia e con asistencia do entón alcalde da vila José de Lis, directivos do club, ex-xogadores, amigos, compañeiros e afección en xeral. Nese acto descóbrense unha placa conmemorativa ancorada a un pequeno obelisco, ou monólito, emprazado tralo acceso ao recinto no lateral sur do campo.

Co tempo desapareceu a placa de mármore, que ninguén se preocupou de reintegrar. Nela, baixo o escudo do club, podía lerse en baixorrelevo: "La afición



Imposición da insignia de ouro do Club Gondomar a Pepe Núñez, cerimonia celebrada na "Casa Aquilino". De esquerda a dereita: José Carlos Álvarez, José Núñez Sanromán, un afeccionado ao Gondomar natural do Porriño, Laureano Álvarez Calvo e Faustino Álvarez.

Fonte: Arquivo de José Carlos Álvarez.



Homenaxe póstumo a Pepe Núñez. Entre outros a foto recolle a presenza no Campo das Gaiandas de Ramón Vicente, abaixo, en primeiro plano, e arriba, empezando pola esquerda, Manuel González de Saa -Chiquillo-, non identificado, Ramón Giráldez, José de Lis, Antonio Álvarez -Abelosa-, Carmela Núñez, Pepe Núñez -fillo-, Antonio Núñez -Carallas-, Manuel Copena -Nolete-, Jorge Hermida, Roberto Valverde -Soleiro-, Alfonso Cabaleiro, Salustiano Fraiz -Nanito-, non identificado.

Fonte: Arquivo de Jorge Hermida.

deportiva del Valle Miñor dedica este recuerdo a la memoria de Pepe Núñez Sanromán, gran jugador y paladín del fútbol. 19/3/1983". Máis tarde, con motivo das obras recollidas no proxecto de "La rehabilitación del graderío, dotación de servicios y vallado de protección del campo de las Gaiandas", xa referidas no apartado RECINTOS DE XOGO, tamén desaparece o monólito sen que ningún dos axentes implicados, algúns con responsabilidade directa, fagan nada por evitalo ou, se acaso, propoñer solución alternativa. É posible que o lugar elixido non fose o mellor -con seguridade, non o era-, pero o recinto tiña espazo suficiente para atopar outro máis axeitado, o que tería permitido levalo a cabo sen necesidade de contradicir vontades pretéritas nin ferir sensibilidade ningunha.

Fonte: José Carlos Álvarez Fernández; e Jorge Hermida.

MUNDIALIÑO DA EMIGRACIÓN.

No ano 1981, coa aprobación do Estatuto de Autonomía, créase a actual Xunta de Galicia. Por esas datas, con fins sociais e humanitarios pero tamén fundamentalmente políticos, iníciase un torneo de fútbol cando menos peculiar. Competían equipos de nacionalidades que historicamente foran receptoras de emigrantes galegos. Os descendentes deses emigrantes, con posibilidades de dobre nacionalidade, eran os compoñentes dos equipos que co nome do país de residencia viñan competir a Galicia nun campionato ideado e organizado dende aquí. Unha vez finalizado o torneo, os equipos regresaban ao punto de orixe. Esta competición chegou a coñecerse popularmente como Mundialiño da Emigración, se ben o nome oficial era "Campeonato Fútbol de la Emigración". O concello de Gondomar foi un dos colaboradores locais da época e as Gaíandas serviu de sede, cando menos, a dúas edicións.

Fonte: Arquivo do concello de Gondomar; Manuel Núñez Sestelo.



O porto de Vigo foi porta principal de saída de emigrantes a América. A intensidade foi moi alta no primeiro tercio do XX.

Fonte: www.galiunica.es

II Campeonato FUTBOL de la EMIGRACION

Trofeo "Conde de Fenosa"



Campo de **LAS GAYANDAS**
Gondomar

JUNIO

24

A las 8

URUGUAY-HOLANDA

JUNIO

28

A las 7,30

HOLANDA-CHILE

BAILES REGIONALES :: VERBENA POPULAR (RECEPCION OFICIAL)

JUNIO

30

A las 8

CHILE-URUGUAY

PATROCINA AYUNTAMIENTO DE GONDOMAR

Imprenta PAZ - Perito

F U T B O L

CAMPO DE LAS GAYANDAS

GONDOMAR

PROMOCION DE ASCENSO A 3.ª DIVISION

Día

6



Hora

5,30

Tarde

GONDOMAR C.F.

(SUB-CAMPEON ZONA SUR)

MEIRAS C.F.

(SUB-CAMPEON ZONA NORTE)

TODOS A LAS GAYANDAS

Fonte: Arquivo de Manuel Núñez Sestelo.

UN SEGUNDA QUE FORA E VOLVERÁ SER DE PRIMEIRA.

No ano 1983 o Gondomar estaba en Rexional Preferente, Serie A, e o Granada C.F. en Segunda División. Estreárase en Primeira nos anos corenta e logo regresaría noutras tempadas. Precisamente naquela pretendía volver subir, algo que acadaría moito despois do que supuñan e soñaban: na 2011-12.

Aquel verán preparaban o inicio da liga por Galicia sur, polo Baixo Miño, concretamente estaban en Tomiño no mes de xullo. O equipo, adestrado por Felipe Mesones, contaba con xogadores da categoría de Peruena, López e Telmo, procedentes do Betis, o internacional daquela iugoslavo Kostic e os ex-madridistas Macanás e Victoria, e tiña por obxectivo prioritario a Primeira División.

Decatada a directiva do equipo miñorán da presenza do Granada, por mediación do presidente Manolo Núñez, rapidamente entran en contacto. Entendían que a visita do equipo andaluz ao campo das Gaiandas podía ter un proveito dobre. Por unha banda sempre é ilusionante enfrontarse a un histórico e, pola outra, como baza fundamental, estaba a posibilidade de recadación económica, tan necesaria sempre segundo para que clubs.

Existiu acordo, o Gondomar entregaría unha compensación económica de 250.000 pesetas da época e, a cambio, o Granada enfrontaríase ao equipo local nun torneo amigable, a un só partido, o sábado 30 de xullo, ás sete da tarde, nas Gaiandas. Non fomos quen de acadar resultados; económicos e deportivos.

Fonte: Arquivo municipal do concello de Gondomar.

O CENTRO CULTURAL DEPORTIVO CHAÍN.

Intentando indagar no percorrido histórico do campo da Gándara, pómonos en contacto coa directiva do C.C.D. Chaín a cal finalmente, a través de Roberto Misa, directivo actual, fainos chegar un escrito co resumo oficial da historia do club, que reproducimos a continuación.

“Todo comezou coa construción do campo da Gándara. Antonio Álvarez Calvo manifesta a Atlantico Diario, nun artigo publicado o 14 de xaneiro de 1989, por Antonio de Mauricio, que <éste fue levantado en Rego do Alto, allá por los años 30 y el primer Presidente del Club fue Antonio Fernández Salgueiro; sobrino del médico, D. Latino Salgueiro, muerto en la guerra civil. Por aquel entonces existían los campos de las Escuelas Pro-Valle y de La Cerca. Casualmente en éste se entrenó la Selección Uruguaya a su paso por Vigo, para participar en la Olimpiada de Amberes. En la selección figuraba Cea, un jugador oriundo de una parroquia de

Gondomar, sendo ese el motivo de su acercamiento a terras miñoranas.

Varios de los jugadores de la época que jugaron en el Chaín fueron: Pepe Núñez, Obispo, Minguitos, Manolito, Chuco, Argimiro Losada y también Nolete actuando como árbitro en algunas ocasiones>.

Nestas declaracións de Antonio Álvarez Calvo atopamos un erro, xa que a olimpiada de Amberes foi en 1920 e nela non participou a selección de Uruguai, que si o fixo nas de 1924, en París, e 1928, en Ámsterdam, proclamándose campioa en ambas as dúas; en Uruguai, nos dous casos, militaba un mesmo xogador chamado Cea.

O CCD Chaín fedérase por vez primeira no ano 1962, participando no Campionato 62-63. Xoga a primeira xornada o 3 de marzo do 63, no campo da Gándara, tendo como rival o Club Gondomar e 1-2 por resultado. Por aquela, a carencia de instalacións obrigaba os xogadores a cambiarse en casas próximas ao campo e a lavarse nun regato. Nesa época o presidente foi Fernando Bargiela, e no equipo xogaban os Constantino, Román, Bello, Dino, Domínguez, Molina, Julio, Justo, Rebelo, Tarzán, Cambra, etc. Dúas tempadas despois desaparece para volver renacer en 1975.

Un grupo de entusiastas mellorará o terreo de xogo e construírá os primeiros vestiarios na década dos setenta. Aprobados os Estatutos, participa en liga na tempada 76/77 quedando clasificado en 7º lugar; era presidente Secundino Cambra. Ao seguinte ano a Directiva crea equipos de alevíns, infantís e xuvenís, ocupando entón a presidencia Manuel Rial. A Rial sucédelle Benjamín Lorenzo, quen, tras dúas tempadas, deixa o cargo substituíndoo José Misa, que ocupará a presidencia durante o período 1984-1994. Nese tempo consegue o club tres ascensos, chegando a xogar na tempada 90-91 en Rexional Preferente -grupo sur-. Durante estes anos o adestrador máis destacado foi Enrique Hermida, -adestrador que levara ao C.F. Gondomar a 3ª división- e no equipo militaban xogadores da clase de Javier -o xemelgo-, Ricardo -o xemelgo-, Manel, Alejandro, Tablado, Néstor, Emilio, Núñez, Juan Carlos, Álvaro, Dani, Quico, etc.

Na tempada 94-95 o presidente foi Roberto Troncoso, quen estivo no cargo dous anos, ao que seguiu, ata 1998, Julio Fernández. Ese mesmo ano toma posesión unha directiva que con algunha variación ao paso dos anos se corresponde coa actual, presidida por José Misa Salgueiro.

Como se mencionou anteriormente, en 1975, coa colaboración dos veciños, constrúense os primeiros vestiarios e ao mesmo tempo dótanse de auga sanitaria e electricidade; tamén se colocan os pri-

meiros focos no campo para poder adestrar de noite. Durante os anos 80 realízase o peche exterior en bloque prefabricado, refórmanse os vestiarios, instálase a vala de ferro que delimita o terreo de xogo, asfáltase por primeira vez o acceso ao recinto deportivo e constrúese a primeira cuberta para resgardarse. En 1990 iníciase a construción das novas bancadas protexidas mediante cuberta metálica, baixo as cales se instalan os vestiarios. As bancadas suman oito unidades de case 50 metros de longo con capacidade para máis de 500 espectadores sentados a cuberto. Esta obra foi realizada pola Deputación Provincial e inaugurada en 1992.

Por outra banda, o firme do terreo de xogo foi reparado e redimensionado en varias ocasións, tendo na actualidade unhas medidas de 103 m. de longo por 64 m. de ancho. As últimas obras realizadas no campo correspóndense coa colocación de herba artificial e remodelación das instalacións, executadas todas pola Deputación de Pontevedra a través do Concello de Gondomar.

O palmarés do CCD Chaín merece ser destacado dada a humildade do club en comparación con moitos dos seus competidores. Posúe varios títulos de liga en distintas categorías, subcampionatos e terceiros postos que significaron respectivos ascensos. A destacar os seguintes:

TEMPADA 85-86

3º posto en Terceira Rexional; ascenso a Segunda Rexional.

TEMPADA 86-87

Subcampión de Copa Comarcal.

TEMPADA 87-88

Campión de Segunda Rexional; ascenso a Primeira Rexional.

TEMPADA 89-90

Campión de Primeira Rexional; ascenso a Rexional Preferente.

TEMPADA 01-02

Campión de Terceira Rexional; ascenso a Segunda Rexional.

TEMPADA 11-12

Subcampión de Terceira Autonómica; ascenso a Segunda Autonómica.

TEMPADA 13-14

Subcampión de Segunda Autonómica; ascenso a Primeira Autonómica tras xogar dúas eliminatorias de promoción."

Ben. Segundo di acertadamente o redactor desta historia do Centro Cultural Deportivo Chaín, Uruguai non participou na Olimpíada de Amberes, e si en París e Ámsterdam. Tamén é certo que gañou os dous campionatos. Ademais, en 1924 e

26, gaña o Campionato Sudamericano e en 1930 o primeiro Campionato do Mundo, vencendo na final a Arxentina, por 2-1, nun partido celebrado en Montevideo. En todos estes campionatos estivo Pedro Cea, ao que en Uruguai dicían "o vasco", unha das grandes figuras de todos os tempos da selección uruguiaia.

No ano 24 esta selección celebra unha xira por España coa intención de preparar a olimpíada parisiña. Gañan un partido tras outro; tamén o xogado en Vigo, no campo de Coia. Segundo dixo Ventura Salgado, a través do semanario Erizana no ano 55, esta selección celebrou un pequeno adestramento no campo da Palma. Descoñecémolo. Segundo Álvarez Calvo, fíxoo na Cerca. Tamén o descoñecemos. Pero sabemos con certeza que dese equipo formaba parte o gran dianteiro Cea. Agora ben, o que non está tan claro é o lugar de procedencia do xogador. Álvarez Calvo cita algún lugar de Gondomar como orixe. Sen embargo, Gustavo Loureiro, ex-xogador do Gondomar, Gran Peña, Celta e Deportivo, nacido en Montevideo de pai gondomareño e seguidor do Nacional, equipo dos galegos emigrados no que xogara Cea, asegura en "Vieiros" que Pedro naceu en Redonde-la o 1 de setembro de 1900. Pode.



Pedro Cea. Aproximadamente, no ano 1928.

Fonte: chefe.es

Así déramos por rematado este comentario, pero o destino quixo que non fose a versión definitiva. Topámonos un día con Gustavo e no medio da conversa referímoslle que o citábamus con motivo do caso Cea. Inmediatamente, como impulsado por unha catapulta, empezou a precisar. Díxonos que un día, mentres comentaba o caso cun comerciante da vila, casualmente, cruzara pola rúa que ocupaban un individuo que o interlocutor de Gustavo presentara como familiar directo do Cea. Días despois, no mesmo lugar e ante os mesmos protagonistas, deixa testemuña un octoxenario. Lembrábase da impresión que lle causara aquel home elegantemente traxeado, calzado con zapatos de brillantes reberetes de charón, posuidor de xestualidade e aires capitalinos que, nun taxi de Vigo, chegara á vila unha tarde dun impreciso mes daquel ano 25; un acontecemento inesquecible. Pretendía visitar os parentes de Chaín.

Inda hoxe, moitas décadas despois, se conserva nun emprazamento privilegiado do barrio do Pedrouco da parroquia citada unha sinxela, fermosa, tradicional e non deformada casa granítica, con pequeno canizo pétreo anexo, á que se coñece como a de Cea; eido da familia.

Relatounos Gustavo que despois das pertinentes investigacións inducidas pola conversa antes citada e avivadas a través dos relatos recollidos na publicación monográfica sobre a xira futbolística máis longa da historia levada a termo polo Nacional, a través de distintos países de Europa no ano 25, enviara os escritos necesarios ao citado club de Montevideo, co que garda unha fluída relación, ao fin de clarexar a situación e desdicir o comentario que hai anos, ocasionalmente, encontrara nun recorte de prensa dando como redondelano a Cea. A intención e obxectivo era corrixir todo o publicado polo club respecto ao caso. Deste xeito, Pablo Cea sería o deportista nacido no concello de Gondomar ata hoxe en día de máis alta repercusión internacional. Dito queda.

Fonte: Directiva do C.C.D. Chaín; Vieiros- Espazo virtual patrocinado pola Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia;- Gustavo Loureiro.

A INVENCIÓN DO FÚTBOL. VICTORIANO TAIBO.

Sucedelle como a outros milleiros: quedou tocado polo fútbol. Victoriano Taibo -1885/1966-, intelectual, galeguista, colaborador das Irmandades da Fala, prosista e poeta, membro da Real Academia Galega da Lingua e mestre con docencia en Morgadáns durante dezaseis anos, tamén se sentiu atraído pola humildade e vai ti saber que outros valores e condicionantes deste deporte, aínda ben só fose dende un punto de vista teórico. Mesmo chegou a escribir un artigo publicado en castelán -na altura non corrente era a que imperaba- polo Faro de Vigo o 14 de setembro de 1957, co título "Compostela, cuna del fútbol", aventurando algunha idea sobre os hipotéticos inicios da actividade. Reproducímolo, traducido por Miguel Anxo Mouriño:

A Mareque, ourive, campión de estornela.

Por razóns que sería prolixo e inútil citar, considérome no deber ineludible de ofrecer a miña modesta cooperación á historia das orixes do fútbol.

Parece ser que todo canto, paciente e eruditamente, lograron indagar, airear e sacar á luz os escudriñadores do pasado futbolístico, malia os datos achegados á fina intuición dos cronistas e á brillantez dos razoamentos aducidos, todo, ou case todo, se perde na escuridade da famosa noite dos tempos.

Polo momento, nin as ciencias puramente especulativas, nin as de mercado reselo experimental, puxeron a disposición dos historiadores do fútbol os medios axeitados para establecer a escuridade case invulnerable do remoto pasado, o cal se

lles perde, á súa vez, en tan tenebrosas distancias, que nin as máis ousadas e aventureiras imaxinacións ousaron exploralas.

A pesar diso, e grazas á teimosía e afán de lucimento dos estudosos investigadores, enxérganse tenues síntomas de luz, puntos de claridade, que fan pensar nunha aurora fantástica e tenra.

Polo pronto xa se descubriu con relativa certeza, que o primeiro propulsor do fútbol foi o emperador chinés Chueng-Tsi, xogador de vantaxe, que gañaba sempre, apoiado polo terror pánico que lles inspiraba aos seus contrincantes. Celebrábase periodicamente un só partido, precisamente o día do seu aniversario, tiña sempre a pelota aos seus pés. Púñanllas como a Fernando VII.

Pero os gregos non están conformes con esta prelación. Afirmen que o fútbol naceu do seu "episcuros". Os historiadores, de acordo coa lingüística, descubriron que a voz "episcuros" é un engano idiomático, e apoiándose na íntima relación que existe entre a palabra e a idea que expresa, chegaron a esta conclusión: se o vocábulo "episcuros" é unha mentira, o xogo é unha farsa.

E puxeron os seus ollos esperanzados no "haspartum" romano; pero, aí!, non tardaron en convencerse de que era máis ben unha especie de rugby.

Xa fartos de decepcións, coidaron por fin atopar os antecedentes do fútbol no "calcio" italiano, e o que acharon foi unha "trangallada". Xogábao unha vila contra outra vila limítrofe. Non había espectadores, xogaban todos teimudamente, acirrados por liortas de veciñanza. Era un verdadeiro e auténtico deporte de masas, e o "calcio", malia o seu nome, resultaba o máis encarnizado inimigo do tecido óseo dos dous bandos adversarios, unha perforadora de músculos e capas adiposas, unha rompedora de tibias e peronés, unha trituradora de clavículas, esternos e costelas.

Estes datos desprezables son o punto de apoio en que fincan o seu pé vacilante todos os detractores da pérfida Albión, para negarlle a paternidade do fútbol. Moitos seguen tocándose con gorra inglesa, que é unha antigalla; outros usan medias escocesas, o cal constitúe unha reverencia ao bo gusto; e no forro do seu sombreiro lese: London, que viste moito.

O fútbol é inglés en canto a orde e preceptos. Os ingleses formularon o fútbol-asociación; pero o xogo xa estaba inventado. Dende tempo inmemorial, víñase practicando con notable asiduidade nas rúas compostelás, e chamábase "corrôlorcho".

Cómpre unha breve aclaración léxico-gráfica para evitar que esta palabra caia en mans dun lingüista "afeccionado" e corra a sorte da voz grega "episcuros". Os santiagueses chaman "galorcho" a un zapato vello. O termo "corrôlorcho" é un composto de "corra o lorcho", onde a voz "galorcho" perde a súa primeira sílaba por razóns sinxelas, que se len en calquera compendio gramatical. "Corrôlorcho" é, pois, o mesmo que "corra o galorcho".



Victoriano Taibo e a súa dona, Carme Rebollar Estévez.

Fonte: Arquivo da familia Taibo a través de Miguel Anxo Mouriño.

Nada tan abundante coma o "galorcho"; pero en Santiago, o réxime de chuvias aumentáboas dun modo extraordinario, talvez porque naquela época os zapatos eran totalmente de sola, e xa se sabe o que é a sola mollada.

Entre as pezas deterioradas polo uso, o "galorcho" é a máis desprezable, e as amas de casa botábanos ao lixo.

Un grupo de rillotes pasaba por unha rúa onde había un "galorcho" esperando a carreta do varredor correspondente; e inmediatamente un deles dáballe un punteirazo e berraba: *corrôlorcho!* O saque estaba feito e comezaba o partido.

A rillotería lanzábase chea de entusiasmo sobre o zapato a patada limpa e berro pelado. O balbordo convocaba os demais rapaces do barrio, a veciñanza asomábase a portas e ventás, e o xogo adquiría todo o seu valor e prestancia deportiva.

Eran admirables no regateo, caneaban dun xeito realmente marabilloso, e atacaban cun mordente superior ao que se empregaba para dar as mellores pinturas. E logo aquela sede de coiro, de auténtico coiro, sen goma nin aire comprimido!

Non se permitían as cambadelas nin as patadas nos nocellos. Ante unha violencia descarada paralizábase o xogo, convertíanse todos en árbitros, e decretábase unánimemente a expulsión do xogador agresivo. Todo o cal daba lugar a que nunca houbera lesionados, tanto así, que ata se ignoraba a existencia do menisco.

Tampouco se chegaba á fatiga, e menos aínda ao sobreadestramento. Se algún sentía síntomas de cansazo sentaba na soleira dunha porta, convertíase en espectador e animaba, dende alí, os seus compañeiros.

E non por atraso e imperfección no xogo, carecía este de medio volante. Todos os xogadores eran volantes enteiros, no que a palabra "volante" ten entre os composteláns, de gracioso, ocorrente, despreocupado e simpático.

O feito de que no "corrôlorcho" non houbera porta nin porteiro, non lle resta importancia. Non se marcaba, non gañaba ninguén, e saían todos gananciosos. Era un deporte desinteresado. Consta, ademais, que tampouco o tiñan o "calcio" e o fútbol chinés.

Hai quen supón que o "corrôlorcho" foi coñecido en Inglaterra a través dos turistas que visitaban Compostela. Pero o certo é que houbo un místico auténtico, culto e observador, que viviu coa súa familia en Santiago unha longa tempada, dirixindo o baleirado do Pórtico da Gloria, e que tomou como serventa unha aldeá espelida e aguda, que era de Valga. Ao abandonar a Compostela levou para Londres o Pórtico da Gloria, o "corrôlorcho", e con el a Carolina Otero.

Vigo foi a primeira cidade española que xogou ao fútbol adoutrinado polos empregados do Cable Inglés. E Santiago a segunda, pois chegou a ela cos mozos vigueses que cursaban estudos na súa universidade. Esta, e non outra, é a causa de que os composteláns sexan celtistas exaltados. Non falta quen subestime, ata é posible que eles mesmos o crean así, que o son simplemente para facerlle a "santísima" aos do Deportivo. E non é verdade. Santiago leva o fútbol vigués nos repregamentos da alma, no subconsciente dos seus máis recónditos sentimentos. Cando polo ardor dos entusiasmos deportivos se removen os seus extractos psíquicos, xorde Vigo dun modo irremediable e fatal.

E non obstante, nos primeiros tempos, os santiagueses non souberon ver no fútbol o seu clásico "corrôlorcho" regulamentado e perfeccionado, e declarárono o seu inimigo. Un señor, que aínda vive, combateuno abertamente en "O Eco de Santiago", considerándoo brutal e esgotador; pero don Adolfo Revuelta, profesor de Ximnasia, situouse no estadio da Prensa e deixou as cousas no seu punto. A pesar diso os santiagueses non se convenceron. Nunha comparsa de entroido cántase:

"Unhos homes a couces
c'unha pelota,
suaban como touros
por unha copa.
E daba noxo velos
co-as pernas ô aire
cheas de pelos".

As primeiras páxinas do fútbol compostelán escribíronse no campo de Santa Isabel. Ata ese momento a extensa explanada era o lugar en que se reunían os máis famosos e queridos xogadores de "estornela", e onde se celebraban os partidos máis disputados e espectaculares. Os futbolistas, nas súas andanzas impetuosas, varrerón literalmente os estornelistas. As expresións típicas e familiares, "coitos fóra", "d'atrás unha", "se chisco non perdo", foron suplantadas polas voces estrañas e intrusas, "penalty", "offside" e "córner". Unha mágoa!

E non obstante o monte Pedroso, mudo vixía, gardián custodio das constantes da historia local, non chegou a comoverse, o Sarela puido seguir o seu curso, a tradición compostelá non se resentiu, apenas acusou o golpe; e os santiagueses, algo serodios, un pouco a remolque, acabaron entusiasmándose co fútbol.

Fixeron ben. Sen decatarse, instintivamente, namoráronse do seu. Porque ningún poderá demostrar que o fútbol non é o "corrôlorcho" suxeito a normas.

Os historiadores non terán máis remedio que recoñecelo e aceptalo así. E a tradición compostelá e o "corrôlorcho" quedarán salvagardados e boiantes no rumoroso fluír da historia mundial do deporte.

*Fonte: Miguel Anxo Mouriño; Antonio Valverde;
Monografía sobre Victoriano Taibo, do Instituto de Estudos Miñoranos; e Faro de Vigo.*

CRONO-SINOPSE.

ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO

Aceptando como precisos, e non temos argumento definitivo para afirmar o contrario, os moitos datos fornecidos por Ventura Salgado Miniño, introdutor do fútbol en Baiona no ano 1909 e primeiro presidente do Sporting daquela vila, e os citados polo cronista Alerta e o columnista Abelosa, poderíamos dicir que a primeira formación dun equipo de fútbol en Gondomar procede de 1914 se ben, de xeito regrado, non se presenta documentación no Goberno Civil de Pontevedra para legalizar unha sociedade incluída na **Unión Artístico Deportiva**, co nome de **Gondomar Sporting Club**, ata 1917. O Gobernador constitúe a asociación o 22 de xaneiro de 1918. Este acto, por inusual na época, tivo que estar determinado por unha cuestión concreta -¿chegar a entendemento co XI conde de Gondomar?-. As camisolas utilizadas polo Sporting Club eran listadas en vertical, posiblemente en vermello. O xermolo deste equipo, dende inicios de 1917, fora o **Gondomar Foot-ball Club**. Neses primeiros anos, os dirixentes destas asociacións artístico-deportivas formaban parte das elites locais nos ámbitos social e cultural.

O Sporting terá como primeiro presidente a **Pablo Nieto Virosta**, personaxe de interese na época e contexto espacial a que nos estamos a referir, e utilizará como campo locatario, tras disputar uns cantos partidos no recinto deportivo das escolas Pro Val, **A Cerca**, emprazado á beira do río Miñor ao paso pola vila.

Este campo de deportes, o primeiro da poboación, será cedido polo XI conde de Gondomar, **Gonzalo Fernández de Córdoba y Quesada**, para a práctica de diversas actividades se ben, segundo parece, D. Gonzalo mantíña os dereitos de propiedade sobre a parcela. A primeira nova que fomos quen de localizar sobre a existencia do referido campo data de 1917. O campo, con toda probabilidade, é cedido e inicia a actividade a finais do verán dese ano. Ata ese intre o único recinto deportivo próximo á vila era o das Pro Val.

O 12 de outubro iníciase o curso lectivo 1914-15 nas "**Escuelas Hispano-Americanas Pro Valle Miñor**", en terras de Baludío. Estas serán posuidoras de recinto deportivo ao aire libre no que ata a segunda metade do 17 a práctica do fútbol celebrábase en condicións algo precarias debido ás reducidas dimensións do terreo de xogo. No penúltimo cuarto do 17 amplíase.

No ano 1920, e posiblemente antes, xa existía na vila outro club artístico-deportivo que incluía diversas seccións e modalidades: o **Iris Athletic Club**, con Manuel Rial Salgueiro de presidente. Este será un dos máximos adversarios do Gondomar Sporting Club e utilizará como campo locatario o das escolas Pro Val. Tamén utilizará equipaxe con bandas verticais, inda que a ben seguro de cor distinta a do Sporting; quizais azuis ou verdes, en calquera caso, claras. Este club non presentou documentación ante o Gobernador Civil.

O 16 de agosto de 1922 unha nova sociedade deportiva presenta no Goberno Civil de Pontevedra o regulamento, que é sancionado o 27 do mesmo mes. Esta

sociedade é o **Miñor Foot-ball Club**, formado a partir da fusión do Iris A.C. e o Sporting Club. O Miñor utilizará o campo da Cerca como campo local, no que introducirá notables melloras no ano 25, e vestirá camisola vermella. Durará ata case 1928.

En outubro de 1925, presidido por Manuel Martínez "Luna", fúndase en Gondomar o **Industrial F.C.**, con recinto deportivo en Baludío e algúns xogadores da escola Pro Val nas filas; utilizaba camisola branca. Máis tarde, a partir de 1927, por falta de acordo co Miñor F.C., usa como campo locatario o de **Lourido**, que se empezara a construír na primavera de 1925. En 1928 o Club Industrial F.C. empeza a saír na prensa como da Ramallosa. Tampouco o Industrial F.C. legalizou a sociedade, nin o fixeron todos os que vamos citar ata 1944, cando o Club Gondomar.

En agosto de 1928 un grupo de rapaces decide fundar un novo equipo que veña substituír o desaparecido Miñor Fútbol Club, nace o **Uzcudun Fútbol Club**, cuxo nome quere ser unha homenaxe ao gran boxeador vasco dos pesos pesados nos anos vinte e trinta. Este equipo dura sete meses. A vila volve quedar temporalmente sen club de fútbol.

Non será ata o 10 de marzo de 1929 que renaza o **Gondomar Sporting Club**. Seguirá utilizando como campo local **A Cerca**. De todos os xeitos é unha época moi inestable, onde os equipos non constitúen sociedades legalmente establecidas e viven angustiados polos problemas económicos. Como consecuencia, un ano despois, en marzo de 1930 o restituído Sporting Club levaba un tempo sen xogar. Pero desta vez seguía existindo.

É a partir de 1930 cando se empezan a mesturar os nomes de **Gondomar Sporting Club** e **Gondomar Fútbol Club** para referirse ao mesmo equipo, sen que conste fundación oficial ningunha do segundo. Posiblemente esta denominación se deba a un modismo da época.

En abril de 1930 aparece, de xeito indirecto, a última referencia en prensa ao posible uso do campo da Cerca como recinto deportivo. Segundo unha editorial do semanario deportivo Meta do ano 1946, é en 1930 cando A Cerca remata a actividade deportiva. Posteriormente desmantélase. A partir deste intre, e ata 1944, os equipos de Gondomar tomarán como campos locatarios a Lourido e, a partir de mediados dos trinta, tamén **A Gándara**, en Chaín.

Constituída a República o Gondomar Sporting Club volve desaparecer e pasa a ocupar o seu lugar un novo equipo armado por Laureano Álvarez: o **Stadium Fútbol Club**. A primeira noticia que temos del é do 2 de outubro de 1932. A última, do 30 de agosto de 1933. Sempre utilizou como campo locatario Lourido.

No ano 1935 segue a competir o **Gondomar Sporting Club**, que como vemos vai e vén ao longo da historia. A última noticia deste club antes do 18 de xullo de 1936 é motivada pola visita do Constitución, de Vigo, a Chaín o 10 dese mes, logo virá o parón da sublevación militar e a guerra civil.

A principios da década dos corenta, en plena posguerra, recupérase a práctica do fútbol na vila aínda que segue a ser a través dun equipo sen federar. En abril de 1943 **Alerta** di en prensa que o **Gondomar Sporting Club** adocece de falta de entendemento por non ter campo propio onde adestrar.

É nestes principios dos corenta cando se crea unha forte tendencia na vila encamiñada a acadar un novo campo de fútbol para así federar o equipo e pasar a competir en torneos regulados oficialmente. Esta vez o campo de deportes será municipal e emprazarase nas **Gaiandas**. A explanación, posta en uso, peche de arame e algunha bancada inaugúranse oficialmente o 21 de maio de 1944; o valado de ladrillo, vestiarios, palcos e tribuna o 19 de maio de 1946. Un dos principais impulsores do novo campo e o maior ideólogo da refundación do Gondomar foi **Francisco Alborés**.

Este campo inaugúrao o recentemente fundado **Club Gondomar**, cuxo regulamento, redactado en 1943 e asinado polos representantes do club o 3 de xaneiro de 1944, foi aprobado pola Federación Galega de Fútbol o 14 de febreiro dese ano. Usará camiseta branca e pantalón azul escuro. O Club Gondomar participa en competición oficial por primeira vez na tempada 45-46, na liga da Serie B, e tócalle xogar o primeiro partido da liga nas Gaiandas contra o Deportivo Travesas, ao que vence por dous goles a un.

Case paralelamente ao Club Gondomar, funda **Manuel Núñez Sanromán** outro equipo: o **Club Comercial**. Este, que durou pouco tempo, utilizaba camisetas a raias verticais negras e amarelas, como o Peñarol. O Comercial debeu ser consecuencia dalgún desencontro puntual entre Manuel e os dirixentes do Gondomar.

Na década dos cincuenta o Club Gondomar consegue armar un gran equipo; antes, na dos corenta xa xogara en **Serie A** e gañara diversos torneos. Ao inicio dos cincuenta gaña as **Medallas Manzanares** sen perder partido, disputadas entre clubs do Val Miñor. No ano 52 cae inesperadamente nas semifinais da Copa Baixo Miño-Val Miñor. No 53 faise coa Copa "Valle Miñor de Buenos Aires", tamén coñecida como **Copa Joselín**. Na tempada 53-54 chega ao penúltimo partido de liga con posibilidades de facerse co campionato; non o consegue. No 54 gáñalle a **Copa San Bieito** ao Celta de Vigo.

A tempada 54-55 vai ser excepcional para o Gondomar. Primeiro proclámase campión da liga comarcal Baixo Miño-Val Miñor. Logo consegue ser campión de campións ao vencer os respectivos campións dos grupos da comarca viguesa.

No ano 56 **Manuel Gonda**, responsable de diversas melloras no campo das Gaiandas, sufraga a construción de novos vestiarios. Ao ano seguinte faise cargo do club **José Núñez Sanromán**. Baixo a súa dirección o Gondomar militarán varias tempadas na **Serie A**.

Na década dos sesenta, concretamente no 61, o Club Gondomar gaña a **Copa Paradela**. Nesta época o club ademais do equipo da Serie A contaba co Gondomar B competindo en liga comarcal. Este equipo ese ano queda subcampión da **Copa Comarcal** ao perder o partido de desempate da final.

A sección de xuvenís do club consegue facerse coa **Copa Nanito** no ano 64, e na tempada 64-65 acadan o campionato de liga sen coñecer a derrota. Rematada a liga, clasifícanse e xogan a **Copa de España**. Esta mesma sección, na segunda metade da década dos setenta, rematou por converterse en mítica dentro do Val Miñor. Gañou varias Ligas, o **Torneo Primavera** e acadou cento tres partidos consecutivos sen coñecer a derrota. Ademais, participou na promoción de ascenso á categoría autonómica.

A principios dos setenta Manuel Fernández Álvarez -**Manolo de Penisco**- é o principal responsable da creación da categoría infantil dentro do club, decisión pioneira no Val Miñor. Logo, a finais da década chegarían a gañar a liga.

Ao remate dos setenta e primeiros oitenta o Gondomar volve armar outro gran equipo. Un conxunto que vai desenvolver un fútbol altamente estético e eficaz. Na tempada 80-81, despois de varios ascensos en anos precedentes con **Enrique Hermida** de adestrador, ascende novamente a Serie A. No ano 81, a maiores, queda campión da **Copa Comarcal**.

A 81-82 é unha tempada inesquecible para a numerosa afección que por aquela acudía ao campo das Gaiandas, por dúas razóns: practicou un fútbol de moi alta calidade e beleza, e ascendeu a **Terceira División** por primeira vez na historia, sen que fose batido en campo propio. Era presidente **Manolo Núñez Sestelo**.

O 1 de xuño de 1982 unha comisión do Club Gondomar elabora e asina a acta fundacional do **Club de Fútbol Gondomar**, que será aprobada por unanimidade en asemblea xeral en data 30 de xuño de 1982

Na tempada 82-83 inaugúranse as gradas cubertas do campo das Gaiandas, xestionadas e construídas a través de comisión constituída ao efecto. Pouco despois e dentro do mesmo proxecto, entre outras obras, construíranse novos vestiarios.

Tras descender a Serie A, regresa a Terceira División na tempada 85-86. Ese ano, da man de **Emilio Soto**, queda campión de liga da zona sur e logo proclámase oficiosamente "**Campión de Galicia**" da categoría ao vencer ao primeiro clasificado da zona norte. Era presidente **Bernardo Chamorro**.

Na 87-88 Soto, o adestrador, tivo por meta xogar a "**Copa del Rey**", de ámbito estatal, obxectivo non alcanzado por un suspiro; quedaron sétimos, a mellor clasificación acadada nunca polo club ata aquela.

A partir de 1995 o fútbol base do club pasa ao **Campo das Cercas**. Construírse este recinto deportivo dende o concello para protexer o céspede natural das Gaiandas e, á vez, facilitar as tarefas das distintas seccións do club.

Na tempada 98-99, tras unha moi boa campaña, o Club de Fútbol Gondomar quedou ás portas da promoción a **Segunda B**.

En 2007 fúndase o **Club Fútbol Base Gondomar** coas categorías inferiores do Club de Fútbol Gondomar, quedando este sen esa sección.

En 2009 o Concello de Gondomar asina por primeira vez un convenio co Fútbol Base Gondomar por medio do cal este equipo pasa a ser o principal usuario do Campo das Cercas. O Club de Fútbol Gondomar perde tamén o campo de adestramento.

O 16 de xaneiro de 2014, na sesión ordinaria do **Pleno do Concello**, "ínstase ao alcalde a iniciar o correspondente expediente de outorgamento da **medalla de ouro** ao Club de Fútbol Gondomar, con motivo da celebración dos cen anos como institución deportiva". A Corporación Municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros aprobou a proposta.

En agosto de 2014 celebrouse no campo das Gaiandas o "**XXX Trofeo Conde de Gondomar**", nun partido que unha vez máis enfrontou o equipo local co Real Club Celta de Vigo.

Na tempada 2014-15 o Club de Fútbol Gondomar competirá en Rexional Preferente, Serie A, tras estar moi preto do ascenso a Terceira División na 2012-13.

CADERNO GRÁFICO.

ANTONIO SOLIÑO TRONCOSO/JOSÉ ALONSO GONZÁLEZ

INTENCIÓN.

É obxectivo deste último capítulo a recolla, minimamente ordenada por parellas de décadas, de fotografías das distintas formacións presentadas a competición polo club. De saída, queriamos coidar a calidade gráfica, pero só foi posible en parte. Dependiamos basicamente da colección reunida polo Club de Fútbol Gondomar para unha exposición pública promovida dende a entidade co gallo da conmemoración dos cen anos de existencia deste deporte na vila, e moitas, de moi escasa calidade, non tiñan recambio¹. Retiramos as que non acadaban un mínimo nivel perceptible e as que non eran de interese para o caso que nos ocupa. O resto pode verse reproducido nestas páxinas. O material seleccionado, entre o proporcionado polo club e o achegado polas entidades e particulares que se recollen no apartado bibliográfico deste traballo, dividiuse en tres grandes grupos: primeiro equipo, categorías base e veteranos. Ademais incorpóranse algunhas fotografías, poucas, que sen ser estritamente do club da vila teñen o interese e a singularidade de incluír xogadores que nalgún intre pertenceron ao citado club formando en Seleccións ou en equipos de Primeira División. Todas as fotografías van acompañadas dun pé explicativo e identificativo que en casos -máis dos que quixeramos- non foi posible completar; sucedeu que nin os propios integrantes inda vivos das instantáneas foron quen de identificar a totalidade dos compañeiros. Cousas da memoria. En todo caso, vaia por diante unha solicitude desculpatoria ante posibles erros de identificación xa que, moi probablemente, algún existirá por mor das febles e por veces contraditorias fontes de contraste.

NOTAS BIBLIOGRÁFICAS E DOCUMENTAIS.

- 1 Esta colección promovida dende o club foi sustentada no traballo e a constancia de José Alonso, vicepresidente da entidade na tempada 2013-14 e principal artellador do eventual "Museo do Centenario" aberto ao público en xeral durante 2014 na planta baixa do número 4 da rúa Manuel Alonso, na vila.

PRIMEIRO EQUIPO.

DÉCADAS DOS VINTE E TRINTA.



O Gondomar Sporting Club no campo da Cerca. A fotografía foi publicada en decembro de 1920, con motivo dun torneo triangular no que tamén participaron o Iris Athletic Club e o Lanark, reproducidos a continuación. Á dereita do porteiro central na fotografía emprázase Pepe Hermida.

Fonte: Vida Gallega. Biblioteca Fundación Penzol.



Formación coa que competiu o Iris Athletic Club de Gondomar no torneo triangular do ano 20.

Fonte: Vida Gallega. Biblioteca Fundación Penzol.



Equipo vigués do Lanark no campo da Cerca. Ano 1920

Fonte: Vida Gallega. Biblioteca Fundación Penzol.



Formación do Ramallosa F.C., equipo que nos anos vinte competiu contra diferentes formacións da vila.

Fonte: Arquivo do Instituto de Estudos Miñoranos.



Formación do Celta de Vigo a finais dos anos vinte nunha fotografía de Pacheco. Segundo Jorge Hermida son: arriba, Otero, non identificado, non identificado, Pepe Hermida, Ángel Hermida -Carburo-, Lilo. Abaixo, Reigosa, non identificado, non identificado, Polo, non identificado.

Fonte: Arquivo de Jorge Hermida.



Aliñación do Celta arredor do ano 30. Á dereita do porteiro, Ángel Hermida. O terceiro a contar dende a dereita da foto, Pepe Hermida.


Fonte: Arquivo de Jorge Hermida.



Ángel Hermida fotografado nun hotel de Sevilla a finais dos anos vinte, cando xa fichara polo Celta de Vigo.
Fonte: Arquivo de Jorge Hermida.



Nolete utilizando un dos seus mellores recursos como futbolista: o remate de cabeza. A toma correspóndese cun partido dos anos trinta, cando xa formaba parte do Celta.
Fonte: Arquivo de Jorge Hermida.



Manuel Copena Araujo, Noite, na década dos trinta.

Fonte: Arquivo do Instituto de Estudos Miñoranos.

DÉCADAS DOS CORENTA E CINCUENTA.



Camilo Cabaleiro Barros, porteiro do Gondomar Sporting Club e do Club Gondomar a inicios da década dos corenta. Era irmán de Alfonso, adestrador do club en distintas etapas.

Fonte: Arquivo de Josefina Alborés Núñez.

Anía na primeira etapa co Gondomar. Principio anos corenta. A fotografía foi tirada por Foto Company no daquela recentemente inaugurado campo das Gaiandas. Esta casa de Vigo era a encargada nos anos corenta das fotografías oficiais do club.

Fonte: Arquivo de Josefina Alborés Núñez.





Acto de entrega de Trofeos do "Día do Deporte", ano 1944, no salón de Plenos do Concello. Detrás, á dereita, entre as persoas convidadas, Pepe Hermida.

Fonte: Arquivo de Josefina Alborés Núñez.



Pepe Núñez no inicio da década dos corenta. Foto para a ficha do Club Gondomar. Anos máis tarde presidirá o Club.

Fonte: Arquivo de Josefina Alborés Núñez.



Unha aliñación do Club Gondomar dos corenta. Ariba: Soleiro, Pepe Núñez, Jesús Postín, Cuquito ou Chamorro, Eladio. Abaixo: porteiro non identificado, Lanina, Manolito, Nolete, non identificado e Nanito.

Fonte: Arquivo de José Luís Valverde.



Manolito coa camisola branca do Club Gondomar e o porteiro non identificado da fotografía anterior.

Fonte: Arquivo de Josefina Alborés Núñez.



Selección de xogadores do Club Gondomar e do Sporting de Baiona, na Palma, para un partido homenaxe a Ramón Carneiro Álvarez, Virolas, -tío de Puskas-, celebrado o 28 de agosto de 1945. Na parte superior, pola esquerda, Chamorro, Eladio, Jos, non identificado, Nanito, Soleiro, Tito, Francisco Alborés, Rafael. Abaixo: Lanina, Anía, Nolete, Carallas, Petit -Pití-. Tombado: Cachucho.

Fonte: Arquivo de Josefina Alborés Núñez.



O Club Gondomar nos anos corenta nas Gaiandas. Arriba: Alvarito, Sabino, Soleiro, non identificado, non identificado, Carallas, Tito?. Abaixo: Pepe Núñez, Chamorro, Anía, Nolete, Eulogio? e Pepiño.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Marqués, xogador do Club Gondomar a mediados da década dos corenta. Entre outros, xogou o partido de inauguración das obras de peche do campo das Gaianas o 19 de maio de 1946.

Fonte: Arquivo de Josefina Alborés Núñez.



Ferrolano, xogador do Club Gondomar a mediados da década dos corenta.

Fonte: Arquivo de Josefina Alborés Núñez.



Selección de Pontevedra. Ano 1949. Entre os integrantes están: arriba, quinto pola esquerda, Pepe Hermida fillo -Cuchiñí-; abaixo, último pola dereita, Jorge Hermida. Ambos os dous xogadores do Club Gondomar nalgún intre. Datos proporcionados por J. Hermida.

Fonte: Arquivo de Jorge Hermida.



Selección Galega que competiu en Teruel no ano 1950. Entre os integrantes están Pepe Hermida -Cuchiñí- e Jorge Hermida, fillos de Pepe e Ángel respectivamente. A foto corresponde ao partido xogado contra Badajoz, gañado polos primeiros 3-2. Arriba: Villamarín, Tante, Abal, Farruco, Durán, Madero. Abaixo: Cuchiñí, Alejandro, Pinta, Jorge Hermida e Valente. Datos aportados por J. Hermida.

Fonte: Arquivo de Jorge Hermida.



Aliñación do Club Gondomar con inclusión de xogadores baioneses que pasarán a formar parte do Juvenil Erizana, fundado nese ano. Campo de Lourido 1950. Arriba: Manolo, Cameselle, Manolo Penisco, Nanito, Lareo, Nartallo, Pepiño de Martita. Abaixo: Isaac, Maciel, Eugenio Mineiro, Alvarito, Fino e Moncho Regueiro. Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



O Valle Miñor F.C. en Lourido. Ano 1950. Arriba: non identificado, non identificado, Japonés, Ramón?, Pepe Penisco, Eloy. Abaixo: Jorge Besada, Lito Hermida, non identificado, non identificado, Quico Besada. Fonte: Arquivo de José Fernández Rodríguez.



Lito Hermida, Japonés e Pepe Penisco coa camiseta do Valle Miñor F.C. no campo de Lourido. Ano 1950.

Fonte: Arquivo de José Fernández Rodríguez.

Aliñación do Club Gondomar no ano 52. De esquerda a dereita: Andrés, Sabino, Zúñiga?, Tatán?, Alvarito, Eugenio, Nolete, Moncho, Pepe Núñez, Carallas, Pepe Martita.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.





O Gondomar a principio dos anos cincuenta. Arriba: Andrés, Manolo Riada, Pepe Penisco, Rafael Lareo, Pepe Núñez, Tito Valenzuela. Abaixo: non identificado, Lito, Manolo Penisco, A. Soliño, Pepe de Enrique -irmán de Chela de Morocho-.

Fonte: Arquivo de José Fernández Rodríguez.



Club Gondomar no campo das Gaiandas na primeira metade dos cincuenta. Arriba: Quico Crespo, porteiro non identificado, Manolo Penisco, Pepe Penisco, Japonés, Manolo Regueiro, Teniente, Lito Hermida. Abaixo: Lora, Morales, Pepiño de Martita, Cuchiñí e Jorge Hermida.

Fonte: Arquivo de Jorge Hermida.



Club Gondomar na década dos cincuenta. Arriba: porteiro non identificado, Pepe Penisco, Manolo Penisco, non identificado, M. Regueiro, Teniente. Abaixo: non identificado, Marcote, Morales, Jorge Hermida e Japonés. Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

pax. seguinte -arriba-. Esta fotografía do ano 55, posiblemente do último partido de liga, ten interese por varias razóns. Primeira, é o equipo base da liga gañada na tempada 54-55, se ben no torneo de campións algún dos que aparece nin sequera estivo convocado. Segunda, baixo a tribuna de madeira cuberta por unha bandeira española quedaba un pasadizo coas escaleiras que levaban aos vestiarios da bancada superior; este lugar será ocupado no ano seguinte ao da foto polos novos vestiarios sufragados por M. Gonda. Arriba: Eloy, Pepe Penisco, Juan Francisco, Manolo Penisco, Novoa, Miguel. Abaixo: Barrabit, Julio, Pepiño de Martita, Lito Hermida e Javier.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

pax. seguinte -abaixo-. Formación do Gondomar para partido amigable xogado no campo de Oia. Segunda metade dos cincuenta ou primeiros sesenta. Arriba: Luís Grandal -segundo o semanario Erizana, tamén se coñecía no argot futbolístico por Grillo ou Luís del Valle, a consecuencia de xogar anos antes no Valle Miñor-, Eugenio Mineiro, Pepe Viso, Tito, Carballo, Gilberto, Paco, Alfonso Cabaleiro. Abaixo: Suso, Barrabit, Moncho Regueiro, Amorín, Tante, Celso.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.





O Gondomar na segunda metade dos cinquenta. Arriba: Manolo Penisco, Tito, Pepe Penisco, Manolo Regueiro, Paco, Ernesto. Abaixo: Oscar -cuñado de Alvarito-, Nacholas, Enrique, Tante, Lito Hermida.

Fonte: Arquivo de José Fernández Rodríguez.



Club Gondomar. Arriba: porteiro non identificado, Doro Penisco, Pepe Penisco, Manolo Penisco, Nacholas, Chucho Sestelo, non identificado. Abaixo: Jorge Pata, Pepiño de Martita, A. Soliño, Guillermo, Toti e Lito Hermida.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Por esta vez parece que as cousas saíran ben. Celébrano: Curva, Nacholas, Pepe Penisco, Chamorro, Bautista, A. Soliño, Casanova, Sergio, Puchi, Alfonso Cabaleiro, Virgilio, Lito Hermida, Antonio, Oscar, Carbuero, Doro Penisco, Manolo Penisco, Velasco, Piedra e outros.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Velasco, Moncho Regueiro e Doro Penisco nas Gaiandas na segunda metade dos cincuenta.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Club Gondomar a finais dos cincuenta. Arriba: Ernesto Sousa, Paco, Nacholas, Manolo Penisco, Pepe Penisco, Tito Valenzuela, Castor. Abaixo: Oscar, Tante, Enrique, Lito Hermida e Velasco.

Fonte: Arquivo de José Fernández Rodríguez.

DÉCADAS DOS SESENTA E SETENTA.



O Club Gondomar a inicios dos sesenta nas Gaiandas. Arriba: Paco, Manolo Regueiro, Varucho, Claudino, Tito, Ernesto. Abaixo: Moncho Regueiro, Paulino, non identificado, José Luís Bemba, non identificado.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



O Gondomar coas Gaiandas repletas de público. Arriba: Moncho Regueiro, Vilgos, Saro, O Latas, Carlos, Chicho, Vila. Abaixo: Carburo, Enrique, Paulino, Velasco e Lito Hermida.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Os Penisco dos cincuenta e sesenta. Pepe, Manolo e Doro. Fotografía que ilustrou unha crónica deportiva de Laureano Álvarez -o Galán- como correspondente de prensa.

Fonte: Arquivo de José Fernández Rodríguez.



Formación do Club nos sesenta. Arriba: Rafa, Cándido, Saro, Paco, Carburo, Vila, Ernesto. Abaixo: Tito, Merkerle, Enrique, Velasco e Lito.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Club Gondomar no ano 1963. Copa Galicia. As Gaiandas, contra o Coruxo. Arriba: Ernesto, Vila, Lolo, Velasco, Ávila, Mekerle, Rafa. Abaixo: Pato, Enrique, Anía, Carbuo e Lito.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Os irmáns Hermida na década dos sesenta. Tucho -Carbuo-, Lito, Anía e Enrique.

Fonte: Arquivo da familia Hermida.



pax. anterior-arriba-. O Gondomar a mediados dos sesenta. Serie A. Arriba: Freitas, Ballesteros, Ben Barek, non identificado, Totó, Chicho. Abaixo: Enríque, Barrocas, Eugenio, Lito e Vila.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

pax. anterior -abaixo-. Club Gondomar. Arriba: Álvaro, Valente, Fernando Penisco, Canelas, Latas, Charro. Abaixo: Urbano, Alvarito -fillo-, Moncho Sestelo, Niní e Paco.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



O Gondomar no antigo campo do Vilariño. Arriba: Carlos, Manolo de Penisco, Alvarito, Zapa, Latas, Julio, non identificado. Abaixo: Lito Penisco, Carbuco, Sestelo, Doro Penisco e Charro.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



pax. anterior-arriba-. Equipo titular nas Gaiandas, portería de marcador. Tempada 64-65. Arriba: Manolo Estévez, Nacho, Tante, Ramiro, non identificado, Casiano. Abaixo: Alfonso Salgueiro, Portela, Rafael, Cándido e Toyos.

Fonte: Arquivo de Manuel Estévez Sayanes.

pax. anterior-abaxo-. Equipo da Serie A. Aproximadamente polo ano 66. Arriba: Estévez, Nacho, Núñez, Luís, Chamorro, Alvarito, Chucho Cristaleiro. Abaixo: Eugenio, Eloy, Carbuco, Chaver e Menora.

Fonte: Arquivo de Manuel Estévez Sayanes.



3. Club Gondomar. Arriba: Ernesto, Fernando Penisco, Alvarito, non identificado, Velasco, Chucho Cristaleiro. Abaixo: Urbano, Mariño, Sestelo, Niní e Latas.

Fonte: Arquivo de Manuel Núñez Sestelo.



Club Gondomar. Arriba: Ernesto, Urbano, Fernando Penisco, Lameiro, Mariño, Carburo, Charro. Abaixo: Eladio, Calero, Sestelo, Fonsi Mandado e Lito.

Fonte: Arquivo de Manuel Núñez Sestelo.



Vista parcial dos vestiarios de Gonda co escudo do Club Gondomar e o ano de construción gravados en relevo sobre a porta de acceso. En primeiro plano, Moncho Sestelo, dianteiro centro do club gondomareño durante anos, e, tras el, Eugenio Mineiro, porteiro do mesmo nos sesenta.

*Manolo Penisco con Fonsi Mandado e Moncho Sestelo no campo das Gaiandas.
Fonte: Club de Fútbol Gondomar.*



*Outra formación do club. Arriba: Ernesto, Carlos, Mariño, Nini, Carbuero, Latas, Eduardo. Abaixo: Urbano, Sestelo, Enrique, Mandado e Eladio.
Fonte: Arquivo de Manuel Núñez Sestelo.*





O Club Gondomar na etapa de Enrique como adestrador. Arredor de 1979. A foto recolle a xogadores que participaron en diferentes ascensos. Arriba: César, Pepe Núñez -fillo-, Rotilio, Arieta, Soliño, Fonsi Lis, Enrique. Abaixo: Javier, Néstor, Paco, Ricardo, Manel, Tomás? e Cobas.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

DÉCADAS DOS OITENTA E NOVENTA.



O Club Gondomar ao início da década dos oitenta. Tempada 80-81. Arriba: Gustavo, Cobas, Moncho, Chamorro, Lis, Chapela, Arieta. Abaixo: Damas, Manel, Antonio, Ricardo, Cuña, Javier e Camacho.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



O Gondomar no campo do San Miguel. Arriba: Herrera, César, Lis, Miguel Ángel, Chapela, Gustavo, Arieta, Moncho. Abaixo: Cobas, Damas, Javier, Antonio, Ricardo, Arturo.

Fonte: Arquivo de José Ramón González González.



Fotografía tirada no Lourambal o día da Final da Copa Comarcal. Ano 1981. Arriba: Lis e Moncho. Abaixo: Gustavo e Herrera.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

Enfrontamento nas Gaiandas entre o Club Gondomar e o Real Club Celta de Vigo tras o ascenso do Gondomar a Serie A. O Gondomar vestiu azul escuro. Arriba: Gómez, Urbano, Gustavo, Miguel Ángel, Lis, Herrera, Manolo, Paco, Manel, Andrés, Sanchez, Canosa. Abaixo: Juan Carlos, Javier, Mori, César, Lucas, Ricardo, Damas, Suso Santomé, non identificado, Moncho.

Fonte: Arquivo de José Ramón González González.





Unha das últimas aliñacións do Club Gondomar. Tempada 81-82. Arriba: Manel, Quique, Herrera, Lis, Lomba, Rodolfo. Abaixo: Cobas, Ricardo, Arieta, Javier e Chapela.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Presentación da plantilla do recentemente ascendido a Terceira División e refundado Club de Fútbol Gondomar para a tempada 82-83. Xullo de 1982. Arriba: José Rodríguez -secretario-, José Luís, Rodolfo, Moncho, Lomba, Quique, Herrera, Mandado, Enrique, Bernardo Chamorro -presidente-. Abaixo: Chapela, Zamorita, Manel, Javier, uruguaio non identificado -ocupaba praza de sub20-, Ricardo, Cobas, Manolito e Cuña -sub20-.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Chapela, Ricardo e Javier coa camiseta do Gondomar. Néstor, excompañeiro que retornará ao club, coa do Erizana. Tempada 81-82.

Fonte: Arquivo de Manuel González Martínez.

Primeiro partido do Club de Fútbol Gondomar en Terceira División. Tempada 1982-83. Gondomar 2- Lalín 0.

Arriba: Bastos, Josiño, Zamorano, José Luís, Herrera, Rodolfo. Abaixo: Javier, Ceide, Manel, Ricardo e Zamorita.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.





En Riazor antes do partido co Fabril. Tercera División, tempada 1982-83. Arriba: Zamorita, José Luís, Moncho, Enrique, Josiño, Herrera, Manel. Abaixo: Ceide, Javier, Manolito, Ricardo, Lago e Chamorro.

Fonte: Arquivo de José Ramón González González.



Club de Fútbol Gondomar en Preferente. Tempada 1984-85. Arriba: García, Álvaro, José Manuel, Paco, Soto -adestrador-, Vicente, Rafita, Arcadio. Abaixo: Manolito, Álvaro, Nardi, Salvador, Manolo, Dovalo, Castro e Paco Bullas.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Club de Fútbol Gondomar. Aproximadamente 1984-85. Arriba: Cobas, Quique, Rafa, Zoco, Arcadio, Morell.
 Abaixo: Puig, Manolito, Álvaro, Cuña e Crespo.
 Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Unha aliñación do equipo Campión de Liga 85-86 e "Campión de Galicia". Arriba: Soto- adestrador-, Castro, Paco, García, José Manuel, Piru, Álvaro. Abaixo: Javi, Nardi, Salvador, Rafa, Manoli e Paco Bugallo.
 Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Equipo de Tercera División que, con algunhas incorporacións e o mesmo adestrador, na tempada seguinte case consegue disputar a "Copa del Rey". A foto foi tirada en Riazor o 21 de setembro do 86. Arriba: Álvaro, Rafita, Simón, Paco I, García, Pupi. Abaixo: Manolito, Manolo, Flores, Salvador e Paco II.
 Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Convocados para o último partido de liga da tempada 1986-87. Tercera División. Arriba: Antonio, Soto, Manolito II, Flores, Pupi, Eladio, García, López, non identificado, Bernardo. Abaixo: Salchi, Menduiña, Manolito, Oscar, Álvaro, Josiño, Sindo, Rafa e Paco.
 Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Aliñación da pretempada 87-88, cando o Club case xoga a "Copa del Rey". Último ano con campo de terra. Ariba: Flores, Feti, Job, Paco, Álvaro, Pupi, Soto -adestrador-, delegado. Abaixo: Nardi, Javi, Oscar, Rafita, García, Santi e Berto.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Formación da tempada 1988-89, unha despois de cando o Club estivo a punto de xogar a "Copa del Rey". Ariba: Manuel Ángel, López, Flores, Oscar, Landesa, Feti, Rafita, Sindo, Soto -adestrador-. Abaixo: Salchi, Berto, Paco, Josiño, Job, Rafa, Manolito, Santi e Mauro.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Formación do Gondomar en Pasarón, Pontevedra. Tempada 88-89. Arriba: Rafita, Flores, López, Manuel Ángel, Paco, Álvaro. Abaixo: Rafa, Landesa, Mauro, Oscar e Job.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Club Fútbol Gondomar na presentación de pretempada. 1989-90. Arriba: Pedro, José Manuel -porteiro-, García, López, Manuel Ángel, Pupi, Emilio, David -porteiro-, Darío e Noli -xemelgos-. Soto -adestrador-. Abaixo: Martín, Rafa, Gómez, Freire, Marcos, Manolo, Bugallo, Gustavo, Fermín e Juan.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



O Club Fútbol Gondomar en Balaídos para un partido de liga co Celta B. Tempada 89-90. Arriba: López, José Manuel, Ubeira, Rafa, García, Freire, Salchi. Abaixo: Pupi, Bugallo, Manolo, Emilio e Pedro.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Presentación de pretempada do equipo de inicios dos noventa. Terceira División. Arriba: Paco, Manuel Ángel, Javi, García, Ángel Penisco, López, Rober, Fajo, Rolando, Manolo, Ángel, Tablado, Juan. Abaixo: Abel, Rafa, Jose, Santi, Oscar, Harry, Mauro, Fermín, Somozas e Job.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Terceira Divisão. Inícios dos noventa. Fichaxes para a tempada 90-91. Ariba: Paco, Juan -adestrador-, Manolo, Rober, Javi, Santi, Rolando, Fajo -presidente-. Abaixo: Jose, Somozas, Harry, Ángel e Tablado.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



C.F. Gondomar. 1991. Ariba: Freaza, Manuel Ángel, López, García, Ángel. Abaixo: Soneira, Job, Santi, Oscar, Rafa, Mauro.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Equipo da Tempada 93-94. Campo do Tyde. Arriba: Fonsi Copena, Nando, Ubeira, Diego, López, Salchi. Abaixo: Ramón, Quini, Nardi, Chechu, Rafa e Manuel Ángel.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Gondomar. Aliñación do ano 1994. Serie A. Campo do Coruxo. Arriba: López, Emilio, Fonsi Copena, Turi, Fernando, Poli. Abaixo: Ramón, Quini, Rafa, Manuel Ángel e Oscar.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



C.F. Gondomar. Tempada 95-96. Arriba: Ubeira, Emilio, Freire, Manolo, Nando, Fernando. Abaixo: Rafa, Josiño, Gomez, Chechu, Ignacio, Iván.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



C.F. Gondomar. Arriba: Dira, Alberto, Rafa Alonso, Fernando, Ubeira, David. Abaixo: Ramón, Manolo, Rafa, Ismael?, Gustavo.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



O Gondomar. Terceira División. Arriba: Vivo, Campos, Luís Muñiz, Quito, David. Abaixo: Luismi, Toñi, Costas, Ita, Oscar, Veiga.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Tempada 96-97. Terceira División. Arriba: David, Gustavo, Curiel, Muñiz, Campos, Guillermo, Waldo, Bringas, Javi -delegado-, Pablo Díaz -adestrador-, Javi -2º adestrador-, Manolo -masaxista-. Abaixo: Manolo, Costas, Ita, Vivo, Toñi, Oscar, Luismi e Lito.

Fonte: Atlántico Diario a través do Club de Fútbol Gondomar.



Terceira División. Tempada 97-98. Arriba: Fernando, Juan Carlos, Bringas, Quito, Curiel, Manolo. Abaixo: Costas, Toñito, Oscar, Guillermo e Vivo.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



C.F. Gondomar. Terceira División. Arriba: Curiel, Felipe, Castelao, Brito, Muñiz, Curta. Abaixo: Costas, Javi, Bringas, Oscar e Manolo.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



C.F. Gondomar. Terceira Divisão. Arriba: David, Emilio, Felipe, Marco, Brito, Rafa, J. Mallo, Poli. Abaixo: Richi, Moncho, Dani, Humberto, Juan Carlos, Tito, Manolo e Abel.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

SÉCULO XXI. DE DOUS MIL A DOUS MIL CATORCE



C.F. Gondomar. Terceira División. Ano 2000. Arriba: David, Valvi, Berto, Luís Muñiz, Julian, Villanueva, Gustavo, Ita, Naveira, non identificado, José Ángel. Abaixo: Bringas, Pablo, Veiga, Javi, Montero, Vivo, Sergio, Costas, Vala e Isaac.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Club de Fútbol Gondomar. Tempada 2007-08. Arriba: Gilberto Vila -presidente-, Edu -preparador físico-, Bringas, Hermida, Rober, Jacobo, Quique, Alex, Noly -adestrador-, Jaime -utilleiro-, Antonio Vila -tesoureiro-, Carlos Lago -directivo-. Abaixo: José -directivo-, Gonzalo, Gustavo, Tizón, Gonza, Andrés, Carlos, Basilio, Moncho Anía -delegado-.

Fonte: Xornal Atlántico Diario.



Plantilla do C. F. Gondomar na Tempada 2009-10. Primeira Rexional. Ariba: Borja, Cameselle, Nando, Fran, Manu, Moreno, Bringas -presidente e xogador-, Rafa, Brito -adestrador-, Emilio -segundo adestrador-. Abaixo: Antón, Roi, Javi, Suso, Andrés, Eloy, Silvio, Pablo e Rober.

Fonte: Arquivo de Eloy González Soliño. Foto de Atlántico Diario.



Club de Fútbol Gondomar. Tempada 2010-11. Ariba: Juan -presidente-, Emilio -preparador físico-, Brito -ades-
trador-, Waldo -porteiro-, Antón, Moreno, Jacobo, Piñeiro, Miguel, Ferro, Eloy, Marcos -porteiro-. Abaixo: Pichi,
Román, non identificado, Alex Hermida, Rubén, Gonza, Andrés, Alex Alborés, Roi, Trejo, Manu Hermida, Silvio
e Javi Miniño.

Fonte: Xornal Atlántico Diario.



Club de Fútbol Gondomar. Tempada 2010-11. Arriba: José Alonso -delegado-, Antonio Vila -delegado-, Juan Antonio González -Presidente-, Emilio Núñez -segundo adestrador-, Brito -adestrador-, Moreno, Jacobo, Manu, Trejo, Ferro, Gonza, Rober, Rafa, Antón, Marcos. Abaixo: Álex, Tízón, Roi, Andrés, Rubén, Javi e Eloy. Fonte: Xornal Atlántico Diario.



Equipo do ascenso á Serie A -Preferente Autonómica-. Tempada 2011-12. Arriba: Juan Antonio -presidente-, Marcos Montes -adestrador-, Antón, Marcos, Ferro, Chus, Rober, Waldo, Carlos, Sera, Jaco, David Míguez -segundo adestrador-, Antonio Vila -delegado-. Abaixo: Eloy, Piñeiro, Gonza, Tízón, Rubén, Iván, Javi, Trejo, Sílvio, José Manuel González -tesoureiro-. Fonte: Xornal Atlántico Diario.



C. F. Gondomar a final da Tempada 2011-12. Clasificouse 3º no grupo 4º de Primeira Autonómica e ascendeu a Preferente. Arriba: José Ramón González -secretario técnico-, Juan Antonio González -presidente-, Marcos Montes -adestrador-, Dani, Gonza, Jacobo, Rober, Waldo, Carlitos, Ferro, Alonso, Marcos, Ángel -adestrador de porteiros-, David Míguez -segundo adestrador-. Abaixo: Eloy, Iván, Javi Miniño, Tizón, Trejo, Ruben, Silvio e Piñeiro. Fonte: Xornal Atlántico Diario.



Plantilla incompleta do C. F. Gondomar na Tempada 2012-13. Preferente. Campo Municipal das Cercas. Arriba: David Míguez -segundo adestrador-, Marcos, Pablo, Toni, Breixo, Víctor, Ferro, Dani, Marcos Montes -adestrador-. Medio: Alonso, Nando, Lucas, Manu. Abaixo: Fernando, Eloy, Pibe, Tizón, Iván, Silvio e Carlitos. Fonte: Arquivo de Eloy González Soliño. Foto de Fran Carrera para La Voz de Galicia.



*C. F. Gondomar na Tempada 2013-14. Equipo e directiva. Arriba: Carlos, Jose, José Ángel, Moncho Anía, Manu, Brito -responsable técnico-, Silvio, Borja, Nando, Pedro, Arán, Breixo, López, Ferro, Miguel -adestrador-. Medio: Antonio -delegado-, Juan -preparador físico-, Carlos, Cela, Javi, Julio, Rosa, Félix. Abaixo: María, Mila, Pepe, Juan -presidente-, Tizón, Hugo, Rubén, Adrián, Álvaro, Ramón, Chus, Serafín -secretario-.
Fonte: Club de Fútbol Gondomar.*

CATEGORÍAS BASE.

DÉCADAS DOS SESENTA E SETENTA.



Club Gondomar xuvenil. Aproximadamente 1961. Campo da Ladeira. Algúns dos compoñentes posiblemente rebasen a idade permitida. Arriba: Estévez, Fiuza, Carburo, Pepito Quintas, A. Caballero, Chicho, Charro. Abaixo: Alfonso, Núñez, Chiqui, Varucho e Mariño.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

pax. seguinte -arriba-. Club Gondomar xuvenil. Aproximadamente 1962. Campo de Lourido. Arriba: Estévez, Misa, Varucho, Pexegueiro, Manolo Cabaco, Charro. Abaixo: Núñez, Mariño, Víctor, Pepito e Giraldez.

Fonte: Arquivo de Manuel Estévez Sayanes.

pax. seguinte -abaixo-. Unha alíñación do equipo xuvenil do Club Gondomar xerme do que será campión de liga. Tempada 1963-64. Arriba: Soliño, Nacho, Pepe Palma, Fiuza, Pepe Quintas. Abaixo: Alfonso Salgueiro, Mariño, Manolo Núñez, Suso Palma e Portela.

Fonte: Arquivo de Manolo Núñez Sestelo.





Unha aliñación do equipo xuvenil do ano 1965. Arriba: Carbuco, Estévez, Fernando Penisco, Alvarito, Enrique, Latas, Canelas, Pepe Quintas. Abaixo: Mariño, Núñez, Sestelo, non identificado e Charro.

Fonte: Arquivo de Manuel Estévez Sayanes.



Unha aliñación de equipo xuvenil non integrado no Club Gondomar, acompañado por amigos. Polo 1966 ou 67 no campo do Couso. Arriba: Lolo Copena, Jorge Sestelo, Bernardo, Ferreira, Eladio, Lito Penisco, Pancho, Mariño, Milín. Abaixo: Pepín do Cuartel, Manolito Catro Camiños, Zapa, non identificado, Basilio, Dieguito, Luís Mineiro e Manolo Japonés.

Fonte: Manuel Rodríguez González -Pancho-.



Equipo xuvenil do Club Gondomar do ano 68 ou 69. Arriba: Cotobad, José Antonio, Carlos, Zapa, Bernardo, Lito Penisco. Abaixo: Diego, César, Fonsi, Eladio e Lameiro.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

DÉCADAS DOS OITENTA E NOVENTA.



Unha das formacións do equipo xuvenil que se mantivo 103 partidos invicto. Anos setenta. Arriba: Rotilio, Rubio, Pepe Núñez, Tito, Roberto, Chamorro?, Nando, Suso, Enrique -adestrador-. Abaixo: Javi, José Luís, Suso I -de Amoedo-, Lucas, Néstor, Regueiro e Miguel.

Fonte: Arquivo de Isabel e Carmen Rodríguez Hermida.



Outra formación que sumou partidos sen perder ata acadar o total de 103. Anos setenta. Arriba: Santi -aficionado-, Telmo, Suso, Lis, Rotilio, Néstor, Enrique. Abaixo: Vázquez?, Camacho, Varela, Moncho Anía, Miguel, Javier e A. Soliño.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Terceira formación do Gondomar xuvenil que sumou partidos sen perder ata acadar o total de 103. Anos setenta. Arriba: Guillermo, Leal, Quique, Enrique, Moncho, Moises, Manel. Abaixo: Luís, Lito, Paco, Oscar, Suso Pascual. Fonte: Arquivo de José Ramón González González.



Última formación recollida nesta publicación das que sumaron partidos sen perder ata acadar un total de 103. Final anos setenta. Arriba: Moncho, Luís, Varela, Néstor, Soliño, Telmo, Enrique. Abaixo: Moises, Manel, Veli, Camacho, Quique. Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Equipo de infantís do Club Gondomar. Segunda metade anos setenta. Arriba: Manolo Penisco, Chamorro, Gustavo, Torito, Miguel Berzas, Vázquez, Félix, Ramón. Abaixo: Julio Araña, Canario, Paulo, Suso Pascual, Sergio, Michel, Moncho o Xemelgo.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Equipo de infantís do Club Gondomar. Anos setenta. Arriba: Manolo Penisco, Bernardo, Julio, Félix, Michel, Vázquez, Oscar, Berto Chamorro, Marcos. Abaixo: Eduardo Hermida, Miguel Berzas, Albino Reñones, Álvaro, Canario, Alejandro, Moncho o Xemelgo e Guillermo Gamba.

Fonte: Arquivo de Manuel Núñez Sestelo.



Equipo de infantís do Club Gondomar. Anos setenta. Arriba: Manolo Penisco, Michel, Berto Chamorro, Marcos, Oscar, Félix, Vázquez, Bernardo. Abaixo: Albino Reñones, Ángel Penisco, Miguel, Gamba, Moncho o Xemelgo e Álvaro.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Equipo infantil. Segunda metade anos setenta. Arriba: Bernardo, Félix, Miguel Berzas, Michel, Oscar, Carlos Vázquez, Marcos, Julio, Chamorro. Debaixo: Esteban, Emilio, Mateo, Álvaro, Albino, Moncho, Alejandro, Cuña, Suso Pascual, Guillermo Gamba, non identificado.

Fonte: Arquivo de Esteban Fernández Carrera a través de Félix Romero Martínez



Equipo de infantís do Club de Fútbol Gondomar no campo da Gándara, Chaín. Anos o95 ou 96. Ariba: López -adestrador-, Oscar, Soldado, Tetis, Isaac, Pancho, Iván, Jose, David, Noel. Abaixo: Jorge Heim, Javi Domínguez, Miguel, Cuchi, Manuel, Nacho, Jacobo, Raúl.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Equipo xuvenil do Club de Fútbol Gondomar. Entre final dos oitenta e principios dos noventa. Ariba: Luís, Juan, Blas, Carlos, Juan Carlos, Abel, Solleiro, Fermín, Celso Canuto. Abaixo: Jose, Peixoto, Harry, Fernando, Juan Manuel Cabaco, Santi e Miguel.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Equipo xuvenil do Club de Fútbol Gondomar. Principio anos noventa. Arriba: Carriza, Santi, Javi, Martín, Celso Canuto. Debaixo: Ricardo, Carlos, Blas, Pintos, Neli, Carlos, Petete, Jorge, Chiquillo. Abaixo: Gilberto, Noli, Harry, José María, Miguel Freijeiro -adestrador-, Juan Carlos, Pruden, Darío.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



As categorías base o inicio da década dos noventa. Arriba: Fajo -presidente-, Paquito, Hector, Carlos, Javi, Manolo de Penisco -coordinador categorías base-, Cuqui, Luís Muñiz, J. Cao, Cabrera, Gonzalo, Pancho -tesoureiro-. Medio: Moises, Ricardo, Ruben, Pepito, Chamorro, Chamadoira, Butragueño, Rude, Marcos, Nacho. Abaixo: Sestelo, Cristobal, Eladito, Chapela, Marcos, Isma, Juan, Eladio e J.L. Anguiano.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Equipo de cadetes do Club de Fútbol Gondomar. Torneo de Feyzin -Francia- Ano 1989. Arriba: Pruden, Juan, Ricardo, Brito, Darío, Fernando, Gilberto, José María. Abaixo: Javi, Martín, Santi, Carlos, Petete, Neli, Martín Cabaco e Tino.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Club de Fútbol Gondomar. Torneo de Feyzin -Francia-. Arriba: Tino Fontán, Tino, Pruden, Brito, Gilberto, Darío, Fernando, Ricardo, Martín Cabaco, Fajo, Magestro. Abaixo: Rosendo, Carlos, Juan, José María, Neli, Martín II, Santi, Petete, Javi e Miguel.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



4º Torneo de Feyzin, 1992 -Francia-. Equipo subcampión. Arriba: Fajo, Manolo Sabas, Héctor, Sabas, Jorge, Alex, Oscar, Julio, Juan, Javi, Joaquín, Pepito, Gonzalo, Juan Carlos. Abaixo: Jorge, Oscar, Amorín, Carlos, Martín Cabaco, Cuqui, Marcos, Magestro e representante francesa da organización do Torneo.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Equipo de cadetes do Club de Fútbol Gondomar. Torneo de Feyzin -Francia-. Arriba: Pancho, Rafa, David, Carlos, Luís, Javi, Moncho, Manolito, Oscar, Sergio, Senén, Xosé Antón, Gonzalo. Abaixo: Fonsi, Juanchi, Moises, Juan, Puskas, Cristobal, Rafa, Chapela, Jose e Pablo.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Equipo xuvenil do Club de Fútbol Gondomar. Tempada 93-94. Arriba: Lito Hermida, Rafa, Carlos, Javi, Carlos, Oscar, Pepe, Gonzalo, Pancho. Abaixo: Sestelo, Ismael, Cristobal, Chapela, Jose, Juanchi e Gustavo.
Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

VETERANOS.

ANTERIORES Á ETAPA ASOCIADOS.



Equipo de "viejas glorias" do Gondomar Sporting Club que no ano 1954 se enfrontou á formación oficial do Club Gondomar nun partido homenaxe, e de despedida, a Domingo Estarque. De esquerda a dereita: Mandado?, Chiri, Luís Carrera, José Gonda, Chuco, Anía, Soleiro, Carallas, Japonés, Alfonso Salgueiro, Nolete e Nanito.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Equipo "Gasolina" que nos primeiros sesenta se enfrontaba ao "Fariña". Arriba: Alfonso Cabaleiro, Eugenio Mineiro, Quico Sestelo, Ignacio, Barrabit, Tante, Luís Carrera. Abaixo: Sereno, Carallas, Moncho Regueiro, Manolo Regueiro e Lis.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Equipo ocasional de veteranos nos anos sesenta uniformados coa equipaxe utilizada polo Club Gondomar na segunda metade dos cincuenta. Arriba: Moncho Regueiro, Eugenio Mineiro, Barrabit, Carallas, Manolo Regueiro, Pepe Núñez, Chucho Sestelo, Alfonso Salgueiro -presidente-. Abaixo: Japonés, Doro Penisco, Alvarito, Anía e Pepiño de Martiña.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.

PRIMEIRA ETAPA ASOCIADOS.



Equipo de Veteranos do ano 77, cinco anos despois de constituírse a Agrupación de Vigo. Arriba: Vicente, Chicho, Vila, Núñez, Tante, Paco, Manolo Regueiro, Telmo. Abaixo: Grandal, Claudio, Mariño, Carbuo, Anía, Lito e Luís.

Fonte: Arquivo de Manuel Núñez Sestelo.



Equipo de Veteranos de inicios dos oitenta. Arriba: Estévez, Luís, Lito Penisco, J.L. Mosquera, Urbano, Manolo, Chacón, Juan, Eladio. Abaixo: Chicho, Sestelo, Manolo Canelas, Claudio, Venido, Sousa, Mariño e Moncho Barbas.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Equipo de Veteranos na década dos oitenta. Arriba: Pibe, Estévez, Chacón, Mosquera, Urbano, Moncho, Eladio, Simba. Abaixo: Chicho, Mundo, Sestelo, Venido e Claudio.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Equipo de Veteranos na década dos oitenta. Arriba: Enrique, M. Canelas, Moncho, Estévez, Pibe, Chacón, Eladio. Abaixo: Chicho con Cuqui -o fillo-, Chamorro, Simba, Sestelo, Claudio e Mundo.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Equipo de Veteranos nos oitenta. Arriba: Estévez, F. Mandado, Chacón, Martínez, Urbano, Carballo, Sestelo.

Abaixo: M. Canelas, Sousa, Moncho, Lito Penisco e Mundo.

Fonte: Arquivo de Manuel Estévez Sayanes.

SEGUNDA ETAPA ASOCIADOS.



Presentación do Gondomar Veteranos na segunda etapa asociados. Ano 1998. Arriba: Estévez, Nené, Blas, A. Soliño, Paulo, Enrique, Suso, Oscar, Manel. Abaixo: Moncho Anía, Pena, Javier, Chamorro, Nestor, Moncho, Manoli e Lito.

Fonte: Arquivo de Manuel Estévez Sayanes.



Enfrontamento entre ex-xogadores do Gondomar arredor do ano 2000. Arriba: Pancho, Niní, M. Piñón, Lito Penisco, Luís, Magestro, Lito, Urbano, Latas, Ferreira, Julio, Urbano, Ernesto. Abaixo: Mandado, Pibe, Chacón, Chicho, Sestelo, Mosquera, Venido, Moncho e Estévez.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Partido amigable entre ex-xogadores do Gondomar a inicios do século XXI. Arriba: Estévez, Lito, Simba, Chamorro, Sestelo, Gilberto, Pedro, Urbano, Herminio, Leyenda, Pancho, Lis, Urbano, Antón, Jose Anía, Valente, Manel. Abaixo: Javier, Ferreira, Venido, Niní, Bernardo, Chicho, Mosquera, Alfonso, Ricardo, Moncho, Zapa e Moncho Anía.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



Partido amigable entre ex-xogadores do Gondomar nos primeiros anos do século XXI. Arriba: Pancho, Manolo, Zapa, Cotovad, Manolo Canela, Pibe, Chicho, Mosquera, Sestelo, Urbano, Ernesto, Moncho Barbas, Moncho Laré. Abaixo: Latas, Ferreira, Niní, Urbano, Lolo Copena, Bernardo, non identificado, Venido e Magestro.

Fonte: Club de Fútbol Gondomar.



*Equipo de Veteranos do Gondomar. A pouco de iniciarse a década de 2000. Arriba: Estévez, Fran, Ñeco, Pena, Joaquín, Gago, Ratel, Enrique. Abaixo: Damas, Moncho Anía, Manolo, Chamorro, Moncho, Mili e Manel.
Fonte: Arquivo de Manuel Estévez Sayanes.*

BIBLIOGRAFÍA E FONTES DOCUMENTAIS.

OS AUTORES

BIBLIOGRAFÍA.

Bell. GALICIA VISTA POR UN INGLÉS. Edición de 1994 da Editorial Galaxia, S.A. do libro Spanish Galicia, de Aubrey F. G. Bell.

Cao Moure, José. LIBRO DE ORO DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. Ed. P.P.K.O. 1931.

De Mauricio, A. HISTORIA DE BAYONA. DESDE TIEMPO INMEMORIAL HASTA NUESTROS DÍAS. Edicións Alén Miño, S.L. 2001.

Espinosa Rodríguez, José. KALEIDOSCOPIO GONDOMAREÑO. Gráficas Gutenberg. Vigo 1957.

Fernández de Córdoba Calleja, E. EL PAZO DE GONDOMAR. CINCO SIGLOS DE UNA FAMILIA. Ed. Deputación de Pontevedra 2002.

Garrido Pereira, Roberto. BAIONA; DEPORTE Y SOCIABILIDAD EN EL FRANQUISMO. EL CLUB DE FÚTBOL JUVENIL ERIZANA EN LA DÉCADA DE 1950. Traballo fin de máster. U.S.C. 2012.

Iglesias Veiga, J. R. ARQUITECTURA E INDIANOS NA CIDADE DE VIGO E BISBARRA. Ed. Instituto de Estudios Vigueses. 2013.

Pallares, María del Carmen e Portela, Ermelindo. EL BAJO VALLE DEL MIÑO EN LOS SIGLOS XII Y XIII. ECONOMÍA AGRARIA Y ESTRUCTURA SOCIAL. Ed. USC Santiago de Compostela. 1971.

Pereira Domínguez, Iago. CAMPIONATOS DO FÚTBOL REXIONAIS-COMARCAIS 2000-2010. GALIZA SUR. Tomo III. Edita Edisport S.L.L. Vigo 2011.

Rey Lama, L. A. AYER EN BAIONA. Ed. Pica Galicia. 2004

Soliño Troncoso, Manuel, Alfonso, e Antonio, e Mosquera Veleiro, José Luís. GONDOMAR. HISTORIA, ARTE E TERRITORIO. Ed. Ir Indo. 1995.

Souto González, Marta P. e Xosé M. O VAL MIÑOR. ENTRE AS TRANSFORMACIÓNS RURAIS E AS INNOVACIÓNS URBANAS. Cámara oficial de comercio, industria e navegación. Vigo 1991.

VV.AA. BAIONA NAS ONDAS DO TEMPO. Ed. Instituto de Estudos Miñoranos. 2004.

VV.AA. GONDOMAR, O SON DO RÍO. Ed. Instituto de Estudos Miñoranos. 2005.

VV.AA. MONOGRAFÍAS REM. Revista de Estudos Miñoranos. Victoriano Taibo. Ed. Instituto de Estudos Miñoranos. 2008.

VV.AA. Opúsculo REGLAMENTO DEL CLUB-RECREO DE GONDOMAR. Ed. Imp. Barros Hermano. Pontevedra 1909.

VV.AA. Opúsculo RECUERDO DEL HOMENAJE al Excmo. Señor Don Gonzálo Fernández de Córdoba. Conde de Gondomar. Ed. Tip. Escuelas Hispano-Americanas. Mañufe. Estío de 1921.

VV.AA. Retallos de GONDOMAR DE MIÑOR. Edición do Instituto de Estudos Miñoranos. Gondomar 2012.

VV.AA. REVISTA DE ESTUDOS MIÑORANOS. REM. Nº 2, 4, 7, 8 e 9. Edición IEM.
2002, 2004 e 2007-09.

PÁXINAS VIRTUAIS -INTERNET-.

Deporte-Wikipedia.

es.wikipedia.org/wiki/Deporte

Diario As.

Relaño, A., 2014. "Conchi Amancio, folclóricas y finolis". www.as.com
<http://blogs.as.com/me-gusta-el-futbol/2014/04/conchiamancio-folcl%C3%B3ricas-y-finolis.html>

El País: el periódico global.

Relaño, A., 2014. "Conchi Amancio, folclóricas y finolis". www.elpais.com
<http://blogs.elpais.com/memorias-blanco-negro/2014/04/conchiamancio-folcl%C3%B3ricas-y-finolis.html>

FA Cap. Wiquipedia.

es.wikipedia.org/wiki/FA_Cap

Fame Celeste.

fameceleste.blogspot.com

Fútbol-Wikipedia.

es.wikipedia.org/wiki/F%C3%BAtbol

Grandes y pequeños jugadores del Celta de Vigo.

www.yojuguéenelcelta.com

La Minería Romana del Valle del Rosala I Valle Miñor

Masquepetroglifos.blogspot.com

Marca-Diario online.

Carreño, F., 2012. "Cuando el fútbol era cosa de hombres". www.marca.com
<http://www.marca.com/blogs/tirandoadar/2012/10/25/cuando-el-futbol-era-cosa-de-hombres.html>

Menayo, D., 2013. "Las pioneras, las folclóricas y las finolis". www.marca.com
<http://www.marca.com/reportajes/2013/04/serial-futbol-femenino/2013/04/16/seccion-01/1366105537.html>

Real Club Fortuna de Vigo-Wikipedia.

es.wikipedia.org/wiki/Real_Club_Fortuna_de_Vigo

Vieiros: Galiza Hoxe.

www.vieiros.com

HEMEROTECA.

EL FARO DE VIGO. Dixitalizado. Consultado na delegación comercial da rúa García Barbón nº 87, de Vigo, e na Biblioteca Central da Universidade de Vigo.

EL HERALDO DE BAIONA. 1910-1911. En papel. Consultado no Fondo Local da Biblioteca Pública Municipal de Baiona.

EL LÁTIGO DE BAIONA. Quincenal independente. 1910-1911. En papel. Consultado no Fondo Local da Biblioteca Pública Municipal de Baiona.

EL MIÑOR. Semanario independente. 1904-1908. En papel. Consultado no Fondo Local da Biblioteca Pública Municipal de Baiona.

EL PUEBLO. 1914-1916. En papel. Consultado no Fondo Local da Biblioteca Pública Municipal de Baiona. Retallos soltos dos anos 1917 e 1918, cedidos por José Luís Mosquera Veleiro.

EL PUEBLO GALLEGO. Diario de la mañana. 1924-1979. Dixitalizado. Consultado a través de internet en www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es

EL VALLE MIÑOR. 1902-1903. En papel. Consultado no Fondo Local da Biblioteca Pública Municipal de Baiona.

ERIZANA. Semanario Deportivo Miñorano. 1955. En papel. Consultado no Fondo Local da Biblioteca Pública Municipal de Baiona.

ERIZANA. Semanario veraniego independente. 1904. En papel. Consultado no Fondo Local da Biblioteca Pública Municipal de Baiona.

LA VOZ DE GALICIA. Dixitalizado. Consultado en CD na Biblioteca Central da Universidade de Vigo.

LA VOZ DEL MIÑOR. 1913-1914 e 1932-1935. En papel. Consultado no Fondo Local da Biblioteca Pública Municipal de Baiona.

VIDA GALLEGA. 1909-1921. En papel. Consultada na Biblioteca da Fundación Penzol, Vigo, na Biblioteca Municipal de Pontevedra e na Biblioteca Municipal de Vigo. Dixital. Consultada a través de internet en www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es

Ademais, exemplares soltos, retallos e tiradas especiais de:

AS. Diario gráfico deportivo.

ATLÁNTICO DIARIO.

DEPORTE GALEGO. Revista. Nº 20.

FARO DEL LUNES

LA HOJA DEL LUNES.

META. Semanario deportivo.

MIÑOR. Nº 1. Xornal comarcal da asociación cívico-cultural Val Miñor.

ARQUIVOS.

Arquivo Deputación de Pontevedra.
Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.
Arquivo Instituto de Estudos Miñoranos.
Arquivo Municipal do Concello de Baiona.
Arquivo Municipal do Concello de Gondomar.
Arquivo Municipal do Concello de Nigrán.
Club Centro Cultural Deportivo Chaín.
Club de Fútbol Gondomar.
Federación Galega de Fútbol.

ARQUIVOS PERSOAIS.

Antonio Valverde Alonso
Compoñentes do equipo feminino de Gondomar
David Castelao Vázquez
Eloy González Soliño
Enrique Touriño Marcén
Esteban Fernández Carrera
Familia de Antonio Núñez Hermida
Familia de Manuel Hermida Losada
Familia Piñón - Pérez
Familia Soliño -Troncoso
Florentino Costas Gracia
Gilberto Vila Salgueiro
Gonzalo Fernández de Córdoba Narváez
Ignacio Mouriño Fernández
Isaac Fernández Vila
Isabel e Carmen Rodríguez Hermida
Jorge Hermida Núñez
José Alonso González
José Carlos Álvarez Fernández
José Fernández Rodríguez
Josefina Alborés Núñez
José Luís Mosquera Veleiro
José Luís Valverde
José Ramón González González

José Rodríguez Rodríguez
Juan Antonio González Rodríguez
Manuel Estévez Sayanes
Manuel González Martínez
Manuel González Moreira
Manuel Mouriño Pereira
Manuel Núñez Sestelo
Manuel Rodríguez González -Pancho-
Miguel Anxo Mouriño Fernández
Paula Costas Braga
Ricardo Alonso Fernández
Roberto Misa
Pablo Banga -Ollomol Audiovisual-
Víctor Bastos Boubeta

Nota. Descoñecemos o nome das persoas que lle entregaron directamente ao Club de Fútbol Gondomar algunha documentación e, polo tanto, vémonos obrigados a non citalas. Agradecemos toda colaboración prestada. Decembro de 2014.

